

O autor deste libro, Luis Rei Núñez (1958) estudou Dereito en Santiago de Compostela nos anos setenta e na actualidade exerce o xornalismo en Pontevedra. Anteriormente publicou o cartafol de sonetos *Trovas donceis* (A Coruña, 1980), e os libros de poemas *Para matar o tempo* (Madrid, 1982) e *Arca dos faia-dos* (A Coruña, 1985). En breve, aparecerá outro poemario: *A ronda invisible*.

Rafael Dieste, a figura a cuia 'travesía do século' se dedica esta biografía, foi, máis que un escritor de enorme talento e o facedor dunha obra literaria valiosísima, un ser humano irrepitible. Foi, segundo o seu biógrafo, en Galicia e para os galegos, unha representación do todo.

40

Documentos para a historia contemporánea de Galicia

40

A TRAVESÍA DUN SÉCULO
Biografía de Rafael Dieste


Luis Rei Núñez

Documentos para a historia contemporánea de Galicia

A TRAVESÍA DUN SÉCULO

Biografía de Rafael Dieste

Luis Rei Núñez



Edicións do Castro

DOCUMENTOS PARA A HISTORIA CONTEMPORÁNEA DE GALICIA

Baixo este titular EDICIÓS DO CASTRO inicia unha colección coa intención de contribuír á divulgación de testemuñas que podan axudar a facer unha aproximación á historia contemporánea de Galicia. As circunstancias que atraparon á nosa terra no ano 1936 fan difícil esta tarefa. Pro sería mala cousa que en función de razóns alleas á historia, aínda que valiosas dende algún punto de convivencia, o noso acontecer recente fose silenciado, borrado ou desfigurado; porque temos a seguranza de que o futuro vai ficar lastrado das mesmas chatas que sufra a memoria.


EDICIÓS DO CASTRO ao tratar de levar esta tarefa adiante non quixera contribuír a desunir máis aos galegos, sinon todo o contrario. É certo que algúns sectores dunha determinada coor estiveron interesados, e aínda o estarán, en agachar a historia. Os interesados nese silencio non son só os que no ano 36 participaron de algunha maneira no drama vivido por Galicia. Xentes que naceron moito despois non teñen interés en que a historia verdadeira lles desfaga un protagonismo de distinta coor e especie.

Todos somos responsables de algunha maneira do que ten acontecido en Galicia e todos temos que aprender da realidade para correxir o camiño. Mais non dunha realidade galega fabricada, sinon dunha auténtica que, aínda difícil e dramática, poda axudar a entendernos aos galegos sen acrimonia. Quen lle teña medo á realidade non é merecedor de que se lle teña en consideración, e, o mesmo que quenes quixeron evitar a evolución das ideas prohibindo o acceso a determinadas filosofías ou queimando libros, non pasarán de ser os personaxes máis negativos da historia: os que quixeran inventala e facela ao seu modo. O respecto o garda EDICIÓS DO

Ediciós do Castro

DOCUMENTOS PARA A HISTORIA
CONTEMPORANEA DE GALICIA

A TRAVESÍA DUN SÉCULO
(Biografía de Rafael Dieste)




Rafael Dieste no tren de Vilagarcía a Padrón, no verán de 1962. (Fotografía de Antonio Dieste Martínez).

Luis Rei Núñez

A TRAVESÍA DUN SÉCULO

(Biografía de Rafael Dieste)



 **EDICIÓS DO CASTRO**
Sada - A Coruña

Cuberta: 

ISBN: 84-7492-329-8
Depósito Legal: C - 326 - 1987
Gráficas do Castro/Moret. O Castro. Sada.
A Coruña. 1987

Este libro contou durante o ano de 1986
cunha axuda á creación literaria do
Ministerio de Cultura

Co mellor afecto do autor,
ó Clube dos Diesteáns.

UNHA REPRESENTACIÓN DO TODO

A vida dun home, as máis das veces a suma de aconteceres que a el so atinxen, pode tamén, anque raramente ocorra, servir para personificar un tranco da historia do seu pobo. O pasar polo mundo de Rafael Dieste, esa singladura vital á que damos tal nome, é un deses contados casos. E resume, acaso como ningún outro, o século galego no seu propio século.

Escollendo outros nomes posibles, de figuras políticas, de iluminados ou épicos figuróns, esa imaxe do país que quedaría pola súa, anque en principio semellara máis totalizadora, sería por forza moito máis parcial. Primeiramente, porque eses son caracteres en franca contradición co ser máis xenuino de Galicia. Pero ademais porque representan un segmento a penas, o seu, do abano ideolóxico en que a sociedade se fragmenta. Voceiros da súa bandeira, dificilmente poderían aspirar a ser, como Dieste, unha representación do todo.

El non se limitou a vivi-los seus días no recuncho natal, senón que coñeceu, como o seu pobo, longas etapas de emigración e, como o pobo, de exilio. Por riba, durante dous capítulos pragados de tramas e personaxes, percorreu as vilas e as provincias de Galicia e España enteira: coas Misións Pedagóxicas, levando alegría con cultura a esas poboacións esquencidas dos mapas e atopando o amor. Na guerra, en datas de xeral aplicación ó destruír, unindo o seu destino ó da legalidade.

Como escritor percorrería as vellas xeografía de Francia, Italia, Holanda e Bélxica, cando a vanguardia estaba, e era, nesas nacións, e sendo el —desde os anos de soldado da guerra contra Marrocos, como desde as súas columnas na prensa rica e acompañante da década chamada 'feliz'— un impulsor dos vangardismos nates que viñan a pugar co adocemento das letras.

Logo, como exiliado, aínda habería de percorrer Uruguai, Arxentina e México, onde foi editor e profesor, e a Gran Bretaña, onde levou o lectorado de español en Cambridge. Ata que, findado-lo cincuenta, regresou ó seu Rianxo de sempre, lugar no que, xunto á Coruña, sabería se-lo mellor Sócrates para xeracións que buscaban luces. Lembrando para eles o renacer galego dos vinte, el estudante en Compostela e xornalista en Vigo. Contándolle-la súa contribución á marcha do Madrid ilusionado da República, coa República.

Pouco a pouco, o nome que era sobre as cubertas de belos libros cos que batía o transeunte nas librerías de lance, nos taboleiros da tapia do Xardín Botánico, ata nas casas dos *lletraferits* do vello reino noso, alcanzaba verdadeira dimensión de mestre. E facíao para explicar tanto a lección das aportacións radicalmente rompedoras xeradas en París, que el tiña vivido de primeira man, como a xusticia da fidelidade ó pasado que se atesouraba nas aldeas ibéricas, igualmente vistas por el en xeiras saudosas.

Como soamente os mellores, a súa obra naceu moi unida á súa vida. Tódolos que tiveron a fortuna de coñecelo coinciden en sinalar que era, fundamentalmente, un conversador formidable. Dominaba, pero nunca desde o artificio ou a retórica, os resortes da conversa máis enmeigante. Daí, o carácter disperso da súa obra, a pluralidade de xéneros. Escribía de todo porque cos amigos falaba de todo. Filosofar, contar, dar a luz un poema, explicar xeometría nos escritos, era para el, en realidade, continua-la lección do café.

Ó cabo, foi o seu tempo suma de múltiples vibracións. O tempo do voar futurista dos aeroplanos fundadores e o das parsimoniosas viaxes dos trens expresos e dos vapores trasatlánticos. E a súa estirpe estivo sempre na enraizada, entretrecida tradición do Occidente todo. A fin de contas, existeu co convivir dos airosos simóns señoriais cos cansinos carros labregos, e co cruce destes cos automóviles vertixinosos. E a mesma gaita que ecoaba ó iniciarse esta vida, en 1899, seguía ó fin enchendo a ramalla das carballeiras da Terra. Amorosamente. A súa, foi a travesía do século.

RIANXO E AS CORRERÍAS TRALO GATO

Nacen a Rafael Dieste en Rianxo o ano en que finda o século XIX, baixo astros Acuario. Surco de amor labrante, a criatura que ve a luz no inverno arousán atópase, para medrar a existencia sinalada no mundo, con dous lévedos que imprimen carácter. Un, o recuncho do globo que vai se-lo seu espacio da nenez. Outro, unha familia rica en singularidades, que actúa como a corporización do tempo que a el o trouxo, como cristalización da memoria anterior á súa memoria. E hai, para máis, un punto onde ese espacio e ese tempo confluen: a vella casa. Sinxela e gardadora.

Dispón a casa para sí do Atlántico recollido dunha ensinada da ría de Arousa, que case lle bica os pes ás pedras do zuncho de marea chea. Dispón dun mar que chega canso do fatigoso ir e vir, e trae a música de maresías e recendos de argazo. Dunha superficie que é o azul inmenso que se adona das xanelas polo día. E da casa son tamén, á noite, as cantinelas das pescas na subasta do peixe, que fan na esquina da Ribeira, baixo un dos balcóns do comedor. Cando se escoita a cantareira salmodia do «¿Non hai quén dea máis? ¿Non hai quén dea máis...?».

Ten a casa comedor con antiga moblaxe de castaño labrado polas artesanías mans de ebanistas que amaron o oficio. Hai un alto aparador, mesa grande, cadiras e un chineiro con vitrina, ademais dun piano vertical, que enche de notas as tardes da rúa toda. E hai unha sala de visitas con sillería e damascos Luis XVI, e cun gran espello, onde se recibía ós parentes e ás amizades da propia vila e ás que viñan de Padrón, Vilagarcía, Compostela ou Pontevedra. Ir dun á outra é atravesar un corredor longo e ancho para os pasos nenos.

Pero o enredo maior dos pícaros, no lar que foi dos bisavós, é sempre subir e decer desde o relanzo da escadería. Ó que se chega, de fóra, cruzando un zaguán de laxes e un par de portas, e subindo varios escalóns. Ó que se chega, de dentro, polo ancho corredor e decendo uns degraus. «Alí aprendín a ama-los planos xustos con que se define o espacio», porá o home adulto case ó frente do libro que, cando está máis lonxe e desacougado, necesita consagrar á nenez (1).

(1) No conto titulado «El quinqué color guinda», incluído en *Historias e invenciones de Félix Muriel*, accesible hoxe na terceira edición, de Cátedra (Madrid, 1986).

Todo comenzara un día de xaneiro, o vintenoventa, de 1899; data en que nacen a quen será logo celebrado como un dos maiores escritores das Españas. En que nace Rafael Dieste como o último dos sete fillos do matrimonio formado por Eladio Dieste Muriel e Olegaria Gonçalves Silveira, e como o único que virá á luz no Rianxo onde a familia vive hai seis anos. E onde é bautizado con cinco nomes: Rafael, Francisco, Antonio, Olegario, Juan.

Con menos non puidera resolverse o conflito suscitado polas persoas que se ofrecen a ser padriños dunha criatura que chega, cando a nai ten a idade de corenta e seis anos e o irmán maior ronda os vintetrés, moi serodiamente. O primeiro nome, Rafael, púxoselle ó infante por honrar a Don Rafael Varela, médico titular, para algúns señor «todopoderoso», da vila e gran amigo da familia —anque á súa morte, en 1907, os seus, liberais, e os Dieste, conservadores, distanciaranse—. Francisco correspondía por se-la advocación da data; Antonio e Olegario, polos seus irmáns, de quince e nove anos daquela, e Juan por Juan Godoy, conservero catalán establecido en Rianxo, tamén moi amigo da casa.

Cando Rafael nace vívenlle ó matrimonio outros seis fillos: Enrique, Eladio, Eduardo, Antonio, Olegaria e Manuel; anque a nai tivera outros que morreran recéns ou noviños aínda, como daquela ocurría a miúdo. Un dos mortos nacera entre Enrique e Eladio; dous perderan a vida nun accidente, e outro máis finárase de pulmonía na viaxe de volta a España desde o Uruguai, onde os pais casaran e tiveran os vástagos anteriores a Olegarita.

Sobre a orixe dos Dieste, con devanceiros que se poden rastrear asentados en Galicia ata unha porción de xeracións atrás, hai dúas hipóteses que circulan no seo da familia. Segundo unha, a preferida por Eduardo, o irmán escritor de Rafael, virían a se-la ponla dun tronco italiano, correspondendo o apelido Dieste á corrupción de D'Este. Segundo a outra hipótese barallada, con máis fundamentados alicerces e pola que se inclina na actualidade Eladio Dieste Saint-Martin, sobriño de Rafael e fillo de Eladio, os Dieste son de orixe flamenca (2).

Baséase esta outra opción en datos comprobados a partir de coincidencias, que empezan cando, hai unha boa ducia de anos, Eladio viu

(2) Segundo Eladio, Rafael gustaba desta árbore xenealóxica de tintes novelescos, e ás veces fantaseaba sobre ela, «pero sen inventar».

anunciando nun catálogo de libros de vello un que tiña por título *Eine alte flämische stämme, die Diest or Dieste familie*, o cal, posto en romance noso quere dicir: «Unha antiga liñaxe flamenca: a familia Diest ou Dieste». Diest é tamén unha cidade dos Países Baixos, e hai Diest ou Dieste como apelido por toda a costa do Mar do Norde, de Flandes e Jutlandia; en Amsterdam, por exemplo, veñen trinta Dieste no listín telefónico (ó propio Eduardo acordáballe un documento que había en Rianxo no que se mencionaba «ós valerosos Diest ou Dieste».)

O pai de Rafael, Don Eladio Dieste Muriel era o menor dos catro fillos do maxistrado Don Antonio Dieste e Lois, que se recibira de avogado tan xove que houberan de darlle unha dispensa para poder exercer, e dona María Muriel Rodríguez; sendo os seus tres irmáns Enrique, Eduardo e máis Elisa. Pais dos avós paternos de Rafael eran, á súa vez, Xosé María Dieste Blanco, que seguira a carreira de Leis e morrera na casa de Rianxo, e María Vicenta Lois Fiallega, natural de Vilanova de Lorenzana, por un lado, e Lino Muriel, tenente de artillería destinado no Ferrol, e Inés Rodríguez, polo outro.

Nacera Eladio Dieste en Padrón o ano de 1845, cando o seu pai estaba como xuíz alí, relativamente preto das terras que posuían en Araño, Asados e Rianxo, pero sen que esas propiedades o ataran a aquel xulgado toda a vida profesional, que o levou tamén a moi altos postos na súa carreira. E nos estudos que vai cursar o xove Eladio distinguirose do pai e o avó, os dous coa carreira de Dereito, xa que el tencionará seguir —igual que o seu irmán Enrique— a carreira de Armas, da que el tiña idea dun servizo no que non entraban nin os intereses nin as intrigas.

Pero quere o destino que o pai de Rafael non vexa colmada a súa ambición de entrar no Estado Maior, despois de que non aproba o exame de admisión ó que, ben por un descuido ben porque se lle pasa a idade estipulada legalmente, non pode presentarse de novo. Don Antonio Dieste Lois móstrase severo entón co fillo suspendido, e éste decide irse a América, onde xa estaban os dous irmáns varóns.

Enrique, o tío máis vello de Rafael, era oficial do Estado Maior e estaba na Arxentina comisionado oficialmente por España despois de que fora pedido o seu concurso polo goberno da provincia de Bos Aires, para realiza-lo primeiro trazado xeodésico desa provincia. Pasado o tempo habería de perecer a mans dos indios nun malón. Eduardo, en cambio, estaba no Uruguai, casado con Margarita Gonçalves, e con eles vivirá Eladio ata que casa cunha irmá da súa cuñada chamada Olegaria.

Olegaria Gonçalves Silveira (3) procedía dunha familia brasileira de

(3) Apelidos éstos que haberá de castellanizar co tempo en González Silveira.

orixe portuguesa, emparentada co famoso Comendador Correa, e ela mesma nacera en 1853 en Santa Vitoria do Palmar, no estado de Río Grande do Sul. Dalí trasladaríase a familia, tal vez por motivos políticos, ó departamento de Rocha, onde ela se cría e onde a súa nai, Dona Carolina, é propietaria dunha extensión de terras que nas medidas de ogano costa traballo entender. Propiedades que as contendas civís e os golpes de sorte adversa irán mingando, anque sen chegar a impedir que vivan con moita folgura e que traballen sen preocupacións.

As testemuñas coinciden en retratar unha Dona Carolina de gran enerxía e xenerosidade desbordada que, nas guerras entre os non afacendados, chamados 'colorados', e os terratenentes, alcumados 'brancos', vai intervir coa súa fortuna axudando a armar exércitos do bando 'branco'. Mesmo o seu xenro Eladio, o home de Olegaria, vai ser testemuña da súa conducta arrouzada, nunha ocasión en que lle dera a gardar unhas 30.000 libras de entón (4). Ó día seguinte pediránlle á señora unha doación para unha revolución que se tramaba, e ela fíxoas con estes cartos. O xenro sentiuse responsable de complicidade no que lle pareceu un dispendio un pouco aloucado, e rogou á sogra que daí en diante non lle dera máis diñeiro a gardar.

Dun irmán de Dona Olegaria circula outra historia. Era home progresista, dos primeiros que importaron gados de raza para melloralos rebaños e malladas, e mantiña unha escola na súa estancia, á que facía ir cada quincena a un médico e a un sacamoas de Rocha para atender ós seus empregados. Un dos peóns enfermou unha vez estando en Rocha e se atendeu no hospital público. Cando voltou á estancia despediuno pagándolle seis meses de soldo e dicíndolle: «Ninguén que dependa de min pode deberlle nada ó goberno». Semella unha loucura, pero xustificábaa o asoballamento polo goberno lonxano que sentían os poblachóns do campo e reflexaba un sentimento de independencia. Tal era a estirpe da nai de Rafael, e tales eran as pautas de conducta que, temperadas pola sinxeleza, ela transmitiría ós seus fillos.

Persoa admirable, de intelixencia e saúde nada correntes, Dona Olegaria, que vai vivir noventa e un dilatados anos, entre dous séculos, parirá os sete fillos que se lle logran en dous continentes, entre dous mundos. Os catro primeiros, entre 1876 e 1884, na facenda do Uruguai. E os restantes en Pontevedra e Rianxo. En América, e con Enrique, Eduardo,

(4) Atesourábanse en moedas de ouro e, segundo Eladio Dieste, anque houbera confusión e foran 30.000 pesos, virían sendo uns 250.000 dólares de hoxe.

Eladio e Antonio, comunican arreo cos pais de Don Eladio, que en cada carta están pedíndolles que volvan.

Os Dieste Gonçalves vailles ben polo Uruguai, e resístense ás chamadas que lles fan de España, ata que Don Antonio Dieste e Lois, sendo xa maxistrado do Tribunal Supremo, morre estando ás augas en Mondariz. A viuda pídelles entón ó fillo que regrese para ficar, cousa que fará con todo o clan familiar dous anos máis tarde —decontado para aqueles tempos— instalándose en Pontevedra en 1888, nun piso do número 7 da rúa de Oliva; o mesmo edificio no que viven a súa nai e a súa irmá Elisa, noutro piso. Na 'boa vila' residirán ininterrumpidamente ata o pasamento de Dona María Muriel, en 1893, ano en que se van a Rianxo, coa tía de Rafael.

No interín pontevedrés, Don Eladio administraba os bens, poñendo en orde o herdo e visitando as propiedades, para ir arranxando arrendos e aparcerías. Morto Enrique, e co propósito de darlle a parte que lle toca a Eduardo, que permanece en América, ocúpase igualmente da venda das leiras de Araño. En Pontevedra nacen ademáis outros fillos (Olegarita, Carolina, que morre de tres anos, e Manuel) e a fortuna sofre unha grave diminución ó perderen o capital que deixaran colocado na Banca Reus, cando ésta dá en quebra.

Fora unha perda enorme para a familia de aquén e de alén mar, que tiña depositado no banco, dun xove xenio financeiro catalán en Montevideo, o equivalente, en diñeiro de 1987, a medio millón de dólares. A quebra trouxo como consecuencia para Eduardo en Rocha uns derradeiros anos moi tristes, na pobreza extrema; e fixo que Eladio e Olegaria decidiran iren coa prole para Rianxo, para estaren onda o patrimonio que lles quedaba. Antes fan amaña-la casa que fora dos bisavós, dirixindo as obras un tío de Castelao.

Cando chegan á vila, Enrique, de dazaseis anos, fai o bacharelato. Eladio ten trece anos, Eduardo once, Antonio nove, e os «fundotes» Olegarita e Manuel contan con tres e un ano, respectivamente. Vai tamén a tía Elisa, que os acompaña voluntariamente, e que conta con total independencia, pois que tiña a pensión do seu pai e dispuña dun patrimonio propio. Muller solteira, vivirá sempre coa familia e farase presenza inescusible para o escritor que vai nacer á volta de seis anos. Éste trazaraa como a tía Eulalia de «Este niño está loco», e acaso como a tía Berta de «La peña y el pájaro», no Félix Muriel. Éste, cando é unha crianza a penas, ó chegar da escola leralle grandes novelas en alta voz, mentres ela fai labores.

Expirando o século XIX, e cando xa non o agardaban, nacía baixo astros Acuario Rafael Francisco Antonio Olegario Juan Dieste González. España vivía entón as consecuencias do desastre noventaioitista que a deixaba sen Cuba e sen Filipinas, as últimas colonias; e, no cultural, das pelexas entre os institucionalistas de Francisco Giner de los Ríos e os tradicionalistas de Menéndez y Pelayo, co rexeneracionismo de Costa expectante, estaban a agromar unha serie de nomes valiosísimos, como Azorín e Pío Baroja na prosa, Antonio Machado na lírica, e Valle Inclán no teatro, así como Unamuno no pensamento.

En plena Restauración, funcionando o turno aínda con Sagasta e Cánovas, que axiña van deixar ós partidos liberal e conservador ante a tesitura de substituílos, Don Eladio dedicábase maiormente a ordear os libros e as contas dos seus asuntos particulares; labor que compartirá durante a alcaldía de Pepito Varela, o fillo de Don Rafael, co de xuíz municipal, cargo desde o que encarecía sempre das partes a avenencia, o acordo. E labor que compartirá, cando Mariano Rodríguez, o pai de Castelao, sexa alcalde, co de repartidor de consumos; posto que cubría nunha ampla oficina, sita no baixo da súa propia casa, á que se entraba polo zaguán común á vivenda.

No seu despacho, Don Eladio conxugaba un sentido escrupuloso en extremo e a rendición periódica de contas, ineludibles para a boa marcha do concello —cuio presuposto dependía destas recaudacións— cun xeito benigno de levarse cos contribuintes, ós que avisaba sempre dos prazos e demais particularidades, para evitarlle-los recargos.

Don Eladio prestaba unha gran atención ós estudos e educación dos seus fillos, que agora se centra sobre todo en Rafael, o máis pequeno. (Xa Eladio, case un neno, emigrara ó Uruguai, seguindo a ruta familiar. Antonio non tardará en irse para a Arxentina e logo para México, a onde o seguirá Manuel anos máis tarde.) O pai é quen aprende ó benxamín as primeiras letras. El lle imparte as primeiras nocións do francés. E el, severo e cariñoso, é quen o introduce no que hai que saber, mentres en Rafael xorde da amizade entre os dous o fondo sentimento filial que logo reflexa nos seus libros. «Sí, él sabía», dirá o escritor no *Félix Muriel*, cando o evoca gobernando o papaventos. «Sí, él sabía», dirá se o acorda nando co rapaz ó lombo.

Rianxo é un pasado glorioso en casais con escudos en liñaxes, antigas liñaxes, navegantes. Ata o máis fondal, tamén existe asentado no universo mundo pola configuración pétreo que compoñen as poucas rúas, humildes rúas, estreitiñas. E é, e existe, como a presenza presumida dunha escultura que Deus erguera sobre un pedestal que ten un sí é

non é de fariñenta e pobre firmeza. Unión do porte señorial do almirante troveiro Pai Gomes Charinho e da galanura popular da mariñeira, prestes ás caricias salitrosas do mar de Arousa, vive os domingos na alameda de plátanos que son en vida os madeiros dunha nao.

Moitas das rianxeiras impresións primeiras de Rafael poderán ser rastreadas logo na súa obra aquí e alá. Así as que nacen a nivel desas rúas a medida do home, recollidas e acolledoras, onde están as fiestras dos baixos. Nun peitoril destas, cruzando para a rúa do Medio, na panadería de Elena das Paraísas; está unha tarteira azul, e parece que alí estivo sempre (5). Quen a mira pode ser un rapaz que quere entrar no secreto misterio do obxecto, anque aínda non saiba que eso queira de veras. Antes fora a noite, cos medos infantís á escuridade. Coas fantasías que argallan fogares vedraios e recoletas rúas.

Despois foi un día claro, coas súas dez e media da mañán, se non se perdera a hora no mundo. E na ribeira daquela vila vara unha balea. Sobre o tamaño habería, cando a historia houbo pasado, abondas disputas. No momento en que aconteceu a todos semellou un mundo, varada no areal (6). E sen que acorde quen a avisou coa voz de alarma, o que a memoria garda certo é a carreira que os picariños emprenderan cara ós altos de Tanxil, á beira do acantilado onde os carabineiros se apostan para disparar. De súpeto, e estaba coutada por unha chea de gamelas, a balea move a cauda e derruba ós enemigos. Xa non ten callo e ensaia a fuxida coa marea; anque, sen atopa-las portas do mar maior, rematará en Vilanova a mercé doutras xentes. Pero en Rianxo ficará a lembranza máis pura do lance, amén dos casquiños dos carabineiros, para que a ousadía dos rapaces asubie neles.

Na rúa do Medio atópase a tenda de Efectos Navais de Don Xosé Ramón Nine, correligionario de Don Eladio nas disputas contra o bando vitureiro, onde se terciaban engaiolantes tertulias nas que os ollos novos de Rafael recollerán cada palabra e cada aceno suliñado (7). Presidía un loro disecado prendido á súa alcándara, que, cando os anos pasan, as palabras do escritor entreverarán con outro loro dunha escura fonda de Amberes, que repetía *En avant s'il vous plait* e serviu para urdir unha historia de Don Ramón confesando ó pai do neno que houbera de dar

(5) Esta imaxe vai se-la «Contemplación de un recuerdo» do ensaio «Sobre la libertad contemplativa». *El Alma y el Espejo* (Alianza, Madrid 1981).

(6) Esta lembranza servirá de materia ó conto: «De cómo veu a Rianxo unha balea», incluído por Dieste na segunda e sucesivas edicións de *Dos Archivos do Trasnó*.

(7) Qué fermoso o capítulo de Félix Muriel, «El loro disecado», que recrea estes vellos lumes.

morte ó patrón daquela fonda en lexítima defensa. Nas noites da tenda, en tempos en que os avances do progreso estaban ó alcance de intelixencias normais, eles falaban dos inventos máis novedosos. E de algo de filofosofía. Mesmo Rafael, ó amor desas conversas, sentíase obrigado a presumir de que lle acordaba cando o bautizaran, con cinco nomes.

Na rúa dos Dieste, chamada a de Abaixo, está tamén a casa dos Castelao, dous portais máis acó. Entre ambas, unha casoupa estreita e denegrida, a penas zaguán e faiadiño, onde se aturaba en soedades unha vella extraña, Juana Rial (8), á que unha época de fame en toda a comarca acábbaa recluíndo nas noites e nas pequeneces do seu refuxio. Unha pedrada na testa, despois de moitas nos vidros das xanelas, funde a este ser nas tebras e fará ó lar mendigo pasto de innumerables visitas dos curiosos. Como a do neno Rafael. Que olla o mar polo balcón, o trafego das lanchas indo e vindo. Olla as paredes afumadas e o camastro do interior, como fondo para unha figura estombeada morta nun chan terreiro. O neno pousará coraxudo a man sobre a fronte da vella. Ve o mar e ve a morte. E polos seus ollos, que reteñen aquel frío, un gran pintor galego ilustrará o episodio coa súa intacta verdade.

Logo, a maravilla dos ángulos, as paredes brancas, o corremán que escorrer, todo o que pula porque Rafael, como Félix Muriel, aprenda a amar, no relanzo da escadería, os planos xustos con que se define o espacio, son testemuñas dunha despedida. Dunha mostra da ilusión adolescente de que o tempo parou para o camiñar dos quince anos, cando aínda non foi o encontro coa certeza de que os anos acabarán pasando; e o petróleo do quinqué sumíndose, e o quinqué desaparecendo. Cando a falsa ilusión dun parón no seguir do mundo, para a súa conquista, se cadra é acompañada por saraibas que petan na lucerna, acaso pola lingua quente do sol. E move mans dicindo adeuses a familia de quen parte. E hai unha mocíña cun traxe de lunares que non chora menos que a irmá...

Na familia Dieste González percíbese un aire de fidalguía mesturado cun perceptible descenso, moi sutil, no nivel social. Doura os seus costumes a melancolía con engado de toda *venida a menos* e é evidente un refinamento que remonta décadas, e ata séculos, na palabra apropiada, nos ademáns elegantes, no espírito gatopardesco. Tódolos Dieste posuían un certo grao de altura sobre a demáis xente, sen adoptar poses despectivas nin impoñer ningunha separación a ninguén. Era divisa co-

(8) Tamén ela pasará ás en meigantes páxinas do *Félix Muriel*.

mún a todos o manter trato cordial con calquera, e a nai, Dona Olegaria, obsequiaba dóces e visitas por igual tanto ós enfermos que gardaban cama e eran amigos da familia, como ós que sabía máis necesitados.

Dona Olegaria tiña un don narrativo extraordinario que habería de pasar ós fillos, todos moi dotados para as artes. Antonio debuxaba con gran soltura e máis escribía privadamente. Eduardo publicaba artigos e recibía xa os loureiros dun premio para o seu libro *Leyendas de la música*; e Rafael, a penas unha crianza, escribía as primeiras cousas, pintaba e, como Olegarita, tocaba o piano. Ésta, era, como daquela se dicía, Mestra Superior e máis profesora de piano (9) e Rafael e Eduardo serían escritores.

Para cada labor, na casa había un sitio. Olegarita, no comedor, tocaba ó piano algún estudio do *Gradus ad Parnasum*; se de día, lanzando unha chuvía de estralos musicais en toda a súa forza; en horas da noite, con sordina. Eduardo traballa os seus escritos no cuarto de abaixo, chamado o do medio, onde ás veces fai con Castelao e Xosé Arcos *El Barbero Municipal*, xornal no que velan as súas primeiras armas anticacíquís. Nese mesmo cuarto, improvisado laboratorio, chegan a facerse candorosos experimentos químicos, que algunha vez rematan con resultados curiosísimos, e, moitos anos despois, por unha compañía popular, ensaiárase *A fiesta valdeira*.

Naquel tempo, a nenez do noso protagonista vai como un río. Con pequenas fazañas e non maiores trasnadas. Algúns niños buscados na ramalla das árbores. Algunha peza de caza cobrada un día de monteiría. ¡Quén sabe qué cristais rachados co tirapedras; qué susto, dado ou levado! Un día, no cuarto do medio, están Eduardo, Dona Olegaria e Castelao. O debuxante ve algo debuxado polo benxamín do clan Dieste, pousa a man na testa de Rafaeliño e di: «Este vai ser un gran home». O

(9) Cando falamos destes tempos da nenez de Rafael con Camen Muñoz —a súa viuda—, tennos dito que entón correra a lenda, forxada pola imaxinación popular —«que sempre tende a dar explicacións románticas a fenómenos que escapan ó seu alcance»— de que unha depresión derivada en afección mental permanente que sufriu a xove Olegaria cando Rafael tiña trece ou catorce anos, fora debida a un amor non correspondido por Castelao, moi amigo de Eduardo Dieste. De feito ninguén podería afirmar nin negar o que pasase ou non polo maxín da moza, nin hai outros datos que avalen tal hipótese; xa que nunca houbo noivado nin compromiso algún. Igualmente posible é que Olegaria —«moi bonita e con excelentes dotes naturais», segundo Carmen— extranase o cambio de señorita estudante entre as buliciosas amigas do Colexio de Pontevedra, á limitación e apagamento invernal do Rianxo daquela. Por outra parte, non tódolos trastornos mentais teñen que ser debidos a causas afectivas.

pequeno, máis que unha corrente de afecto que faga tremer ás súas fibras sensibles, sinte a man da Gloria. Por primeira vez.

¡Ceo de Rianxo octosílabo! Maiormente como feito para o romance de cordel, en boca do cego mesteroso de ruada en ruada, ou como para conta-las xestas do antigo señor da casa de Martelo, troveiro e almirante do mar, que *conquistara Geen sendo de mouros*. Pero ceos de Rianxo, que era un ceo para Rafael, tamén alexandrinos, cando a borraxeira rizaba o mar de perigos, e tamén en versículos elexíacos, cando o vento traía o lonxano eco dun naufraxio, ronselado de orfandades. E, ó cabo, ceo rianxeiro no haikú das multitudes outonais da ceifa dos croques, cando se cadra unha gaivota alzaba o voo cun berberecho no peteiro. As alas levarana alto, e desde alí a ave deixa caer ese cofriño de nacar contra os cons da ribeira. E xa a cuncha non pecha a vianda.

(Ceo. Un ceo que para os veciños do porvir se aparecerá ademais como o do fume vangardista de Manuel Antonio, como da verba inflamada de desexos e puras 'cousas da vida, por Castelao', e como o da recordación livián pero profunda do arquiteiro do trasno. Dun ser portae-tandarte destas terras que poderá firmar cos pares de iniciais R. D. ou F. M. —Rafael Dieste ou Félix Muriel— en realidade dous nomes da mesma persoa, en rostro xa acariñado pola araxe, xa reflexado na palma da auga).

A terra de Rianxo vive enlazada, no tránsito do XIX ó XX, á dos concellos de Dodro, Teo, Rois e Padrón, no distrito electoral desta última vila. O municipio mesmo divídese nas parroquias de Isorna, Leiro, Asados, Araño, Taragoña e maila da propia capital, á súa vez espalladas en aldeas e pequenos lugares en número preto ó cento, que se reparten en cuotas que van da media ducia de Isorna ás máis de vinte de Taragoña.

8.277 son as almas coas que a municipalidade conta en 1900, e delas en torno a catro de cada cinco viven nas aldeas, dedicadas a traballa-las leiras ou faena-la ría, cando non ós dous labores ó tempo. Esta maioría era considerada a xente de tropa polos máis dos membros da minoría villega, formada por señores, burócratas, artesáns e comerciantes. Nove décimas partes da poboación teñen o galego como única lingua e os membros da parte restante han de emprega-lo 'dialecto' alomenos na mesma medida en que usan o seu particular español. No primeiro ano deste século, dous tercios dos habitantes de Rianxo eran analfabetos.

Segundo pescudas de Xosé Antonio Durán recollidas no seu *Historias de caciques, bandos e ideoloxías en la Galicia no urbana* (10), para todo o concello había naquel ano sete mestres, que atendían dúas escolas elementais «completas» e catro «incompletas», así como unha de adultos que será pechada á volta de dez anos. Por toda ferramenta de traballo, aqueles profesionais do ensino contaban co 'librillo' consabido, acompañado do inevitable catecismo do padre Astete. Con ese instrumental, os mestres de primeiro ensino habían de aprender a incontables alumnos —o de Taragoña chegou a supera-los trescentos matriculados— que en pleno réxime de chuvias deixaban de asistir a clases; o mesmo que facían cando as frecuentes epidemias azoutaban o lugar, ou sempre que o propio edificio da escola, en moitos casos ruinoso, ameazaba derribo.

Daquela, nin os pesos nin as medidas eran as do sistema métrico decimal, e tampouco era corrente a presenza do diñeiro como valor de cambio. Os pobres durmían en colchóns de follato, e ricos e pobres carecían de retretes nas súas casas. Os labregos habían de lidiar, ademais de coas colleitas, cos foros e cos trabucos. Os mariñeiros padecían as consecuencias da vinda das salgas e as conservas dos cataláns, ademais das ausencias de embarcadeiro, de rampla e de lonxa.

Os notabres non foran capaces de crearen un Casino e os traballadores non construíran unha Casa do Pobo; e como sos lugares de solaz quedaban a igrexa, cos seus espazos lindantes como marco para a celebración de procesións e foguetería e bailes os días sinalados, e as tabernas como encontro arredor do naipe ou o dominó, os domingos.

Á vintena de tabernas de que dispoñía Rianxo neses anos, sumábanse dez tendas de comestibles, seis de tecidos (que negociaban asimesmo con recambios de pesca, alpargatas, sal ó por maior ou sulfato para as viñas) unha ferretería e o armacén «La Colmena», que surtía dunha ampla gama de produtos. As dúas boticas vendían, xunto ós medicamentos, augas minero-medicinais, perfumería, crema de Cister, cristais e pinturas.

Seguindo a Durán (11), tres eran as vías de entrada a Rianxo: «O camiño vello de Padrón a Rianxo entraba por Lestrove, deixaba atrás o río de san Lufo (...), por Tallós ía cara a San Xulián de Laño, límite das terras rianxeiras (...) e aquí, seguindo un desfiladeiro (...) chegábase a Vacariza. Había, a parte desta, outra entrada nas terras rianxeiras, facen-

(10) Libro editado por Siglo XXI de España, e que con *El primer Castelao*, estudia a paisaxe e a paisanaxe da vila arousana nos primeiros anos deste século.

(11) Páxina 56 de *Historias...*

do o que propiamente é o 'Camiño de Santiago' desde Rianxo: facíase pola venta da Chisca e o seu desfiladeiro, chegando a Burés, Marquesa, Asadelos, Vilanustres, Atalaya e Pazo... E unha terceira entrada comunicaba con Pobra de Deán e o Caramiñal, por Santa Baia de Boiro, Cespón, Ponte Brea, San Pedro de Bealo, A Cruz, Ponte de Té e A Torre (co castelo), que enlaza en Pazo con outras vías para chegar a Rianxo».

Para os seus trafegos, Rianxo dispoñía de coche diario a Padrón e de vapor, os martes, a Vilagarcía. Documentado desde 1604, hai aínda un transporte máis: o remeiro que leva da ribeira de Isorna ás Torres de Cañoira por unha módica barcaxe. A importancia desta barquiña, parella á doutras que surcaban as ondas da costa galega noutras rías, cobra unha significación maior coa entrada en funcionamento do célebre The West Railway Galicia, o 'Té Bés' dos paisanos, construído por Camilo Bertorini, e que unía por vía férrea Carril e Compostela.

A vila recibe a adolescencia de Rafael en 1911, coa inauguración do alumeadado público de acetileno, anque cochos e galiñas non deixan de campar polas rúas, que en inverno están sempre enlamadas. Tal era Rianxo daquela, coa porción de homes notabres enfrascada na súa particular loita de bandos. Cunha oposición formada polo denominado conservador, ó fronte do cal se sitúa Don Mariano Rodríguez, o pai de Castela, cando é cesado como alcalde.

Moi lonxe de Rianxo, Canalejas e Maura intentan continua-la alterancia estatuida por Sagasta e Cánovas ó fronte dos gobernos da Restauración, e, fóra do sistema, o sindicalismo anarquista —con enorme forza a partir de agora na Coruña— debátese entre predica-la teoría do atentado, que chama a 'propaganda polo feito', e a actuación pacífica, mentres aínda colean os sucesos da Semana Tráxica barcelonesa, co fusilamento de Ferrer i Guardia, e a converxencia por vez primeira de liberais e republicanos baixo a consigna de 'Maura, non'.

No vórtice desta illada vila, fronte á conservadora casa Mariano, que contaba nas altas esferas co apoio da arquidiocese compostelana e do Marqués de Figueroa, e coa militancia en Rianxo de Xosé Ramón Nine e os Dieste, entre outros, estaba o poder local, representado polo bando liberal, e formado polos sucesores de Rafael Varela. Que van contar co apoio dos comerciantes da vila, sendo o seu soporte na máquina do Estado o núcleo dos Gasset. E cumprindo un papel de enganche entre este poderoso núcleo e a casa Varela, figura o espilido avogado e insaciable cacique Manuel Viturro, moi avezado no control da Deputación, da que era vicepresidente.

Tiña o avogado casa en Rianxiño, coñecida por «quinta de Viturro»,

e rodeándoa estaba unha non desprezable extensión de terra, chamada a «devesa de Viturro» polos lugareños. Ata a soleira do eirado, ata a mesma porta da casa, fixera construí-lo cacique unha fermosa estrada abeirada de carballos e costeadada con cargo ós fondos provinciales para o seu único servizo. (O ramal a Taragoña, en cambio, esperará longos anos).

Hábil en todo tipo de manexos, a manobras del atribue Eduardo Dieste, integrado no bando conservador e facedor con outros do xornal *El Barbero Municipal*, que o seu destino fora cuidadosamente enfocado a servir a el-rei en Marrocos, onde España mantén unha guerra de desgaste para acadala conquista da Zona do Protectorado que lle fora adxudicada. A escusa fora que se o uruguaio Eduardo gozaba dunha beca de estudos española, tamén debía ser español para a Milicia. E o acusado, para liberarse daquela guerra colonial, abandona o país, cando xa tiña vintenoventa anos.

Viturro e o seu bando non deixan de insistir por aqueles tempos en que o cabeza dos rivais, Don Mariano, era na orixe 'marifeiro de baixura', palabra ésta á que dan sempre unha segunda intención. Din que só fixera fortuna, por indeterminados procedementos, en América, e elo dá pe a que o alcumen 'o indiano'. Logo eclipsado polo fillo médico, debuxante, escritor e político, a súa personalidade atrae tanto a atención de Rafaeliño que cando escriba *A fiestra valdeira* nel estará inspirada a figura do protagonista, que, por marifeiro precisamente, vai ser alzado a símbolo da vila polas boas xentes da obra, a pesar de malentendidos iniciais.

O espacio e o tempo, Rianxo e a familia, confluen na casa da rúa de Abaixo. Aquí o relanzo, o vestíbulo e o corredor, ancho e longo. Aquí o comedor, que fai un interior señoreado pola alfaia do piano. E nun poema a nai, que deixa que a raiola pase por regandixas de contras e cortinas para iluminar átomos de pó con tanto misterio inapreixable que o neno, o mozo, levará o instante consigo á homía, como un tesouro do pasado.

As mans maternais abrirán eses balcóns anos máis tarde para que o fillo nun alto do camiño vexa como todo está igual. Fóra, a mar chegando con música de infinitude, os barcos que deitan as cadernas magoadas do seu corpo, prendidas a poutadas, na area da praia. O sol serafín acochado nas alas do Barbanza en cada noiteña. E dentro, os mobles de tantos anos. Será sorteando as súas madeiras como se vaia facendo adulto este ser sinalado.

Antes da idade escolar, o pequeno Rafael é enviado a un parvulario

de primeiras letras, o da señora Fanchuca. Credora ela en celtibéricos métodos pedagóxicos, como o célebre de zorregar cun pao na man a quen non sabía unha letra, pouco de proveito sacará o cativo, que dalí pasa á escola nacional, onde poñía clase un mestre que sí facía uso de modernos procedementos, e que ó rapaz lle aproveitou lixeiro. Bo escolante, e lugar de mediano empaque a aula, fixeron de Rafael un escoleiro que axiña aprendeu a ler. «¿Vedes cómo o torpe non era eu? Torpe era quen non sabía ensinar», dirá el na casa, por aquelas datas.

Daquela son algunhas das amistades da vila nativa máis firmes de Rafael, como Xesús Iglesias e Francisco Nine. E de anos que se están achegando, con tanta firmeza, van se-los lazos que o aten a Sixto Aguirre e a Xosé Losada Castelao e Manuel Rodríguez Castelao, curmáns do artista e de apelidos distintos porque a súa nai casara por dúas veces. Rafael disfruta das vantaxes do campo: convivir na escola e nos xogos cos fillos do pobo. Decatarse das limitacións, nun tempo no que en moitos fogares se comían a penas os croques da praia, ou se vai a mercar só dous reás de sucre, medio cuartilo de aceite... E o mundo que se fai presente a diario na esquina da casa Dieste onde as pescas subastan o peixe. «¿Non hai quen dea máis? ¿Non hai quen dea máis...?»

Pero Rianxo, na infancia de Rafael, non tiña únicamente este ambiente rural. Posuía a carón del o das capas cultivadas, co boticario Bermúdez, o médico Rafael Varela e demáis persoas vilegas de mando; ás que non tarda en unirse o afamado ciruxano de Santiago Anxel Baltar Cortés, que edificará sobre os cantís de Tanxil unha grande casa de solaz, con torre, por onde ha de pasa-lo máis culto da universidade compostelana de visita. (Compañeiros seus da facultade de medicina como os Nóvoa Santos, Rodríguez Cadarso, Puente Castro, Novo Campelo ou Jorge Echegaray, que con el pularán polo anovamento da universidade de Galicia que se vai detectar na segunda e terceira décadas do século).

Rafael goza dunha dobre educación. A popular, entrañable e sincera, que permite afondar no máis verdadeiro, dunha parte. E outra, decorosa en extremo, galanamente cultivada, que leva a modais e costumes requintados. A ambas a dúas accede o benxamín do clan, non sen ter que verse obrigado a supera-as rexoubas que eses dous mundos na idade infantil provocan. Como cando os irmáns nacidos en Pontevedra berran diante del, aludindo ó seu berce rianxeiro, o que tanto se sinte pregoar nas rúas: «¡Sardiñas frescas, sardiñas frescas!»

No cuarto do medio, na pranta baixa, así chamado porque mediaba entre o despacho de Don Eladio e a paneira: é dicir, o lugar comodín en

que se gardaba a leña, se criaban os coellos, se debullaba o millo ou se facían outros mesteres de casa campesiña, convivían tódolos rapaces de cando en vez. Entre as súas paredes, con debuxos pegados e avelañás e vacalouras chantadas, pasaban tardes venturosas, mentres un cantaba coplas de cego. Acaso hipnotizándose. Se cadra hipnotizando un caranguexo, un galo ou un gato, según cál estivese a tiro (12).

O caranguexo, logo dunha leve presión entre as patas e a cachola, é deixado nun recuncho mentres dura un paseo e se volve ó lugar do crime; e segue alí. Ó galo pónselle diante dunha táboa cunha raia branca pintada, e xa se lle pode propoñer o que ún guste, que o fará. Todo, ata que o Pai eterno dos animais o desperte.

Co gato, o Duque, («elegant gato negro», dirá del Dieste nun ensaio, engadindo que «era gran amigo de la infancia, de quien tendré que hacer alguna vez la biografía») era outro cantar. Ó primeiro seguía coa cabeza o movemento dun péndulo. Despois aburríase, e marchaba outra vez movendo a cabeza. A tropa aquela quería entón sacarlle muxicas. Apagaban as luces e frotábanlle o pelexo cun garabullo, pero nunca conseguían ve-los estralos de luz. O que acadaban en cambio era que dese unso brincos como un raio furioso, e desaparecese. Ó día seguinte se alguén rabuñaba na porta, era o Duque.

Outra vez, o pillabán quere averigua-la conducta do elegante gato ante un espello. Pon este verticalmente no chan, apoiado nun groso dicionario. Non tarda en aparecer Duque —na súa especie, un xenio— atraído pola chamada do amigo. Aí hai outro como el, pero non é el. Se rabuña o vidro, ese outro rabuña. Se lanza gadoupadas, igual fai o outro. Como se achega o fuciño. Duque fai unha proba detrás do espello. Axexa, e non hai máis que o esqueleto dun vidro. Un non-gato. Aínda tenta pillar ó que segue no espello, dunha gadoupa. Inútil. Opta por aterse á contemplación visual. Estanse os dous mirando, e ó final Duque renuncia, con soberana indiferencia. Marchándose altivo sen ocuparse nin do espello nin de Rafaeliño (13).

Hai en Rafael xa unha maneira de ser que permanecerá inalterable co paso dos anos: costuma a crelo todo; anque ese todo, dentro do pote que é o entendemento do rapaz, acabe fervendo en contradicións que serve

(12) Dieste ten contado este episodio, como os que seguen, de viva voz. O que ven despois recolleuno asimesmo en «Sobre la libertad contemplativa».

(13) Episodio pertencente tamén a «Sobre la libertad contemplativa».

o diaño. Sobre o ensino relixioso, unha das maiores preocupacións súas era o inferno, tal como o pintaban. Aquel lugar non acababa de gustar ó rapazote, que por aquel tempo le un libriño no que se recollen uns cantos argumentos contra a idea do reino de Lucifer. E o que ocorre, logo de lidos e asimilado-los argumentos do libro, e quizais con algún outro que invente, é que Rafael se lanza a predica-la boa nova.

O primeiro ensaio haberá de ser na taberna máis próxima á casa. Hai un bocoí á porta. A el aupase o rapaz, que se senta, e é rodeado polos demais nenos. Compón así un discursiño para demostrar que non existe o inferno. O auditorio recibe sen asomo de dúbida a boa nova. De suta-que, todos se sinten sumamente cristiáns e salvados, dando berros de xúbilo e correndo os ruciros da vila repetindo: «¡Que non hai inferno! ¡Que non hai inferno, que o dixo Rafael!».

Perseguido a un gato polo corredor da casa, este Dieste vive en cada recuncho o milagre da enteiraza da nai, ó mellor dicíndolle: «Trouxoche un maragato que viña do bosque nunha cesta (14)». Vive ó pai provector, cunha barba encañecida e, sí, sabendo. E vive o mundo de pequenas plenitudes que aquí e alí van dispoñendo sinais tales como un quinqué precioso, un xarrón para os iris das pétalas, un espello para o efémero.

Perseguido ós cans polas rúas recoletas do burgo, mira o pór do sol sobre os dentes de serra do cimo do Barbanza, e ó mellor hai alguén que chama ós barcos soprando unha corna, unha pesca que vén descalciña pola area, un vivo remexe-la xerfa das augas, co nordés, e o reparto dos quiñóns na volta do mar. A esas criaturiñas que nunca irán ó inferno, a ese gato que garda o Pai eterno dos animais, únenos razóns tan esbaradizas para os máis dos adultos, razóns tan sen cancela como o amor á Natureza, o afán da libertade, e o encantamento coa maravilla. Amor, afán, encantamento que camiñarán con Rafael á homía.

(14) Como se verá no conto «De cómo vino al mundo Félix Muriel» escrito polo tempo do libro e incluído a partir da terceira edición entre as súas historias e invencións, a Dieste sempre o preocupou a experiencia prenatal, sobre a que preguntaba e preguntaba a Dona Olegaria.

DE ESTUDIANTE DA NORMAL, A SOLDADO EN MARROCOS

Con quince anos cumpridos, Rafael ingresa na Escola Normal de Santiago de Compostela. En parte polas dificultades económicas con que a familia empeza a preocuparse un algo, en parte porque xa o resto dos irmáns están lonxe, e el non quere apenas ós pais con outra ausencia, seguirá os cursos do maxisterio por libre.

O tempo de Compostela, naquel 1914, é o da aldea máis grande do continente, con feira de gado os xoves na carballeira de Santa Susana, cando nas novas rúas do Home Santo e de San Pedro ecoan os pasos das multitudes labregas que van e veñen. Pero tamén é un proxecto cosmopolita, onde o Apóstolo repousa os ósos nunha santa catedral meta de peregrinaxes. No que, en cafés señoriais, se fan tertulias para o debate de tendencias últimas, se urden estampas dun mundo elegante que a penas agromar pode noutras provincias, e que aquí reverdece sen complexos.

Nesta Compostela enteira, a Normal, sita no pazo de San Xerome, non deixaba de ser un lugar novelesco de por máis; con pasadizos soterráneos que a comunicaban co pazo de Fonseca, o primitivo Colexio Maior, logo Estudio Vello, do que naceu a universidade. Húmidos corredores baixo terra que, tras tantos séculos de ensino da medicina, aparecían convertidos nun grande armacén de humanos ósos.

De camiño ó Obradoiro, Rafael pasa pola rúa do Vilar como outro estudante calquera, anque mostrando un cuño, unha fasquía, ó mesmo tempo natural e distinta. Hai outro mozo (1) da mesma idade mes máis mes menos, que o toma por un mariñeiro do Norde de Europa que quizais desertara do barco en calquera porto veciño; pónase por caso, o de Vilagarcía. O indumento, o xesto, o aire, o paso, a garabata, todo era diferente e todo converxía resaltando unha promesa de home xa dono do mundo e pode que sen un pataco no peto. Así o sinte daquela o observador.

(1) Xosé Otero Espasandín, que levantará acta da visión no artigo «Apoloxía de Rafael Dieste», publicado en *Grial* (número 78, outubro-novembro-décembro de 1982).

En España, que está pasando do tradicional turno entre os dous partidos constitucionais a unha situación de pluripartidismo (2), os de sempre beneficianse da neutralidade observada durante a Gran Guerra, mentres, tamén os de sempre, padecen a historia. Neste tempo, Rafael pon a proba o sentido do humor do cacique. É cando, un día, recibe por confusión unha caixa de laranxas que ía dirixida a aquel. Rafael e os amigos din: «Estas, non as come Viturro», e as zampan.

Máis tarde son denunciados por apropiación indebida, e Rafael, con Dona Olegaria, ha de ir á Coruña a declarar. O avogado Peña Novo alecciona á nai indicándolle o que debe dicir. Logo, como no xulgado, mentres agardaba, escoita a testemuñas falsas que afirman que as laranxas foran roubadas, cando é ela a chamada ó estrado abandona toda prudencia e arráncase cristalina: «Esto é unha indignidade. Se Viturro é un señor o que debía facer era dirixirse a min, para dicirme 'seu fillo fixo esta traxada'. Eu sabería corresponder, sen necesidade de andar en pleitos». O xuíz dalle a razón; ergo Viturro, que tiña un pésimo sentido do humor, non era un señor.

Polo demáis, Rafael tiña contentes ós pais. Don Eladio estaba satisfeito con como levaba os estudos. A nai cifraba agora nel, como único varón que ficaba no niño familiar, as esperanzas que antes tiña depositadas en cinco fillos. Non obstante, non todo se resolvía no espírito do estudante de xeito doado, e para mostra a ocurrencia, no ano 17, de marcharse a México.

Non se pode precisar se a idea de levalo a América abrollara no seu irmán Antonio, polas boas, ou é que xordiu porque se escribieran e lle propuxera que fora. O conto é que Rafael vende unha bicicleta —preciado artefacto— que o mesmo irmán lle tiña regalado cando case non lle chegaba ós pedais, e cos cartos que lle dan vaise a Tampico. No relanzo do quinqué color guinda é despedido, camiño da liña do mar alén da cal se desvanecen os valamios dos pailebotes. Xunto á familia e os veciños, había a despedilo unha mociña cun traxe de lunares, que non choraba menos que a irmá.

Chegara cun bauliño recendente ás mazáns que a súa nai puxera dentro. En América vive co irmán, que ten trinta e tres anos, e a súa dona, Mariana Martínez Molleja, sen facer nada definido, sen estudar; an-

que axudándoos no comercio que eles tiñan aberto. Moi ben tratado pola parella, quizais notou que a senda que voluntariamente escollera non era a mellor para os seus aínda inconcretos afáns. Foi un tempo no que nada coalla, pero que ten un valor indubidable. Significa a gran travesía do océano, en terceira clase, cos traballadores. A experiencia da emigración, coas grandes riadas de galegos que collen en Vigo ou na Coruña os vapores de Mala Real Inglesa, da Transoceánica de Navegación, da Sud-Atlantique, e levan as súas forzas mellores a levantar outros países. Significa endurece-lo espírito.

Tampico é un porto tropical. Hai frutas, flores, incluso mozas e xentes doutras cadencias. O calor é extraordinario, na estación das chuvias as augas caen tremendas varias horas ó día. Todo completa unha suma de revelacións de moi distinta orde, que exerce unha enorme influencia na súa percepción, no seu coñecemento do mundo. Anque Rafael, logo de que penetra nela e comprende aquela vida, xa desexa regresar. Pero insistira moito, demasiado, para irse, con dor do pai, que perdera en arrebatos semellantes a tódolos fillos. E non se atrevía a pedi-lo importe da pasaxe.

Acontece que se convoca un concurso literario no Casino Español de Tampico. Nova que Antonio lle transmite preguntándolle se concurrirá. A resposta súa foi de despeito: «Eu non creo nesas competicións». O irmán retruca, desafiándoo: «Eso din os que non son capaces». Alicerce que o motiva para ir tres tardes seguidas á biblioteca a escribir outros tantos contos, cos que se presentará ó premio. Recibirao el, e coa suma mercará o billete de regreso.

O barco en que volve é declarado en cuarentena porque se descubre que viñera de España, onde, naquel 1918, se declara a epidemia bautizada da 'Gripe española'. E é retido despois de zarpar, na Habana durante máis dun mes. Pode el unir así, ó entendemento que trae de México, o entendemento de Cuba, na paisaxe e na xente, co cal a experiencia americana aparece máis completa ante a súa sensibilidade.

Cando o tempo da cuarentena pasa, de novo embarca; e, anque lle aseguran que desinfectaran cada curruncho, el adopta a profilaxe de non volver á xacida, facendo o resto da travesía enteiramente en cuberta. Durmindo nunha tumbona de lona e tapándose cun grosa cobertor.

Ó regreso volve a Rianxo, entre outras razóns porque o pai estaba moi enfermo. Verá nesos días o penoso que a Don Eladio se lle fai comer. E á volta de poucos meses, asistirá á morte daquel exquisito ser humano. E o día 29 de setembro de 1919 cando, vítima dun cancro de estómago, Don Eladio morre. Óbito que se produce en vísperas dos exa-

(2) Tres dialécticas divisorias: monarquía ou república, burguesía ou obreirismo, centralización ou autonomía.

mes das asignaturas pendientes; ós que Rafael, de todas todas, se presenta, aprobándoos e dando remate á carreira. Vén un espacio de tempo en que pensa qué facer.

Necesita un claro do bosque para pensar. Máis ou menos como tódolos humanos arredor da vintena, como os amigos. Daquela el baralla opcións serias, pero hai a quen non deixan de ocurrírselle saídas un tanto peregrinas. Cousa ésta na que era mestre Manuel Antonio, quen (tras ter visto como en 1918 a el e máis ó seu curmán Roxelio Pérez o vicecónsul de Francia na Coruña lles nega a posibilidade de alistarse na Lexión Extranxeira para pelexar contra (3) Alemaña) pide, en xaneiro de 1920, e precisamente ó seu curmán, a súa intercesión para conseguir un posto de peón na compañía The Phoenecia Mines, de Noia, na que Roxelio traballaba.

Trala morte do pai, a Rafael preocúpalle o futuro. Faise cun cuestionario de ingreso ó Maxisterio Superior e, a cabalo entre Rianxo e Compostela, prepara os exames, coa intención de seguirlos tres cursos de Letras para poder logo opositar a profesor normalista ou á inspección, desbotando a posibilidade de exercer como mestre nacional. Vidas paralelas: Manuel Antonio decídese polos estudos de Náutica, que cursa en Vigo.

Sen embargo, a ambos a dous ocúpanlle máis vagares, os da vocación, as letras e as consideracións de tipo intelectual que a busca dun medio de subsistencia. Un día van escoitar unha conferencia de Vicente Risco. As enguedellantes ideas do mestre prenden neles, que á volta dunhas horas xa se están dirixindo por carta a Ourense, en demanda das bases da 'civilización atlántica con selo galego' que o director de *Nós* defendera, superando o marco anterior do mero rexionalismo.

Risco dirixe a resposta a Rafael (4), á sazón no número 13 da compostelana rúa de Rodas. Dille, dilles, que sobre o asunto prepara un libro que se vai titular «Teoría do Galeguismo» (5). Dilles: «Nós creemos na *misión histórica de Galicia*, determinada pol-a súa posición xeográfica de terra media atlántica, pol-a súa caracterización etnográfica de nación

(3) Hai relato desta negativa no limiar de García Sabell ó libro *Poesía* (I tomo das Obras Completas de Manuel Antonio. Galaxia, Vigo 1973) onde se aclara que a el non lle abondou esta negativa, e, en solitario, chegou a desprazarse a Irún co propósito de atravesala fronteira. A Guarda Civil sorprendeuno, devolvéndoo á casa, tras telo preso unha noite no cuarteliño da mesma Irún e cinco días no de Donosti.

(4) Carta do 15 de novembro de 1919.

(5) Ó cabo, o libro levará por título *Teoría do Nazonalismo galego* (Ourense, 1920).

céltica, ou máis xeneralmente: *centroeuropa* enclavada na Península Ibérica antre medio de nacións mediterráneas ou *euroafricanas*, pol-a súa fala da qu'a portuguesa é unha variedade e compón co-ela coma se dixéramos a banda media das terras atlánticas (Galicia, Portugal, colonias galegas d'América), pol-a condición de *democracia rural* do pobo galego que se sintetiza no dobre sentimento da saudade i-o qu'eu chamo a idolatría da terra, que paganiza até o noso cristianismo».

Como cando Eugeni D'Ors, a xuicio de Pla, se poñía «un pouco demasiado violinista», fálalles tamén do 'imperialismo intelectual' que debería poñer-la marca galega nesa civilización atlántica. Resume a civilización mediterránea nun componente grego-latino, o do clasicismo, o outro cristiano, o do romanticismo. E sitúa ós «nosos devanceiros rexionalistas», no mesmo barco que os «rexeneradores d'Hespaña» representados en Costa, Ganivet ou Mella, como románticos.

Dilles por último: «Nós agora non queremos faguer unha concepción inteiramente nova, nin crásica nin romántica. Este novo ideario, en parte, foi xa comenzado a elaborar pol-os saudosistas portugueses: Teixeira de Pascoaes, Leonardo Coimbra. O noso Porteiro tivo adiviñacións xenias tocantes a este punto. Máis hemos ser nós, os novos, os que temos nacido á vida espiritual dempoixas de 1900 os que temos que crear o ideario da nosa futura civilización. Pr'elo temol-a fe e mais a vontade».

Estas orientacións armadoras dunha andamiaxe para un edificio por facer, non poden menos que conformar un alimento das súas enerxías; e danas por boas. Logo, cando pasen uns meses, Manuel Antonio volve a recurrir a Risco, agora pedindo árnica. Reclama o seu saber sobre movementos e ismos. Trátase, sentada-las raíces, de deixar nace-las ponlas mirando ó mundo.

Seguindo o fío divulgativo que adoita nas páxinas de *A Nosa Terra*, Risco fálalle cun pleno coñecemento de causa do Unanimismo de Romain, do Cubismo de Apollinaire, do Creacionismo de Huidobro, do Neo-Imaxinismo de Ezra Pound, do Ultraismo de Gerardo Diego, do Futurismo de Marinetti e do Dadaísmo de Picabia e Tzara. (Vangardas que tamén, por aquelas datas, estudiará Castelao, nunha viaxe por Francia, Bélxica e Alemaña que fai con beca da Xunta para Ampliación de Estudos. Para o rianxeiro, que en xeral desconfía do que ve —como fará o propio Risco en 1935, cando teña oportunidade de percorrer Mitteleuropa— a torre Eiffel era una «grúa grande» e a un académico coñecíaselle que era poeta «polos pelos (6)».)

(6) Dos ismos en boga, Castelao só respecta o futurismo, e pensa que é bo todo o que en pintura acabe co desnudo e, en literatura, se leve o adulterio.

Risco non deixa pasa-la ocasión para expresa-lo seu convencemento de que os galegos, «escribindo no noso idioma, principiámos a nos abrir camiño no mundo, sen necesidá d'andar buscandolle cinco pés ò gato con ismo de ningunha clás». E aconsella ó seu correspondente que teña o punto de mira no folclor, no saudosismo luso, nos haikai xaponeses, na arte negra e, moi especialmente, nas literaturas nórdicas antigas e modernas.

Todo o dito para Manuel Antonio rezaba tamén para Rafael, que anda en preocupacións de índole semellante ás do amigo, alomenos ata febreiro de 1921, data na que, en coincidencia co desenlace das xestións levadas adiante para saca-la revista 'Intenciones' (7), que fica nonnata, Rafael di en carta ó poeta que «é mester propor un gran afán colectivo que devolva ò vello y-estragado estado español a sua cohesión: pol-o pronto a cobiza de crear unha xigantesca civilización hispan-americana. Quizaves (isto é meu) a xigantesca civilización atlántica. D'as relacións fecundas que pode haber entre o patriotismo étnico-xeográfico: *rexional*; y-o patriotismo gran-estatista, penso falar axiña, quizaves en 'Intenciones'».

O matiz que introduce respecto a formulacións súas anteriores é de peso e non se lle escapa a Manuel Antonio, que o acusa de apostasía. En abril, Rafael pídelles explicacións: «Moy duramente falas de apostasía. Antes d'ouvil-o teu razoamento quero deixar consiñadas unhas cantas conviccións: —primeira: tanto tí coma eu xa perdemo-la conta d'os pecados que temos cometido descontra d'isa deidade: A Fixeza d'Ideaes; —segunda: a miña xuventude d-apóstata non foi un volvoreteo sen entusiasmos e sen dôr d'ideal en ideal: os meus pecados neste punto non foron frívolos; foron apasionados; —derradeira: tuda-las miñas apostasías quizaves non fosen mais qu'intentos pra topal-âxeitada eispresión d-algunha gran fe agachada que naceu comigo, que non sey ònde me leva nin cando me deixará cae-los velos que a cobren pr'amostrar as suas liñas puras douradas por un rinte sol mariñeiro».

Tras senta-lo xérmolo das posibles diferencias, Rafael cuidase de aclarar-lo que os segue emparentado: o federalismo, o galeguismo, o anticaciquismo. «Quizaves as nosas diferencias», di, «non sexan mais que a menor importancia que eu concedo en Galicia o nazionalismo lingoista, y-a miña maneira de ver a virtualidade galega: non aislada, senón como cooperadora da gran aventura española».

(7) Na que, xunto a Rafael estaban Manuel Fuentes Jorge, Marcial Rodríguez Cebal, José Fernández Fernández, Román Pereiro Cuesta e Salvador Cabeza Anido.



Os pais de Rafael Dieste, Olegaria González Silvera e Eladio Dieste Muriel.



Eladio Dieste Muriel, pai de Rafael Dieste.



Olegaria Dieste González, irmã de Rafael, nove anos maior que el, que foi a súa profesora de piano (1911).



O neno Rafael Dieste coa súa nai en Rianxo (1900).



A casa onde naceu e viviu Rafael Dieste, na Rúa de Abaixo en Rianxo



Manuel Rodríguez Castelao, Rafael Dieste e Sixto Aguirre, en Rianxo nos anos vinte.



Xosé Losada Castelao, Roxelio Pérez e Manuel Rodríguez Castelao, en Rianxo (o primeiro e o terceiro eran curmáns de Castelao).



Rafael Dieste en Tanxil (Rianxo) na época da primeira guerra mundial. De pe, en segunda fila: Xosé Baltar Santaló e Antonio Baltar Domínguez. Sentados: Rafael Dieste, Manuel Baltar Santaló e Ramón Baltar Domínguez.



Manuel Antonio, Manuel Rodríguez Castelao, Rafael Dieste, Xosé Losada Castelao e Laureano Lorenzo, en Rianxo.



Eduardo Dieste no café *La Granja del Henar*, en 1935.



Retrato de Rafael Dieste por Arturo Souto (1931. Museo Galego de Arte Contemporánea «Carlos Maside»).



De esquerda a dereita: Antonio Sánchez Barbudo, a súa muller Anxela Selke coa súa filla Virxinia, Rafael Dieste, Arturo Serrano Plaja e Juan Gil-Albert, en *La Merigotte*, finca de Jean Richard Bloch, preto de Poitiers, ó saír do campo de concentración de Saint-Cyprien, no ano 1939.



Carmen e Rafael Dieste en Bos Aires (1942. Fotografía de Anatole Saderman).

O fondo da subseguinte contestación manuelantoniana dificilmente podería ser máis crú, e a forma non pode ser máis espesa: «A aventura española. Pero, falas d'España? Coidado que eres fúnebre! Eu non che digo nada d'iso, porque non me gusta facer coña d'os mortos. De todos xeitos non deixarei d'escouitar con gusto o escarrecemento d'ise teu pensamento de celestineo entre o patriotismo *rexional* (si fas referencia a nós fai o favor de trocar isa verba po-la de *nazonal*) y-o gran estatista».

Rafael ármase de paciencia. A súa resposta ó poeta non pode resultar máis comedida, e o ton empregado non pode ser máis tolerante, a pesar das crueldades que o amigo chegara a deslizar na súa misiva (8). «Para min», retruca Rafael, «cando un povo ten o sentimento forte e ledó d'a sua virtualidade colectiva, cando ve en sí mesmo unha promesa, cando se complace en obter mostras d-a sua peculiar eficacia, ise povo é patriota».

«As principais mostras do patriotismo parécenme o paisaxe, a historia y-a riqueza».

«O paisaxe pódese contemplar d-un xeito soyamente estético, e d-un xeito patriótico. Eu contemplo o paisaxe galego dun xeito patriótico, cando sinto: Istes montes bretemosos e redondos, istes mantos de pinares, istas lingoas brillantes de mar que entran na terra (...), y-o vento asubiante son os pais d-o noso espírito, d-as nosas virtudes, o agoiro calado d-o noso porvir».

«Na miña relixiosa admiranza po-las aventuras de meus hirmáns, de meus pais, de meus abós, hay moito de orgulo e moito de esperanza. Esta mistura de culto, orgulo y-esperanza é o meu sentimento de stirpe».

«A riqueza tamén se pode contemplar d-un xeito patriótico. A riqueza creada é unha mostra d-a nosa eficacia. A riqueza posibre é unha promesa de aventuras n'as que o xenio d-o pobo se ostente. Esta maneira de patriotismo comprenderémol-a mellor se nos maxinamos por un momento ser yankees».

«Orgulo colectivo, arela de aventuras n-as que ise orgulo tope razóns de xúbilo e dilatamento: eisí sinto eu o patriotismo».

«Como galego eu sinto un patriotismo galego y-un patriotismo español hirmandados».

Como Rafael engadirá que o odio a Castela é un sentimento torpe e escuro, quedaban postos os puntos sobre as ís. A carta de Manuel Antonio estaba pragada de rexistros epatantes. El en cambio, evita dicir esas

(8) Manuel Antonio incluíra a seguinte perla: «Cada vez que me lembro de que eres un hespañolito!»

cousas que se din, e máis a certas idades, sen que se pensen. El, como non as pensa, non as di. E como vai para vida longa, así se está aforrando, sabéndoo ou sen sabelo, o nada agradable precio que se cobra ó cabo a inconsecuencia.

Por ese tempo, Rafael é chamado a quintas. A pesar de que os seus pais tiveran moito cuidado para libralo, apartando sempre Don Eladio os cartos das cuotas, ha de ir a servir a el-rei. Dona Olegaria, xa viuda, vaise entón a vivir a Compostela, á rúa do Franco, para que Rafael poida estar na casa o tempo do cuartel. Pero son horas convulsas da historia de España. A entrada en filas coincide coa guerra no Protectorado de Marrucos. Unha empresa militar impulsiva por parte do xeneral Fernández Silvestre sáldase co «desastre de Annual». Caen oito mil soldados españois e a honra patria, maltreita desde o 98, ha de ser reparada con nova carne de cañón. Rafael é movilizado co Batallón Expedicionario do Rexemento de Zaragoza.

A nai e Olegarita, que vive en difícil equilibrio interior, residirán en Compostela, entre Compostela e Rianxo, aínda dous ou tres anos. Ata que chegan Antonio e Mariana co ánimo de afincarse en Galicia un tempo grande, porque supoñen as cousas súas de Tampico encauzadas convenientemente.

Antonio toma as rédeas do destino familiar. Ven cheo dun espírito 'americano moderno' e empréndea renovando toda a moblaxe da casa da rúa de Abaixo, porque di que está todo cheo de nostalxia. Cambian as formas das madeiras, que agora van segue-las pautas do modernismo. Algunhas gastadas telas desaparecen. E tamén o quinqué é desterrado desde o seu antigo posto ó faiado, con gran pesar de Rafael cando se entere (9). E ata a emprende con vellos papeis, coas cartas, que van parar ó lume dunha queima de intención espreguizadora. Coas mans de Rafael lonxe, as da nai vellas, e febles as de Olegarita, a casa, guiada por Antonio, atopa o pulso firme que a leve dereita.

Pero un malfadado día chega carta que avisa a Antonio de que o socio que ficara ó frente no negocio en Tampico, falta ó acordado, apoderándose da súa parte. Teranse que ir no primeiro vapor que sae cara alí, a reface-la súa posición. Viñeran tres: el, Mariana e unha filla, chamada tamén Olegaria. Iranse catro; uns días antes de zarpar nácelles outro fillo, en Compostela.

(9) A casa conta agora con luz de carburo, alimentada cun depósito central distribuidor para os diferentes aparatos.

Mentres, a última guerra colonial segue o seu curso. Cando chega a Melilla, Rafael escribe a Manuel Antonio: «Xa sentín simblar por riba d-a trincheira os cañonazos dos mouros; xa nos é familiar a trama de asuviantes ameazas que teñen as balas contr-as nosas testas; xa durmín n-a trincheira baixo unha choiva cheya de carraxe (choiva d-auga, sen metáfora)». O amigo non aproba que se preste a guerrear cos mouros por causas ás que é extraño. «Ir contra a xustiza cando nos convén, está ben», di, «mais ir contra a xustiza cando nos obrigan en proveito alleo, é unha cobardía». Aínda fica unha saída airosa para Manuel Antonio: «¿Queres rexenerarte? Faite soldado de Abd-el-Krim ou fuxe».

O día 18 de outubro de 1921, desde Segangan, Rafael contéstalle que sente un intenso rubor de conciencia pola súa situación, e máis que, se puidera, seguiría un dos seus consellos. O absurdo desa guerra non pode figurárselle máis claro, e el combáteo dando vida a un ensaio que titula «A pesadume do eu» (10).

Unha etapa de debate e amistosa polémica epistolar vai rematar cordialmente. Para Manuel Antonio «non pode ser máis triste o espeutago d'a Hespaña y-o do voso sacrificio». A situación dá pábulo ó pesimismo. «Non embargante, dígo-che: Sursum corda! A vida divírtese connosco, indefensos monicreques, facéndo-nos bailar ó seu ritmo arbitrario; pero debemos agardar, inda que morramos agardando!»

Rafael está nunha forza expedicionaria. Non na retaguardia, nin de guarnición en ningunha cidade, senón no frente, puro e duro. O seu campamento está en Dar Drius. É unha ducia de barracóns. É tendas de campaña, un pequeno parapeito de sacos terreiros, e telderetes subidos con catro paos e uns retazos de lona (11). Aquel deserto, a moitos kilómetros de Melilla, onde os uniformes lucirán impecables ata o fin, non era máis que un cimo pelado sobre o que medraban esparragueiras rebordanas, cardos, silvas e herbas das que nunca chegan ós xoennllos. Lugar ó que decote veñen éstes, marchan aqueles.

Recibindo a un batallón, saen da tenda da Primería Compañía os soldados que alí estaban. Entre eles, Rafael Dieste, que é visto polo mo-

(10) Anque nada con ese título verá a luz, sen dúbida os argumentos alí empregados pasan no futuro ós ensaios que Dieste escribirá. ¡Qué gran cousa sería poder ler hoxe ese ensaio primeiro!

(11) Xosé Otero Espasandín dá fe desto todo en *Cuentos que me contó Dieste* (Edicións do Castro, Sada, 1984).

zo que reparara nel paseando as rúas compostelanas. A vestimenta era agora distinta: un uniforme enlizado que borraba o engado do traxe de antano. A franqueza do aceno, da mirada, permanecen iguais. Xosé Otero Espasandín, un pontevedrés de Cerdedo, é o observador que compara as dúas imaxes. Só que desta vez o cancelo da fala será traspasado, e o par de soldados adentrárase nunha fonda amizade que vai durar sempre.

As penalidades de dous anos en campaña son moitas, e agrándanse cando os homes non son Aníbales, Madrugas ou Rommels. Naquel campamento, entre insectos, sequeidades e tormentas de area, non tiñan libros nin papel para escribir. Otero Espasandín e máis Dieste, unha noite recordando a xeometría dos textos estudiados na Normal —sen papel, sen lápices e prohibíndose facer figuras no chan— están recreando toda a xeometría desde o principio da definición da recta ata os principais postulados e as súas consecuencias. De memoria, o que non deixa de ser unha heroicidade, acaban organizando todo cun vigor extraordinario.

Estas conversas son o único consolo que podía facer soportables aquelas miserias de espacio ermo e tempo de guerra. E falando están, con eles, Amado Villar, Brea Segade, rianxeiro que facía a revista escrita a man 'Charamuscas', e Cambeiro... Ás veces, a reunión é dos amigos con estudos; nalgunha ocasión, comprende o grupo enteiro. Por exemplo, nun anoitecer en que estaban sentados facendo unha roda, cunha desolación tremenda rondándolles porque alguén lles dixera que os ían licenciar, e tal continxencia non chegaba. Lonxe, oubeaba un chacal, e entón un mozo, moi inocente, perdido e desconcertado, dixera: «Rafael, cón tantos cousas de nenos...»

Son momentos de moita emoción. Este Dieste, anque semellaba fráxil e feble, era de natural rexo e sofrido. Demostrara as súas forzas na travesía do Atlántico ó socairo. E en África volveríaa a demostrar cunha resistencia á dor moi especial. En moitos trances, famento e aterido de frío, cando por todo abrigo tiña un impermeable roñoso e os montes distantes aparecían cun manto de neve, en abrentes e solpores, sentábase no chan ou nunha peneda e falaba cos soldados, e moitos dos que escoitaban eran analfabetos que nel tiñan o primeiro mestre, e non sabían escribirlle á nai que agardaba a carta que el lles escribía.

Arredor había unha grea de picariños mouros que se achegaba cando servían o rancho para facerse cos botes de conservas baleiros, cos restos de alimentos que os soldados arrebolaban lonxe de sí. En especial, había unha pequena, de seis anos, como unha flor de esterqueira. Calandiño, prendía ata nos corazóns dos máis insensibles, sorridente e arcanxélica.

Rexeitaba os favores que a súa gracia lle granxeaba, anque obedecía se no aceno ou na voz que algo mandaban non intuía cousa sospeitosa. Un día, uns soldados compráranlle a escote unhas zapatillas, porque segundo os seus compañeiros de infortunio, cumpría anos. Poucos días despois, voltaría ela ó campamento cunha galiña baixo o brazo para corresponder.

Mandaba un moi severo capitán a quen Rafael lle padecía estoicamente caprichosos arrestos: por chegar tarde a misa, por non dar na diña... Unha tarde en que ía moita calor, cando na península se durme a sesta e nin unha palla hai que se mova, o soldado —fora castigado— cava unha trincheira con moita disposición. No entanto, chega o camión da auga e os homes comezan a disputa por se-los primeiros en levala ó bico. Rafael permanece a certa distancia, observando, ata que é descuberto polo superior, que o engancha da roupa, levándoo ó primeiro posto ante o alxibe.

O correo serve para que el exercite o seu sentido innato de entende-la amizade como entrega, como soporte dos demáis. Cando era el quen precisaría ánimos de horas baixas, en 1922, incita a Manuel Antonio a que dea xa ó prelo un libro. E disfrazas esas palabras cariñosas de egoísmo: nos seus poemas, poderá o soldado aprende-lo galego. Para o piloto náutico, a meta da publicación cífrase en ter cartos ou non. Mil son as pesetas necesarias.

Ó amor da correspondencia, segue mostrándose a flama viva no corazón de Rafael; que pode, en agosto de 1923, dicirlle: «Tomemos asento y-encendamos ti a paipa chamuscada y-eu o pitillo de cincuenta». Como se estiveran un par de outro, recoméndalle *O home é bo*, de Leonard Frank. E pregúntalle polas convalidacións con asignaturas de maxisterio que poda haber en náutica. Sempre pensando no seu futuro non resolto.

O 14 de setembro dese ano, o xeneral Primo de Rivera declara unha Dictadura que, ata dous anos despois, non deixará de ser militar. os tempos son difíciles para buscar unha saída personal. Pero Rafael víveos esperanzado, como quen acaba de saír dun torcido soño. O pesadelo acaba. A grotesca perspectiva de guiñol que enredan os ministros que caen, os que suben, e os seus discursos, remata, para Rafael, cun pano que a fecha. Recoñecen ós soldados os servicios prestados, condecorándoos cunha medalla que lle entregan nunha mesa. Algúns tírana —non el— uns pasos máis adiante, ó toparse con outra táboa onde lles cobran unha moeda por ese anaco de metal malo.

O XORNALISMO E OS PRIMEIROS LIBROS, EN GALEGO

A vida, calquera vida, ó ser repasada, alcanza a encadeada redondez dunha grinalda que se trezase con pétalos de tempo, flores das horas e dos días vividos, aquí e alá. E sempre, o que sucede nun lugar e nun momento determinados, vémolos estar en semente noutros anteriores. Así, anque mesmo polo pouso como de insatisfacción que a cidade deixara nel (1) tralos anos de estudante non o semelle, en Compostela van ficar nítidas pegadas de Rafael.

Unidos a Compostela permanecerán na memoria de Rafael desde amigos da vila nativa que, coa mocidade en sazón, se adentraban alí a compartir un recollemento íntimo máis intenso, ata xentes recién coñecidas de xeitos convencionais e máis raros, coas que se falaban tódalas preocupacións que rondaban ó espírito. Seres cos que se aprendía a saber, a apreciar, o que é sentirse entre pares. E, tamén unido á cidade, un sistema de afinidades electivas. Unha relación de cousas que se deploran. Actitudes e costumes comúns.

Eran os vellos bos tempos, e o de tódolos días era pasea-la rúa do Vilar. En inverno, baixo os soportais. Rúa arriba, rúa abaixo. E a unha avanzada altura do curso, por alí aparecen dous tipos novos para os parroquianos, fartos de verse as caras entre sí. Os dous homes fuman cachimbos, son altos, con melena, e van tocados de senllos sombreiros de alas anchas. Cando pasaron varias tardes, logo de moito intrigar, e in- quedar, coas súas pintas, os fixos preguntáronlle quén eran. Eran Rafael Dieste e Manuel Antonio. E preguntoullo, entre outros curiosos, Valentín Paz Andrade.

Na cidade hai cenáculos de vario tipo. Un é o da vangarda local, con revistas literarias de estudantes e certa sona de esquerdista. Nel entran de contado a formar parte estes mozos, que logo coinciden por primeira vez en Marrocos. (Paz Andrade mandaba desde alí crónicas de guerra para *El Noroeste* da Coruña; ata que é licenciado por inutilidade total, e volve á terra para entrar de cheo, obrigado por circunstancias di-

(1) Así que pasen uns anos Rafael terá oportunidade de reconciliarse con Santiago, onde vivirá algúns dos episodios máis memorables da súa existencia. (Onde vai finar).

versas, no xornalismo. A cousa aparéllase na cidade herculina, pero virá á luz en Vigo). E en Vigo volverá a se-la coincidencia de Rafael con Valentín.

Vigo é un fermoso vilorio ó que unhas illas se lle prestan de grado como gardadoras. O paso do tempo, en 1924, é corto; anque xa hai unha filosofía de traballo que o impregna todo. Na acuñación do seu carácter xeral intervén o mar, como fornecedor de peixe, xerfa pola que se transportan as mercaderías e camiño para os emigrantes dun país mal gobernado que os dá a milleiros. No aire non hai as néboas nin os ventos da Galicia do Norde. No chan atópase ún nun eternal sube e baixa de rúas. E en mil puntos consolan os andares laranxeiras, camelias e plátanos.

A estampa do Berbés di moito e ben da vila. Desde cuberta, no barco que chegue de arribada, vense sucesivos planos de casas, en belvís todas. Cada xanela súa, un ollo que mira ás infinitudes do Atlántico. Sopra unha lixeira araxe de recendos mareiros e as roupas nos tendais brízanse como nun berce de paz. O sol lambe os trafegos das pescas, dos redeiros, dos chaboleiros, dos estibadores. Ó sol secan as roupas dos mariñeiros, chubasqueiros de hule, lonas embreadas. Ó sol, os homes derraman os leceres, acobadándose nos navíos e nas solainas. E vese cómo un grupo leva o aparello ó lombo, cheirando aínda a casca. Cómo unha colla descarga dun buque piñas de plátanos, outra sacos de millo, outra caixas de xardas.

Outro día chove. Traspasando o véo das augas mírase, ó amparo dun soportal, o repouso das artes, molladas, a quilla enferma dunha dorna que agarda as caricias reparadoras do calafateado. Uns metros máis adiante está o cafetín do porto. Uns metros atrás, unha taberna como as das tintas de Arturo Souto, da que saíra, asmático, o son queixoso dun acordeón.

En Vigo pula forte tamén o labor doutros gremios, na parte alta. Entre modernos edificios de pedra, de fins do modernismo e de comezos do eclecticismo, cruzándose no empedrado das rúas, pasan as *modistillas* camiño do taller, os dependentes das consignatarias, as operarias das conservas. Todo isto, e máis, á a cidade cando a ela vén Rafael Dieste para, no despacho da dirección do xornal *Galicia*, propoñerlle ó seu amigo Paz Andrade que o admita como colaborador. O amigo acepta. O soldo é breve.

Resulta estimulante maxina-lo mundo daquel vello xornalismo. Nun andar do número 2 da rúa Urzáiz está a redacción. Contra unha parede

unha estantería con libros e pó repartíndose as madeiras. Nalgunha parte unha estufa negra e, espalladas pola sala grande, as mesas onde os profesionais finchan telegramas, fan traballo de tesouras, titulan e, de cando en vez, turrán do carro da máquina de escribir para poñerse a face-la crónica, o solto, a nota do día. Tal facía Rafael.

Nun sótao dese mesmo número de Urzáiz están as caldeiras de fundi-lo chumbo, xunto ás linotipias, e as minervas que imprimirán as planchas no papel, a seu tempo. O local ten un cheiro penetrante que se mastiga case. Polas paredes corren as roñas e a color do chan ha de adiviñarse. Todo permanece moi silandeiro, cos homes dados a engraxar e poñer a punto os armatostes ata que un linotipista, Marín ou Mon, acaba cos primeiros textos. Entón o caixista busca os tipos do titular, o chumbo ferve e o rodillo comeza a xirar coas tellas. Cuspirá, nos momentos de alza, máis de dez milleiros de exemplares, con facilidade doce mil, que o fan o terceiro que máis tirada ten no país galego.

A pelexa da dirección combátese fronte ó xornalismo vellouqueiro dos competidores e, ás veces, tamén fronte a Ernesto Cádiz, o capitalista. Pero a pesar de todo, a liña da publicación, pola independencia de criterios en que se move —anque non acolla os contrarios e os indiferentes á nosa terra e á nosa proxección en Portugal e América— logra calar, e coallar, en quen a fan e quen a len.

O *Galicia* é un caderno de papel pallizo que sae en formato 'marquilla' coa cabeceira deseñada por Castelao nos caracteres románicos que lle eran tan caros. Castelao, por outra parte, cada día repetía o milagre de poñe-lo seu humor en primeira plana, cunha viñeta das 'Cousas da vida'. E outra firma de a diario define as pretensións do xornal nas datas da súa primeira comparecencia; di Vilar Ponte: «Non ser un *totum revolutum*». Nelo andaban aparición tras aparición os redactores, por outra parte obrigados a gastar moitas solas de zapatos, posto que o teléfono, que era o 840, dada a cativa lista de abonados daquel tempo, a penas servía para máis nada que recibi-las crónicas dos correspondentes, ou as novas que enviaba a axencia de *El Sol*, a Febus, único servizo contratado polo xornal de Paz Andrade.

As cidades de Galicia gañaban terreos fóra de muros, de desaparecidos muros. Gañaban novas edificacións que as dotaban dun aire máis cosmopolita, anque sen deixaren de ser fieis á fisonomía conformada polos estilos comúns ó conxunto das súas vellas casas e templos. Do arquitecto Antonio Palacios construíase en Vigo o Teatro García Barbón, nun

eclecticismo de selo galego. Tenreiro e máis Peregrín, na Coruña, e nun racionalismo emparentado coa escola de Chicago, construían a sede do Banco Pastor. E González Villar, cultivador dun galeguismo arquitectónico de tintes modernistas, constrúe o Café Quinqui de Compostela, onde vai ir a central da empresa Castromil.

Na Galicia rural, o agrarismo, acadada a súa maior cota organizativa trala Gran Guerra (con máis de dúascentas sociedades agrícolas censadas, e uns oitocentos sindicatos agrarios, desde os que a xente do campo monta a merca e a venda de produtos, pero, tamén, desde os que loita pola redención dos foros ou por melloras comunais); experimenta agora un cambio de rumbo, cara a unha orientación católica e menos reivindicativa.

Admirable era a xeración que se movía arredor do brillo propiciado polo papel. Papeis que se chamaban *Galicia*, *Faro de Vigo* e *El Pueblo Gallego*, e que ocupaban a homes como Carlos Maside, que estaba de auxiliar de debuxo no instituto, e Manuel Torres, no seu Marín, anque plenamente integrado no labor gráfico, como caricaturistas. E a outros como Francisco Luis Bernárdez, Euxenio Montes, Fernández Sendón, Caramiñas e Amado Villar formando como redactores. E Lustres Rivas e Blanco Torres como xefes de redacción.

Todos moi amigos de estar xuntos, reuníanse, ó saír de madrugada, nos seus esconderixos. A tomar café, a ver amencer. Unha vez era a atmósfera da Ferrería. Mulleres da vida, amas de trato avenllentadas e as verbas que se cruzaban baixo os aleiros do barrio, tan soltas... Outra vez era o ambiente dos cafés. O Nuevo Café, en Velázquez Moreno, decorado con dous murais de Castelao e cadros de Carlos Sobrino. O Derby, na praza de Urzáiz, onde se coincidía moito cos xogadores do Celta de fútbol e onde, nunha e outra noite, se coincide cos mariñeiros, cos mariños. Por exemplo, os do 'Constantino Candeira'; con Manuel Antonio enro lado en prácticas para piloto, e co irmán de Lustres como capitán.

Cada día, entre todos, fan aparecer unhas follas dignas. No *Galicia*, coas seccións 'Leria' de Vicente Risco, e 'Entre paréntesis' de Blanco Torres. Coa información dos servicios marítimos; cuns apretados módulos de anuncios comerciais. E cabe a colaboración habitual dos mellores: en setembro do 24, Manuel Antonio, ávido por publica-lo que sexa, asume a corresponsalía de Rianxo, que lle pon en estreita relación co xornal. Nun primeiro momento enviará preferentemente crónicas informativas, en castelán, e anque Paz Andrade deixaba a porta aberta ademais para publicar creación en galego, será Rafael quen, en abril do ano seguinte,

lle suxira a conveniencia de que envíe algo para cada páxina do dominical literario.

Segundo o caso, as camionetas e os vagóns farán chega-lo xornal a Compostela, ás Rías Baixas, ata a Pobra, a Ourense. Se houbo un naufraxio, un incendio, un crime, dobrará a tirada. Se non é así, a cousa quedará en que uns escribiron os textos, outros picáronos, e o cidadán prudente mercou o xornal se tiña en proxecto a formación dalgún envoltorio.

Cada día, Rafael facía o seu xornalismo de mesa e, coa mesma, ía publicando, preferentemente nos 'Domingos literarios', contos como os titulados «En col da morte do Bieito» ou «A luz en silencio», a carón, a súa, das firmas de Ramón Gómez de la Serna, Miguel de Unamuno, Ramón Cabanillas, Losada Diéguez e doutras das costumadas. Ata que o domingo 26 de abril de 1925 as páxinas do xornal recollen a seguinte nota: «*El propósito de dar a sus estudios una continuidad más atenta y asidua nos llevó de nuestro lado, sin que por eso deje de estar con nosotros en espíritu, a nuestro querido compañero Rafael Dieste. El excelente camarada, cuyo irreprochable compañerismo conocemos nosotros y cuyo talento literario y cultura conocen los lectores de este periódico ha marchado ayer a su casa de Rianxo donde permanecerá una temporada.*»

(Ó que parece, coincidindo cunha serie de cambios no xornal, xerados en parte por directrices recibidas desde o despacho do goberno civil —onde, desde que España vive a dictadura primorriverista, a política que se segue é menos que pouco respetuosa coa liberdade de expresión— Rafael está a fins do verán en Madrid, para presentarse, con Otero Espasandín, ás oposicións de auxiliares do Corpo de Estadística, as mesmas que Castelao aprobara en 1916. Rafael pasa con éxito o primeiro exercicio, o cal fai que o seu paisano abrigue esperanzas e lle faga saber por Manuel Antonio que tería praza en Pontevedra. O caso é que suspende a segunda proba. E volve a Rianxo.)

Recibe entón a visita de Carlos Maside e Amado Villar, que van a Rianxo coa idea de resgatalo do seu retiro, entre outros motivos máis desinteresados, tamén porque para eles, sen o amigo, Vigo perdera moito do seu interese. A proposta que lle van transmitir é a de incorporarse a *El Pueblo Gallego*, ó que entra a traballar daquela o propio Maside.

O rianxeiro faralles caso e, cando en decembro do mesmo ano, volve á cidade, e ó xornalismo, entra nese outro xornal. Onde agora está medio equipo do *Galicia* e onde a dirección é asumida por Fernández Mato, en gran sintonía co propietario, Manuel Portela Valladares. O director fora compañeiro na facultade de medicina de Compostela de Castelao,

con quen chegara a comparti-la aventura de facer unha informal gaceta sobre o mármore dunha mesa do bar Lea. Na profesión periodística conseguiu unha certa sonda ó ter sido correspondente de *El Liberal* en París.

O empresario, afincado en Cataluña, quería un órgano que axudase a facer coallar no pobo as ideas liberais, entreveradas dun certo sentimento da galeguidade que el chuchaba en Cambó e nos rexionalistas cataláns. Liberal, ilustrado, e cunha liña que o conectaba moito con Cataluña, de onde viñera a máquina en que se empeza a tirar —que, aínda que fora desbotada por *La Vanguardia*, era a máis moderna da prensa galega e precisara unha nave especial, construída na horta do inmoble do xornal, na calexa do Doctor Cadaval— *El Pueblo Gallego* foi o primeiro xornal que acadou unha resonancia plena en toda a nacionalidade galega, con automóviles de reparto que diariamente o deixaban nos quioscos de Compostela, O Ferrol e A Coruña, a patacón exemplar.

Desde o primeiro quixo Portela quitarlle o vento das velas ó *Galicia*. E comezou por levarlle ós mellores homes, para, ó cabo, deixalo sen lectores. Como redactores, a parte de Rafael Dieste, levou a Euxenio Montes, Cándido 'Candochas' Fernández Mazas, Evaristo Correa Calderón e Luis Amado Carballo, que ía compaxinar coa redacción do vespertino *La Concordia*. Con Roberto Blanco Torres, Posada Curros e Francisco Luis Bernárdez, que daquela publicara xa os seus escritos ultraistas de *Orto e Kindergarten*, en misturas de Apollinaire, Klingsor e Cocteau.

Algúns redactores, xunto a plumas amigas como as de Xosé Filgueira Valverde, mantiñan seccións de bo xornalismo de firma. Así, Paco Luis Bernárdez, daba vida ás columnas de 'Estelas', o mesmo Filgueira ás de 'Vieiros', e, tamén en primeira, un xovencísimo Felipe Fernández Armesto (2) facía o propio cos artigos de 'Decrúa'.

Felipe chegara por entón a Vigo, onde seu pai mercara unha botica, e da man de Montes, que fora profesor seu de Psicoloxía en Ourense, facía os primeiros *pinitos* no xornalismo. Axiña íría asumindo responsabilidades de máis vulto en *El Pueblo Gallego* —antes de da-lo paso que o leva a *La Vanguardia*, como Augusto Assía— e non tardará en ter ó seu cuidado o caderniño universitario do xornal, desde o que lanza a campaña que se saldará coa construción da residencia de Estudiantes no campus santiagués, e traballa pola popularización da vida universitaria galega en tódolos frentes.

(2) A súa memoria foi peza clave para reconstruír esta etapa, da que os máis dos protagonistas xa finaron. (Algúns tiveron unha trágica morte en plena guerra, a mans de pelotóns falanxistas).

A casa familiar dos Fernández Armesto, unha viliña de Peniche chamada 'La Gardenia', con parra e xardín, era o centro que os domingos servía para a xuntanza de todos. Alí Rafael, como decote no xornal, era a figura máis harmonizadora do conxunto, aunando tódalas tendencias, suxerindo as ocupacións para os lectores compartidos e falando horas e horas dos temas que fose. Aquelas tardes de domingo en Peniche, fumando cigarro tras cigarro, Rafael gañábase ata a simpatía dun neno, Fermín Fernández Armesto, que abandonaba os seus xogos polo pracer de escoitalo.

Cando toca a retirada, a case todos agárdaos un cuarto alugado nunha fonda calquera. O normal é que cambien de domicilio cada poucos meses. Anque algún, por contra, bota raíces nun sitio, como Montes. Que pasara unha longa convalecencia na súa fonda cuidado pola filla da patroa; unha oficiala corseteira moi fermosa que o fará pai dunha filla, e coa que casará ó sandar.

Rafael atópase por primeira vez na súa vida, logo do período de irregulares ingresos do *Galicia*, cunha situación económica estable que lle permite certos dispendios. De seu desprendido para as cousas de contas, sen que lle importe cobrar ben ou non os artigos extra, xeneroso cos amigos que a el acudían con sablazos, aínda así e todo, por primeira vez comeza os meses cunha soldada no peto. A paga permítelle incluso, que, logo de descontado-los cartos da fonda e os dos xantares, o tabaco e os libros, aínda lle reste algo para iniciar unha noite no sótao de La Cueva, en Velázquez Moreno, cunha gran cea, e continuala logo no Derby, e polos cafetíns da Ferrería, e desfolla-la «margarida prostibularia» da que fala nos seus versos Manuel Antonio. Non sen antes ter pasado pola confitería Las Colonias, onde Benito Maside pretende á bela caixeira, encantada con que lle fagan a corte.

Outro home xove que gusta de ir ás mozas e o pontevedrés Luis Amado Carballo. Deixounolo retratado Xoaquín Pintos con sombreiro de alas anchas e gran cinto abrochado, como baixo un ceo de foguetes a estalar e entre postos de polbo e vendedoras de melindres. Home de estuche moi débil, logo de morto, en 1927, Manuel Antonio e máis Rafael recollerán os seus inéditos para, unha vez ordeados e limpos de impurezas, dalos ó prelo. Destas dilixencias sairá o libro *O Galo*, cun limiar de Otero Espasandín, que asina con iniciais, e, por expreso desexo dos seus fixadores, sen referencia ningunha ó pequeno traballo que se tomara coa edición póstuma.

Diariamente, ata o 20 de outubro de 1927 manterá Rafael as seccións 'Reflejos', en castelán, e 'Temas Gallegos' (3), na nosa lingua, dando cento cincuenta e seis artigos naquela e cento trinta e oito nesta, circunstancia que moverá a Díez Canedo a dicirlle que escribe «a dos carrillos». O xornalismo que cultiva, a parte do propio das tarefas informativas que tivera que atender segundo as circunstancias —que, por outra parte, aparecía sen firma— é o do acougante reino da divagación sobre esto e aquilo, o que fala de todo un pouco, quizais como para acompañar ó doente que garda cama, ó que a chuvia ten recluído na súa casa.

Caro daquela ós homes de letras e ás propias empresas dos diarios, con tanto primor se facía aquel vello xornalismo, que por moito tempo o artigo será unha veiga que os escritores teñen por súa. «Conversa, amable e intelixente conversa», dicía Ramón Gómez de la Serna que eran as glosas de D'Ors. É unha definición aplicable ás prosas de Josep Pla, no mesmo idioma de 'Xenius'. Ou ás de Azorín, Corpus Barga ou Sánchez Mazas na prensa de Madrid, ás de Eça de Queiroz en portugués, e mesmo ás de Otero Pedrayo ou Vicente Risco e logo Álvaro Cunqueiro, en Galicia. Eles, con outros, contribuíron a fixa-lo xornalismo, o articulismo, como xénero literario coas súas propias e intransferibles regras.

Ás veces cae Rafael en disputas. El é, da súa xeración, o máis proclive ó ensaísmo, á esculca, e era lóxico que moitas das súas ideas abrollaran en desencontros cos maiores. Son coñecida-las diverxencias que mantén con Risco a raíz dun artigo titulado «O supergalego». Nel propoñía Rafael que «todo o que hai na Galiza de hoxe de medoñento, mezquino e arreloado, todo o que traba e enlía o noso paso, tódalas mágoas, máis ou menos 'características', máis ou menos 'pintorescas', que vimos padecendo —aínda que alguén se tope satisfeito delas e delas faga pedestal— han de escomenzar sen demora a seren combatidas por nós mesmos en nós mesmos. ¡Cada un contra sí mesmo!».

Don Vicente tilda estas verbas de hipercríticas nunha 'Leria' titulada «Comenzo dun parrafeo». E o aludido fala da crítica como instrumento de cambio facendo un alegato en favor da crítica como auga purificadorra. Hai un cruce de artigos durante varios días, e ó cabo Rafael invoca ó «don de escoitar». Risco e máis el eran os máis dotados para a divagación intelectual da xeración 'Nós' e da dos novecentistas, respectivamente. As viaxes de formación en cada caso foran paralelas, pero á inversa. Para

(3) En 1981, han de ser reunidos no volume *Antre a terra e o ceo* (Edicións do Castro, Sada).

os vellos iniciárase nun universalismo que, tras rexeita-las pirotecnias á moda, chega á galeguidade. Os novos comezaran no galeguismo do ensino dos 'Nós' para ir del á universalidade, tentación á que os propios 'Nós' os conducían. Uns e outros, en realidade e por decilo con expresión oterían, viaxan arredor de sí.

A divagación foi o xénero de Rafael nas súas columnas. Dedicadas a todo o que reclamaba a atención dun home sensible e reflexivo como poucos, que podía partir tanto dos mínimos datos como das grandes liñas de pensamento, e que sempre tocaba aspectos duns e doutras para face-la lectura agradecida e levadeira. Como podía partir das notas como de dietario que vai tomando para que determinadas cousas que lle suceden non as coma o esquezio. Os lectores saberán agradecer esta sinceridade. Un exemplo: a nai de Filgueira Valverde, que recortaba tódolos seus artigos de entón, coleccionándoos.

No tempo desta súa relación con *El Pueblo gallego* abandonará o xornal por dúas veces. A primeira, por descanso. A segunda, pola publicación dun manifesto moi dereitoso da Unión Patriótica Española, a forza que a guisa de partido único servía de sustento primeiro ó Directorio militar e logo ós gobernos civís de Primo. Neste tempo publica algúns contos máis, que, sumados ós do *Galicia*, darán en 1926 o libro *Dos arquivos do trasno*. A obra, escrita en galego sen segundas, simplemente porque é a súa lingua, é imprentada no obradoiro do propio xornal de Portela, e é posible porque o autor asume os gastos de edición, que lle eran descontados durante uns meses do seu soldo.

Sae *Dos arquivos do trasno* con oito contos breves: «En col da morte de Bieito», «De cómo se condanóu o Ramires», «A lenda da vella Lusca» (titulado logo «O regreso», en 1962, e «A volta», en 1973), «A luz en silencio», «Hestoria dun xoguete», «O vello moreno», «O vagamundo» e «O vello que quería ve-lo tren». Queda o tomo non moi groso, pero sí, á par que áxil, profundo.

Un subtítulo —«Contos do monte e do mar»— pon sobre aviso ó lector dos asuntos a tratar. Un limiar dá a clave formal do que segue. «A unidade emotiva conséguese no conto pola ouseción formal do que ten de sobrevivir», di Dieste no primeiro da media ducia de aforismos que presentan as pezas literarias contidas nas páxinas do libro. No último aforismo, de poderosa forza suxeridora, e polo tanto poética, dirá: «O conto é un remuíño que fan arredor dunha lámpada moitas volvoretas, todas mergulladas na mesma luz».

«Historia dun xoguete» é unha boa mostra desas intencións. Un tripulante da goleta «Nosa Señora do Carme», Bastián, talla nun anaco de

pino, branco e dócil, un pequeno barquiño de mentira. En cada mínima cousa é imitante ó real: na popa, o nome, na proa, lista e folio. Ó seu faedor ilusiónao poder levarllo ós seus tres fillos. Levántase borraxeira... Os tres nenos atoparán o xoguete entre o argazo dunha ribeira. «O navegante... endexamáis voltou. Polo branco e longo areal vai ás veces unha muller de loito, a roupa en remuíño, a panela de argazo moi apirucada». Así remata.

A xeración de Dieste é a primeira, nas nosas letras, que coñece e usa, ó crear, o que no seu tempo outros aportan de novo polo mundo. Non é que os 'Nós' non coñeceran as letras modernas do extranxeiro, que sí, e a proba son Risco divulgando todo o novo e Otero traducindo o *Ulises* de Joyce. Pero é que antes dos novecentistas nunca os escritores galegos se propuxeran, programáticamente, encardinarse na vangarda —Otero e Risco, quizais porque chegan a Galicia saturados dela—. Dieste, en *Dos arquivos do trasno*, vaino facer. Pero xunto ó trasluz da época súa, sitúa unha vocación de permanencia que o fai ser fiel ás miras do popular.

Os contos, coas dificultades de ser novos e moi pechados en sí mesmos, en ton intelectual e literario, non deixan de ser redondos ó dicilos, pasando de sobras o exame oral. Sendo uns visións líricas, caben noutros mostras de espírito colectivo. E aí radica a súa grandeza. No feito de que a primeira, e breve (4), obra dun autor conxugue con tanta mestría un e outro polo.

A aparición do libro convírtese en todo un suceso. Felipe Fernández Armesto, que lembra a Dieste dado á «socrática tarefa de despabilar os nosos anceios de Inquedanza», chega a dicir nunha crítica que «dimpois do 'Limiar', xa non fomos capaces de sosegar o degoro que baila deliciosamente nas niñas dos ollos, e comenzamos a desfrorar as follas con golotenería feita para manxares delicadas». Otero Espasandín situao entre os que aprenden a fala do pobo —corrente sen capitán, pero onde están os mellores— e fronte ós que se valen dun idioma 'libresco', segundo o crítico capitaneados por Cotarelo. Otero Espasandín compara a densidade atmosférica que posue Dieste á de Miró, «ó que avantaxa en áxil dinamismo».

Tamén Risco sinte a necesidade de dicir algo sobre *Dos arquivos do trasno*. Afirmo que botar a andar de primeiras cun libro como éste equivale a sair con as de ouros, «sendo trunfos». E repara na conxunción de li-

(4) En 1962, na segunda edición (Galaxia, Vigo), o libro aumentará cos catro contos procedentes do apéndice de *A fiestra valdeira* —que, a súa vez, os suprimirá nas sucesivas edicións— e con outros contos, escritos en diferentes trancos.

rismo e esencia dramática do libro, definindo ó autor máis que como un filósofo, como un fino e certo psicólogo: «Por máis qu' o qu' il quisera ser é filósofo».

Nesta época, con poucos camiños, cun atrancado funcionamento da transmisión da cultura, Dieste prosegue a súa formación en tódalas disciplinas, concedéndolle unha suliñada importancia ó desenvolvemento do seu sentido plástico. No que ten moito que ver Carlos Maside. O amigo que atesouraba xa unha valiosa bagaxe como artista, a pesar de que, polo autodidactismo en que se produciran os seus estudos, anda aínda tanteando unha liña. En certa maneira, outro tanto lle ocurría ó rianxeiro.

Maside, nacido a penas a uns kilómetros da patria de Dieste, en Pontecesures, traballara en Madrid como debuxante dunha axencia publicitaria. Vivira a Compostela que pon en marcha o Seminario de Estudos Galegos, como tentativa de síntese entre a revitalización do autóctono e a ubicación no presente europeo. Facendo xornalismo gráfico e literario, tivera ocasión de deixar chegar ás súas xanelas o pálpito do polbo de infidos tentáculos de realidade.

A esto hai que engadi-la viaxe que pode facer ó París de 1926 cunha beca de 2.500 pesetas que lle concede a Deputación de Pontevedra (5). A cidade do Sena, como capital mundial da arte que era, ferve entón nun cruce ilimitado de ismos. Pode ve-lo recente impresionismo, estudia o tanteante cubismo que nel deixa un eco de volumes, fíxase no constructivismo. Pero na percura dunha pintura que poda chegar a expresalos segredos de Galicia, recalca sobre todo no neo-humanismo que, teorizado por Waldemar George, se sitúa como confluencia dos xeitos representativos e realistas.

Estaba, pois, Maside en condicións de falarlle a Dieste de Manet, Cézanne, Van Gogh, Picasso, Grosz ou Léger. E os dous a unha podían busca-la súa propia onda entre o abano que Franz Roh abrira no seu *Realismo máxico*, publicado en español pola *Revista de Occidente*. Acolliá Roh desde os exponentes da Nova Obxectividade ata os Metafísicos italianos, e para Maside e Dieste era discutible que a pintura tivese que «voltar a ser exemplo de exterioridade palpable», pero resultáballe grato

(5) Nos anos 27 e 28, a mesma institución volve a pensionalo, pero esta vez para que fiquen en Galicia. Volverá a París, logo de ser tido encarcerado na Modelo por participar nunha conspiración política, en 1931, cunha beca concedida pola Deputación coruñesa.

poderse abrigar baixo unha umbrela tal; na vanguarda, e máis preto da tradición.

Son dous homes que buscan a realidade, e que suscitan en Luis Seoane o recordo dunha frase de Diderot: «Dúas cualidades esenciais para o artista: a moral e a perspectiva» (6). En punto ó pensamento, seguro que Maside, espilido para o discernir e moi lido da vida e dos libros, se deixaba guiar da man de Dieste, que, tan puntualmente como con avidez lera ó Ortega de *España invertebrada*, le agora ó de *La deshumanización del arte*, libro no que se analiza con lupa, desde unha claridade interpretativa de moitos aumentos, o clima cultural da época.

Na hermenéutica orteguián, o xeral e preferido entón era persegui-la fuxida do real, na percura dunha arte alcumada artística que non impida a evasión do creador polo seu sometemento ó realismo. Unha arte que, amén de prima-lo afán de orixinalidade, sexa intrascendente; semellante ó deporte e ó xogo, cos que comparte, xunto ó seu dominio polas idades mozas, a ansia de victoria. O artista escúdase nun estilo, nun ismo, que o arreda da realidade, e en gran medida abandona o personal, porque cre na autosuficiencia da arte. Ás veces, como no superrealismo, a vía dun realismo extremo ensaiase como unha superación deste.

O último trimestre de 1926, nun descanso do xornal, vaise unha tempada a Ribeira, onde colabora con Xosé Otero Espasandín, agora colocado na dirección dun colexio privado de ensino primario e secundario. Para Dieste, esta ocupación vai ser premonitoria da que terá, á volta dos anos, e salvando as distancias, en Cambridge, Bos Aires e Monterrei, Pero, de súpeto, un día decide irse a Rianxo, Alí, empapado dun ambiente de mariñeiros, cavilará, e escribirá, unha comedia, *A fiesta valdeira*, que gañará o favor de público e crítica cando sexa dada á estampa.

Antes da publicación, a lectura desta peza servirá a Dieste, o día 22 de xaneiro de 1927, para cumprimenta-lo ingreso no Seminario de Estudos Galegos, que ten lugar no paraninfo da compostelana Sociedade Económica de Amigos do País, enfrente á alameda. O Seminario, creado en 1923 na casa de Rosalía de Castro en Ortoño, aglutinaba a universitarios preocupados pola formación de investigadores e pola divulgación do estudio científico; e nel cabían desde estudantes como Filgueira ou Bouza Brey a profesores como Cotarelo Valledor ou Otero Pedrayo.

(6) En «A pintura de Carlos Maside», ensaio incluído no libro colectivo *Maside, un pintor para unha terra* (COAG, Vigo 1979).

Dieste integrouse na sección de Arte e Letras, que dirixía Castelao, aunque seguía a marcha do Seminario no seu conxunto, que se manifestaba tanto no plano didáctico como no cultural. (Xunto a traballos como os volumes *Vila de Calvos de Randín* e *Terra de Melide*, que son encargados a equipos formados ó efecto, promove exposicións, impulsa ciclos de conferencias e organiza, cada curso, unha 'festa da prosa galega'. Precisamente na do 27, Dieste volveu a le-la obra de teatro, compartindo cartel con Castelao e Filgueira, entre outros).

Co propio Filgueira (7), así como con Eduardo Rodríguez, Lucho Bouza, Constantino Candeira, e Xesús Bal tiña unhas reunións musicais nas que, mentres Bal, ou outro, tocaba o piano, os demais escribían as suxerencias suscitadas pola música. Facíanse estes encontros, continuación da peña do Café Español, ou ben na propia Sociedade, ou ben nas casas de Ramón Baltar ou Salvador Cabeza, nas que tiñan o instrumento ó seu dispor. O nó da amizade que se ata entre eles todos é moi forte, e xa sempre uns van se-los mellores propagandistas do que facer dos outros. Así Filgueira, cando nos anos trinta dá nunha emisión radiofónica na súa Pontevedra de orixe a comedia disteana, en lecturas de afeizoados.

Naquel 1927 é o arquitecto municipal de Compostela Constantino Candeira, que logo será director do Museo Nacional de Escultura, quen corre cos gastos de edición de *A fiesta valdeira*. A el vai dirixida a dedicatoria da obra, que saíu cun apéndice de catro contos: «O neno suicida», «Na morte de Estrelleña», «Espanto de nenos» e «O grandor do mundo». (Candeira e Dieste eran moi amigos de coincidir tódolos días no Español e tamén de verse, de cando en cando, no estudio que o entón compañeiro de Candeira, Camilo Díaz, delineante municipal, tiña na rúa de Hortas, por onde bule un pequeniño Isaac Díaz Pardo).

A fiesta valdeira é unha imaxe, a imaxe, da mariñería; das xentes do mar. A forma da obra, sendo tan sinxela como a dos contos, e á vez máis simple. Resolta en tres lances, que corresponden ós da sucesión tradicional —planteamento, nó e desenlace— tódolos personaxes son bos, de sorte que ata os poucos que, por causas alleas a eles mesmos, inicialmente presentan tachas, ó remate non son máis que bos, tamén.

Os mariñeiros que enchen a escea, e son cinco, todos son magnánimos. Valla para reflexalos o propio protagonista, Don Miguel. Traxe azul, botinas longas e esguías, camisa ocre de punto con garabata do

(7) A el, que a gardaba no museo da súa memoria, se debe a noticia que segue. Corroborada por Bal.

mesmo tecido, e pucha que ata na casa leva posta. Un pintor mozo retráao cunha xanela ó fondo, pola que se ve o porto da vila e os barcos.

Os veciños ven no cadro unha alegoría do seu oficio, pero á dona e á filla do retratado parécelles que lembra unha orixe vulgar; preferirían un xardín fidalgo. Nace un conflito. Faise unha colecta para merca-lo cadro. Nun momento alguén corta o anaco de lenzo en que sae o mar. Pero cando cae o pano xa o conflito de identidade estará resolto.

Non se trata dunha obra de ideas, que non se reducen por suposto á «apoloxía da autenticidade» que algúns críticos quixeron entender, nin de tipos, anque os haxa barilmente trazados, como o protagonista —en quen se chegou a ver ó pai de Castelao— nin tampouco de diálogos, equidistantes por igual do puro popular e da fría perfección culta. Pero hai nela palabras belamente postas, seres que fan vibrar e ideas que interesan.

Ó falar dos valores humanos do pobo mariñeiro, ou ó poñer cabo á acción dunha maneira leda, é difícil non caer no rosa. Moverse hábilmente na fronteira entre a fondura e a ñoñería elle dado só ós mellores. O Juan Ramón Jiménez de *Platero y yo* conseguírao. Como o Dieste de *A fiestra valdeira*. Que tivo a rara sorte de ser celebrada polos seus propios protagonistas, o pobo de Rianxo, e máis por dramaturgos da talla de Eugene O'Neill. Por non falar de Castelao, que tiña especiais motivos, como o xove Filgueira Valverde, un pouco o estudante Nogueira, ou Maside, modelo á súa vez do pintor da obra.

Coa comedia a disposición dos ollos lectores, Dieste media por Manuel Antonio ante Anxel Casal, á sazón cabeza da editorial Nós (que lle expón as condicións en que podería ser editado *De catro a catro*, que ó autor lle parecen boas). Ó contacto de Dieste con Casal non foi alleo o interese que o rianxeiro tiña en que Nós se encargara da distribución tanto de *A fiestra valdeira* como de *Dos arquivos do trasno*, ata entón un latoso labor nas mans do autor e duns poucos amigos.

Tras publica-la comedia, Dieste tomará unha decisión: facer un alto nunha profesión na que se ve preto da rutina, o xornalismo, porque chegara a un punto en que xa non lle gustaba, de tanta maña como adquirira. Daquela, aínda non sabendo qué facer, escribe ó seu irmán Eduardo, que en Londres era cónsul do Uruguai. Rafael vai ir pasar unha tempada á súa casa, e aproveitará a estada entre a paisaxe bretemosa de Londres para tratar de atopar un camiño. O Norde.

A Londres chegará un mes máis tarde do previsto, por causa da profundidade do seu sono. Eduardo enviálle a pasaxe, pero el, o mesmo

día que había de embarcar, quedárase durmido, boamente. E entón ha de agardar un mes a que volva un vapor da mesma compañía. Cando por fin chega a Londres, o irmán levarase con el unha sorpresa, xa que, como non o vira desde rapaz, pensaba atoparse co neno de antes. En cambio, quen vén é outro escritor, co que pode falar de todo.

Rafael para na residencia do irmán, en Blackheath, preto de Greenwich. E dedica o seu tempo a empaparse de cultura británica. Non só frecuenta os museos ou le. Pasea os barrios portuarios, observa os usos sociais. A londinense de entón xa non era unha sociedade victoriana, anque nela seguía vinculado o ronsel daquel mundo. E cunhas cousas e outras, no contraste, Londres naquela época resultaba novelesco en extremo.

As súas néboas, como bafos do Támesis, difuminando en siluetas os rasgos dunha cara, a fachada dun edificio. As súas vellas raras, camiñando as rúas. Os costumes de antano pervivindo amorosamente gardados polos súbditos da súa Maxestade. Os fondos dos museos, ategados das grandes obras de tódalas civilizacións, expoliadas nos longos anos de vida do Imperio. E os parques. Ese don que a cidade ten de poder atravesar kilómetros de verde polo medio das construcións, que foron configurando durante séculos a cabeza dun Imperio de ultramar. Todo o que garda como un tesouro. Por exemplo, referencias literarias sen conto.

Era o Londres de Bernard Shaw, Chesterton e Belloc, e deles falarán os irmáns. Eduardo incluso chega a pensalos, envoltos nun humorismo moi vago, discutindo en Hyde Park, entre un fondo de sectas e partidos, no seu feroso ensaio conversado «*La Constitución inglesa, (o manera de convertir una gata en gato)*». Os Dieste, nos dous ou tres meses que conviven xuntos, coñeceranse máis a fondo; e xa para sempre, haberán de consultarse, por carta ou de viva voz, as ideas que lles preocupan. Elo debido en parte á fecundidade destes meses londinenses, nos que ademais de visita-la National e a Tate Gallery, Rafael pode escoitar Stravinsky ou Debussy na escollida colección de discos de Eduardo.

Camiño de Galicia, Rafael delongará aínda en París unha escala moi apetecida, estirando ó máximo posible os diñeiros que para elo lle fornecera o irmán. Le moito, nos cafés e nas bibliotecas. Se cadra, na fonda, o fume dunha estufa atascada o impele a saír á rúa. Nese momento, en moitos extremos, a vida e o estado de espírito seus parecense dabondo ós do Malte Laurids Brigge descrito por Rilke na novelación dos Apuntes a ese personaxe consagrados; compensada-las posibles angurias, no caso de Dieste, polo afán de aventuras.

Na estada parisina, solitario na gran urbe, escribe un primeiro *Don Frontán*, en galego. Como a peza non o satisfai, unha noite vai ó Sena, e os anacos a que el reduce o orixinal acaban por sen engulidos pola corrente.

De novo en casa, Dieste non se perde unha xuntanza que hai en Riveira, con Maside, Xesús Bal e Otero Espasandín, pero sen Manuel Antonio; reunión que sucede á festa de despedida de solteiro de Candeira —á que sí asistira, con Castelao e Abelardo Moralejo, o poeta, que en certa maneira era tamén homenaxeado, pola recente aparición de *De catro a catro*, pero á que Rafael, en Londres, non puidera asistir.

Xa antes de abandona-lo xornalismo. Logo de facelo, e máis despois de ir a Londres e París, Dieste é asiduo da vida cultural de Compostela, cidade na que se sente moi cómodo. A amizade máis intensa é a que o une a Carlos Maside, cuia nai tiña un estanco na rúa do Vilar e unha fonda na que se hospedaba Xesús Bal nos periodos en que ha de face-lo seu servizo militar, que é de cuota e lle permite durmir fóra do cuartel.

O normal era reunirse polas noites no café do señor Ramallo, o célebre Español, onde a tertulia congregaba a persoas de toda condición. Como o xove catedrático Moralejo e os estudantes Filgueira e Martínez López; como os intelectuais Candeira e Otero Espasandín. Entre todos hai unha corrente de simpatía que alcanza tamén ó Castelao e ó Otero Pedrayo de plenitude, cando veñen a aquel imán da chuvia desde Pontevedra e Ourense.

Cando a tertulia se levantaba —xa os paraugas mexaran todo o chan— era fácil que algúns dos presentes a seguiran paseando polas rúas ata o hotel da Senra onde paraban os catedráticos solteiros ou os visitantes. Invariablemente, Dieste participaba nestas paseatas preguntando e falando con brillantez, tratando de aclararse. Este afán levábao tamén a asistir ás clases de grego que Moralejo poñía só para os amigos ás tardes.

Xesús Bal comprendíao moi ben. Moitos sábados facían excursións a Vigo en tren, para escoitar algunha conferencia. Se cadra a visita continuaba nun longo paseo nocturno que remataba co primeiro coche mañanceiro que os devolvía a Compostela. Dieste, gran melómano desde sempre e daquela máis que regular pianista, aproveitaba para consultar co musicólogo, co autor de *Hacia el ballet gallego*, as cousas que poderían salvarlo das que Bal denominaba «patoloxías do afeizoado». Que o facían conxura-las miopías ou as xordeiras que se tiñan na provincia, entendida non como unha xeografía, para coa música de Debussy, Ravel

ou Bela Bartok. Así, o amante de Mozart que Rafael era, gusta nas súas xustas proporcións, do Falla ó que Bal consagraba, por un igual, admiración e estudio.

Con Bal as conversas podían versar sobre letras francesas coetáneas. O lugués fora traductor de Garnier nas páxinas de *Ronsel*, coñecía a Valéry Larbaud, que estivera vivindo en Alicante namorado da vida española e xogando a deixarse cazar por señoritas casadeiras da boa sociedade. Tiña asimesmo conta en Gallimard, e por ese conducto chegaballe puntual noticia dos libros que aparecían, ós que ademáis accedía pola *Nouvelle Revue Française*. Andre Gide, Michel Arnauld, Paul Claudel, incluso Alain Fournier, eran nomes que lles dicían moito.

O Grand Meaulnes que atravesa unha fermosísima novela tras unha como celestial aparición, dela namorado. As paixóns que desata a crioula Fermina Márquez nun internado de rapaces, trasunto quizais da mocidade dun Larbaud que traducía a Ramón Gómez de la Serna como proba de estima por unha personalidade na que a literatura era só a punta do iceberg. E Gide, que resolve amena e destramente *Les faux-monnayeurs* como espello polo camiño, con personaxes que se cruzan ó azar, entrelazados por fíos que move a casualidade.

Nas letras de Francia comeza a despuntar Jules Supervielle, que, no ano 1950, dirá de Dieste: «*Vous nous dites avec beaucoup de charme et de précision des choses difficiles que vous savez rendre transparents à force d'art et de naturel dans votre savante simplicité*». E Dieste non deixa de falar dos *climats* galos, como doutras cousas, con Bal, simplemente porque lle preocupan as claves de todo. Aínda que segue sen molestarse por publicar, e, ó contrario que un Manuel Antonio que se pasaba media vida —morrerá ó pouco— mandando orixinais de poemas a revistas e xornais, nada manda a ningures.

Así choca hoxe que o nome de Dieste non asome nos índices de *Nós*, de *Alfar*, de *Ronsel*, de *A Nosa Terra*. O que o explica é só que el estaba menos necesitado de publicar que de formarse e saber de veras. E despreciaba non pouco o afán de notoriedade. Por eso, mentres tivo un xornal, nel daba as cuartelas creativas que ía escribindo, porque lle caía a man. Por eso agora pasa, convencido de que mesmo o rachar axuda, e lembrando cómo Guy de Maupassant agradecía a Zola que lle desvelase a ruindade duns primeiros contos para os que o duro xuicio do mestre evitara o seguro avermellamento que sobreviviría de telos dado ó prelo.

Alborea a República en España. En agosto de 1930, a oposición firma o Pacto de San Sebastián. Un mes despois, os capitáns Galán e García Hernández sublévanse en Jaca, anque a acción non pasa a maiores. E

a cultura, como o pobo, vive unha situación de preparación para o cambio. Xa non vai ser tan clara a visión que Ortega dera en *La deshumanización del arte* dunha intelectualidade escapista. Os intelectuais, tamén Ortega, comprométese.

Seguidas por todos, as páxinas de divulgación dos tomos de *El espectador* ou a tribuna de *La Revista de Occidente*, fan de Ortega o primeiro introductor do novo. Dieste segue ese labor do filósofo, e celebra a súa defensa da nación como proxecto suxestivo de vida en común, anque non poda comungar con el, cando di de Galicia que é «terra pobre, habitada por almas rendidas, suspicaces e sen confianza en sí mesmas».

Un dos eixos de *La rebelión de las masas* resulta especialmente caro ó rianxeiro: o da súa vocación europeísta. Frente ós matuteiros das ideas nas que non se pode crer, Dieste secunda a Ortega cando formula o desexo de que ó fin poda realizarse a promesa que desde hai catro séculos significa o vocábulo Europa, unha Europa para a que se reclama o respecto ás diferencias. Unha Europa que para as xentes da cultura é tamén a terra de asilo de Miguel de Unamuno, cando fuxe da por el bautizada como «dictadura pretoriana».

A Dieste admírao o pensamento do vasco, que non deixa que a obsesión pola idea o arrede do propio feito de pensar. Daquela, Unamuno vagaba xa polos seus libros nun eu que vociferaba as verdades eternas, que clamaba a ansia de inmortalidade como razón da razón, fin do fin e principio do principio. E que insistía no seu controvertido berro de «¡Qué inventen ellos!», reclamando da sociedade española unha volta ós seus camiños.

Unamuno era querido ademáis por Dieste como gran entendedor da plural realidade peninsular, como o autor dese dietario de devaneos ibéricos que é *Por tierras de Portugal y España*, onde é patente a súa simpatía por unha Galicia de contornos femeninos e por uns galegos sempre en dificultades co mundo.

Goza Unamuno de Eça de Queiroz como a maior novelista da Península, hai simpatía na súa visión de Antero de Quental e Oliveira Martins, e fala de contemporáneos como Eugénio de Castro, Guerra Junqueiro e Teixeira de Pascoaes como de seres dos que se fai amigo porque hai vibracións que os irmandan nos seus corazóns. Dieste tivera tempo de coñecer-la carta de natureza lusitana que Teixeira outorgara no seu *Arte de ser português* á saudade como rasgo definidor do carácter nacional. Seguía ó escritor de Amarante puntualmente, e o mesmo facía co seu paisano Leonardo de Coimbra, de quen o deslumbrara a transparencia

de *A Alegria, a Dor e a Graça*, libro difícil de catalogar, raro, pero reparador como unha infusión de tisana.

Neste tempo, en Galicia o ensaio é aínda un xénero en pañais, e as incursións de Risco, sobre todo circunscritas a páxinas sobre o problema nacional non sempre en galego, non o fan acadar auténtica categoría ata 1933, cando en *Nós* publique «Nós, os inadaptados». (A eufónica «Estética da muiñeira» de Euxenio Montes ha de entenderse como unha gabela de efectos de pirotecnia verbal; preludio da *Melodía italiana* que virá logo, moi valiosa).

En 1930 estanse a revelar como poetas nas letras españolas un grupo de homes da idade de Dieste. Todos moi cucos para a súa promoción, non conseguirán sen embargo dos seniors, o trío que forman Juan Ramón Jiménez, Antonio Machado e Unamuno, que secunden a súa iniciativa de conmemoración de Góngora. E a lírica máis perdurable que se escribe naqueles anos segue sendo a dun J. R. J. que fai da poesía relixión, a soas co Deus da súa obra, a dun Machado que fai da bondade a verdade ética dos seus versos, e a dun Unamuno que fai da relixión poesía, suprema poesía, como tamén fai filosofía ou novela.

É a novela onde máis enteiros perduran os nomes vellos. Baroja, o 'home malo de Itzea', dedicado en corpo e alma a unha prosa que prescinde do artificio, do estilo incluso, para tomar como centro problemas de protagonistas varóns, e unha trama urdida con lisura e que sucede en mundos que se pode coñecer directamente non os recrea só a partir de información libresca. As súas novelas son, en definitiva, todo menos librescas, de tan humanas. Como humanos son os libros sobre libros do seu amigo Azorín, cume do bo escribir español que delongará aínda o seu maxisterio moitos anos.

Fillo das vangardas de despois da guerra europea, Ramón Gómez de la Serna, amigo de dilapidar talento a mans cheas e de andar sempre enredando, fora a única incorporación de valor a este panorama. Presentaba o españolísimo Ramón, o enxeño que pontificaba en Pombo, unha España desproblematizada pero ó tempo tan crúa alomenos como a dos prosistas anteriores, que non era a fotografía plana que pintaron logo os manuais. E lanza Ramón o invento de greguería, nacida un día de «escepticismo e cansancio», como estralo que canta o fragmentarismo do mundo.

Unha figura como a de Ramón non a atopa Dieste nas letras galegas, nas que el quizais comezaba a sentirse limitado, incompleto. Outro Ramón, este con redobre de 'Don' diante; o catedrático ourensán Ramón Otero Pedrayo empezaba a facerse amo e señor dunha pouco disputada

prosa; exercéndoa con innegables dotes naturais e un evidente desdén pola corrección, que lles dá ós seus libros un como aire de descuido, e derramando unha vasta cultura en cada escrito.

En poesía, e con Aquilino Iglesia Alvariño, que aparece agora, xorde a necesaria conexión galega co saudosismo de Pascoaes, vía Noriega Varela; un Alvariño que máis tarde derivará cara a matices latinizantes, ata chegar a posuí-lo máximo dominio formal. Bouza Brey e Cunqueiro, con notabre acerto o segundo, xogan a neotrovadorismo, e Luís Pimentel, acaso o poeta máis fondo que nunca deu Galicia, compoñía xa os seus versos secretos, durante anos nados só ó amor dun reducido grupo de amigos lugueses. Entre o café e a clínica, en admiración a Rilke e Francis Jammes, a Rosalía e a esas poucas cousas verdadeiras que diariamente suceden para tiza-lo lume da existencia, Pimentel crea a poesía de máis valor.

Tal era por estes pagos o momento, que Dieste apuraba en insaciables grolos. De viños patrios como albariños enmeigantes a un chichón de verbena, entre cheiro a fritingadas. De caldos de paladar exquisito que daban as cepas da vario poderío da pel de touro, a, para maior deleite, licores alleos como Poe —un xeito paradóxico de recrearse na sorte da sorpresa— ou Nietzsche, sen dúbida. Se Risco ou Otero fixeran, arredor de sí, unha viaxe desde o universo á raíz galega, Dieste— que en parte era fillo do que eles, con Castelao e outros, lograrán poñer en pe case desde a nada—, fai a pasaxe en dirección inversa, das miras particulares á universalidade.

Agora el recibe de Dona Olegaria unha suma de cartos. Conviñeran nai e fillo que sería «para toda a vida», e é de certa relevancia. Parte con ela Rafael á conquista de Madrid, onde, con algunhas outras subvencións maternas que lle chegaban por xiro, e axudándose con ingresos que ía conseguindo por fontes non moi seguras, como empeños diversos no Monte de Piedade, vive a bohemia da Corte, á espera da boa, que dicían os personaxes baroxiáns (8).

Dáse entón a súa ausencia física de Galicia, e prodúcese o seu achegamento á esquerda, ás ideas de esquerda que en Madrid abrazan tódo-

(8) Dieste nunca usara da fala galega para ser apoloxista da Galicia de gaita e pandeiro. Nunca se apuntou tampouco ó Partido Galeguista, porque, como noutros homes da súa idade, nel pesaba máis a dialéctica esquerda-dereita que a contradición centralismo-nacionalismo.

los seus amigos. E a súa ausencia de Galicia ocasiona a publicación en castelán da peza de teatro *Viaje y fin de Don Frontán*, que sae nun libro que Arturo Cuadrado e Luis Seoane editan en Niké, en Compostela, e que é unha afortunada reconstrucción do libro que escribira en París na nosa lingua.

A definición na esquerda é unha consecuencia lóxica da vida que levaba na capital. Con Fernández Sendón 'Fersen', compartía os asaltos da loita pola vida, o cuarto da fonda e unha máquina de escribir. Con Alberto Fernández Mezquita, Mariano Gómez, Eugenio Fernández Granel o propio Sendón, compartía ademais a tertulia en La Granja del Henar de seu irmán Eduardo unha vez proclamada a República.

Nestes anos, de cando en vez, Dieste sacaba na estación do Norte o billete máis barato para Galicia, e logo ía ver á súa nai en Rianxo, que, a miúdo, tiña para el outra suma «para toda a vida». Ata que as eleccións municipais de abril do 31 significan o fin da Monarquía. E, morto o xeneral Primo de Rivera e incapaz a Unión Monárquica Nacional de unir con éxito o que antes unira a Unión Patriótica, as forzas republicanas transforman o Comité Revolucionario presidido por Niceto Alcalá Zamora en goberno provisional.

Riadas de xente enchen o día 14 de abril as rúas de Madrid con innumerables «morras». Hai moitas persoas que, bicheiras, se acomodan á nova situación polo peteiro, e sen que o tránsito do antes ó agora sexa meditado e con esforzo intelectual. Rafael, con Fersen, vive esperanzado a xornada, e para apaga-los berros resentidos e como para espanta-lo mal farío do chaqueteirismo, sae á rúa portando un gran retrato de Unamuno —por entón, tralo exilio en París e Hendaya, case o símbolo dunha República da que axiña vai ser sonado o seu distanciamento— e profesando únicamente os vivas que un réxime que declara a España 'República de traballadores de tódalas clases' merece.

Ó pouco, Dieste, con Arturo Souto, firma o manifesto «A la opinión y los poderes públicos», que publica *La Tierra* de Madrid e lanza a Agrupación Gremial de Artistas Plásticos, a favor da nova legalidade. Os meses que seguen deparan a vinda a Madrid de Eduardo Dieste, como Cónsul do Uruguai. Os irmáns reunen daquela a diario, en torno a sí, unha tertulia. É sempre a partir das dez da noite, e no café da rúa de Alcalá La Granja del Henar, onde preto da entrada pontifica Valle Inclán. Eles recóllense nun recuncho do fondo, a carón do patio, e, arredor doutras mesas, xúntanse outros grupos, todos de signo liberal, mentres o fume quenta a atmósfera.

Máis como a peña de Ramón na botillería de Pombo, de talante par-

ticipativo e divertida, que como a do mesmo Valle, na que apenas éste podía meter 'cucharada', a tertulia dos Dieste respondía á teoría ramoniana: «*La única asociación verdaderamente libre, igualitaria y limpia de dogmatismo y oligarquía; la institución más independiente; los modernos senado-consultos, donde se reúnen los españoles en secciones sin presidencia ni objeto; donde viven una vida larga y suya; donde se sienta la ciudad dejándose tratar más directamente y donde además dan café: un elixir enjundioso de fórmula secreta*».

Nun tempo en que se elevaba á categoría de arte o *dolce far niente*, con 'Fersen', Granell, Alberto Fernández e Mariano Gómez, e ás veces cos deputados galegos —que acudían tamén á tertulia de Valle— ou con ocasionais residentes na cidade, como Laxeiro ou outros, mantiñan os Dieste unhas conversas nas que se podía comezar con temas políticos do día, comentados por todos, para logo acabar falando de Nietzsche, O'Neill, Tomás Hardy e, algo, do *Ulises* de James Joyce, lecturas das predilectas de Eduardo e Rafael.

Pola conversa política, os contertulios atopaban no café a Academia, o Foro, o despacho da súa Presidencia, que dixera Ramón: «*El antro central en que sentarnos en medio de la vida pública, sin ser envueltos en su crimen y en sus inversiones*». Pola discusión literaria, levando os Dieste a voz cantante, os contertulios revelábanse como dos poucos introdutores do valioso de fóra no noso país.

Da política do café, os máis mozos, Granell e Alberto Fernández, pasaban á militancia activa no POUM. Desde a contemporaneidade literaria alí revelada, todos se reclamaban do tipo de escrita que en Nietzsche se definía como 'dionisiaca', polo menos en intencións. E xordían disputas entre Rafael Dieste, decantado polo moderno en literatura, pero demasiado 'apolíneo' en arte para Granell, e un Granell, daquela estudante de violino no conservatorio, que quería ir ó máis alá en arte, surrealista sen sabelo.

Nin un nin o outro Dieste pedían nunca o recado de escribir para parir literatura sobre o mármore das mesas do café. E o diplomático, instalado nun apartamento da Casa das Flores, na rúa de Hilarión Eslava, onde tiña por veciños a Emilio González López e a Dámaso Alonso (logo, tamén a Pablo Neruda), axudaba agora a Rafael a ir tirando. Así, o irmán pequeno comía habitualmente na súa casa. E por elo, de sobremesa, mantiñan unha primeira tertulia no baixo do edificio, no Café das Flores. A onde acudían o pintor Cándido González Mazas, que tiña estudio na rúa Lope de Vega, e Santiago Montero Díaz, que aínda non iniciara a viaxe que o levaría do comunismo ó nazismo.

Eduardo, polas tardes, recibía ocasionalmente na casa, onde a súa filla Mireya, tocaba o piano, acompañada moitas veces por Granell ó violino. Interpretaban a dúo zarzandas de Bach, o músico preferido dos presentes, e o interese do violinista pola rapaza, que Arturo Souto plasma en toda a súa fermosura nun solto pastel que a recolle de perfil, é patente. (Logo Eduardo irase de cónsul a Cádiz, e a filla casará con Antonio Baltar, a quen coñecera nun veraneo en Rianxo que derivara a noivado).

Era o Madrid no que ás sete da tarde, segundo D'Ors, ou das ou danche unha conferencia, e Rafael era un asiduo asistente ós actos que organizaba o Ateneo, convertido na fábrica da clase política republicana. Pero non acudía Dieste á tertulia da cacharrería —que contaba coa presenza de Unamuno cando estaba na cidade— nin á biblioteca, senón só a conferencias ou presentacións de libros.

Un libro, en 1933, vai reunir na arca grande dos seus papeis pallizos ó grupo todo. É o *Buscón poeta y su teatro* de Eduardo Dieste, que, impreso por Juan Pueyo (9), sae profusamente ilustrado por Souto, entón con estudio na rúa Velázquez. Misceláneo mensaxe de botella que o autor lanza *al ruedo* (con traducións de sonetos de Shakespeare, unha restrá de pezas de teatro e novelarías dun percorrido polo mundo) o *Buscón* vai dedicado a Mireya, e inclúe, presentándoo, senllos poemas de Rafael e Mariano Gómez.

A edición, que lle saía do peto ó autor, tivo un proceso coral moi simpático. Alberto Fernández, que traballaba na Unión Ferroviaria, fora o encargado de buscar impresor e corría coas xestións de imprenta. Ademais, na súa casa había unha reunións nas que Granell lía en alto as probas do libro, para que os dous Dieste foran anotando observacións ó texto, que logo discutían. Era a novela da novela.

Neste tempo, o tímido Rafael sentía un sí é non é de atracción polas mulleres, que o facía gustar dos seus rostros bonitos ó tempo que o arredaba de ir tras elas, se eran señoritas apetecibles, posibles noivas. O impráctico Rafael non tiña ningún amor —quizais por medo ó fracaso se poñía os ollos nalgún e non era correspondido, máis probablemente porque aínda non dera coa muller da súa vida e non quería perderse en prolegómenos vanais.

(9) Fora o editor de *Soledades. Galerías. Otros poemas* de Machado, en 1907, e tiña a minerva na rúa Mesonero Romanos.

VODA DO MISIONEIRO DA CULTURA, E VIAXE EUROPEA DOS BECARIOS

Avanzado o ano de 1932, de andanza por Madrid, Rafael Dieste vai dar ante Pedro Salinas, naquel tempo director da sección de Literatura Contemporánea da Xunta para Ampliación de Estudos. Estaba moi interesado no estudio das tradicións vivas e das maneiras da fala coloquial, e así llo fai saber, solicitándolle unha beca para realizar viaxes polo exterior de España. Salinas escoita a súa petición con simpatía, pero dille que non existe tal cousa, que as becas só se conceden para estudos no estranxeiro. Pono, en cambio, tras unha pista máis certa: a das Misións Pedagóxicas. El mesmo, como vocal que era da Comisión Central do Patronato de Misións facilítalle o preceptivo contacto co presidente, Manuel Bartolomé Cossío, quen, invariablemente, conversaba con tódolos aspirantes a misioneiros.

Na entrevista con Cossío non lle habería de resultar difícil facerlle ver o seu interese sincero, e vello, por sumarse a un labor como o das misións. Abonda con que lembre, e lla expoña, a proposta que, adiantándose á súa época, tiña formulado con sana inxenuidade cinco anos antes. Cando, na súa etapa de xornalista e logo de vir de traballar con Otero Espasandín nun colexio de Ribeira, tiña dito ós lectores estudantes de *El Pueblo Gallego* (1), sabedor de que elo era desexable e moi factible, o que segue:

«É polo vran ou polo outono. Os estudantes andan espallados polo campo galego. Hainos de cenzas e letras. Cada un ten a súa vocación e máis autoridade que os demais nunha disciplina ou nun punto dela. Os estudantes dinlle á xente do monte e da veiramar, baixo ise ceo tan ledo da Galiza estival, o que aprenderon alá na cidade universitaria polo inverno. Pouco a pouco vanse decatando, tamén, dos problemas do ámpito galego e cando o ceo se pecha de novo, levan ises problemas á Universidade para dar asisadas respostas no ano seguinte. Cada un fala do seu.

(1) No artigo «Primeiro discurso aos estudantes», recollido en *Antre a terra e o ceo* (Edicións do Castro, Sada, 1979).

Uns falarán de sanidade, outros de labranza, outros de cooperativismo, outros dos costumes e leis de moitos países.

«O campo recibirá as verbas estudiantís e mozas como unha choiva dourada polo sol. A cultura universitaria, en troques, irá tendo raizame nunha terra concreta e verdadeira. E iso, lonxe de perxudicar o seu universalismo, daralle datos de carne e espírito en que apoialo. ¿Ou coidades qu se pode investigar nun ámpito valdeiro, sen problemas, nin datos, nin amor?

«Ide, amigos, ao campo alá polo vran e polo outono, cando o ceo de Galiza é tan estimulante e ledó. Ide. Xa podeades, agora, dacordo cos profesores menos vellouqueiros, irdes preparando o que habedes de dicir alá terra adentro e na veiramar. ¿Non vedes xa a surrisa atenta dos artesáns, dos labradores e dos mariñeiros a escoitar? Ide alá».

Con trinta e tres anos cumpridos daquela, os méritos de Dieste non eran poucos. Tiña publicado, en libro, a escolla de contos *Dos arquivos do trasno* e as pezas teatrais *A fiestra valdeira* e *Viaje y fin de Don Frontán*, amén dun gran número de columnas de prensa. Como ademáis, polo seu carácter, chega a un punto de maravillosa camaradería cos seus interlocutores, como non podía deixar de ser, de inmediato é aceptado por Cossío, que lle indica a posibilidade de que organice o guiñol que o Patronato tiña pensado poñer en marcha. Participará Dieste por primeira vez nunha misión, en Zaldueño (Álava), con María Zambrano e Antonio Sánchez Barbudo como compañeiros (xaneiro 1933).

A República fixera posible que algunhas das propostas máis sensatas que, desde antigo, as tendencias intelectuais e as individualidades de peso viñeran lanzando en baldío, puideran coallar por fin, ó seren miradas sen desconfianza. Tal sucede con empresas longo tempo acariñadas por homes formados nas ideas do rexeneracionismo de 'escola e despenza' de Joaquín Costa, na Institución Libre de Enseñanza dos krausistas españois. Ambiciosas ilusións que se fan realidade co acceso ós cargos rectores da vida do país de correligionarios de quen as viñeran proponendo.

O clima intelectual do momento estaba nun cruce de camiños que nacían no krausismo (introducido en 1840 polo galego Ramón de la Sagra para ser bandeira logo de Julián Sanz del Río), pasaban polos institucionalistas de Francisco Giner, seguían pola Xunta para Ampliación de Estudios presidida por Ramón y Cajal, e chegaban á Residencia de Estudiantes de Jiménez Fraud, onde neste tempo se hospedaba, cando viña á

capital, Unamuno; o pensador predilecto de Dieste, que apreciaba nel unha bendita «loucura» que o cerebral Ortega desbotaba.

Así, en maio de 1931, o Ministerio de Instrucción Pública, con Marcelino Domingo, ó frente, publica o decreto de creación de Misións Pedagóxicas. Segundo a letra do mesmo, queríase levar ás xentes do campo o alento do progreso, e medios para participar del, xunto con estímulos morais e exemplos do avance universal. Cando Domingo Barnés, como subsecretario, lle ofrece a Cossío a presidencia do Patronato, e éste, concordando coa orientación e dirección da obra, a acepta, os pasos para facer desa letra a filosofía do empeño e desta unha fermosa realidade estaban dados.

Todo o que Cossío pregoara durante anos fructificaba naquela empresa, e desde o momento mesmo en que asume a súa dirección destinará o seu tempo a elaboralo doctrinario da mesma, dedicándolle os seus desvelos, cuidando cada detalle. As Misións Pedagóxicas supoñían a cristalización das arelas que o acompañaban desde había décadas. Críanse, que deixaban de ser soños.

Pero ademáis, como antano Giner, e naquel instante o propio Cossío, tamén o resto dos colaboradores da obra sentían a necesidade de axudar a resolverlo problema do illamento que vivía o mundo rural. Luis Álvarez Santullano, que fora director de bacharelato do Instituto Escola é o secretario do Patronato. Os poetas Antonio Machado e Pedro Salinas, o músico Oscar Esplá, e outros once homes e mulleres expertos forman, como vocais, a Comisión Central.

Trátase de poñer en marcha, valéndose dun sistema non profesional pero moi pensado, e libre, unha educación difusa, onde a forma debe moito á xogralía e onde a primeira intención é lúdica. Participando en cada misión, para facela levadeira, os tres componentes característicos: o misionero propiamente dito, asesorado se cadra polo inspector de ensino da zona visitada ou por un profesor normalista; o misionero estudante; e os mestres de escola, que introducen ó grupo na aldea.

Unha vez decidida unha ruta, ía polas vilas a misión nunha camioneta. Vehículo que transportaba ós profesores e profesoras, a parte de, entre máis cousas, caixóns de libros, gramófonos, trebellos do cinema e a parafernalia do teatro, que era elemental e funxible, de doada montaxe e sobria de fondos e figuríns. Para informar da presenza da cuadrilla utilizábase un altavoz que daba a coñece-lo programa, alternando con músicas.

A situación da xente do campo nas zonas máis deprimidas daquela España era de extrema pobreza. En Puebla de la Mujer Muerta (Madrid)

nunca viran un automóbil. Ás veces, para chegar a un sitio habían de servirse de mulas. Cando a comarca carecía de fluído eléctrico, levaban acumuladores para poder face-las proxeccións cinematográficas. Enrolarse nas misións supoñía unha certa afición á épica e ós esforzos duros.

Ó tempo que vai dando estes pasos con Misións por españolas terras, en Rafael Dieste van nacemento, dun tirón, os poemas de *Rojos farol amante*. Un so impulso anima o libro, anque se manifeste en corenta e tres composicións distintas (2). Moitas, compoñendo todas unha imaxe espiritual do seu autor, recollen un fondo que pertence á nenez, coa casa de Rianxo na lembranza, e a nai, vistas en peripecias dicibles, felices. En moitas, nos seus versos, operan cousas, das andarengas e das de toda circunstancia, que son de Misións. Burgos, no soneto «Después de nieve doctora», a Vasconia alavesa en «Montaña», e Bilbao en «Hemos ido a ver el mar» —que naceu cando quixo mostrarlle a María Zambrano as mareas bravas do Norde, e o mar lles volvía as costas...— Latexa con forza, en tódolos poemas, un corazón proclive a interiores aventuras, a meditacións que eses anos acompañan os andares do home.

O libro, para que saia do prelo na corta tirada entón corrente, e nas súas case cen páxinas, en octavo, é costeadado por Eduardo Dieste (3), quen se ofrece a facelo nada máis lelo; sen que o autor puidera pospoñer-la autorización para intentar buscar editor pola súa conta. De novo recurren ós prelos de Juan Pueyo, de onde o libro sae moi fino.

Con *Rojos farol amante* baixo o brazo, a persoa sensible e máis ben retraída que Dieste é cos descoñecidos, non se ocupa do éxito, nin da fama, nin de abrirse máis camiño que o que leva coas misións. Cando un amigo di cousas como: «A ti o que che interesa é que Gerardo Diego inclua algún poema teu na súa antoloxía», el nin sequera responde. Non vai ser fácil velo rendindo visitas a ningún mestre, e se unha vez fala con Unamuno é porque éste, ó cal albisca e aborda en compañía de 'Fersen' pola rúa de Alcalá, accede gustoso a entrar con eles en La Granja del Hénar.

«Teríamos moito gusto en falar con vostede», dixéranlle. E alí fixeron logo tertulia, ás súas anchas o mestre falador e interesados eles no diálogo. Fora deste trato, a penas hai que salientar varias visitas a Valle In-

clán, todas en Galicia, agás unha, en Madrid e co seu irmán Eduardo, outra a Díez Canedo e outra, non visita, senón coincidencia, con Pérez de Ayala, nun café. Pouco interesado, nada comenenciado, Rafael non se preocupará, nin agora con éste nin nunca cos outros libros que virán, de *abrirse calle*.

De agosto a decembro de 1933 unha delongada misión percorre Galicia. Van o propio Dieste, como xefe de equipo, e Ramón Gaya, Sánchez Barbudo, Otero Espasandín, Arturo Serrano Plaja, Cándido Fernández Mazas e Antonio Ramos Varela. Traban amizade cos máis novos das poboacións visitadas. En Lugo, con Ánxel Fole, Ramón Piñeiro e Lorenzo Varela.

Camiñan e fan parada e fonda en, nin máis nin menos, que vinteno-ve lugares (4). E, de paso por Compostela, Dieste e Sánchez Barbudo aínda teñen folgos para firmar, a fins de outubro, o acordo que supón a organización dun comité de Misións para Galicia. Mesmo Valdelomar filma unha película sobre a cidade, con guiión diesteán, que logo se perdería, como tódalas demáis desta etapa.

Se se repasa todo o que fan é difícil pensar que lles coubera facer algo máis. O servizo de bibliotecas supón que se deixe en cada escola un lote de libros, con lecturas para adultos do tenor de Cervantes, Valera, Dickens, Bécquer, Machado ou Juan Ramón Jiménez, e con lecturas para os pícaros como Perrault, Grimm, Andersen, Verne ou Kipling. Reciben as bibliotecas, a parte das escolas, numerosos preventorios infantís, barcos, Fogares do Soldado, torreiros de faro, Casas do Pobo e outras asociacións non oficiais. Repárese no que significa que, durante dous anos, as bibliotecas teñan, en toda España, preto do medio millón de lectores e máis de dous millóns de lecturas.

Non menos é o que fai o servizo de música, deixando gramófonos e discos nas vilas visitadas, ou o teatro que dirixe Alejandro Casona. E moito tamén é o que o Museo do Pobo logra, acercando, en copias de Gaya, Juan Bonafé e Eduardo Vicente as grandes obras da arte universal ás aldeas perdidas. Os cadros expoñíanse en salas das cabeceiras de partido con música de fondo, ó tempo que os encargados animaban a mostra

(2) Engadiría Dieste seis poemas máis na segunda edición do libro (Colección Dorna, Bos Aires, 1940) que serán mantidos na terceira (Hiperión, Madrid, 1983).

(3) Coñecerán o mecenazgo de Eduardo outros autores, nos que non había o nó fraternal que o unía a Rafael. Pasado un ano, por exemplo, vai correr cos gastos de edición do libro *El sol por otros cielos*, de Mariano Gómez.

(4) (Xinzo de Limia, Allariz, Carballiño, Maside, Lalín, Silleda, A Estrada, Rianxo, Boiro, Noia, Outes, Muros, Serres, O Pindo, Corcubión, Céc, Fisterra, Carballo, Malpica, Betanzos, Vilalba, Ribadeo, Fonsagrada, Baralla, Becerreá, A Mezquita, Queiruga e o Barco de Valdeorras).

con explicacións sinxelas e conferencias públicas, regalando centos de fotografías de obras, enmarcadas, e milleiros de menor tamaño, sen enmarcar.

Con Ramón Gaya, o director, explicaban este museo Sánchez Barbu-do, Luis Cernuda e o propio Dieste, moi ducho en cousas de arte desde un vello interese, e próximo a dar no libro do seu irmán Eduardo *Introducción a una lógica del arte* un ensaio titulado «Expresionismo» que é corrección dun aparecido anteriormente na publicación madrileña *Hoja literaria*, baixo o epígrafe de «Pintura ensimismada y fuera de sí».

Sen embargo, o rianxeiro encargábase especialmente da dirección do Retábulo de Fantoques, ó que el surtía de farsas. Coa colaboración de Gaya, Fernández Mazas, Miguel Prieto e Urbano Lugrís, o guiñol acadaba no público un impacto moi directo. Sobre todo cando, co tempo, todos vexan confirmada-las orientacións de Dieste, partidario de ofrecer ás xentes obras de intrigas moi de vía recta e cunha linguaxe sinxela e animada.

Fora na peregrinaxe galega do 33 cando, en Malpica, e por simpatía para cos seus habitantes, o guiñol botara a andar. Para construí-los títeres apelábase ás madeiras máis fáciles de tallar, e como se carecía de pintura, para montalo decorado recortáranse e pegáranse papeis de cores. Se quedaba algunha dúbida con respecto a un certo envaramento dos misioneiros, o guiñol coa súa *llaneza* servía para a disipar.

Na Fonsagrada, en días de néboa e venteseio, construíuse outro guiñol. Anque, a falta de madeira, fariáanse os bonecos con pasta de papel, xeso e cola; técnica máis rápida, pero que precisaba un tempo para o secado. Como non había sol e tíñase que continua-la viaxe, as testas dos títeres foran metidas a secar nun forno, do cal saíron con algunha eiva. Ante aquel espectáculo de fantoches, os labregos facían como rexoubas a ánimas do Purgatorio, e alí, xunto ó fogón dunha cociña aldeana, que era á vez taberna, os bonecos gozaban xa dunha vida teatral inmediata.

O concepto de representación dramática do director e mailo de quen o axudaban co retábulo era dabondo distinto ó que por entón prevalecía. Non buscaba a sedución das cores enteiras e vistosamente contrastadas. Así, seguindo unha testemuña de Dieste (5), para a escenificación do romance «La doncella guerrera», el e Gaya, percorreran tendas e tendas de tecidos buscando os retais xustos para aplicar a esa farsina. Os seus adxectivos, ó califica-lo retal e maila súa función eran, por exemplo, heráldico, picaresco, heróico, caseiro, notarial, preciosista, máxico...

(5) Recollida en *Las Misiones Pedagógicas: una experiencia de educación popular*, de Eugenio Otero Urtaza (Edicións do Castro, Sada, 1982).

Logo, para que a escea tivese unidade material, na tela do fondo compúxose con engadidos un campo ondulado de margaridas, nubes e árbores. E no instante en que o fillo d-el rei está a piques de descubri-la verdadeira identidade da doncela, ésta fuxe a cabalo. Tras ela corre o príncipe. A carreira quedará suxerida polo movemento inverso da cortina do fondo, e das flores, as árbores e as nubes. (Antes de poñerse a este traballo, Rafael dixera a Cossío que lle pracería face-la escenificación dun romance. Conviñeron en que o máis axeitado era «La doncella guerrera». E unha vez rematada a versión, Rafael levoullo ó director de Misiones. Ó día seguinte Cossío chamou por teléfono ó rianxeiro, para dicirlle que non sabía cales eran os versos do romance e cales os por el escritos para mellor goberno da teatralidade).

Dieste mesmo, a parte de ter que ver coa construción do estaribel e co manexo dos cristobos, escribe as pezas do guiñol. Algunhas, vanse transformando en comedias maiores, como a que dá título ó libro *Quebranto de Doña Luparia y otras farsas*, que, en 1934, sae en J. M. Yagües Editor, incluído «Duelo de máscaras», «Curiosa muerte burlada» e «La amazona y los excéntricos». E, sen recollelas en volume ata 1981, escribe tamén por este tempo as pezas «Farsa infantil de la fiera risueña» e a propia «La doncella guerrera», así como «El falso faquir», que, sen a súa segunda parte, «El empresario pierde la cabeza», será estreada en plena guerra no Teatro Español de Madrid pola compañía «La Tarumba» de Miguel Prieto, que é seu colaborador, e Rafael Alberti. Outra das pezas deste tempo, «El gato de Siloc», é estreada agora tamén en Madrid, no Teatro Outubro, xuntamente cunha obra de Alberti, moi simple e farsesca, pero de teatro, titulada «El espantapájaros».

Moitas veces volverá Dieste a esta produción no futuro. En 1945, en Bos Aires, para incluír «Quebranto de Doña Luparia», xa co título de «Perdición de Doña Luparia», e «Duelo de máscaras» no libro *Viaje, duelo y perdición*, que inclúe o «Viaje y fin de Don Frontán». En 1981, para acoller nos tomos *Teatro, I* e *Teatro, II*, as pezas restantes, xunto ás obras da guerra.

«Curiosa muerte burlada» xira en torno ó rancio lugar común do vello e a nena, recreado por Moratín, e entreverado en Dieste con ecos do curioso impertinente cervantino. Un vello desconfiado quere a certeza absoluta do amor dunha moza, someténdoa a probas que a vida que palpita no corazón dela non pode superar. Non quería que o amase polos cartos, e ó final quedase sen o amor e sen alento para disfruta-la súa fortuna.

«La amazona y los excéntricos», á que Dieste, pasado-los anos, cha-

mará «El circo embrujado», é unha sorte de comedieta de circo onde os trucos e os ilusionismos se suceden *ad maiorem gloriam* da ruada. Casilda, pretendida por Flor e Cándido, obrígaos a que compitan polos seus favores. Haberían de escoller entre dous cofres o que a garde a ela. O outro terá dentro un fero león. Cofres sen fondo —acaso como o amor que se busca— media *troupe* esfumarase dentro das súas madeiras.

A farsa infantil de «La fiera risueña» obedece a outras intencións. Estamos agora ante un conto de nenos, co gran monstro que hai que matar, e con recompensa de moito aquel, establecida polo concello de terras asoladas polo ogro comilón para o valente que lle arrinque o derradeiro rospiro. Colorín, colorado, o pano cae nunha voda tralo triunfo da amizade e o escarmento dos Pepiños comenencias.

A peza «El falso faquir», que se montará no Español a beneficio das guarderías infantís (6), é un gracioso relatorio de prodixios, a partir do desexo do empresario dun circo de algo brillante. Dous amigos representan ante el a maravilla: un quita ó outro a cabeza. Un guarda porfia en levar prendidos ós espabilados, e, para evitalo, o empresario paga unha forte suma. En realidade, a cabeza era de quita e pon, e o axente estaba compinchado cos outros. A peza remata co empresario, ó decatarse do timo, que repite: «Perdo a cabeza, perdo a cabeza». E en 1981, cando o autor volve sobre ela unha vez máis, terá unha continuación que leva por título o de «El empresario pierde la cabeza», que insiste no que a precede, para abocarse a un fin coral.

Como 'farsa impolítica en seis episodios' foi definida por Dieste a obra «El gato de Siloc», que, no 81, máis consistente tras unha revisión, pasará a chamarse «Simbiosis». Nesta peza xogan actitudes de arquetipo ante un golpe de sorte que trae a fortuna a un décimo de lotería premiado co gordo. O comprador do boleto, un usureiro, prometera a un mendigo axuda se lle tocaba, axuda que lle nega ó confirmarse a sorte. Hai logo un acordo do vendedor, o xuíz e o pobre para quedarse co décimo. En todos roe a conciencia, pero todos se acomodan, agás un personaxe, o único que profesa a autenticidade como modelo de conducta, que se rebela contra o complot avariciosamente urdido por el mesmo, cando unha das premisas era distinta —a morte do usureiro, que non fora tal—. Para o espírito auténtico, as cousas rematan ben.

(6) En 1937 será tamén emitida polo 'Altavoz del Frente', en Valencia.

En 1934, por primavera, Dieste está en Madrid. Luis Torres Pintueles cubre os modestos dispendios que se fan necesarios para dotar de material a un grupo de teatro que forman Lorenzo Varela, Arturo Souto, Dieste e Granell, con outros, e cédelles como local de ensaios, unha espaciosa sala do edificio onde el vivía, un torreón do que o grupo tomará o nome. Os avatares da vida fan que a compañía non chegue a estreir sequer, anque sí chegaran a ter moi ensaiado un dos seis dramas de mar de O'Neill, *Donde marca la Cruz*, en tradución de Eduardo Dieste.

Rafael era o director e debía polo tanto desasnar ós improvisados cómicos. Mesmo con Granell non tivo moito éxito. «Lémbtrate que estás a navegar en alta mar», dicíalle para ambientalo. «Séntaste nesas caixas e poste a tallar nese ídolo», dicíalle. Granell facía o que podía, e a Rafael non acababa de prouguerlle: «¡Home, Granell! Tes que sentarte como un mariñeiro», explicaba o director, sentándose el e perorando: «¡A ver, outra vez! Pensa que os mariñeiros non se sentan en poltronas, como fan os señores no casino».

Un día desa primavera de 1934, en Cáceres reúnese o claustro da Inspección do Ensino. O inspector xefe, Juvenal de Vega, informa que nunha visita súa a Madrid tiña solicitado un equipo de misioneiros para a provincia, petición que o Patronato decidira atender. E comunica que en breve prazo chegará unha misión para permanecer alí entre tres e catro semanas seguindo o itinerario proposto. Di Juvenal de Vega: «Eu vou a acompañalos», e demanda a súa colaboración, «necesito a outro de vostedes». Unha xove inspectora, Carmen Muñoz Manzano, espera, por deferenza, a que os máis veteranos digan algo e, en vista de que non se animan, preséntase ela. Xa antes de ir de inspectora a Cáceres estivera na súa intención incorporarse ás misións, pero por obrigas de opositora non o puidera facer. Aquela era, pois, a súa oportunidade.

O mesmo día que o equipo chegaba de Madrid xa tiñan sesión. Foi en Valencia de Alcántara. Os inspectores veñen pola hora do tren, algo despois de que os misioneiros empezaran, e entran no local, o teatro da vila, cando Urbano Lugrís saía a escea a ler un romance. Lugrís era moi alto, con lentes de grosa cuncha. A vila era das grandes, que son nas que máis traballos lles costa introducir ás xentes nos móbiles das misións. A unha parte do público, mozos que se crían con superior nivel, o recitador failles rir. E alguén do equipo, para evitar que as cousas foran a maiores, chámao entre bastidores. El retírase.

Fica baleiro o esceario. Hai un silencio expectante. Entón xorde un home lizgairo, delgado, vestido con traxe azul mariño. Non rompe a falar de inmediato. Primeiro faise cargo do ambiente, e unha vez que a

súa presenza impuxo respecto, fala. Unha lería sinxela, elemental e fraterna. Non botaba en cara a ninguén que se portara mal. Cordialmente, en ton fraterno explica que o propósito do Estado coas Misións era poñer en comunicación ás xentes da cidade coas do campo. Os misioneiros non ían alí a ensinar, senón tamén a aprender. Sinala que a entrada é gratuita e libre, e que quen considere que aquilo non lle dirá nada é mellor que se ausente, deixando ó resto que disfrute en paz do que boamente se lle ofrezca.

Non se continuou co romance. En adiante, o ritmo sería xa perfecto. Ó final, hai unha comedieta de guiñol, que culmina coa transformación do público entregado. E unha vez concluído todo, atravesando un corredor e unha ringleira cuns títeres pousados sobre unha mesiña baixa e outros medio pendurados dun entramado, os inspectores van saudar ó equipo, principalmente para felicitar ó misioneiro que obrara con tanta oportunidade, Rafael Dieste. Dalí van cear. A inspectora Carmen Muñoz, atoparase na cea, por vez primeira, a carón de Rafael. A partir de entón xa sempre se atoparía, cabo del. Na mesa, no traballo. E, moi deseguida, na vida.

Como aquela misión levaba o museo, houbo de dividirse en dúas. Juvenal de Vega vai cos do museo ás vilas máis importantes. Carmen irá con Rafael e Lugrís, co retábulo, ás pequenas aldeas. Son quince días de errancia por distintos lugares, que inclúen a intervención de Dieste nunha semana pedagóxica en Don Benito. Cando deixan Extremadura, Rafael prolongará o amor alí nacido con cartas que escribe á noiva que deixa.

Dous ou tres meses máis tarde vai a Cáceres moi decidido a falar coa nai de Carmen. Pídelle, co ceremonial que daquela se adoitaba, a man da filla. E explícalle que para outubro estaba pensionado para viaxar por Europa, e que, desde que coñecera a Carmen, sabe que non o podería facer so.

Carmen está matriculada na Universidade Internacional Menéndez y Pelayo de Santander —que aquel verán rexía Pedro Salinas— e Rafael acércase a vela desde a provincia de Burgos, onde está cunha misión. O día 3 de setembro, na capital de Cantabria, contraen matrimonio. Decidirán facelo así porque, a causa dunha grave e longa febre de Malta que está padecendo o irmán maior da noiva, non era momento de plantear unha voda en Cáceres. A irmá menor de Carmen e o seu tío paterno asistirán ás nupcias en representación familiar.

Seguidamente van uns días a Extremadura, e logo a Rianxo. Carmen queda moi impresionada por Dona Olegaria, a casa familiar e o ambiente xeral da vila e de Galicia naquel apacible e dourado final do verán. A últimos de setembro emprenden a súa viaxe ó extranxeiro. Rafael vai como pensionado, disfrutando dunha beca concedida pola Xunta para Ampliación de Estudios —a mesma institución que, en 1921, outorgara a Castelao unha bolsa que lle permitira segui-la arte encrucillada daquel tempo— para estudar teatro en Francia e Bélxica. Carmen obtén á súa vez a «consideración de pensionada» como inspectora de primeiro ensino.

A parella carga as malas de ilusión. En Madrid van a despedilos á estación do Norde Eduardo Dieste e Alberto Fernández, e toman o tren no que han de salva-los Pirineos. A etapa que abre é Bélxica. Diríxense primeiramente a Bruselas, onde frecuentan por consello de Salinas o *Théâtre des Arts*, que renova a miúdo o seu repertorio.

Alí están por espacio de dous meses durante os cales, asistindo ás representacións que durante unha semana dá a compañía de Teatro da Arte de Moscú, teñen ocasión de ver en escea a práctica do sistema Stanislavski. Estudian tamén cuestións relativas a marionetas e máscaras, como máis tarde farán en Francia. As de Bruselas, moi «alfeñiques», parécenlle a Rafael detestables. As rexas marionetas do porto de Amberes, do tipo escandinavo, gustaranlle en cambio.

Desde Bruselas envían colaboracións para a revista P. A. N. (7), que sae en Madrid dirixida por Otero Espasandín. Para o primeiro número, aparecido en xaneiro de 1935, dera Rafael unha crítica, escrita antes de partir, sobre *Buscón poeta y su teatro* de Eduardo, que firmara co pseudónimo Gerineldos Delamar. Agora continúan a relación, xa Rafael, xa Carmen. El manda unha carta solicitando para Valle Inclán o Premio Nobel.

En Bruselas, os dous primeiros meses, toman un pequeno apartamento. Fan, moi formais, o seu presuposto para unha vida ordeada, que destina, a petición de Rafael, unha gran parte para libros e cafés. Pero non teñen tempo de estar na casa: grandes paseos pola cidade, museos, librerías, bibliotecas, conversas no confort das terrazas acristaladas e aquecidas dos bos Cafés. Non hai vagar para face-la compra, para quedarse a cociñar. O presuposto desnívelase, e só os fins de mes hai unha obrigada atención á boa orde.

(7) Esas siglas, como se desvelará pasado o tempo, significan Poetas Andantes e Navagantes (PAN).

Carmen ten contado algunha vez risoña que Rafael, que era moi delgado, comía pouquísimo, costumado á bohemia. Pero ela, que viña dos costumes dunha boa filla de familia, estaba afeita a máis sustento. Coa agravante, ademáis, de que deslumbrada pola personalidade del, tiña medo a que a crese pouco espiritual se, en vez dun diminuto filete, o pedía máis grande. Esto fíxo a pasar bastante fame, ata un día que ó cae-la tarde, e despois dunha longa camiñata, paseaban por diante dun posto *callejero* no que vendían uns bocadinhos moi apetitosos que incluían unha *saucisse viennoise bien chaude*. Carmen detívose, armouse de valor e procurou dicir con naturalidade: «Eu quero un bocadinho deses».

Rafael mirouna asombrado, en medio dunha frase —estaba comentando un poema de Hölderlin—, pero achegáronse a merca-lo bocadinho. Entón debeu darse de conta que el tamén tiña fame e comprou outro para sí. Ambos a dous devoráronos moi compracidos. E logo, ó chegar a casa, Carmen fixo a contrarrevolución: dixo que estaba pasando fame e que había que modifica-la inversión do diñeiro; dedicando máis ó sustento ou, se eso non era posible, facendo un pouco máis de vida caseira...

O terceiro mes belga pásano en Amberes. Cando alí chegan, segundo uns apuntes tomados por Rafael anos máis tarde, buscan un hoteliño que estea preto do porto e desde cuí as altas xanelas podan verse os negros vaporinos que cruzan o río empenechados de fume e as gaivotas sobre o ceo gris. Porque narran un episodio que pasará ás páxinas do Félix Muriel, imos seguir, literalmente, o relato deses papeis: «É ó atardecer (8). Indo cara ó porto, atravesámo-la praciña da catedral, que naquel momento fai sona-los carillóns. Nalgunha esquina loce unha lámpada votiva ó pe dunha virxenciña.

«O porto —grandes paredóns negros, luces vermellas, asubíos dun tren desesperado—. Achamos por fin o hoteliño que semella cumpri-lo noso desexo. Está sobre un adro ó que hai que subir por unhas escaleiriñas. É unha casa estreita e alta. Subimo-las escaleiriñas do adro e empurramo-la porta vidreira, que dá paso a un cafetín deserto. Ninguén sae a recibirnos, pero unha voz amable repite con cortés insistencia:

«—*Passez, messieurs et dames. Passez, messieurs et dames.*

Avanzamos, pero a voz coa súa insistencia desorientáanos.

«—*Passez, messieurs et dames.*

«¿Ata ónde?»

«Pero cando é maior a nosa perplexidade, aparece un homiño enloitado con aire melancólico, ó cal sen dúbida non pertence a voz pois era de señora, e informado do noso desexo contesta inclinándose e abrindo os brazos.

«—Síntoo moito, pero desde que ela morreu, quero dici-la miña esposa, non admito hóspedes.

«Volveu a sona-la voz: *Passez, messieurs et dames*, e entón xa percibemos inequivocamente que era a dun loro. Cunha rápida mirada en torno puidemos descubri-lo antes de marchar, como de refilón no fondo dun espello.

«Algúns anos despois», prosegue Dieste, «volvemos a Amberes. E acometeunos un extraño desexo de repeti-la experiencia: empurra-la porta de cristais, entrar no cafetín deserto e oi-la voz embalsamada da extinta raiña do hoteliño. Repetímo-lo noso itinerario. Non hai ninguén, ou polo menos non descubrimos a ninguén no primeiro momento. Pero tampouco se escoita voz algunha. Por fin, detrás dun pupitre, avellecido e esbrancuxado, descubrimos ó dono, tan absorto que non alza a testa, e non lonxe del, inmóbil na súa alcándara, ó loro disecado. Sen despega-los beizos contemplamos un momento a sala silandeira e volvemos a saír cerrando a porta con reserva».

En Amberes está firmada unha carta de Carmen a Eduardo e Milka que publica P. A. N., e na que logo de comparar con Bruselas a Amberes, di desta que ten máis seriedade e máis alegría e que, suprimindo a radio de tódolos cafés, sería unha cidade encantadora. En Amberes escribe Rafael unha comedia para cinema, *Promesa del viejo y de la doncella* —sobre un conto de Eduardo— que se publicará formando parte da segunda edición do libro *Teseo. Los problemas literarios*, de seu irmán, en 1938.

A próxima etapa da viaxe será París, onde parando no Hotel de Londres, na Place Jussieu, preto do Xardín Botánico, vivirán un tempo de plenitude e gozo. A dona de Rafael recordará con simpatía o seu cuarto no hotel. Consistía nun espacio grande, rectangular, cunha cortina hacia un lado que separaba o espacio destinado a durmir, a pequena cociña e o baño do que era a salina, con mesa, butacas e sillas. Modesto niño decoroso.

Antes de ir a París, como é natural, os Dieste visitaran as principais cidades belgas, como Gante e Bruxas. Agora, nos meses que pasan á beira do Sena, o mundanal remuíño non chega a absorbelos. A penas se mergullan nas tertulias de Montparnase. Pero asisten cada día ó teatro, visitan moitos museos e frecuentan bibliotecas como a de Santa Geneviève e a Bibliothèque Nationale. Traballan, pois, anque en calma.

(8) Como noutras ocasións en que o orixinal está en castelán, traducimos ó galego de hoxe. Só cando Dieste escribiu en galego, mantivemo-lo seu idioma.

Asistían á representación de obras montadas por directores e actores en boga, como Gastón Baty, Louis Jouvet ou George Dullin de quen ven unha versión de *As aves* «modernizada e resolta con gracia», a xuicio da parella, pero tamén con nula ou escasa «vitalidade aristofanesca». Dullin, con Stanislavski, figurará entre os teorizadores da escea que a Rafael lle inspiran máis simpatía, xa que, ante todo, «saben ler teatro».

O número sete de P. A. N., en xullo de 1935, publica un ensaio dialogado sobre Gordon Craig, «Revelación y Rebelión del Teatro». De Craig coñecía el os ensaios *On the art of the theatre* e *Towards a New Theatre*, de 1905 e 1911, respectivamente, que levarían un gran revoio en toda Europa. Craig era neles o teorizador dun feito teatral que ía máis alá da simple suma de elementos dramáticos, que asentaba os pes na revelación.

Personaxes de Craig, o Director de escea e mailo Espectador, discuten no 'misterio polemístico' diesteán con personaxes como o lector ou un Gaio Profesor no que Dieste peneira lecturas nietzscheanas. Cando se filosofa sobre a acción no teatro; sobre a plástica, a música, a danza, a poesía ou a novela no teatro, o director sempre defende a identidade sustantiva do drama, que se sitúa noutro plano que a perfección de cada un dos aspectos. E así, a redonda poesía de Shakespeare considérase irrepresentable.

Nesta «Revelación y Rebelión del Teatro», Rafael Dieste adéntrase, por vez primeira con certa ambición, no ensaio, e faino valéndose da conversa ante un auditorio. Cría el entón, tras anos de dedicación á farándula, que o drama usaba acción, palabras, liñas, color e ritmo, pero cría con máis forza que só aparecía se engadía a elo carácter, individuación, personaxes e ese xeito de individuación do tempo que chamamos episodio.

Desde París, os Dieste organizan varias excursións, e van a Aix-en-Provence, para visitar na súa residencia-taller ó grupo teatral Les Quinze, herdeiros da escola de Jacques Copeau. Ven máscaras fabricadas por eles e marionetas orientais. Noutra ocasión, en Lyon, non poden velo famoso guiñol porque estaba de vacacións.

Nun momento, ante o primeiro Congreso Internacional de Escritores da primavera do 35, entran en contacto co grupo organizador no teatro onde se estaba cos preparativos. O día anterior non se confirmara aínda a asistencia da representación española. Para evitar ese baleiro, Dieste é encargado de escribir un pequeno discurso. Pero sucedeu que o mesmo día en que lle tocaba lelo chegou o representante, Alvarez del Bayo, que

íala falar sobre a represión desencadeada en Asturias contra os implicados na Revolución de Outubro.

Naturalmente Dieste cedeu o seu posto ó recén chegado. E non sen antes ter que vencer as reticencias dun sector que dicía que non había tempo para ese cambio, xa que a única comunicación española traducida era a de Dieste e non se podía prepara-la do novo representante. Entón Gide resolveu, dicindo que cedía o tempo de que el mesmo dispoñía para a clausura. Non fixo falta. Falaron Gide e Del Bayo.

Nun determinado momento, Dieste comeza a escribi-la memoria do seu traballo. Tanto empeño pon que axiña se excede, e, en quince días, escribe ademais *La vieja piel del mundo*. Ensaio, en linguaxe que empeza sendo un algo críptica para irse transparentando paseniño, onde o autor engade á dualidade de principios da traxedia, o apolíneo e o dionisiaco, ou se se prefere á individuación e á identificación, un senso de mensaxe, de diálogo. Todo elo concedendo peso histórico á mitoloxía e unha sorte de papel mitolóxico ó proceso histórico. Ese ensaio, con ese título, que ten unha orixe curiosa, será publicado en 1936 por Signo, a editorial de Valdés e Palazón coa que o pon en contacto Pedro Salinas.

Dieste viñera pensando varios títulos posibles para a obra, pero ningún deles o convencía. De todos modos, era algo que non lle restaba forzas á hora do máis importante, que é sempre seguir adiante coa escritura. Polas noites, en tanto a muller durmía, el ía rasgando as cuartelas coa pluma, ata que unha vez, logo de que a desperta para lerlle o que ten escrito, ela lle di: «Mira o que soñei...» Tratábase dun soño moi simple que, como era o seu costume, findaba nunha frase. «Estaba nunha sala castelán. Hai un atril alto cun gran libro de folios en branco e eu, sentada nunha silla alta, tiña unha pluma de ave na man —moi Santa Teresa— Ti vés por detrás e preguntábase: ¿qué escribes? Eu respondo: *La vieja piel del mundo*». Cando Rafael escoita esa resposta sabe cál vai se-lo título do seu libro.

Coa memoria feita e, a maiores, co ensaio, o matrimonio cumprira dabondo co Ministerio de Instrucción Pública. Sobradamente cumprira. E escriben a Santullano para avisarlle de que, fóra da beca, extenderán a estada europea indo a outros países. Van dez días a Holanda, fundamentalmente para ver pintura, e quince máis a Italia.

Pasa que antes de marchar para Roma dan orde no banco de que transfira unha cantidade, que habería de ser ingresada aínda na súa conta de París, á capital italiana, onde eles a retirarían. Era un procedemen-

to usual, sen complicacións. Pero os enfrontamentos políticos entre Italia co fascismo no poder e media Europa acaban atrancando moitas cousas normais, e neste caso os Dieste atopáronse en Roma sen un can. Entón Rafael inxenia unha saída: «Non hai problema», dixo, «estamos nos primeiros días do mes. Souto pode prestarno-lo diñeiro».

O pintor Arturo Souto estaba de becario na Academia de España, ata aquelas datas dirixida por Valle-Inclán. Cando a el chegan e lle piden o préstamo dos cartos, a contestación que escoitan non pode ser máis sorprendente: «Pero se xa estamos a dous. Non me queda nada».

Han de recurrir ó embaixador, que se ofrece como un cabaleiro. «Eu doulle-los cartos, e vostedes, sen presas, cando podan, e se poden, mos devolven». A felicidade deses meses fainos examina-la posibilidade de corre-la beca outro ano máis. É Carmen quen o propón, e Rafael dispuxo: «Non, non, algo vai pasar en España. Non podemos estar outro ano fóra».

En setembro de 1935 regresan a Rianxo. Repousarán na vella casa, de tantas lembranzas para Rafael, en compañía de Eduardo Dieste e a súa familia, que gozan dunhas vacacións. Seguindo os usos sociais daquela España, Carmen, pola noite, estase no lar, e fala con Dona Olegaria, nun entendemento perfecto. Os homes saen cos amigos. Un día, a Rafael propoñenlle a representación da súa peza teatral de tema mariñeiro. Con sentido autocrítico, dinlle exactamente: «Imos a estragala».

Nas saídas pola vila escóllense os actores e, no cuarto do medio da casa, que ten unha diferenza de nivel propia para escaerío, ensaiase *A fiestra valdeira*, que, baixo a dirección do autor, e en estreita colaboración con Manuel R. Castelao, un día de outubro será estreada, con gran beneplácito de público, no local do señor Vicente. O propio Manuel R. Castelao fará de Don Miguel. Balbina Rañó fará de Dona Balbina, e Lola Romero de Adelaida (9).

Días despois de que esa compañía espontánea de rianxeiros, que se forma ó amor da obra diesteana, estree a obra, Eduardo escribe a Rafael desde Madrid. Quere que o irmán pequeno vaia con el e, como esto non ocorre, empeza a inventar cousas que o decidan. Ata que xorde un proxecto, con Carlos Velo, de facer cine, que resulta atractivo a ollos de Ra-

(9) O resto do reparto compoñeno Ricardo Abuín no papel do señor Baldomero, Alfonso Arcos no do estudante Nogueira, Benito Rial no do pintor Antonio, Sócrates Piñeiro no de Matapitos, Bieito Ordóñez no de Caramañolas, Roxelio Bravo no de Garreante, Andrés Galván no de Dourado, Francisco Ramos no do vello anónimo e Vicente Torres no do mozo.

fael. Sen embargo, a cousa non coalla, como tampouco se realiza outro encargo para cinema que xorde entón; éste de Cossío. Quería o factotum de Misiones que Dieste fixera o guión para unha película sobre o Museo do Prado. Cando o tivo listo, o autor levoullo a Cossío, que llo gabou moito: «Parecerme magnífico», dixo, recomendándolle que incluíra o cadro «O tránsito da Virxe», de Cranach, que a el se lle pasara. A guerra impediu neste caso que Valdelomar, moi encandilado co proxecto, o trasladara a imaxes.

Un vello coñecido de Dieste, Portela Valladares, está ocupado na presidencia do goberno, onde forma os dous efémeros gabinetes que preceden ó triunfo do Frente Popular, en febreiro do 36. Para Dieste, identificado co Pacto que une á esquerda, escribir *La vieja piel del mundo* tiña sido unha verdadeira avalancha de sentimentos e ideas, de pensamentos e descubrimentos, nados como dun diálogo con Nietzsche e Aristóteles e Platón, con Voltaire e Marx e Hegel. Un esforzo intelectual arriscado. A súa muller dase de conta que, por elo, non podía abandonalo, nin metelo en Cáceres tampouco. E pide a excedencia na inspección por un ano.

Daranlla, segundo a fórmula administrativa que rexe, por máis dun ano e menos de dez. Provisionalmente, en Madrid, viven en casa de Eduardo, en tanto se sitúan. O do cine non acaba de resultar. E cando Signo estaba compoñendo *La vieja piel del mundo*, avanzado 1936, retoman as misións, cuio espírito tan ben comprendera Rafael. Quizais quen máis amorosamente o comprendera, xunto con Cossío.

Abonda con lembrar algún entorto desfeito por el. Por exemplo, a vez que un inspector para nada compenetrado co labor de Misiones fixo un discurso de presentación no transcurso do cal apuntaba co dedo dunha maneira feroz cara ó público, para dicirlles: «*Vosotros que no respetais los árboles; vosotros que no teneis amor a la cultura; vosotros que estais dormidos, a ver si despertais en presencia de estos señores*». María Zambrano, ante esto, pediulle a Rafael que puxera remedio. El comeza a falarlles, e dilles cousas deste outro talante: «Vós, que labrachedes estes campos de maneira maravillosa, e é o tapiz máis fermoso que vin na miña vida; vós, que coñecede-los menceiros e os solpores e agardade-lo don da chuvia cando hai sequía, e nos dade-lo pan...»

Viven outravolta a amizade errante de Misiones, lugar de encontro que foi para persoas do 98 coas do 27, e máis novas aínda; influidos por un Ortega, constante problematizador da realidade do país e dos homes, case sempre alzando a vista hacia adiante, e por un Unamuno, cataven-

tos en búsqueda da lisura e a transparencia; compartindo unha sincera irmandade sobre a pel de touro.

Agora, con Rafael Dieste e máis Carmen Muñoz, vai só Lorenzo Varela. Parten con destino a Huesca. Percorrendo aqueles pagos están un mes, con éxito, e un alcalde rógalles que prosigan dez días máis. A eles parécelles ben e pídenlle permiso a Santullano, quen lles di que se volvan, que co mes alí pasado xa chegaba. Se cadra sálvalle-la vida con elo, porque tódolos que os acompañaron nalgún momento serían paseados os últimos días de xullo.

Por San Bieito, polo Carme, a inquedanza crecía no ambiente. A pena de Eduardo, no café, faise eco de todo tipo de rumores en torno a un posible alzamento militar. Cando Arturo Cuadrado chega —como un dos catro secretarios da comisión que ven entrega-lo plebiscitado Estatuto de Autonomía de Galicia— o día 14, nun paseo nocturno pola Gran Vía, Rafael xa non podía falar feliz, como nos tempos de Compostela escoitándose baixo os soportais. O asasinato do líder de dereitas José Calvo Sotelo non preludiva nada bo e activará a espoleta dunha trama que estaba xa preparada. O día 18 estoura todo. Os sublevados fanse fortes no Cuartel de la Montaña, preto da morada deles. O goberno da República manda ás súas tropas a tomalo, e hai un intercambio de cañonazos que eles escoitarán de fondo pola noite, ata que á mañán o cuartel se entrega.

Sen se deitaren esa noite, á mañán do día 19, Rafael e Carmen van ó lugar da batalla. Por primeira vez apalpan a guerra, aínda que non crían nese momento que fose a ser tal. Dalí en diante virán tres anos nos que vivirán, con tódalas consecuencias, o enfrentamento civil comprometidos coa República. Finda así unha etapa grata e fructífera das súas vidas. «Despois de ter sido misionero», dirá Dieste, «difícilmente se podía ser marrulleiro en política, ficticio ou pedante en arte e descuidado en asuntos de ética profesional».

A HORA DE ESPAÑA

Despois de que se produza a sublevación do mando militar de África, a España leal comeza a organiza-la resistencia. Son xornadas que se viven en extrema excitación e, anque entón non se sospeite sequera, o inicio dun período de tres penosos anos para os españois, dun interregno difícil na vida de todos. E, polo tanto, tamén de Rafael e Carmen, que desde a mesma noite de Santa Mariña, velando o ceo cañoneado de Madrid, non pensan outra opción que a de poñerse ó servizo da República, continuando así o compromiso que viñan mantendo co poder legalmente constituído, a través de Misións Pedagóxicas.

A Alianza de Intelectuais Antifascistas, na que ambos están encadrados, pasa a ocupar un edificio de preto de Cibeles, o palacio dos marqueses de Heredia-Espínola, sito no número 7 da rúa do Marqués del Duero —que fora abandonado polos seus propietarios neses días—. Nos seus apousentos acomódanse, para seguir cos seus traballos, poetas, pintores, pensadores... Alí funcionará, mentres poda, a unión republicana da intelixencia. Ata aquel lugar dirixiranse os Dieste, desde o seu domicilio madrileño, cada novo día, para participar nas vicisitudes do seu bando.

A sección española da Alianza Internacional empezara sendo un movemento de escritores que, conforme os acontecementos se van decantando, evoluciona hacia extremos raramente previstos polos seus fundadores. Case como un dos seus primeiros pasos, un día de 1936, antes do Alzamento, Rafael Alberti, María Teresa León e José Bergamín convocaran unha xuntanza á que asisten, entre outros, Federico García Lorca, Ramón J. Sender e Rafael Dieste. A recién creada Alianza de Escritores trata de incorporar ás súas fileiras ós mellores, e os seus promotores, no vivo diálogo que se establece entre os asistentes, van desvelando dúbidas. Á luz do encontro vanse perfilando actuacións, ó tempo que se elabora unha lista provisional de membros, que fica aberta.

Dieste, que por aquelas datas acababa de publicar *La vieja piel del mundo*, é designado provisionalmente delegado nunha asamblea que habería de ter efecto en Londres. Pero todo se precipita, e a marcha das cousas obriga a tomar medidas. Aquela que funcionaba como unha

agrupación dos escritores leais amplía o seu carácter e pasa a denominarse, e a ser, a Alianza de Intelectuais Antifascistas. É a guerra.

Orientada polo Partido Comunista, non resulta fácil verlle chatas ó funcionamento que empeza tendo a Alianza. Repártese o traballo por comisións, como a de carteis ou a de xornais. Implántanse unha serie de responsabilidades das que só se exclúen ós máis novos; que nun ou noutro momento haberán de incorporarse ó frente. O espírito é deliberante, con elección de cargos, coa discusión e aprobación dos acordos pola asemblea. O cal coincide con cousas da guerra francamente emocionantes, como o transcurso conmovedor do primeiro enterro de militantes das Xuventudes Comunistas, por unhas rúas ateridas de silencio e rabia.

En tanto o poder no seo da Alianza non pasa a mans dun *petit comité*, e anque desde que estoura a guerra o núcleo comunista ten unha evidente incidencia na marcha da organización, as intervencións e propostas de calquera membro activo son tidas moi en conta. Nese tempo, desde a súa independencia, Rafael Dieste fará un labor moi positivo, sendo a súa, ademáis de harmonizadora, unha opinión de peso.

Alguén na Alianza di que xa os organismos competentes están pensando en fornecer de calzado ó frente, porque «desde logo», din, «a guerra non se vai resolver antes da Noiteboa». É unha primeira chamada de atención: quen empezaran crendo que todo se resolvería en días, xa pensan en meses. Aínda non se poden presumir tres Noiteboas, pero, coa sospeita de que aquilo vai durar, unha comisión dispón que se faga traballo en tódolos frentes. Rafael Dieste é nomeado director de Teatro Español, e decídese formar unha compañía con actores que estaban en paro. O grupo conta con primeiras figuras, e toma por nome o de Nueva Escena.

Acórdase que formen na primeira montaxe pezas do propio Dieste, de Sender e de Alberti. O gaditano compón unha graciosa 'ensaladilla' titulada *Los salvadores de España*, Sender, con presas dá *La llave*, escrita con anterioridade. E Dieste escribe para a ocasión unha comedia nun acto, *Al amanecer*, na que dramatiza con gran acerto as actitudes das forzas da outra zona. Aparecen o aristócrata, o xerarca eclesiástico, o intelectual falanxista, os militares rebeldes e o traidor, preparando unha celada que, antes de que o pano caia, é desbaratada polos milicianos.

A algúns escritores extranxeiros que estaban por Madrid o día da estrea, o 18 de outubro, encantoulle-lo espectáculo. Moito, a peza máis traballada, a de Dieste. A de Alberti, un paso que tiña como preceden-

tes as 'ensaladillas' do Século de Ouro, onde os personaxes falan en varios idiomas, resultou tamén moi colorida. E a de Sender, que entrega algo non relativo á guerra, senon de senso anticapitalista, cumpriu. (Entre os asistentes á primeira representación: Eugenio F. Granell, que viña do frente vestido co uniforme de miliciano. Dieste pediulle que dixera unhas palabras ó público sobre a marcha da guerra, cousa que fixo, nun descanso).

O propio Dieste levaría a dirección escénica desa montaxe primeira. A súa dirección será moi efectiva, logrando do elenco de primeiros actores que se reúne unha posta en escea memorable. Polo demáis, todos, xa foran cómicos ou tramoieiros, decoradores ou xastres, cobraban igual; unha paga exactamente igual á dos milicianos. Eran os milicianos da cultura.

Ó pouco tempo, os bombardeos arrecian, e as funcións han de suspenderse o día 30 de outubro (1). Por outra parte, as cousas para os Dieste sufrirán varios atrancos. Destaca, como punto de partida de tódalas dificultades coas que haberán de ir batendo, a actuación de Dieste nunha asemblea da Alianza contrariando unha proposta de Wenceslao Roces, entón subsecretario de Instrucción Pública, ben situado no Partido Comunista e con moito poder. Tratábase de elixir presidente.

Roces propón a Angel Ossorio y Gallardo, e Dieste, aínda sen ter nada contra éste, como deixa claro, argumenta a favor doutro nome. Ossorio era máis coñecido como avogado e político que como home de letras, e Rafael coída que o presidente debía ser un escritor, alguén admirado por todos. Ademáis, ó nome de Ossorio asociabase, empañándoo, o recorde de ter sido gobernador civil de Barcelona durante a Semana Tráxica, e mailo de ter sido ministro da Monarquía (2). A pesar do cal, Dieste non lle reprocha nada á figura dese candidato —e Ossorio, pasado o tempo, así o entendería, chegando a seren moi amigos en Bos Aires.

Naquel momento, Dieste propón outro presidente: Antonio Machado. Proposta que prospera, co aplauso unánime dos asistentes. Dise entón que Don Antonio conta co inconveniente da súa mala saúde, unido ó de ter un irmán na zona 'nacional', motivos polos que quizais non queira significarse tanto. Dieste pensa que, de todos modos, debe ofre-

(1) Constan outras dúas representacións máis: ante a sociedade de albañís «El Trabajo», e ante o público asistente ó terceiro mitin da Alianza, o domingo, primeiro de novembro, no mesmo Español.

(2) Anque logo é quen prepara o primeiro borrador da Constitución do 31, sobre o que traballará Jiménez de Asúa.

cérselle a presidencia e, se o único obstáculo é o do irmán, que Machado, con todo dereito, decida. Se só existe o problema da saúde, sempre se lle podería ofrece-la presidencia honoraria.

Ante as opinións encontradas, Lorenzo Varela, sentado xunto a Dieste, turra da manga do amigo en pe, e suxírelle que propoña a Bergamín como presidente executivo, con Machado na presidencia de honra. Así queda aprobado. Versión que chega ó día seguinte a La Granja del Hénar: «A Alianza tivo onte unha sesión moi movida porque Rocés propuxo unha candidatura e uns do POUM desbotárona». Pódese maxinar cál foi ó oílo a cara de Dieste, que non podía prever unha interpretación tan distante do ánimo da súa proposta. Ocurría que algúns o supoñían troskista, amparándose no feito de que, estando na Alianza, non se declarase enemigo de homes como Nin, Granell ou Andrade.

Desde ese día, Dieste vai ser disimuladamente discriminado por Rocés. Sucederán cousas como que tódolos que traballan na Alianza contén coas doce pesetas da dieta diaria de milicianos da cultura, agás Rafael e Carmen. O fundamento desto non se alcanzaría a aclarar nunca, e a actitude de Rafael non axudará a elo, porque non vai insistir en que esa situación inxusta que lle atinxe se solucione como cómpre.

O comportamento de Dieste seguirá sendo dunha total corrección, apoiando todo o que vén dos comunistas, que en xeral era ben, era sensato. Segue traballando lealmente. Escribe tódolos traballos que lle piden. Con Alberti, Bergamín, Lorenzo Varela, Antonio Luna, Salas Viu, Souto e María Teresa León, fai a revista *El Mono azul*. Que coincide co do teatro, ó que el entrega a súa comedia o primeiro.

En verdade, e a pesar de que os «roces» continuen durante o resto da guerra, pesan máis na balanza as mostras da camaradería que abrollan na relación con os outros compañeiros. Abonda con dicir que hai militantes do Partido, como desde aquela lle quedará, que sí manteñen un trato fraternal cos Dieste. Como os Alberti, ou, sen ir máis lonxe, como o propio Lorenzo Varela.

A situación en Madrid ponse mal. Tódalas mañáns chega á cidade un avión do enemigo que bombardea, sen panximias, tanto obxectivos civís como militares, e ó que os madrileños bautizan, con humor, como «el lechero». Aumenta o cerco á capital, e dentro, os quinta columna, os máis deles agochados en embaixadas reais ou ficticias, conspiran e asentan golpes psicolóxicos. Ten lugar unha asamblea da Alianza que nomea

varias comisións. Os Alberti irán ó frente nun grupo de axitación. Os Dieste son encargados da radio.

Á mañán seguinte ó reparto desas funcións, Rafael e Carmen preséntanse no palacio de Santa Cruz, sede do Ministerio de Estado e lugar desde onde se emite, para ocuparse nos programas que lle competan. Pero, cál non é a súa extrañeza cando topan as portas do edificio fechadas. Son as dez e media da mañán e deciden dirixirse á Alianza. De camiño, ven a Serrano Plaja. Infórmaos de que o goberno se trasladara a Valencia e de que María Teresa León traía ordes de evacuar ós aliancistas. Rafael estima que esa orde debía ser discutida por todos, e o informante respóndelle que non había nada que discutir, que os mouros estaban a uns kilómetros.

Chega neso María Teresa. Di: «Xa sabedes. Hai ordes de partir en media hora». Os Dieste dispoñen dese tempo indo a por un maletín de vacacións á súa casa. Á volta á Alianza hai cinco automóbiles esperando, e eles son destinados ó primeiro, non sen que antes lle aseguren a Rafael que se celebrará unha asamblea a cen kilómetros de Madrid, en Millares. É o mes de novembro de 1936, e Juan Chabás, que viaxa canda eles, cúbrese do frío cunha capa azul claro.

Os autores pasan varios controis, mostrando os salvoconductos, e cando a Rafael lle parece que debía ter avanzado un bo treito, pregunta se chegaran xa a Millares. Chabás dille que xa o pasaran. E así, embrullado el nas tribulacións seguintes, chegan, pola tarde, a Valencia. A Alianza está no edificio de Entrambasaguas —na rúa Trinquete Cabaleros, 9— que fora incautado polo Ministerio de Instrucción Pública.

Bergamín fórase pola mañán cedo co goberno. Nos días que seguen continúan arribando outros automóbiles, sen que en ningún dean chegado os Alberti. Bergamín decide telefonar a Madrid, e cando se apercebe de que a voz que escoita é a de María Teresa León, pregunta: «¿Cómo é que estades aí?». O que ela responde, «estamos cumprindo co noso deber», faino corarse. Despois soubese que non puideran ir porque un control llo impedira, e porque aparecera un vagón de municións, xusto no momento en que se produce a vinda dos primeiros voluntarios das Brigadas Internacionais, e a situación mellora. Madrid preparábase para o seu destino de Capital da Gloria.

Mentres están en Valencia, os Dieste viven, como outros desprazados, na mesma Alianza, nun cuarto grande. Axiña organízanse as tarefas colectivas, nas que Rafael ten unha parte importante: notas de prensa,

manifestos, romances e a revista *El Buque Rojo* (3) por el dirixida, que tomou o nome dun barco soviético que, transportando víveres, fondeara no porto. Mais como seguen sen cobra-las dietas de milicianos de cultura, hanse de inxeniar para acadar outros traballos de pago, fora da Alianza. Carmen fai copias a máquina e traducións, e Rafael cumpre algúns encargos, como o do «Nuevo retablo de las maravillas», alegoría sobre a guerra, con destino a un proxectado 'Teatro del Frente', que lle pediu Ehrenburg, quen, durante un pequeno tempo, actuou como Comisario de Propaganda, en ausencia de Maroto.

Ainda no Levante, o inverno, para quen como eles non levaran nin un simple gabán, é cru. Só os amigos poden facer que as penalidades se esquezan. Paredaño co seu cuarto está o de Arturo Souto, onde moran a súa dona, tamén chamada Carmen, e os fillos. Alí fai os seus famosos «Debuxos de guerra», que serían expostos no Pabellón da República Española da Exposición Internacional de París, co célebre «Guernica», de Picasso, e outras obras de Alberto e Miró.

E alí pinta cadros que van ser da obra súa de máis alento, moitos deles pendurados logo nunha exposición que en maio e xuño do 37 fai no Casino de Agricultura, na rúa da Paz. Coincidindo coa mostra, Gaya e León Felipe pronuncian senllas conferencias no local, incautado por Izquierda Republicana, e Juan de la Encina colle a pluma por primeira vez en moito tempo para escribir unha crítica, cousa que Antonio Machado saudara cunha glosa. O pintor pontevedrés era bastante pesimista —acaso igual que o mesmo De la Encina ó que a súa obra reanimara— respecto ó desenlace da contenda, como tamén a súa dona, de máis idade ca el, e con inclinacións a mundos e tesituras de máis comodidade. En canto lles sexa posible, sairán de España, acollendo con agrado ofertas de expoñer en Bruxelas.

Rafael Dieste, co seu talante sincero de sempre e a súa limpeza de alma, como un neno grande que conservara moitas pegadas do que el algunha vez chamara «sacro recinto da infancia», polariza a amizade dos máis novos. Fai como de rector do grupo que vai levar adiante a principal empresa literaria da época, unha revista que ve a luz, vive e morre durante a guerra. Dieste, por idade e por dedicacións, é o mentor dese

grupo, o irmán maior que sabe moito máis que os compañeiros daquela hora. Repátese en que cando Sánchez Barbudo e Serrano Plaja andan polos vinte tantos anos, el non está lonxe de cumprir corenta. Del aprenderon moito en tódolos terreos. A el débelle incluso o nome *Hora de España*.

Conversando con Barbudo, en longos paseos polas rúas de Valencia, deambulando por aquel chan interminable, arumado de azahares próximos, madura un proxecto que vai servir de motor aglutinante ós creadores de varias xeneracións fieis ás ideas de servicio á causa popular. A primeira proposta nese senso, como tantas veces, parte de Rafael. E unha vez que el e Barbudo tiñan enxeñada a idea, coméntana con Gil-Albert e Gaya, e logo con homes dos hospedados na Casa da Cultura —sita no Hotel Palace da rúa da Paz—, alcumada por eles como o «senado».

En primeiro lugar con Moreno Villa, a quen lle consultan o plan e lle someten o nome pensado polo rianxeiro: «La Hora de España». El encontra acertadas as señas que pretenden darlle á revista, aunque respecto ó título indícalles que resultaría menos comprometido filosóficamente quitándolle o artigo. Parécelles ben, e queda definitivamente «Hora de España».

Movidos por disciplina, xa que el seguía a se-lo presidente da Alianza, van a continuación onda Bergamín. Expóñenlle o boceto enteiro e tratan de conseguir que el medie nalgunha das xestións necesarias para levalo a bo porto. Dilles Bergamín que xa terán noticias súas, pero axiña pasa un mes e eles continúan sen saber nada. Volven entón ante el e resulta que o único que fixera fora falar con Roces. Aínda haberá outra pausa, agardando pola resposta deste, pero como tarda en producirse, Barbudo suxiere ir falar co ministro de Propaganda, Carlos Esplá, sen máis. Este acolle a proposta con simpatía, e achándalles ó fin o camiño: «É a primeira vez que vén alguén a propoñerme unha revista que non é a súa revista —a de Fulano ou Mengano— ou a dos seus acólitos. Conten vostedes desde mañán coa subvención».

A partir daí comezan a comprometer medios materiais. Instalan a oficina nun local da avenida Pablo Iglesias, onde contan cun teléfono. Fixan a redacción, na que forman, co propio Dieste, Sánchez Barbudo e Gil-Albert, Ramón Gaya e Manuel Altolaguirre. E por tantas cousas como *Hora de España* lle debe, Rafael é elixido para o posto de secretario. Pero como é o único cargo rentado, el, para que non haxa sospeitas de

(3) Sae un so número, o día 3 de decembro do 36, no que colaboran, co rianxeiro, Miguel Prieto, Rodríguez Luna, Ramón Gaya, Gil-Albert, Sánchez Barbudo e Souto.

que o moven intereses mezquiños, non acepta. É elexido Sánchez Barbudo (4).

Ramón Gaya, a parte de esporádicas colaboracións literarias, será quen ilustre con viñetas cada número. Altolaguirre actuará de impresor, orientado ós oficiais da imprenta, Tipografía Moderna. Para ser mensual, en xaneiro de 1937 sae á rúa a revista, que leva, encabezándoa, un 'propósito' sen firma, no que, despois de xustificar por qué se optou polo nome de *Hora de España* fronte ó que levaba o «La» diante, dinse cousas do seguinte tenor:

«Es cierto que esta hora se viene reflejando en los diarios, proclamas, carteles y hojas volanderas que día por día flotan en las ciudades. Pero todas esas publicaciones que son en cierto modo artículos de primera necesidad, platos fuertes, se expresan en tonos agudos y gestos crispados. Y es forzoso que tras ellos vengan otras publicaciones de otro tono y otro gesto, publicaciones que, desbordando el área nacional, puedan ser entendidas por los camaradas y simpatizantes esparcidos por el mundo, gentes que no entienden por gritos como los familiares de casa, hispanófilos, en fin, que recibirán inmensa alegría al ver que España prosigue su vida intelectual de creación artística en medio del conflicto gigantesco en que se debate.

«Nuestros escritos han de estar, pues, en la línea de los acontecimientos, al filo de las circunstancias, teñidos por el color de la hora, traspasados por el sentimiento general.

«Nuestro pensamiento es éste: Si es la hora del alba, nuestros actos serán levantarnos, asearnos, agarrar las herramientas y empezar la tarea de esta hora. Y todas estas operaciones irán teñidas forzosamente del color de la luz que hay y del frío del amanecer y transida por los sonidos mañaneros y por la animación matutina. Si fuese la hora del mediodía o la del ocaso, nuestros movimientos serían otros, y también la luz y los sonidos. Creemos, en suma, que la hora manda. Y debemos atender lo que nos manda la HORA DE ESPAÑA».

Segue logo, baixo o epígrafe de 'Consejos, sentencias y donaires de Juan de Mairena y de su maestro Abel Martín', a colaboración de Machado que normalmente irá abrindo cada número, e que fala ás claras do apego que na revista lle profesan ó mestre. Gracias a *Hora de España*, escribirá Machado un segundo Juan de Mairena, en horas en que o pobo

(4) Dará paso a Gil-Albert a partir do número trece, cando a revista se traslade a Barcelona.

estaba necesiadísimo dun pensamento como o seu. Dá continuade de tal guisa a un fructífero labor que antes enfilara nas páxinas do *Diario de Madrid* e de *El Sol*, —que coallara nun primeiro tomo, editado por Espasa-Calpe—, e que Dieste xustamente glosa nun comentario publicado no número tres da revista. (Usualmente Barbudo será quen vaia de correo á casa de Machado, nas aforas de Valencia, en busca das dúas preciaidas e agardadas cuartelas).

A participación diesteán no número de saída fora asimesmo moi relevante. Ocupaba, nin máis nin menos que catorce das súas oitenta páxinas, as da separata, coa peza «Nuevo retablo de las maravillas». Por outra parte, na sección de notas, Altolaguirre dedica unha intelixente crítica a *La vieja piel del mundo*. No «Nuevo retablo de las maravillas», peza que hai que entender na circunstancia bélica en que foi escrita, Dieste volve a un tema cervantino, o entremés do retablo das maravillas, onde o escritor xenial recreaba un «maravilloso» retablo que escenificaba inexistentes obras que só non vían os tocados de maldades inconfesables. Cervantes utilizaba o engano ós ollos para combatala morbosa manía de limpeza de sangue, de selo de cristián vello.

Para un público composto polo alcalde cedista, o terratenente Don Zoilo, o cura, un xeneral moi español que se cuadra ante os alemáns —netos do imperial Carlos V, eso sí— o señorito avogado e dúas mozas —unha lixeira de cascos e a outra remilgada— uns titiriteiros leais sorprendidos na outra zona representan unha obra que só non poden ver os ollos dos lixados de marxismo. Como o rei en calzóns do conto infantil, por suposto que aquel público vía o que facía falla, mesmo un touro que os arrollase. Ata que, nesas dilacións dos cómicos, a canalla *roja* chega e o auditorio ha de *abuecar*.

Desde que se fai cargo do secretariado da revista, e ata que os Dieste se trasladan a Barcelona, de xaneiro a agosto de 1937, Barbudo insiste fraternalmente en ceder a Dieste unha das súas pagas, xa que éste non se mostrara propicio a reclamar nada para sí personalmente ante o Ministerio de Instrucción Pública —é dicir, Roces—, de quen dependía a Alianza. Pero limitouse a seguir colaborando co mellor ánimo, sen retribución algunha.

En xullo de 1937, e segundo estaba previsto desde un pleno da Asociación Internacional de Escritores pola Defensa da Cultura celebrado un ano antes, faise en sesións que teñen lugar só en Madrid e Valencia —anque inicialmente estivese previsto que tamén as houbera en Barce-

lona— o II Congreso Internacional de Escritores. Homes como Romain Rolland, Henrich Mann ou Malraux tíñano sinalado como un fito, dado o trance histórico polo que pasaba o país anfitrión. Toda a cultura leal estaba ilusionada con recibir ós compañeiros do mundo.

Será difícil atopar a alguén tan convencido como Dieste do senso e da xustificación do congreso. Por aquelas datas, a través do pai de Carlos Gurméndez, que é ministro do Uruguai en La Haya, coñecera ó escritor holandés Brower, católico, empeñado en saber, de veras, quén tiña razón na guerra de España. Primeiro fora visita-la zona rebelde, onde a penas Unamuno lle era merecente de respecto. Logo vai á zona republicana, e el, que era persoa liberal de dereitas, acha alí á España de sempre. Levándose unha magnífica impresión dos que nela estaban e do que facían.

Con el fan os Dieste unha viaxe ó Madrid que defenden os xenerais comunistas Líster e Modesto, e unha vez que se acercan ó barrio de Argüelles, ante as ruínas da casa onde a parella vivira con Eduardo Dieste xeiras tan decisivas para todos, pensan que o mesmo que Brower estaba a velo, canto antes debían vir outros escritores de ben. Ó pouco dedicáranse a facer realidade ese soño, traballando a prol do congreso.

Rafael enlaza cos cataláns e vence as súas reticencias, comprometendo unha sesión en Barcelona. Asimesmo, e porque María Teresa León llo pide, redacta el a comunicación que representará a Galicia. Ademais, ocúpase como corrector de estilo dalgunhas traducións. Nin que dicir ten que o segue movendo o mesmo afán de concordia de sempre; e elo volverao a facer vítima de incomprensións.

Nun momento dado, apunta no discurso dun dos delegados rusos algúns termos demasiado burdos que convida a cambiar. Nomeadamente os máis políticos —tratábase dun congreso de escritores, non dun mitin— que denotaban unha intolerancia contra o POUM fóra de lugar. Dicíase nun párrafo que había que «aplastar» ó troskismo, e Dieste propoñía unhas redaccións alternativas que invariablemente o ruso non tiña en conta. «Aplatar, aplatar...», repetía fronte a cada nova proposta. Cando a ponencia é lida, por Alberti, varios dos presentes permanecen pálidos, pero ó final aplauden todos, agás Rafael.

No transcurso do congreso, Dieste escoita en Madrid de noite que Malraux e Ehrenburg discuten unha proposta do segundo para, ó día seguinte, expulsar a Gide da Alianza Internacional, por ter destilado no seu libro *Retouches*, resultado dunha viaxe á Unión Soviética, argumentos que, por antirrusos, tíñanos por antiprogresistas e ós que Malraux tamén se opoñía. A Dieste parécelle unha barbaridade, polo que decide

recabar de Bergamín a súa influencia para evitar esa expulsión que, proclamada neste II Congreso, sería tida como sinal de servilismo por parte dos homes de letras españois, e viría a empañar en última instancia o bo nome da España leal, pola cal tantas simpatías tiña manifestado Gide.

Na lembranza de Rafael a bo seguro que permanecía imborrable o recordo do seu xesto desde a presidencia do I Congreso, en París, cedendo parte do seu tempo a Álvarez del Vayo, representante dunha España en convulsión. Bergamín conxura o descrédito que para a República sería esa expulsión criticando, en nome propio, o libro recente do francés e as súas últimas actitudes. As cousas así non chegan a extremos que serían indignos.

Despois de rematado o congreso que fora inaugurado polo presidente de goberno, Negrín, e que é clausurado polo das Cortes, Martínez Barrio; cando se está a prepara-lo número de *Hora de España* de agosto, enteiramente dedicado ó congreso, Rafael é advertido por Serrano Plaja como coordinador do número de que se tiña a consigna de silencio-lo seu nome. Movido polo ánimo de descargar ó amigo dun posible compromiso, Rafael opta por dicirle que non tiña importancia, anque sabía, sabían os dous, que sí a tiña.

Tal se fai, e se ben o nome de Dieste figura como sempre nos créditos da revista, desaparecerá da rúbrica da ponencia colectiva que le Plaja e que se publica ó final do número (5), na elaboración da cal el tiña participado. Tampouco se reproducirá a súa comunicación individual, en galego e sobre Galicia.

Sen dúbida non fora alleo a estas intrigas o feito de que a efectos administrativos e de mando gubernativo ese número da revista, o VIII, estivera baixo o control de Instrucción Pública —ministerio éste que, rexido por Jesús Hernández, é o que subvenciona e controla o congreso— e non cobexado baixo as liberais alas de Propaganda, desde onde nunca se impoñían consignas de ningún tipo. Resulta obvio que non se lle perdoaban, desde algunhas instancias, os seus reparos de expresión ó discurso do ruso, e que tampouco era de recibo para eles a súa intervención en favor de Gide.

(5) Asinada por Arturo Serrano Plaja, Sánchez Barbudo, Angel Gaos, Antonio Aparicio, Arturo Souto, Emilio Prados, Eduardo Vicente, Juan Gil-Albert, Herrera Petere, Lorenzo Varela, Miguel Hernández, Miguel Prieto e Ramón Gaya.

Un bo día os Dieste deciden irse para Barcelona, en certa maneira *a la buena de Dios*. E alí, case nada máis chegar, ven cómo se lles resolve a aventura doadamente. É ó atoparse con Castelao, que lles conta que anda preparándose para se marchar a América nunha misión de propaganda que lle fora encomendada por Álvarez del Vayo. Castelao di ó seu paisano que tiña previsto poñerlle antes unhas letras propoñéndolle que el o substituíra ó frente de *Nova Galiza*, e preguntalle entón se lle parece ben.

Rafael acepta, e de inmediato comeza a perceber-la súa primeira asignación oficial. Son os días de agosto de 1937 despois de máis dun ano de entrega á causa da República. E aquela paga non provén do goberno central, senón que procede do comisariado de Propaganda da Generalitat, que financia daquela a revista e máila oficina do Partido Galeguista. Ó pouco tempo baten tamén con León Felipe, e soluciónaselle-lo problema da vivenda igual de fácil. Se coñece que entraran con bo pe en Cataluña.

É nas Ramblas cando, de paseo, avistan ó poeta amigo. Nun instante da conversa que a seguir se establece, el quere saber onde viven. Eles cóntanlle que están nun hoteliño da praza do Rei, onde se viran con Eduardo Dieste, pero que buscan outra cousa.

—Neso, eu pódovos axudar —adiántalles en ton servicial e afectuoso León Felipe— Eu ceo na taberna do Pino. Ides vir comigo.

—Temos moi poucos cartos.

—Non vos preocupar: eu estou convidado e, onde eu o estou, estano os meus amigos.

Os Dieste vanse con el ata a praza do Pino, onde estaba aquela taberna, frecuentada por anarquistas. Primeiro xantarían, produtos da terra moi ben aliñados, e logo agardarían a que se formase unha pequena tertulia. No transcurso da lería o seu cicerone dille a un daqueles homes: «Mira, Carmen e Rafael véñense a Barcelona e necesitan un sitio para vivir. Non vos digo máis». Dalles o número de teléfono onde se poden comunicar con eles, e rógalles que os chamen decontado para avisalos de onde se podían acomodar.

Ó día seguinte, unha señora xove chamada Libertad, por encargo do seu compañeiro, un dos amigos de León Felipe, vai onda eles sen telefonar nin avisar antes. Condúceos a unha torre. Carmen, despois dunha rápida ollada a aquel chalet e ó xardín, decide contraria-lo ofrecemento. Queren un piso modesto, do que podan paga-lo aluguer.

Ó final van parar á rúa Muntaner, onde habitarán un luminoso cuarto andar, que dá pola parte de atrás ó campo. Os alugueres, segundo es-

taba estipulado, habíanse de abonar —rebaixados á metade— ó concello barcelonés, e alí, coas cen pesetas do seu, ía cada mes Carmen a satisfacerlo, ante a extrañeza dos funcionarios dese negociado. Qué raros eran os cidadáns que observaban o cumprimento de formalidades tales.

En Barcelona recobrarán unha certa alegría de vivir. Polas mañáns diríxense ó número 442 da avenida 14 de Abril, na zona da Diagonal e Provenza, onde nun quinto andar dun edificio moderno se acha a oficina de *Nova Galiza*, pegada á delegación do Partido Galeguista. José María Pla leva os asuntos do P. G. e os Dieste, axudados por unha mecanógrafa, levan a revista dos 'escritores galegos antifeixistas'.

Neses papeis, que el ha de redactar case por enteiro, empezará Dieste a usa-lo pseudónimo de Félix Muriel, co que rubricará os traballos máis de fondo, aparecendo por outra parte moitas colaboracións que el escribe, as máis inmediatas, sen firma algunha. En xeral, xunto coas cousas que firma con nome e apelido, ou con iniciais, compoñen un retallo raro na produción diesteana, polo ton combativo que el nunca volverá a adoitar; pero que resulta menos desafiante e chulesco que o de calquera outro escritor dos dous bandos. (Para ilustrar cada número botará man dos amigos de máis preto, e así, xunto ós debuxos de Castelao, haberaos de Souto e Gaya, entre outros).

Ainda así e todo, os ensaios deste tempo non se saen das preocupacións do Dieste de sempre. Para o número de marzo do 38, antepenúltimo de *Nova Galiza*, recupera un dos contos que conformaban o apéndice de *A fiesta valdeira*, o titulado «O neno suicida»; lonxe da inmediatez da guerra, ou quizais non. Un ano antes, baixo o epígrafe de «Para axudar a renacemento de Galiza», publicara corenta e sete aforismos de todo tempo, para facer pensar ós demáis, sinxelamente.

Algunhas cuartelas, combativas cuartelas, pasan tamén ás páxinas de *Nova Galiza*, como as de peziña «El moro leal», que na revista sae co título «Marionetas en batalla». O mouro de Dieste, frente ós que outros escritores presentan con Franco, é leal porque desoe os cantos de serea dun sarxento que lle promete cartos, riquezas e mulleres se loita contra os comunistas manxadores de nenos, voluntario sí ou sí. O mouro, que fala por infinitivos como os indios dos filmes do Oeste, ten medo a que lle chapoden a cabeza e maila cousa que lle permitirá goza-las huríes no ceo de Alah, e ó final, por indicación do seu Deus, dá conta do sarxento e dun banqueiro xudeo. A breve peza fica no escarnio máis directo. Os soldados dos frentes han de rirse léndoa.

Pouco despois de que o matrimonio Dieste emprendera viaxe á capital catalana, a redacción de *Hora de España* trasladárase tamén para alá, pasando a secretaría a mans de Gil-Albert, e confirmándose algunhas incorporacións polo sistema de cooptación, tanto ó corpo xestor da revista, a redacción, como ó honorario, o chamado polos membros do outro o 'senado', e que propiamente recibe o nome de Consello de Colaboración. Dieste, nesta segunda etapa de *Hora de España*, publica o ensaio «Desde la soledad de España», no número trece, e na aparición décimoquinta, dará en separata *Al amanecer*.

As tardes dos Dieste en Barcelona repártense entre o labor na oficina e o lecer cos amigos, con tempo para as súas cousas. Despois de xantar achéganse ó Salón Rosa, no Paseo de Gracia. Alí non é difícil que se encontren con Otero Espasandín, que está incorporado a unha oficina de aviación, ou con Martínez López, quen, como tiña estado nos carabinieri como comandante, de cando en vez pasaba a Rafael algún paquete de cigarros americanos.

O seu piso é un lugar de recalada segura para os amigos. Con eles vive a familia Gaya cando se traslada a aquela cidade, e os que están de paso. Nunha ocasión en que ha de fuxir das persecucións de que son obxecto os militantes do POUM, é Granell quen bota unha semana coa parella, que o refuxia. Xuntos preparábanse frugais manxares de mel, manteiga e pan, que Rafael aconsellaba remexer nunha cunca cunha culleriña ata mesturalo todo nunha espesa masa branca. Unha noite asomáronse os tres ás xanelas, a contempla-lo ceo. E Dieste lanzou unha perorata belísima sobre o espacio, a infinitude e as guerras. Granell contábalo ó día seguinte a un amigo, e un resorte se disparou en Carmen, que repetiu as palabras do home de principio a fin de memoria. Xa ela era o arquivado do trasno.

Rafael, con compañía da lúa e das estrelas, destina longas horas da noite, roubándollas ó sono, á reflexión. É un vello hábito intelectual que a guerra non puido desterrar, e que viña mantendo desde Madrid e Valencia incluso, intensificándoo en Barcelona. Necesitaba el o acougo das noites para reflexionar sobre a circunstancia vital, o momento de España, e as preocupacións de sempre. Pensamentos que escribía para logo rachar. Así é como, á leve luz dunha vela, mentres se oían cae-los obuses e os estrondos das bombas iluminaban as tebras, foi poñendo, en cuartelas, orde sobre tantos desatinos polos que o ser humano pasaba, ata que a cera se sumía.

Souto vai coa súa obra a Bruxelas, onde en xaneiro e febreiro expón preferentemente cadros de asunto bélico. James Ensor escribe unha pre-

sentación para el en verso. «Un lugar de preferencia ofrécenche os nosos museos», pon no remate, desde unha admiración semellante á que dous anos antes sentira Jean Cassou e á que un ano despois sentirá Tristán Tzara. Dieste vai aproveita-la ocasión para dar no número 15 de *Nova Galiza* un editorial, «Artistas galegos coa Hespaña leal» no que cifra no lume hímico dos seus cadros a existencia dunha Galicia que se rebela contra a queixa con que é identificada. Xunto a Souto, no mesmo camiño andando, Rafael sitúa a Castela, Colmeiro, Maside e Seoane. ¿Houboos mellores no século artístico galego?

Os Dieste non podían estar de acordo coa política dos anarquistas no fronte de Aragón, como tampouco estaban conformes coa seguida polo POUM en xeral, aínda que lamentaran o fostigamento a este partido e lles parecera tremendo o asasinato de Nin. Para a parella o Norde non podía ser outro que o de gaña-la guerra, e para elo estaba co goberno e o Partido Comunista, que neso eran os máis acertados; evidencia que non lles impedía establecer con todos, tripulantes do barco da República, unha fonda camaradería. Con León Felipe átanos uns fortes lazos persoais que chegan ós amigos do poeta. Unha noite, en pleno inverno, están con éste e co grupo. Se cadra no café Oro del Rhin.

Libertad observa que Carmen non ten abrigo. Carmen aseguralle que llo van traer. Sen embargo, como ó outro día segue sen el, Libertad ofrécéselle a ir canda ela a compralo, e máis a pagarllo do seu peto se falta fai. Carmen acepta só a tela, e encarga a feitura a unha modista que tiña o taller enfrente á súa casa.

Daquela xente da FAI gardarán xa para sempre un garimoso recordo. Non só porque tiveran un gran corazón, senon porque, aínda moi metidos en política, tiñan a delicadeza de non preguntarlle a ún de que ideas era antes de ir compartir algo. Se facían unha cousa por calquera semellante, non era por proselitismo. Entendían a xenerosidade, facían que os Dieste se sentiran entre irmáns. Circulaba unha corrente de afecto.

Un día, cando levaban uns meses na cidade catalana, chégalles un paquete no correo. Ábrenlo, e dentro hai un sobre e máis un libro. Naquel volume, o IV dunha revista semestral, *New Writing*, publicada en Londres, recóllese unha tradución do «Nuevo retablo de las maravillas», vertido ó inglés, co título de *The new spectacle of wonders*, por A. L. Lloyd; coñecido escritor, musicólogo e hispanista británico que, co tempo, sería un dos mellores tradutores de Lorca. Nun sobre viña unha

amable carta dos editores, así como un talón por dez libras esterlinas, en concepto de dereitos.

O envío, como non podía deixar de ser, enche de ledicia a Rafael, aunque non faltan daquela noticias desalentadoras. Tanto no ámbito xeral, pola marcha da guerra, como no privado. Moitas cousas van dexenando, e Rafael aínda ha de escoitar confidencias que lle sorprenden sempre. Como unha que lle fai Díez Canedo, ó divisalo na rúa. Dille: «Esta mañán estiven nunha reunión na que o botei de menos, e non me privei de dicilo». Fora na sesión constitutiva do Consello Nacional de Teatro, composto por Canedo, Casal Chapí e María Teresa León. A pesar de ter sido director do Teatro Español, a Rafael nada lle informan nin nada lle propoñen; excluíndoo.

E aínda ha de escoitar máis despropósitos. Como un que lle transmiten Quiroga Pla e María Zambrano, que lle piden a aquiescencia para un novo plan organizativo de *Hora de España*, consistente na inclusión, por riba da Redacción, dun denominado Comité Directivo, no que estarían, xunto a quen lle consultan o seu parecer, Rafael Alberti e máis Emilio Prados. Dieste oponse a elo, e eles non poden senón recoñece-lo valor moral das razóns que expón. De todas maneiras, diranlle que de feito xa non era posible mante-la revista tal cal. Ou se accedía a ese cambio ou desaparecería. Dieste, en contra da súa vontade, cede: «Ben, como gustedes».

En outubro e novembro de 1938, baixo a responsabilidade dese novo poder xestor de *Hora de España*, do que quedaba excluído por escuras manobras de trastenda o seu principal inspirador, saen os dous últimos números da revista, o XXII e o XXIII. Do derradeiro, no que aparecerán os derradeiros escritos que Machado verá publicados en vida, non se puido proceder á distribución, polos acontecementos. E ha de permanecer nos armacéns da imprenta, a tipografía La Académica da rúa Enrique Granados, ata que, cando as tropas 'nacionais' comandadas polo xeneral Yagüe entran na cidade, é destruída case toda a tirada; da que se salvan os poucos exemplares que os propios impresores ou algún cliente interesado, ademais dos autores, foran levándose.

A revista ficará como o exponente máximo das cotas a que un grupo de escritores, cando está de Deus, pode chegar, se os alenta, como Dieste dicía «o inconformismo fronte á estreitez de horizonte, fronte ás posibles presións de grupo e de partido ou ás ocasionais mesquindades de calquera procedencia». A clara dignidade da revista, á cal debe a súa exemplaridade ó cabo dos anos, non foi gratuita. Foi o resultado asegurado polo




Retrato de Rafael Dieste por Manuel Colmeiro (1940).



Rafael Dieste (Bos Aires, 1943).




Otero Espasandín, Rafael Dieste, Antonio Baltar e Luis Seoane (de pe) coas súas donas Mireya, Carmen e Maruxa (sentadas), no patio do Hotel América en Miramar (Bos Aires, 1945).



Rafael Dieste, Guillermo de Torre e Norah Borges en Adrogué, Bos Aires, arredor de 1940.



Manuel Colmeiro, Esther de Cáceres e Rafael Dieste en París (1949).




Carmen Muñoz en Venecia, paseando en góndola con Rafael. Ó fondo o Palacio Ducal (1949).



Rafael Dieste, a súa dona Carmen, Esther e Alfredo Cáceres en Paestum (Italia, 1949).

Rafael Dieste en Cambridge (1951).



Alfonso Rubio e Rafael Dieste en Monterrei (México, 1953).



Os irmáns Antonio, Rafael e Manuel Dieste nas Covas de García, preto de Monterrei (México, 1953).



Rafael Dieste e Carmen, entre clase e clase, no Instituto Tecnolóxico e de Estudos Superiores de Monterrei (México, 1954).



Rafael Dieste na súa casa da rúa Lavalle en Bos Aires (1955).



De pé: Comesaña, Ramón Valenzuela, Lois Tobío, Eduardo Blanco-Amor, Xosé Velo, Roxelio Rodríguez de Breña, Luis Seoane, Marcial Fernández, Xosé Núñez Búa, Emilio González López, M.ª do Carme Tobío, M.ª Victoria Valenzuela, Antonio Baltar. Sentados: Alberto Vilanova, Xerardo Alvarez Gallego, Vicente Gómez Paratcha, Alfonso Díaz Trigo, Xavier Bóveda, Rafael Dieste e Laxeiro. Reunidos en Bos Aires con motivo do Congreso Galego da Emigración (1956).

tipo de previsións con que os fundadores acertaron a planeala. «Estaba ben fundada», proclamará Dieste.

O resultado non podía ser máis satisfactorio. Nas súas páxinas conviviron, cos membros da redacción, homes de dúas xeracións anteriores e outros que proviñan da fornada posterior. O momento cultural en que sae definían algúns mestres do 98, e Machado, con Ortega e Unamuno, a parte das novas incorporacións. E no ambiente pesaban libros como *A decadencia de Occidente*, de Spengler, *A técnica do golpe de Estado*, de Malaparte, e *España virxe*, de Waldo Frank, a quen se lle debe esta gabanza de *Hora de España*: «Ó meu entender, o maior esforzo literario que ten saído de calquera guerra e proba de que a loita de España contra a traición do mundo é o nacemento dunha cultura que non debe morrer».

Estamos xa en 1939. En xornadas difíciles, Rafael e Carmen, por separado, e vencidos, emprenderán a retirada. Francia, a Francia que con Inglaterra negou á República a axuda que os 'nacionais' sí tiveron en Hitler e Mussolini, os espera. Teñen por diante o exilio.

CAMPOS DE CONCENTRACIÓN E HOSPITAIS FRANCESES

Malos días os de 1939 para tódolos españois, e máis para os da España republicana, a da derrota. En febreiro, os Dieste, que levaban un tempo separados —desde que Rafael marchara ó frente— vense en Barcelona, onde só seguía Carmen. Ante o cariz da situación, prevendo as calamidades que se aveciñan, toman a decisión de xuntarse en París cando todo pase. E aprenden de memoria os enderezos parisinos de dous amigos: Corpus Barga e Angela Selke de Sánchez Barbudo.

Ó despedirse esa vez, Rafael di a Carmen que non tardará en ir por ela e a dona de Ramón Gaya unha camioneta que as ha levar á fronteira. Rafael parte unha vez máis ó seu posto no frente, pedido por el nun momento en que a vida na retaguardia era dunha gran desolación. Os amigos foran índose todos ó exército. Barcelona era unha cidade baixo mínimos. A electricidade faltaba decote, e moitas noites a única luz é a da franxa dun reflector tentando segui-lo voo dos avións enemigos. O firme das rúas e os raíles son levantados polos obuses. As detonacións son a única música. Hai poucos tranvías en servicio. En moitos barrios están sen ascensores. O cru inverno xela a auga nos canos. Todo escasea, empezando polos alimentos.

Sequera para quen eran membros de partidos ou sindicatos as cousas eran máis levadeiras. Vascos, cataláns e outras agrupacións, xa políticas xa profesionais, mal que ben ían apañándose entre eles. Os independentes en cambio tiñan un apaño, unha defensa dificilísimos. Por eso Rafael diría a Carmen un día: «Eu iríame cos do Exército do Leste». E por eso a muller contestaría: «Pois vaite».

Alí, en segunda liña de fogo, e ás ordes do comisariado, que tiña estado inmediatamente antes en Solsona e Manresa, e que agora estaba en Olot, traballa Rafael en funcións de títeres para os soldados e con Barbudo e outros na confección do papel quincenal *El combatiente del Este*, que el diagrama. Alí estaba tamén Arturo Cuadrado, como comisario do exército, e aínda haberían de ir, para outras tarefas, Ramón Gaya, Otero Espasandín e Gil-Albert. O grupo, unido por fortes lazos de amizade,

fai o labor encomendado admirablemente, como se da empresa máis querida se tratase, como se *Hora de España* fose ese papel para sinxelos milicianos. Así, o último número do xornal, que levaron canda eles, é un motivo de orgullo para os impresores, que se sinten magoados por non poder repartilo entre a tropa. ¡Co bonito que saíra!

Cando se produce a evacuación, cousa que fan a pe, carrexan ademais tódolos bens de que eran donos: estilográficas e máquinas de escribir, os redactores, e minervas e tipos, os artesáns. O obxectivo, que se cumpre, é impedir que todo elo pase a disposición da propaganda fascista. Anque o que non se poderá impedir é que pase a mans francesas, que son as que se quedan eses exiguos enseres na alfándega, tras un expolio ilegal. «Menos mal que a comida xa a engulimos», pensan ó seren privados do seu.

O de aprovisionarse cunhas mínimas vituallas fora idea de Espasandín, con quen Rafael coincidira noutra guerra de vinte anos atrás, en Marrocos. Otero era home moi deportista, moi de ir á serra a oxixenarse, amén de moi previsor. E tivera o pronto, cando a evidencia do último momento rondaba, de ir apartando zucre, con figos pasos e algunhas outras cativeces en merendiñas que van comendo, conforme avanza campo atravesada e as forzas flaquean —ó final terán andado máis de sesenta kilómetros.

Antes da súa retirada, o 26 de xaneiro, un amigo deles pensa no destino dividido do vello grupo vigués de xornalistas. Felipe Fernández Armesto, que agora se firma Augusto Assía e é a pluma estrela de *La Vanguardia*, entra co Conde de Godó nos locais do xornal que lle fora incautado á propiedade polos anarquistas. Assía, que fora ata o 36 correspondente en Londres do rotativo, exercendo ademais a corresponsalía voante por toda Europa, ó chegar ó seu vello despacho deu cunha pila enorme de revistas.

Nova Galiza chamábase a publicación, e fora estampada nas máquinas de *La Vanguardia*. Os nomes de Fernández Mazas, o seu 'Candochas', Otero Espasandín, Luis Seoane e Rafael Dieste desfilaban por aquelas páxinas en rexa marcha belicosa (¿Qué paso podían levar?: 'Cando martelo, martelo'). Sentado na morea e tras follear varios números, deu a un ordenanza o mandado de queimar todo aquilo, pensando librar de males ós amigos que non lograran fuxir.

Días antes, Carmen Muñoz, en Barcelona, conta confiada cunha camioneta que iría polas mulleres. Mesmo declina o ofrecemento de reco-

llela na súa casa que lle fai unha antiga alumna súa no Instituto Escola de Madrid, cando a ve pola rúa. Sabe por ela que pretenden corta-la estrada de Francia por Mataró. E despois deste encontro, que ten lugar á tarde, haberá pola noite un bombardeo tremendo de longo e intenso. Carmen, rendida, durmeuse soamente de mañán. Ata que, de sutaque, despertou sobresaltada por un estoupido seco que rompeu o silencio. Non era unha bomba de avión, nin tampouco de antiáereos. Era artille-ría. Estaban, como moito, a 15 kilómetros. E había que irse.

Carmen vai onda Fe Sanz de Gaya. Dille que prepare as súas cousas, mentres ela se achega á oficina de *Nova Galiza*. Contigua, no mesmo piso, atópase a oficina do Partido Galeguista. Fala coa mecanógrafa, á que manda para casa, e logo, cos ficheiros e a correspondencia da revista, rociados de alcohol, fai unha pira na cociña do piso. Chega entón un militante do PG ó que coñecía; e con el, en ausencia do responsable en Barcelona do PG, que —acaso por obriga noutros mesteres— levaba varios días sen ir polo local, queima tamén os ficheiros do partido.

Por fin ese día pola tarde presentárase a camioneta do Exército do Leste a recoller a Carmen e á muller de Gaya (1). Xa viñan nela outras familias que querían saír. Conta o conductor que acudira o día anterior, a data sinalada, pero que como a dona de Cuadrado se delongara moito empacutando libros e equipaxe, non lle dera tempo de ir buscar a Fe e Carmen. Ésta, nese momento, e contando con que en Mataró ían te-la estrada cortada, di a Fe que non a acompañe, xa que ha de ir con Alicita, a súa filla de vinte meses, e aconséllalle que fique coa familia do seu home. Pero Fe está decidida a irse, a pesar de todo.

Ambas a dúas desfáanse da súa documentación, rachan tódolos papeis e pónense de acordo nuns nomes supostos. Carmen será Rafaela Muriel, coa intención de que Dieste, ó velo escrito, poda saber que é ela. O chófer, que non sabía se lle conviña ir ou quedarse, mostrase remiso a emprende-la viaxe, dubida qué facer.

Pero finalmente arranca, e leva ós ocupantes ata Gerona, a onde chegan sen verse interrompidos por corte ningún en Mataró, aunque negándose o conductor a segui-lo camiño. Na cidade, unha vez que o conductor e o resto da pasaxe se marcharan, atópanse as amigas con Corpus Barga, que viña de acompañar a Antonio Machado e á súa nai-ciña a Collioure, e que lles fala da conveniencia de que se vaian canto antes.

(1) Na memoria de Carmen as horas que seguen van quedar incólumes para o resto dos seus días.

Tentan poñerse en comunicación co comisariado de Olot, onde están Dieste e Gaya, polo que van á emisora de radio. A pesar dos repetidos intentos, a comunicación non é posible. Aquela noite en Gerona, exhaustas de tantas fatigas, durmirán no chan do gran comedor do hotel principal, entre moitas máis persoas. Outra vez de día na emisora, como comunicar con Olot non é posible, séntanse nas malas xa case anoitecido, a esperar.

Nestas, ven a un capitán médico da Cruz Vermella coñecido dos seus homes que lles comunica o rumor de que os 'nacionais' desembarcaran en Rosas. Failles ve-lo peligro que corren, e el mesmo, coa súa pistola, para á primeira ambulancia que pasa. Dentro dela non ían enfermos. Ía unha *troupe* de xitanos ós que lle volcara a carraca e conseguiran facerse co automóbil non se sabe cómo. O capitán obrígalles a levar ás señoras canda eles, a Figueras, e manda unha persoa para que se cerciore de que a orde se cumpre, e máis para que traia a ambulancia de volta.

Como os calés ían 'jeríos' ningún se levantaba a deixarlle o asento a Fe, coa nena no colo. Ata que intervén a amiga e un, de moi mala gaña, llo cede. Para face-lo traxecto, que é corto, consumen un longo tempo. A chuvia, os grupos de xente que atrancan a vía tamén de retirada, e os controis, nalgún dos cales están inmobilizados unha hora, fan que cheguen ó punto de destino ás dúas da madrugada. Momento en que baixan todos e a ambulancia se volve.

A cidade está oscura e pechada. Nas escaleiras dun portal que mostraba unha raíña de luz, e cuia porta cede ó empurralla, instálanse a pasalo que resta de noite. Cun pouco de leite e uns anaquiños de chocolate sacian parte da fame de Alicita, en tanto elas seguen sen levar bocado ó estómago. Ata que dous soldados, ó cabo dun par de horas, pasan por alí ó ve-la raia de luz, e entran en conversa con elas. Eran moi novos. Levaban moito medo, porque non sabían qué facer. Ignoraban se eran exército regular ou se o seu compromiso coa Milicia deixara de existir.

Nun momento dado abriron un bote de carne e cuns pans fixeron senllos bocadillos, cos que tamén as convidaron a elas. Indecisos e sen repousar, marcháronse ás dúas horas. Ás sete da mañán abriuse a porta do piso. Unha señora, muller dun carabineiro, dalles un almorzo e ofrécelles que se deiten a repousar: «Ten que se-las dúas nunha cama, que non dispoño doutra», dilles. Fe sí o fai, mentres Carmen vai ó castelo de Figueras, onde estaba a Dirección Xeral de Carabineiros.

No corpo había moitos galegos, e entre eles a muller contaba con atopar a Pla, ó que coñecía por ter estado ó frente da oficina do P. G. Seguindo os responsables do mando, éste estaba a chegar. Sentouse ela nun

caixón a agardalo. E para organizarse púxose a anotar, en tódalas follas dunha libretiña que levaba consigo, o enderezo da señora que as acollera. E como Pla non dá chegado, deixa, para que lla dean, a primeira daquelas improvisadas tarxetas.

Tras repartir máis folliñas pola vila ós coñecidos que atopa, volve de novo ante Fe. Ás dúas horas reciben emocionadas a visita de Rafael e Ramón Gaya, que foran a Figueras a saber delas, e que recibiran dúas ou tres 'tarxetas'. Desminten o rumor do desembarco. Haberá tempo aínda para que se vaian coa xente de Propaganda, que sae ó día seguinte. Confirman, polo demáis, que Pla está ó chegar. E ó día seguinte, moi cedo, moi cedo, comprobán que o grupo co que deben saír xa deixou Figueras horas antes. Carmen pasa a mañán no castelo, agardando a un Pla que non chega, e ás dúas da tarde volve xunto a Fe.

Carmen explica á amiga que poden ficar ou marcharse nun tren que vai á Jonquera protexido pola Cruz Vermella, con mulleres, feridos e nenos, ás catro da tarde. Decidirán irse. Unha vez que lle deixen o groso das súas pertencencias á súa 'boa samaritana', ás tres e media da tarde, vanse a andar para a estación. Fe cargando coa nena, agora máis acatarrada, e Carmen con dúas malas que, anque moi alixeiradas, aínda pesaban moito.

Ó chegaren a un descampado preto da estación dan a alarma e unha espesa frotiña de avións comeza un bombardeo feroz. Fe bótase sobre Alicita, e Carmen, coas malas, queda algo detrás. Corpo a terra, Carmen ve cómo se mesturan no aire areas e vexetais con metralla. E tapa os oídos, ata que os agresores se van. Chégase entón a onda Fe. Mira que ten unha perna cernada case por completo. Vea cos ollos cerrados. «Xa pasaron», dille, quitándolle a Alicita. Logo diralle: «Alicita está ben». Entón escoitará como Fe lle responde, abrindo os ollos: «Eso é o importante». E ó fin verá como pecha os ollos, quizais para sempre.

A xente corre dun lado para outro. Carmen busca a tres soldados —un deles ten unha pata de pao— para que acudan a socorrer á amiga. E cando xa a van levar, soa outra vez a alarma, e hai outro bombardeo. A nena estará agora baixo Carmen, quen, cando o ataque remata, di ós homes que leven a Fe para o hospital a toda présa. Ela mesma diríxese á Cruz Vermella, cun brazo ferido. Vai co moño desbaratado, enlizada de sangue e area, e con Alicita no cadril. Ó vela pasar, as mulleres exclaman: «*Pobra dona*».

Tiña no brazo esquerdo unha ferida moi fea. Fanlle a primeira cura, moi superficial, e o médico prescíbelle descanso inmediato. Tumbada nun diván espera que pase outro bombardeo, ó termo do cal, algo recu-

perada baixa á rúa. Para un automóbil e ordénalle que a leve ó castelo, onde se atopa cos carabineiros, ós que pregunta por Pla. Respóndenlle dicindo que chegara, que está falando cos superiores.

A muller ten frío, e a nena presa do pánico durante os ataques, que pasa dicindo —«no, no, no, no...»— está totalmente asustada, cando chega Pla. Relata as complicacións padecidas o día anterior, que lle impediran chegar. Carmen pídelle que diga ó xefe de carabineiros que chame a Olot. Pla sae, e cando torna dille que nin poderá ir ó hospital, a ver a Fe, nin pode falar con Olot. Que o único que poden facer é saír de Figueras, na escolta do director xeral de carabineiros. Así abandona España.

Xa no lado francés da fronteira verá a Jacinta Landa, viuda de Viqueira, que traballa na Comisión de Axuda dos cuáqueros ingleses e a fai levar ó hospital de Perpignan, onde a nena será instalada no pabillón infantil. Permanecerán alí uns catro días nunha sala pequena, dunhas vinte camas, a maior parte ocupadas por mulleres españolas 'rojas'. Isto influe sen dúbida na escasa atención que se lles presta. Ela pide ás *soeu-ettes* que lle permitan escribir unha carta, o cal non lle é concedido, alegando que o médico tiña ordenado repouso. Pero Carmen insiste cunhas visitas dunha doente francesa, ás que solicita papel e lápiz, ademais de que lle franqueen a carta. Pode deste xeito dirixirse á muller de Otero Espasandín, que estaba en Londres cunha irmá. Cántalle o que sabe do Exército do Leste, e pídelle unha libra para franqueo, ó tempo que lle dá as súas señas.

Entón, o director do hospital manda evacuar ás enfermas españolas pretextando que se necesitan as camas para as francesas. Serán trasladadas a un antigo cuartel malamente acondicionado. Nel non hai camas, e as pacientes son colocadas sobre unhas colchonetas de palla, sen sabas, cuns cobertores. Á mañán seguinte Carmen pon unhas letras a Jacinta Landa rogándolle que lle arregle o xeito de irse a París con Alicita, posto que ten o brazo inflamado. Un inglés, Richard Reed, a quen xa coñecían de ser amigo de Waldo Frank, avalará esta demanda súa ante as autoridades e será quen lle consiga os papeis necesarios e lle dea cincocentos francos para paga-la viaxe.

Toda esa noite pasarana muller e nena no tren, e ó chegar a París, na mesma estación de ferrocarril toman directamente un taxi a casa de Corpus Barga. Os Barga, moi amigos dos Gaya, quédanse coa nena, á que han de sandar da febre e da bronquite que levaba, e Carmen vaíse a casa de Angela Selke, á que pide que a leve a unha clínica privada, para que a atendan ben.

Angela lévaa a un médico ó que Carmen aclara en primeiro ter-

mo que non ten cartos. O home, que ha de viaxar a Marsella, dalle unha carta para que a interveña o xefe do hospital La Pitié, onde rápidamente é operada con anestesia local. Ós dous días delo, cando se recuperaba, Angela chegou cunha carta de Sánchez Barbudo. El e Dieste, cos demais, estaban no campo de concentración de Saint-Cyprien. Trátase dun lugar de condicións de vida moi duras, alcumado cando fora usado na guerra do 14, como «as praias da morte». Pero a elas a noticia alégraas. Significaba que, alomenos, lograran saír e estaban vivos. Anque a penas tivesen un covo na area e unha mala manta para durmir, e anque a penas lles tiraran un pan ó día para moitos. Estaban vivos.

Os seus homes formaban un grupo que se organizaba para o xantar, o durmir, o defecar; difíciles tarefas entre outros corenta mil homes. Dun lado tiñan os aramios que duraban da Gran Guerra, e os soldados armados, negros do Senegal, que cumprían o oficio de custodios da masa. As vestimentas (2) dábanlle ós amigos un aire de romeiros ou mendicantes, con trapexos usados en tres anos de guerra e arrastrados na retirada, entre o pó dos camiños e a morriña dos albergues. Doutro lado o mar. E por toda auga, a que, insalubre, manaba dun cano soterráneo e eles bebían en botes de conservas, desafiando o tifus e a disentería.

Pasado-los primeiros días, nas horas da tarde deixaban entrar no curral a uns carricoches con toldiños que vendían chocolate, galletas e caixiñas de queixo fundido, ademais de tabaco. Cousas que, dirá Gil-Albert, «mercábamos facendo as nosas contas, como vellas, cos poucos francos que algúns, non sei mediadas qué transaccións, conseguiron, xa que os nosos billetes republicáns disfrutaban da mesma repulsa que nós mesmos».

Alí chega unha primeira carta de Carmen na que ésta conta a suposta morte de Fe. Os amigos acordaron non dicir nada a Gaya, ata que un enviado da Alianza de Intelectuais, Jean Camp, se presenta para toma-la ficha dos membros de *Hora de España*, ós que avisa da súa saída daquel recinto nun prazo de días. Daquela contan ó amigo toda a verdade.

O tempo de convalecencia, a Carmen, parécelle larguísimo. Van visitala a propia Angela, a filla de Corpus Barga, a filla de Santullano e Arturo Souto, que ás veces vai coa súa dona. Como fora operada en urxen-

(2) Un dos protagonistas destes días, Juan Gil-Albert, narrou estas vicisitudes no seu *Memorabilia* (Tusquets, Barcelona 1975).

cias e non puideron coserlle o brazo, infestado, o director de La Pitié, coñecido por 'monsieur le Patron', infórmaa de que a van operar de novo, para facerlle un enxerto. O médico dixeralle que gardaba dos españois un cálido recordo, desde que loitaron xuntos na guerra do 14, e declarouse partidario do bando republicán. Carmen pediulle que fose el, imitante no físico a Pau Casals, quen a operase.

Por cartas que en marzo e abril escribe a uns e outros, aínda co brazo en 'cabestrillo' enteirase de que Rafael está en Poitiers, a onde os cuáqueros ingleses, por mediación dos escritores franceses, tiñan sacado ós intelectuais españois. En Poitiers, na finca 'La Merigotte' de Jean Richard Bloch, da que non se poden mover, son confinados. O cal significa que a Rafael lle será imposible arranxa-la documentación para ir ver a Carmen. O máis que pode é escribirlle.

Prodúcese daquela a intervención providencial de Don Carlos Gurméndez pai, quen, desde La Haya, onde está de ministro uruguaio, remite ós Dieste un *laissez-passer* para ir a Holanda. Asimesmo, redacta un documento que acredita que Rafael tiña dereito a ir ó Uruguai a reclama-la cidadanía, por ser fillo de nai daquela nacionalidade.

Por fin Carmen pode sair para Poitiers e alí estase uns días ata que poden ir ela e mailo home a La Haya, onde Don Carlos lles xestiona unhas pasaxes para Montevideo. Van acto seguido a Rotterdam, a colle-lo barco, pero cando se enteiran de que fará escala en Canarias, queren asegurarse do que pode pasarlles. Preguntan ó capitán se estaba obrigado a levar lista de pasaxeiros e se debían entregar ós que foran reclamados. Dinlle que non teñen por qué entregalos, anque os reclamasen. Pero que as autoridades españolas sí podían impedir que o barco saíse do porto.

Desde Rotterdam conseguirán partir ó segundo intento. Irán no 'Alwaki', cargueiro con vinte camarotes, como de primeira clase, que non tocaba ningún porto durante a travesía. Salvo eles, a pasaxe é holandesa e alemana, e a tripulación é enteiramente holandesa. Un ramo de tulipáns que o cónsul do Uruguai en Rotterdam regalara a Carmen ó embarcaren, chegará, tralos dazasete días da singradura, ata Montevideo case sen amurcharse, quizais contaxiado polo reencontro coa alegría do matrimonio.

Ós Dieste parécelles que a todas horas tocan a campaña para ir xantar, merendar ou tomar un copetín. O día transcurre simpáticamente coa práctica de deportes do barco, como o 'burro', o 'estrobo', e o ping-

pong. E incluso, ó final, conséguese un alto grao de camaradería. (Hai unha anécdota moi reveladora delo: embarcaran á tarde, e á hora da cea un dos oficiais fixo a presentación dos pasaxeiros ó capitán e máis entre sí. Todos tiñan xa o seu sitio asignado na mesa, e como a maioría falaban holandés e alemán, a Carmen tiveron a deferencia de colocala entre Rafael e un comerciante holandés con negocios na Arxentina, que falaba español correctamente.

A primeira frase que lle dirixe a Carmen, mentres desdobran as servilletas, é: «¿No serán ustedes rojos?». Ó que ela contesta: «¿Y qué vamos a ser: fascistas?», resultando un silencio un pouco embarazoso, salvado con fórmulas de civilizada cortesía. Nos días que seguiron non se falou máis de política, anque sí se falaría moito. Mesmo compartían os xogos de a bordo, nos que o holandés en cuestión era un consumado experto e nos que eles ían adestrándose pouco a pouco.

Xa moi avanzada a travesía, celébrase o campeonato do 'burro' no que, tralas eliminatorias, quedan eles tres e o capitán para a gran final. Rafael e o capitán resultan eliminados e a competencia haberá de resolverse entre o holandés e Carmen. Gaña Carmen —ela dirá que «por casualidade, sen dúbida»—, e por elo, en exaxerada cerimonia posterior, lle será imposta a banda e a medalla que acreditan o evento.

O conto é que, ó chegar o barco a Bos Aires —eles seguirían ata Montevideo— hai unha despedida moi cordial do holandés, ó que, cando se acha en terra, lle din adeus desde cuberta. Entón sucede algo: el levanta o puño en alto e berra sorrinte: «¡Viva la República Española!».

Celebran tamén a festa do paso do Ecuador, que se fai en traxe de baño. Previamente, Carmen, que di que non ten bañador, —dada-las circunstancias era toda unha sorte que lle quedase un traxe para o día— ve cómo un mariñeiro lle dá un traxe de baño seu, por estreitar. Casualmente, naqueles anos esas prendas, en señor e señora, eran practicamente iguais. Este era negro.

A festa do Ecuador era unha entretida serie de disparates. A un alemán barbéano cunha brocha de pintar e navalla de pao. A outro séntano nunha táboa sobre un gran balde e despois retíranlle o asento. A outro lávanlle a testa cun ovo que lle escachan no pelo. E os reis da festa eran Neptuno, un mariñeiro grandón e forte, e a súa dona, que aínda era máis grande, se cabe. Eles percorren a cuberta bautizando ós concursantes polo delicado precedente do emborcarlle caldeiros de auga. Carmen gañará tamén este concurso, que leva aparelado o título de 'serea de mar'. Rafael é, simplemente, nomeado 'arenque'.

O barco, o 'Alwaki', coas súas chanzas, tiñase convertido para a pa-

rella nunha especie de limbo. Alí, de tan intensamente despreocupados como os viven, contan os días ó revés. Ata que arriban a Montevideo, onde a policía revisa os seus papeis e lles di que non poden baixar, que han de volverse a Europa. Eles quédanse impávidos, sen mostrarse consternados. Esta reacción, por inesperada, desconcerta ós uruguaios, que de momento deixanos de lado, mentres comprobamos a documentación do resto. No fondo, en datas de redescubrimento do amor e a vida, a idea de volver no barco, e repetir outra veintena de días como aqueles, ós Dieste non lles disgustaba.

Nesas, subeu a incorporarse ó grupo dos revisores un que estivera en Vigo de cónsul, Muñoz Moratorio, que coñecía ben o apelido Dieste. El corroborou a versión deles, dicindo que en efecto o escritor tiña dereito a desembarcar, conforme testemuñaba o ministro Gurméndez, para solicita-la nacionalidade. O Ministerio de Negocios Extranxeiros debería en última instancia resolver se a petición era razoada e conforme a dereito.

Nos peiráns agardaba por eles Enrique Dieste, o irmán maior de Rafael, e máis Esther de Cáceres. Logo veríanse con Eduardo, o irmán máis unido á parella. (Eduardo significárase de maneira farto evidente ó estoura-la guerra de España. El estaba adscrito ó consulado en Madrid, cando dúas monxas nadas no Uruguai e capturadas en delito de espionaxe, foron eliminadas. Entón, o goberno do Uruguai rompeu relacións coa República, e Eduardo, sen encomendarse nin a Deus nin ó díaño, dimiteu, regresando ó seu país, onde estaba no poder o dictador Terra).

Despois dun mes no Uruguai, un bo día, Rafael e Carmen pasan como turistas, a Bos Aires. Será o inicio dunha alentadora etapa porteña do matrimonio, que, ó ano, consigue cédula de residencia na Arxentina.

UNHAS XANELAS Ó PORTO

O día 11 de xullo chegan os Dieste a Bos Aires. A Arxentina non é, como Francia, un país doutro idioma. Chegar a Bos Aires ese día, de inverno naquel hemisferio do globo, despois de ter vivido as semanas da retirada en campos de concentración e sanatorios franceses, de ter atravesado o Atlántico nun cargueiro holandés, é como chegar de novo a España, ó Barbanza case.

A Arxentina tiña un goberno conservador, que non admitira refuxiados españois, en xeral. Privada e arriscadamente, ou con contratos de traballo, algúns foron chegando. Nunca moitos, se se compara cos que foron a México, a Chile, ou cos que ficaron en Francia. De calquera xeito, entre o pobo arxentino, a opinión en favor da República era unánime, e só sectores circunscritos á embaixada franquista eran partidarios da España do César Visionario.

No caso dos Dieste, para que esta acollida fora boa, natural, contaban factores familiares e de amizade. Tiñan alí a Mireya, a sobriña de Rafael casada con Antonio Baltar, que saíran de Compostela no 36. Estaba tamén Luis Seoane, que chegara nos primeiros meses da guerra, e que logo fora levando á súa familia. Había, a maior abundamento, moitas persoas procedentes de Rianxo, e Compostela, que tiñan relación coa familia Dieste, e que se prestaban de grado a respalda-los avais bancarios que precisasen.

(Ademais de seren recibidos con simpatía polos galegos, tamén o son por escritores e artistas arxentinos. Ós poucos días de chegar a Bos Aires os máis relacionados co grupo de Oliverio Gironde, en parte procedentes do «Grupo Martín Fierro», improvisan unha amistosa cea de benvinda ós Dieste, cuns catorce comensais. Persoas como o propio Gironde e Norah Lange, Amado Villar, González Carvalho, Carmen Portela de Araoz, Córdova Iturburu, Conrado Nalé Roxlo, Pablo Rojas Paz e Toño Salazar, que, vistas con maior ou menor frecuencia pertencerán, en adiante, ó círculo dos seus amigos porteños).

Segundo o que habería de ser sempre o seu costume, eles, farán o menor uso posible de cretos, procurando, desde o comezo, valerse por sí mesmos e responder correctamente ós compromisos adquiridos. En tan-

to a situación vai regularizándose Rafael e Carmen vivirán en casa do matrimonio Baltar-Dieste. Xa en agosto, Rafael recibe o encargo de traduci-la obra *Terra dos homes* de Saint-Exupéry, para a editorial Sudaamericana. E en xaneiro do 40, por mediación de Maruja Mallo, obtén traballo, con Carmen, na editorial Atlántida.

Os Dieste coñecían á pintora de Madrid, onde fora apaixonada noiva de Alberti ata que fixo acto de presenza María Teresa León. A Maruja Mallo, nacida en Tui, sorprendéaa a guerra de veraneo en Bueu con Alberto Fernández, o ferroviario natural de A Mezquita que nos primeiros anos trinta tantas cousas lle tiña solucionado con moi boa man ó grupo dos que formaban a peña de La Granja del Henar. Alberto sería prendido polos sublevados, mentres Maruja, con máis sorte, puido fuxir a Bos Aires.

Aquí, cando ela levaba vivindo máis de tres anos na cidade, quixo ver a Rafael e Carmen. Un día convidounos a cear. Contoulles que era colaboradora da Editorial Atlántida para a ilustración dos famosos contos de Vigil, e ofreceuse a presentalos á empresa. Quérese dicir, a Constancio C. Vigil. As cousas rodaron con tan boa fortuna que non soamente el, senón tamén a súa dona, entraron de inmediato a traballar.

Coincidindo con esta entrada e a subseguinte maneira de gañarse a vida normalmente, buscan casa; cando Antonio Baltar e máis Mireya Dieste van deixar temporalmente Bos Aires. Collen un piso no barrio Sul, na rúa de San José. Son tal vez demasiado pouco ambiciosos á hora de decidirse. Acaso demasiado precavidos. De sorte que, unha vez que cambien de oficina dentro de Atlántida, e queden sen a vantaxe de te-la liña dos autobuses a man, se mudan.

Primeiro houbera novidades na empresa. No traballo, Dieste estaba moi suxeito á rutina da casa editorial, cun horario posto como para amolalo. De oito a doce da mañán, e de dúas a seis da tarde. Para el, levantarse ás seis e media ou sete, para chegar a tempo á rúa Azopardo, onde, nun edificio moi solemne, con porteiro de gorra de prato, tiña o seu despacho, era un auténtico martirio. Un día que Vigil vai de visita e lle pregunta se ten algunha suxerencia, Rafael di: «Se mo permite, sí teño. Desde logo para min o horario é fatal. Supoño que vostede é unha desas persoas moi madrugadoras, pero eu non. Eu dígolle que de oito a nove non fago máis que despertar. Se entráramos ás nove viría desperto». A réplica de Vigil foi clara: «Eu comprendo: é vostede un artista, pero é disciplina da empresa. ¿Cómo imos facer un horario especial para vostedes?»

En todo caso, as cousas cambian ó mes. Dieste non renunciara a

aportar ideas para a marcha da editorial, a pesar de que ésta se movía nuns límites moi precisos. Dedicabase a sacar cinco revistas —catro semanarios e unha mensual— cada unha dirixida por un fillo do propietario, e tiña unha pequena sección editorial de libros dirixida polo xenro do dono, o doctor Vercelli, que publicaba os contos de Vigil e algunhas sinxelas coleccións, como as de adaptacións resumidas de xoias da literatura universal, as de obras de América e as de biografías de personaxes célebres.

Rafael non renunciaba a abri-la editorial a campos novos, e puido un día escoitar como Vigil lle decía: «Non o imos desperdiciar a vostede. Ímolo mandar á rúa Florida (1)». As súas propostas non caían de todo en saco rompido. Alí, co gallo de dar pulo á faceta editorial, Dieste asume funcións de director literario. E Carmen será a secretaria do departamento editorial. O matrimonio pasa a unha nova situación dentro da empresa, que de todos xeitos non quere invertir moito capital na sección de libros.

Cambian os Dieste para a oficina de Florida, cuido horario de mañán é de nove a unha. E múdanse, coincidindo con este cambio, para a rúa Lavalle, entre San Martín e Reconquista. Van dar ó número 376 desa rúa un pouco por casualidade, xa que cando foran preguntar ó porteiro por un piso exterior, éste dixéralles que non o había, que só estaba libre un décimosegundo. Eles quixeron velo.

Era un moderno edificio a dúas 'cuadras' da rúa Florida. Con servicios como auga quente central, calefacción e crematorios. O piso 12, nun espacio non moi grande, pero moderno, comfortable e cun amplo salón de estar, era dabondo para a parella, que queda prendada das vistas, que alcanzan ata o porto. Esta conxunción de espacios, a brevedade do interior e a grandiosidade de fóra será o que faga que Carmen, xogando cos conceptos, diga á súa irmá nunha carta: «*Nos hemos mudado a unas ventanas en la calle de Lavalle*». Unhas xanelas que non dan a esta rúa precisamente, senón a unha fermosa vista da cidade e ó sistema de cais, peiráns e diques cruzados que é o porto de Bos Aires.

Agora, ós poucos, eles, que tiñan chegado cunha maletina de man cada un, van mercando as cousas de que se rodea toda humana existencia, van repoñendo todo o que quedou varado en tres anos de guerra. E o primeiro case que Rafael fai, antes de comprar cama, ou cadiras, é, en

(1) Unha das rúas máis importantes de Bos Aires, onde estaba a librería Atlántida e a oficina de administración da sección editorial de libros.

«Lottermoser», na avenida de Mayo, mercar un piano 'Pleyel', para o que ha de firmar infinidade de letras. Piano que, sobre un piso encerado de carballo branco, no medio do salón baleiro dos primeiros días, el toca e toca nas horas do crepúsculo, para facer voa-lo pensamento, mentres Carmen o fita, máis que o escoita, sentada no chan.

(O piano era para Rafael a excusa dos ratos máis puros. El non tiña dificultades para le-las partituras, sabía desenvolverse sobre o teclado, pero tantos anos pasados desde que Olegarita dirixía as súas incursións no instrumento, fixeron que adquirise vicios de dixitación. Por elo, máis adiante, decidirá tomar un profesor. Trátase dun discípulo de Debussy, John Montés, que vivía no barrio residencial de Belgrano, ó que el ía, malia a incomodidade da pequena viaxe nun tren de cercanías, un día á semán. Hai unha anécdota moi reveladora do interese que Dieste poñía no piano.

Cando se compromete, en 1944, con Seoane a facerlle o limiar de *Homenaje a la Torre de Hércules*, verá como o amigo lle fai o acordo o último día. «Rafael», diralle, «na imprenta necesitan o prólogo... ¡mañán!». «Sí, teralo», contéstalle el para infundirle ánimos. Carmen deducía pola resposta que ese día coparía a clase de Belgrano. Cál non foi a súa sorpresa ó ver que, ó chegar á casa, saía de novo. «¿Vas ir a clase?», preguntoulle. Foi. E para a volta xa era a hora da cea. Pero por fin Dieste escribiu o texto, que leu a Carmen, despertándoa, ás dúas e media da mañán. Tal vez se non fora pola clase de piano non quedaría tan aéreo).

Do mesmo xeito que toca o piano, Dieste, unha personalidade imposible de entender, imposible de ser reflexada fielmente dividíndoa en seccións —a da literatura aquí, aí a da filosofía, máis alá a da música— dedica moitas horas, roubadas ó sono, á lectura, a poñe-la súa cabeza en orde; a «arregla-la miña propia cabeza», como el dicía, escribindo moitas cuartelas que, indefectiblemente, unha vez que lle serven para aclarar conceptos, el mesmo racha. Non fai, non pode facer literatura illada do que está sucedendo no mundo, pero escribe so, para el so.

Desde o seu novo cargo en Atlántida, Rafael aproveita para botar unha man ós amigos sempre que pode. Pensando en Otero Espasandín, que está nunha difícil situación en Londres, ó comenzo da segunda guerra mundial, crea a colección Oro, de divulgación. Para dita colección, e durante uns tres anos, entrega Otero cada mes o orixinal dun libro do que, polos 300 pesos que lle pagaban, e que significaban un ingreso mo-

desto, vendía os dereitos de autor, como era costume editorial daquela, para obras de encargo.

No mes de que dispoñía para entrega-lo libro, Espasandín debía facerse coa bibliografía precisa, debía estudiala e documentarse, debía profundizar no tema e logo, a contra reloxe, debía escribir todo un atado de folios que tiña que entregar forzosamente o día sinalado. O primeiro título do que se encarga é *Maravillas de las regiones polares*.

Ante estas condicións, leoninas, Rafael pediu á editorial que o prazo fose ampliado do mes ó mes e medio. Proposta que, ante o incremento do precio de venda ó público que segundo o propietario viría a supoñer, foi rexeitada. A alternativa para os patróns era documentarse menos. Para a dirección literaria, para Dieste, en cambio, non podía ser outra que seguir entregando lebre por gato, o máis en pago do menos. E así, superando o que os empresarios de Atlántida querían, fixéronse cousas.

En Oro, nesa colección, que resultaría dun ton cultural moi estimable, escribirían logo amigos como os españois Ossorio y Gallardo ou Serrano Plaja, traído tamén a Bos Aires, e outros autores como Cimorra ou Salas Viu, éste director do conservatorio de música de Santiago de Chile. Ademais, e a parte de Carmen Muñoz, que fará un volume sobre a Ida de Media, escribirán algúns dos profesores da universidade arxentina que serán expulsados ó empeza-la era peronista, como José Luis Romero e outros.

(Juan Domingo Perón, tras ser no 43 co Grupo de Oficiais Unidos o principal soporte do golpe de Estado que supón a subida ó poder de Farrell, vai gañar as eleccións de 1946 en competencia coa alianza de radicais, socialistas e comunistas, ensaiando entón, en sintonía co nazismo, unha situación moi arriscada. En consonancia, a vida no país perde galanura, e en certa medida comezan a aflora-los malos veleños. Por exemplo, á editorial chegan cartas de arxentinos que se queixan de que escritores 'extranxeiros' campeen polos seus respetos nos fondos de publicacións (2). A xenerosidade cos refuxiados políticos da 'caduca Europa' ía en detrimento dos 'valores nacionais').

Rafael procuraba quitar ferro a estas cousas. E, tralos primeiros prontos de indignación, seguía animadamente o seu traballo. Para tódalas publicacións, ademais do guión dos libros e diálogos cos autores, resolvía

(2) Otero Espasandín en «Anécdota» de *Cuentos que me contó Dieste* (Edicións do Castro, Sada 1984) recolle o deletéreo suceso.

aspectos como os da parte de imprenta, indicando os tipos e os corpos máis convenientes, ou os das cubertas, dando ó debuxante as ideas máis axeitadas, e os derivados da lapela, que normalmente redactaba el. Así mesmo, e polas mañáns, decidía sobre as dúbidas que Carmen atopara nos textos e na corrección de probas, que ela lle entregaba sulñadas en tinta vermella.

O exilio servía para amarrar moito máis forte os nós de amizade, para facer de cada grupo unha familia sempre prestes a axudarse, no material e no espiritual. A consolarse. Tódolos días absolutamente se vían os amigos. Para a conversa facíase corro nun café. E desta guisa foron percorridos varios da avenida de Mayo. Ata que a peña quedou máis fixada no Tortoni.

Luis Seoane, o pintor, grabador, poeta e publicista, amén de avogado, era o principal sostén da tertulia. El era sempre o primeiro en chegar e o último en saír. Co seu carácter comunicativo, conseguía tamén que os demais se extrovertiran. Rafael Dieste coñecía de Compostela, anque non de ter con el a fonda amizade que trabaron nestes tempos. Agora, Seoane vivía de artigos, de debuxos, e do traballo ó fronte de *Galicia*, a revista do Centro Galego de Bos Aires, que estaba dirixida especialmente ós intereses e noticias societarias, rutinaria, e á que Seoane non podía modificar moito, aínda que trataba de introducir outros contidos que sobrepasasen a liña media. Para un extraordinario de *Galicia* escribira Dieste, en xullo de 1940, o seu ensaio «Colmeiro, Souto, Maside y otros ejemplos de la nueva pintura gallega». Ferosa peza.

Xunto a Seoane, Arturo Cuadrado. Emprendedor de múltiples iniciativas culturais, estimulador de destacados empeños, pero un tanto vagoroso e fantástico. En todo momento mergullado en promesas e prazos que cumpría un pouco elásticamente. Para Seoane, en empresas comúns, era o complemento perfecto, xa que á eficiencia do pintor, como nórdica, engadíalle un toque de bohemia.

Ambos daban o mellor de sí para a boa marcha da editorial Emecé, levando a dous a parte literaria e Seoane ademais a artística, e conseguindo editar libros galegos en esmeradas edicións. Saen así na Colección Dorna de poesía a tradución ó castelán de *De catro a catro*, feita, prologada e impresa a dobre texto por Dieste, e unha reedición de *Rojo Farol amante*, ampliada e con belísima viñeta para a cuberta de Seoane.

Pero axiña, Seoane e Cuadrado terán un tropezo político que deter-

mina a súa saída da editorial. Había xa diferencias por causa do pequeno número de lectores en galego, que fai pouco viables diñeirariamente unhas edicións que eles querían manter. Este é o pano de fondo que se debuxa cando Seoane e o amigo levan ó directorio económico de Emecé o orixinal de *Torres de amor* de Lorenzo Varela, que aquel se nega a sacar pretextando que o autor é comunista. Faltoulle tempo a Seoane para turrar de Cuadrado e deixa-la editorial. Inmediatamente crean unha nova editora, para a que lle buscan nome cos amigos no café Tortoni. Será Otero Espasandín o que llo poña: «Xa está, ten que chamarse Nova, como a estrela».

Entón, mercé ós contactos que a través de Emecé mantiveran coa imprenta López, o dono dela, que os tiña conceptuados como moi cumpridores, ofreceuse como socio e puideron crea-la editorial Nova. Na que poñen a andar coleccións como Pomba, en poesía, ou El Camino de Santiago, onde aparecerán as prosas de *Historias e Invenciones de Félix Muriel* (3).

Outros contertulios do Tortoni, onde Seoane queima os pulmóns fumando sen tregua e Dieste o acompaña gustoso, son Antonio Baltar e Otero Espasandín. (Baltar, ó que as disposicións arxentinas obrigan a revalida-la carreira asignatura por asignatura, exerce como médico primeiro na cidade, logo nun apartado territorio. Espasandín, que botará tres anos en Bos Aires —sentíndose un pouco explotado— non tardará en marchar para os Estados Unidos). Tamén era da peña Atilio Rossi, italiano que dispoñía a parte gráfica da editorial Losada, e que era, con Seoane, firme mantedor da peña.

Lorenzo Varela, ó que Rafael estimaba moi especialmente desde que convivira con el en Misións Pedagóxicas, seguía sendo o amigo, o camarada da Alianza de Intelectuales Antifascistas, do fronte do Leste, de Saint Cyprien. E o pintor Manuel Colmeiro, moi amigo de antes, desde que Rafael, con Gaya, estivera na súa casa de Silleda, é outra humana existencia benquerida, coa delicadeza tan sen fisuras da súa Musa, gratísima a Rafael.

Colmeiro vivía moi franciscanamente, sacrificando moito pola súa fidelidade á vocación. Quería crear moi concentradamente, profundizando ó máximo cada tela, e renunciaba o máis que lle era posible ás tarefas

(3) Cuió milagroso nacemento pertence ós pasos diesteáns contados no vindeiro capítulo.

secundarias de subsistencia que ían saindo se non lle prouguían. O pintor levaba en Bos Aires desde 1937 (4).

Na oficina da editorial, na tertulia do café, e na soedade da súa casa, Dieste vive sobre todo para meditar nas súas preocupacións. Non modifica en Bos Aires a súa maneira de ser e producirse, de sobra definida. Insiste nas constantes do seu carácter. Non busca a fama, nin vive para gañar diñeiro. Como fixera sempre, déixase guiar polas súas conviccións, fuxindo de enmascararse, arredándose de todo tipo de disfraz, ata do disfraz dun mesmo. Para os compañeiros de traballo, para os amigos, ou para sí propio, nunca se priva de dici-las súas verdades. Verdades que logo son tal orientación de Atlántida, tal escrito do contertulio ou cal feito seu. Conferencias, prólogos, artigos ou libros que fan unha obra central no século da súa terra tamén no desterro. Unha obra que, sen deixar de ser galega, é de dimensión española universal.

(4) Ilustrou con fermosos dibuxos algúns libros para Atlántida. No 1940 fixo un excelente retrato de Dieste ao carboncillo, reproducido na edición desa data de *Rojo farol amante*, e un óleo moi bó do matrimonio, agora pendurado na casa de Rianxo. No 1945 fixo unha notable serie de dibuxos como ilustración para o *Viaje y fin de Don Frontán*, reproducida posteriormente na edición do libro na súa tradución ó galego (1983).

A APOSTA DO CAFÉ TORTONI. NACE FÉLIX MURIEL

Outra xeira comeza. Os desterrados han de afacerse, obrigados polas circunstancias, ó novo chan que pisan. Porque a viaxe, entrampada, sacudida de acontecementos, segue. A vida, golpe a golpe como no verso de Machado, reclama latexos, urxe pasos. A vida segue para os homes pasaxeiros dun tránsito cara o lugar das ilusións. Para os homes sen máis, homes simplemente. E fórmulanse ensoños con que facer máis de leva-lo camiño. Ata pode que se enganen a sí mesmos nas lecturas do mundo. Mentiras piedosas sen as que ir, continuar indo, é unha carga demasiado pesada.

Nos círculos de españois do Bos Aires dos primeiros corenta pénsase que o réxime instituído polas malas na patria común e distante, cambiará necesariamente forzado pola situación internacional. «E mais non ha tardar», din a quen queira oír algúns. Anque no fondo das súas conciencias esa convicción perda firmeza cada día que pasa. E anque na maioría, a ese optimismo da vontade lle poda máis o pesimismo da intelixencia.

Para os Dieste, sendo complicada, a situación non deixa de supoñer un alivio respecto ós días de Francia. A sociedade tanto no Uruguai como na Arxentina, está cos republicanos, e unha vez superado-los atrancos burocráticos que os gobernos dos dous países poñen, as traxectorias personais poden reemprenderse tralo paréntese vivido. Os exiliados retornan á loita pola vida.

Se é difícil sempre recompoñe-la biografía de ún noutra terra, esa dificultade redóbrase cando o nome dese ún non é, por exemplo, Juan Ramón Jiménez. Para gaña-lo pan e saír adiante fan falla axudas. Afortunadamente, ós Dieste non lles fallan. E eles, conforme pasan cada novo envite, devolverán os favores, responderán ós cretos contraídos. Anque se apoién antes nesa man tendida. Man de amigo.

Luis Seoane é dos primeiros en ofrecerse para abrir unha vía no campo literario, anque sexa modesta. É unha proposta que ilusiona a Rafael e serve para animalo. Seoane, na editorial Emecé, vai crea-la colección Dorna, para a que elabora unha lista de libros a publicar. Os dous que a encabezan son *De catro a catro*, libro que nacera en tempos de moita relación e mutua influencia entre o autor e Rafael, e única obra editada en

vida por Manuel Antonio, e *Rojo Farol amante*, para cuia segunda edición escribe media ducia de poemas (1), que lle engade e que, como na España da República nacera o libro todo, cobran vida dun só impulso. Cando reeditaron o libro, Seoane e Cuadrado atopáronse cunha moi grata sorpresa ó ir pagar ó impresor. O libro quedara tan fermoso que éste non lles quixo cartos ningún: «Unha obra así prestixia, e ese é pago dabondo», díxolles.

A Rafael non lle vai ser difícil traduci-lo libro do amigo morto. Foran tan amigos que cando aquel vivía en Asados moitas noites pasaban entre que el o acompañaba á casa, e logo o amigo o acompañaba a el a Rianxo, como a historia interminable dos dous borrachos que se acompañan á desfeita da festa, contándose o conto de nunca acabar. No limiar ó libro do amigo morto, Dieste rende tributo á súa memoria, dicíndo: «Camarada de tódolos pescadores e navegantes da súa vila natal, aprendiz de mariño en mar de altura, silandeiro, risoño, gran amigo, valente sen dículo, quizais sen sabelo, en quen a tristeza era tan gran tesouro e tan florida como ese xúbilo non falsificado que brincaba na súa moza risa inimitable».

En poucas palabras, traza unha imaxe cabal daquel poemario: «Este libro é unha antoloxía feita por el mesmo dun diario de a bordo, e constitúe, en realidade un so poema, que el quixo facer sobrio e sen énfase, graciosamente riguroso, como o camiño dun veleiro ben timoneado».

Xunto a estes traballos xorden conferencias para as que o chaman, desde Rosario ou Pergamino, mesmo desde distintos foros da capital, amigos da República española. Homes de cultura, comunidades galegas, boas xentes da Arxentina que queren recibir de beizos comprometidos a testemuña viva das Españas. E Dieste é reacio a escarbar na guerra, e aproveita as súas disertacións para interesar ó auditorio nas cousas de sempre, lonxe de feridas que aínda manan sangue. Fala de problemas literarios, de pintura, de ideas filosóficas. Da vida cos seus enredos, en suma.

Fai traballos de corrección de estilo en textos científicos, como as cousas dun médico de procedencia italiana que era gran investigador pero non tiña moita facilidade para expresa-los seus descubrimentos. Dará cursiños na facultade de Humanidades da Prata. E, para Sudamericana, entregará unha tradución de *Terre des hommes* de Saint-Exupéry. A roda botara a andar.

(1) Os que empezan «Si tú no importas», «Si entre ser y decir», «No me verás ceder», «Si algo, mas y menos algo», e os titulados «Sol Serafin» e «Decir».

A relación coa editorial vai ter xunto a un polo máis rutinario, como o de dirección literaria, outro eminentemente creativo, ou recreativo, asegún se vexa. A parte dos libros de colleita propia que Rafael dará anos máis tarde, xa en 1940 realiza adaptacións da literatura universal para uso xuvenil do libro de Swift *Viajes de Gulliver*, dunha escolma de *Contos de Oscar Wilde* e dun volume de *Contos de Tolstoi*, que firma cun pseudónimo, J. de Plasencia, que estrea agora quizais inspirado pola terra de Carmen.

Máis adiante, nesta faceta dará Dieste edicións do *Tartarín de Tarascon* de Alfonso Daudet, de *El tonelero de Nuremberg* de Hoffman, e de *El Conde Lucanor*, recibindo por este último os parabéns de Ricardo Baeza, que afirma que non se tiña feito un traballo de modernización e revisión do texto clásico tan bo. Libros todos eles que fai por gañar un diñeiro, pero ós que, unha vez emprendida a súa realización, se entrega con gusto. Co volume de Tolstoi pasa algo particular.

A Rafael acordáballe un conto do ruso que o impresionara moito na súa primeira mocidade. «O muxik e o díaño». Naquel momento, en Bos Aires, non puideron atopar máis que traducións francesas que non incluían ese conto. Entón el, que non quería deixar de dalo, decidiuse a recompoñelo coa súa memoria, e, polo tanto, a case crear unha obra nova, como facendo de 'negro' de Tolstoi. Se ben esta maneira cuase stendhaliana de basearse en historias de outros non o levaría ata ese extremo en ningún caso máis, sí se permitiría, maiormente nun libro de Wilde, modificar algunhas cousas por outras que parecían máis adecuadas.

A historia de «O muxik e o díaño» non pode estar máis tinxida de inxenuo candor. Un pobre labrego ambiciona extensas herdades que o saquen de aperturas. Disfrazado, achegaselle o díaño para retalo a que percorra a terra que queira para el nunha carreira sen pausa, e dille que cando pare, ata onde pare, será súa. O muxik corre e corre sen parar días e días. Ó final, baldado, chega ante unha cova na terra á beira do extraño visitante, «¿Qué es eso?», pregúntalle. «Eso es toda la tierra que necesitas». O relato finda así: «El mujik, apenas oyó la respuesta. Se cayó en la fosa casi como en un lecho. De un golpe, desplegando un ala, el diablo lo cubrió de tierra, hizo una reverencia y se desvaneció en el aire».

Para Emecé prepara o ensaio breve *Colmeiro*, dedicado á figura do silledano, en 1941. Daquela o trato cos amigos era fundamental. Todos, inventando tempo onde non o había, víanse a diario. Os Dieste desenvolvían un traballo de oito horas de xornada partida, na oficina da editorial. Rafael, como queda dito, volve, en ratos roubados ó sono, á súa literatura. E aínda así, igual que os demais, buscaba, e atopaba, neste e

no outro recuncho do día as horas precisas para delongarse, no café Tortoni as máis das veces, na inacabable tarefa de entende-la guerra de España e de falar do pasado e o futuro de Galicia.

A atmósfera da súa peña non é a do 'cenizo' doutras, cultivando os contertulios do café unha crítica constructiva que era a que espontaneamente lle cadraba mellor ós seus espíritos volcados no positivo. Alí viron a luz moitos proxectos. Para Seoane, Dieste escribirá un poema, «Muiñeira», que acompaña un feixe de litografías do pintor que edita Resol. E para un contertulio menos habitual, pero amigo desde os días de Compostela, como é Colmeiro, fai o que titulado co nome do artista chama *Breve discurso acerca de pintura con el ejemplo de un pintor*.

O rianxeiro verte nunha ducia de páxinas maduradas reflexións sobre o feito pictórico, concentrándose no que el chama a gramática do cadro. O todo no que a virtude de integridade do pintor convirte á color e ó trazo. Para Dieste resulta pracenteiro deterse en «cómo pon os acentos e cáles son as preferencias métricas da súa estrofa pictórica». E esboza unha lección sobre a paisaxe como asunto, a propósito dos campos iluminados de Colmeiro, poboados da vida campesiña e paz de Arcadia.

En sosegados trancos da madurez e calma pasa o ano de 1942, sen que as ataduras coa editorial lle resten por completo os folgos para escribir, anque sen sacar á luz moitos escritos. Saen, eso sí, algunhas das versións para Atlántida. Xornais arxentinos acollen algúns artigos e, no trance de dar ó prelo un libro querido, un amigo como Lorenzo Varela pídelle un prólogo para o seu *Torres de amor*.

En tanto, a Bos Aires, ben para quedarse, ben para esporádicas visitas, foran, van, arribando outros homes. Os Dieste normalmente traban relación con eles. Son Rafael Alberti e María Teresa León, cos que coinciden de cando en vez. É Eduardo Blanco Amor, que levaba xa anos na cidade como emigrante e estaba empregado como vendedor nunha moblería de luxo; anque mantiña unha destacada actividade literaria e pública, dando cursiños para grupos de xente, facendo discursos neste e naquelo, e mesmo exercendo ás veces de corrector de estilo.

Tamén Castelao, o astro da colonia galega, é visto con certa frecuencia. A pesar da diferenza de idade, Dieste chegara a ser amigo del na súa época do Seminario de Estudos Galegos, logo de coincidir no xornalismo vigués. Non fora a súa a relación estreita que houbera entre Castelao e Eduardo, que na época en que facían *El Barbero Municipal*, chegaran a ter xuntos o 'arquivo humorístico de Rianxo', pero sí, era unha amizade

de veras, que mantiña viva a flama da sorte compartida na ruleta da guerra.

Por entón, nos últimos anos da súa vida, rexo de conciencia, Castelao era considerado como a encarnación da galegitude. Os seniors do Partido Galeguista tíñano nunha especie de respetuoso secuestro, levándoo, como ouro en pano, a tódalas tribunas onde outro non luciría tanto. E tratando que coa súa presenza dera vida verdadeira de goberno galego no exilio ó Consello de Galicia. Aínda que, ó mesmo tempo, evitando que se comunicase cos de xeracións máis novas; máis proclives a abrirse a participar do que os rodeaba, que a pechase en meritorias sociedades encapsulantes (2).

De todas todas, Castelao sempre tiña unha data para ir con Virxinia ó piso de Lavalle. Cos Dieste e os seus amigos íntimos, esquecida a política, dedicábanse á lembranza de cousas de Galicia e de Rianxo. Sobrevoando ós momentos do pasado, a xentes idas e a lugares perdidos. Alegrando os corazóns un anaco, e tomando forzas para seguir.

1942. Finais de ano no hemisferio Sul. É dicir, alí, comezos da primavera. Cando as frores abrollan, cando o aire se serena, e todo o humano mostra un sorriso franco. Nas rúas do centro de Bos Aires os grupos de refuxiados españois andan na súa pelexa pola subsistencia. Un deses grupos, o do Tortoni, está formado fundamentalmente por galegos de nación (así pois, por dicilo con Ramón Piñeiro: homes e mulleres de España, por historia, e de Europa, por cultura).

Un día, Rafael Dieste e Carmen Muñoz chegan ó café e inmediatamente, antes de empezar ningunha conversa, Seoane lle espeta ó amigo unha invitación que non admite un non. Dille: «Necesito un libro teu de narrativa para unha colección, Camiño de Santiago, que imos iniciar en Nova». «¿E para cándo?», preguntou Dieste. «Para dentro de dous meses», contestoulle o pintor. «Bueno», asentiu o rianxeiro.

Contertulios como Cuadrado ou Varela dinlle entón ó autor do encargo: «Non te fíes, Luis, que non vai estar». E fixeron algunhas bromas sobre ese prazo. A conversa prolongábase.

—¿Qué vai ser: unha novela, ou un libro de contos?

—De contos.

Fixábanse os compromisos.

—Cada sábado tes que traer un conto ó Tortoni. ¿Aceptas?

(2) Esta apertura non foi cabalmente entendida por algúns emigrantes galegos.

—Acepto.

Estaba nacenteo *Historias e Invenciones de Félix Muriel*.

Rafael comezou a escribir para cada sábado o seu conto, que, pola tarde, levaba ó café. E alí o lía, nun salón aparte, lonxe do cafarnaún en que a esas horas se remexía o local. O normal era que as cuartelas ás que daba lectura fosen escritas a noite antes, nunha especie de atracción que o escritor só consentía darse cando a inminencia da cita era inexorable, e despois de que a muller lle fixera o acordo varias veces.

Os primeiros contos foron dictados por Dieste, mentres paseaba polo gabinete de traballo do seu piso, a Carmen. Daí quizáis o seu brío oral algo maior que o do resto, e a lisura acadada no fraseo, tamén máis marcada. Pero, co comezo do novo ano de 1943, produciuse a desbandada dos veraneos, e coa dispersión estacional o compromiso dos sábados desapareceu. Os Dieste foronse á praia de Miramar.

Rafael non adoitaba regra algunha para o feito físico de escribir. O mesmo o facía dictándolle a Carmen, segundo o costume dos oito anos que levaban de matrimonio, que o facía tomando a pluma e escribindo a man, cunha caligrafía moi solta. Igualmente con moito gusto, podía tamén usa-la máquina, cun teclado medianamente pianístico nas *Underwood girls*.

En febreiro, o agosto arxentino, en Miramar, escribirá só. Os contos medran en extensión e o contido abre o cancelo a mitos, crencias e lendas que de maneira naturalísima impregnan a narración. Cando regresan á cidade, continuará escribindo en soedade, pechado no mundo de Félix Muriel, os últimos contos, que son os máis reflexivos.

Á volta de tres meses, algo máis de dous ó cabo, porque o de sesenta días era un prazo exaxeradamente cativo, anque en todo caso un corto tempo para un libro que é un dos cimos literarios do século en español, Dieste pon a palabra fin no seu atado de cuartelas; que en xuño de 1943 saíría dos prelos, en dobre edición encuadernada e rústica, ilustrado polo propio Seoane.

O libro, insospeitado nun home de exilio, en quen se maxina un fondo de resentimento, contén poucas notas tráxicas; só as da vida de tódalas tesituras, e delóngase na memoria perdida do neno que o autor fora (3), alá lonxe, nunha ría mansa por el dita como ninguén alcanzará a dicila.

(3) Nun conto que esta primeira edición non inclue, «De cómo vino al mundo Félix Muriel», publicado en maio deste 1943 en *De Mar a Mar*—e logo recuperado con bo criterio por Estelle Irizarry na súa edición crítica (Cátedra, Madrid, 1985)— despois de darnos noticia do amor pola nai, Dieste chega incluso a remontarse, pola fantasía, ás experiencias prenatais.

O neno e o lugar serán polo tanto as claves da novela, trazada fragmentariamente sobre unha suma mestra de recordos e invencións. En definitiva, o Félix Muriel, que é un tributo á memoria, eso que se pode definir como a historia en anacos, é un mosaico novelado onde predominan os asuntos amables dunha mirada maravillada ante o mundo, porque é a primeira.

E non deixa de ser lóxico que nesa recordación lírica da nenez, o *piccolo mondo antico*, formulada por Dieste antes nalgún poema, xordan as humanas presencias que rodean ó rapaz. O pai enche de sentimentos o conto titulado «Este niño está loco», como tamén o titulado «El loro disecado», conmovedora narración na que ademáis divaga, como só os xenios saben facelo, sobre a importancia do misterio para as crianzas, e sobre o segredo como alicerce e porta da amizade, dominio éste ó que os individuos chegan cando cobran unha personalidade propia. Félix Muriel, da man do pai.

En maior ou menor medida, tódolos contos incorporan espacios. O que abre o libro, «El quinqué color guinda», referido ós primeiros tempos da vida do protagonista, céntrase no relanzo das escaleiras de acceso á vivenda familiar, en Rianxo. Outros corresponden ó lugares de relación da comunidade, como as rúas da vila. E falan de suxeitos que están nas bocas de todos neses rueiros, e incorpora vagamundos que percorren o Barbanza. E nalgún chégase ó que ben puidera ser unha fonda de Compostela, cando Félix Muriel é un estudante en loita coa memoria.

En xeral, os capítulos iniciais do libro corresponden máis a 'historias', e son narrados en primeira persoa, en tanto os da segunda metade son máis 'invencións', estando escritos en terceira persoa. Se os dunha parte serven para recrear á nai, ós amigos e os ámbitos máis próximos, os da outra son como os datos ou as premisas dos que un home interesado na esculca filosófica parte para interrogarse sobre problemas universais.

Nunha narración, cun vello e visitas do alén, pénsase na morte e nos pecados como na circunstancia unida a ún que fica escrita no libro en branco da humanidade. Noutra, cun ermitán, o fío conductor é o mundo do soño e os símbolos, como noutra pode selo o destino. Ou, no caso de «La asegurada», a paixón e a ausencia, en rescoldos, nunha imaxe posible da loucura e da soedade que se vale da lenda para a transmisión.

O libro goza dun impacto grande ó saír, e ó autor o recibimento que máis contente o deixa é o que acada nos deudos, nai e irmáns. Recendendo aínda a tinta, Dieste envíalle un exemplar a Dona Olegaria, cunha dedicatoria moi caseira: «A nuestra madre Olegaria, para que cuando

tenga buen humor y esté buen día, le lean —pero no seguidas— las siguientes historias, que algo tendrán que ver con sus recuerdos: 'El quinqué color guinda', 'Juana Rial', 'Este niño está loco', 'El loro disecado', 'El libro en blanco', y acaso también 'Belisario y Carlomagno'. Con promesa de leerseles otra vez nosotros mismos, y grandes abrazos de Rafael y Carmen».

(O seu irmán Enrique infórmao de que por ser uruguaio ten dereito a concursar polo Premio Nacional de Literatura do Uruguai. El en principio négase a envia-lo libro, pero termina aceptando cando lle di que á súa nai, uruguaia, gustaríalle que o fixera. Recibirá logo unha chamada telefónica. É un membro do xurado. El e os seus compañeiros consideran o Félix Muriel como a mellor obra. Non obstante explícalle que competiría cun escritor maior, que non ía ter outra ocasión para concursar... Rafael, naturalmente, cede o premio).

Particularmente intensa é a recepción do libro que fai o irmán escritor. Nunha carta do 29 de xuño remata decíndolle Eduardo: «Escribe así para tu hermano», tras dicir: «Tu estilo es de agua, pero salada, el azul y el ocre de los canteros y de los pescadores pintan las figuras y hay un rumor de robledales y de olas en cuanto escribes».

En carta do día 6 de xullo volve ó libro. Do ermitán Anselmo, protagonista do conto «La peña y el pájaro», di: «Grave caso éste de Anselmo: no hay manera de dejar de ser; es casi la prueba en vivo del célebre 'argumento ontológico' del Anselmo Santo; no recuerdo que Heidegger haya dado tan firme cimiento a su concepto existencial». Nunha terceira carta, de 20 de xullo, comenta pormenorizadamente aspectos da linguaxe da obra, desde o mesmo encantamento. Rafael, agradecendo no máis fondo tanta atención do irmán compañeiro, contesta feliz cada misiva.

Un numeroso grupo de amigos celebra a aparición do Félix Muriel, organizándolle unha cea de honra o sábado 14 de agosto no Hotel Marcone, da rúa Pueyrredón. Na tarxeta que convoca con tal motivo para as nove e media da noite daquel día, preto de cen amigos chaman a arroupar ó autor no banquete. (Con Rafael Alberti, están Castelao, Antonio Baltar, Serrano Plaja, Cuadrado, Rossi, Córdoba Iturburu, Conrado Nalé, Eduardo González Lanuza, Francisco Ayala, Francisco Luis Bernárdez Guillermo de Torre, Gonzalo Losada, Jorge Luis e Norah Borges, José Bianco, José Luis Romero, Otero Espasandín, Juan Carlos Castaguino, Joan Merli, Jorge Romero Brest, Julio J. Payró, Baudizzone, Luis Falcini, Seoane, Marta Brunet, Colmeiro, Maruja Mallo, Manuel Angeles Ortiz, Newton Freitas, Pedro Henríquez Ureña, Ricardo Baeza, Ramón Rey Baltar e Roger Callois).

Áchase Dieste en comunión plena coa paixón de crear e voando na satisfacción de ser lido, cando lle chega, como no bosque se escoita o pío crepusculante do estertor do paxaro, unha nova. En Rianxo, á idade de noventa e un anos, morre a nai. Dona Olegaria, tan lonxeva, e precisada de cuidados, era atendida por un matrimonio que se ocupaba de todo, xa que Olegarita, a filla que permanecía aínda coa anciana nai, continuaba recluída no seu cuarto, na súa mente ensimesmada.

Pola muller que as cuidaba, Elisa Lorenzo, que era quen periódicamente lles poñía unhas letras para dicirlles cómo seguía a familia, saben que Dona Olegaria entrara nun lento proceso de afeccións. Unha gripe que se prolonga en sucesivas recaídas, e que desemboca nunha crise maior, que dura como un mes, durante o cal, entre un e outro lado do Atlántico, crúzanse varios cables.

Xunto coas da cuidadora, Rafael e Carmen reciben as novas de Ramón Baltar, médico fillo do fundador da casona de Tanxil, e home que, polo forte vínculo que sempre manterían os Dieste cos Baltar asiste á vella, xunto co médico da vila. Tamén hai contacto con Don Xosé Benito, o cura párroco, que mantiña unha relación moi cordial coa señora.

A Dona Olegaria tíñaselle unha gran consideración na vila, que era tanto herdada do seu home como gañada a pulso. A súa disposición hacia unha especie de apostolado amistoso facía que se preocupase de ir visitar ós enfermos con larpeiradas ou algún biscoito, ou de facilitar tal tarxeta de presentación a un mozo que entraba en quintas, ou darlle as señas dalgún coñecido en Bilbao a outro que embarcaba... favores que facía con absoluto desinterese.

Por unha carta de Elisa Lorenzo saben os fillos do pasamento da nai. Segundo se lle explica na comunicación, a propia finada deixara instrucións sobre cómo quería o seu enterro. E talmente sería. Catro mariñeiros portaron a caixa desde a rúa de Abaixo ata a cova do camposanto, pola costa que separa os dous lugares. Como premio, para cada porteador houbo logo unha copa de augardente e o xornal dun día.

Dar terra a aquela muller, que se apeara do mundo tras nove dilatadas décadas de existencia; acompañar aquel corpo que fora fértil ó amor ata os 46 anos ó seu descanso eterno, era para a moita xente que levou o enterro un triste deber matizado polo alivio velenosamente pracenteiro que envolve algunhas tristezas. Para os fillos a pena maior fora a da distancia, que impedira estar co ser amado no suspiro derradeiro.

Aínda co recordo da nai no corazón, lembrándoa como era nos anos da República, xa maior, pero aínda co control dunha gran intelixencia natural, rebosante de bondade para cos demáis, e dona dunha exquisita

capacidade para adaptarse a todo tipo de persoas e manter con elas chispeantes conversas, Rafael vólcase no seu traballo de tódolos días, na editorial, e coas colaboracións que lle van pedindo.

Para Luis Seoane escribe o fermoso limiar da colección de debuxos *Homenaje a la Torre de Hércules*, editada por Nova. Continúa o esporádico cultivo dun articulismo sobre temas literarios iniciado hai un tempo en publicacións como *Sur*, *Galicia* ou *Argentina libre*, con críticas e comentarios para *Correo literario* —semanario que sacan Seoane, Cuadrado e Varela— e para *Alfar*, a revista que Julio J. Casal creara na Coruña, durante a súa estada como cónsul do Uruguai na cidade, e que agora, dirixida por el mesmo, sae en Montevideo.

Estamos xa en 1945. Vaise produci-lo regreso de Dieste á literatura teatral, coa preparación, para a propia Atlántida, dun tomo que reune *Viaje y fin de Don Frontán* (4) «Duelo de máscaras» e *Quebranto de Doña Luparia* —que nesta nova aparición cambia este título polo de *La pérdida de Doña Luparia*, obras todas xa escritas con anterioridade e nas que, co gallo da nova saída, son base dunha máis ampla e matizada reinvencción dramática. O libro titúlase *Viaje, duelo y pérdida* (5), e levará como subtítulo «Traxedia, humorada e comedia».

Adiantando dalgún xeito o mundo dalgunha das 'invencións' do Félix Muriel, a peza que tiña como protagonista a Don Frontán desenvólvese no agro galego, nun ambiente como medievalizado e románico, que serve de fondo para un lugar común da cultura universal: o conflito entre pai e fillo. Ou, se se quere, o conflito do home consigo mesmo, posto que quen está no papel do fillo, ó final, estará no do pai.

Dieste fai que os personaxes do drama usen unha linguaxe arcaizante que procede tanto da época á que corresponde a acción como da afición do autor á fala dos vellos pasos. E, cun gusto que está moi no Valle dos cadros galaicos, non ten inconveniente en introducir, como graciosas flores de adorno, xiros e verbas do romance bretemoso e dondo de Galicia.

O enfrentamento entre pai e fillo xorde da ambición. Aquel é o señor feudal rico de poder e dobróns ó que o outro está chamado a sucedelo. Éste non se conforma coa agarda, quere xerar liñaxes e se-lo señor.

(4) A obra —agora retocada e ampliada— foi publicada quince anos antes pola editorial Niké, que levaba Arturo Cuadrado en Compostela e que editaba na Imprenta de Xoan Buceta, de Vilagarcía; para o libro, escrito por Dieste en xaneiro e febreiro de 1930, fixera Carlos Maside o motivo da cuberta.

(5) Hai reedición de todo el en *Hiperión* (Madrid, 1979) como hai unha tradución ó galego, feita por Xesús Rábade Paredes e Helena Villar Janeiro, da *Viaxe* (Edicións do Castro, Sada 1980).

Hai un eco das loitas dos infanzóns valleinclanescos, fillos do lobo maior. Como soubo ver Carlos Gurméndez (6) hai «unha loita que impresiona a fantasía das xentes e embebe de contido poético ás súas almas inxenuas. A realidade estática, o conformismo campesiño, a aceptación dun mundo posesivo que se repite a sí mesmo nunha continuidade atemporal da Historia, esa Galicia que aparece eterna atopa en Valle Inclán e Rafael Dieste a súa máis certa simbolización».

A obra, pola que desfilan caseiros e labregos, con mendigos e titiriteiros, e que sucede en sitios tales como os outeiros, os adros e as fondas, finda deixando Don Frontán o seu herdo xustamente ó peregrino que saíra ós camiños para apacigua-la conciencia do peso dunha morte. A do pai de Don Frontán, expulso por este cando mozo. Don Frontán e o peregrino, eran dous corazóns irmáns na penitencia.

O dominio dramático de Dieste maniféstase na sabia introducción do feito teatral para resolve-la obra, mediante os cómicos Pinturillas e Salerosa. Valénlle os fantoches deles para, como aconsellaba o Nobel Benavente, e manexando teatro dentro do teatro, dici-la acción por dúas veces, a segunda para fixala na mente do espectador. Igual que Pinturillas, demostra Dieste destreza no labor de escribir farsas e máis se lle intue no de move-los títeres. «Non adoitan os autores facer aprendizaxes de executantes, nin adoitan tampouco os que manexan os bonecos ter moito de autores», di Don Frontán, maravillado.

No gran teatro do mundo que é a dramaturxia diesteana, «Duelo de máscaras» é unha indagación no amor e a fidelidade, a propósito de dous homes rivais. Claudio é o que, recompensado pola súa penitencia no amor a Rosa, logrou uni-la súa vida á da amada. Don Juan é aquel que fai do amor un xesto, galanamente executado, pero non sentido. Na confusión, Claudio cre que a muller se deixa embaucar pola reverencia. Un e outro, máscaras, batíranse, cando ela xa se foi, por unha sombra.

La pérdida de Doña Luparia comeza cunha trama como de novelas exemplares, trazada como engano pola vella alcoviteira protagonista. A peza, na mesma sinxeleza expositiva de todo o teatro de Dieste, e coa mesma fala, ten o argumento apropiado para face-las delicias dun público do curral de comedias suspenso do desenlace. Outra vez xorde a representación, o teatro, e hai dento da obra invencións, ameazas e ardis de teatro. Ó cae-lo pano, Dona Luparia non puido facer triunfa-la

(6) No ensaio «Un creador total», dado no monográfico de *Grial* (número 78. Vigo, 1982) dedicado ó estudio da figura de Dieste.

súa celestinaxe, e virouse á bondade, *motu proprio*, ante o exemplo do amor que vence ás adversidades, en Rocío e Sergio. O teatro diesteán é reparador como o vaso de auga que lle sacan ó que petou na porta e fai un alto. Xa espectadores, xa lectores, quen entren nel non poden ser alleos á ternura mentres nel estean.

O libro vaise topar cunha moi boa acollida. Un público relativamente amplo, tendo en conta que se trata dun texto feito máis para a escea que para a lectura, ten acceso a el. Xornais como *La Nación* fanse eco da súa aparición nas súas páxinas. E escritores como Gil-Albert, Lorenzo Varela ou Otero Espasandín dedícanlle comentarios en papeis de Bos Aires, México e Montevideo. Son tempos en que a actividade editora é febril, e destacar é, polo tanto, máis dificultoso.

Precisamente para chama-la atención sobre os mellores dos moitos títulos que estampan as minervas, a librería Viau creara o premio 'Libro do Mes'; para a concesión do cal se reunía cada trinta días un consello do que formaba parte, entre outros, un tal Jorge Luis Borges que, daquela, era temesiño en exceso e gozaba máis do prestixio que lle viña dado por ser retoño dunha familia moi distinguida, que do logrado polo mangado de poemas creacionistas dos vinte ou o recén saído *Ficciones*.

O mes que sae *Viaje, duelo y perdición*, o libro é seleccionado polo xurado para a última votación, na que só queda facéndolle competencia *Memorias de Leticia Valle*, de Rosa Chacel. Ricardo Baeza, por compromisos editoriais arriscaba a dúbida entre os dous. Borges inclina a balanza, cunha intervención en termos concluintes que zanxa o asunto: «Non hai nada que discutir. O libro do mes é este». Referíase ó de Dieste.

(Tradicionalmente, o Centro Galego distinguía na festa da galeguidade a algún persoeiro convidándoo a ter unha intervención nos actos festivos de 25 de xullo. Cando no 47 se dirixen a Dieste, que se atopa metido por completo noutro 'mundo', dúbida; ata que a súa cortesía faino aceptar. Carmen bótase a tremer, polo traballo que vai costarlle arrancarse do que está facendo.

Había por riba varias asperezas difíciles de limar. O público era numeroso, heteroxéneo, popular, e resultaba culturalmente desnivelado. Os discursos adoitaban sempre un ton retórico moi caro a quen os botaban. E demandábase do conferenciante unha voz alta que el non gustaba de usar. Isto así, a muller trata cerca de Cuadrado de sustraer a Rafael

desa responsabilidade, co temor a que calquera imprevisto puidera desvarata-la intervención do seu home. O conto é que o compromiso vai adiante, e, conforme a data se aproxima Carmen observa que el segue sen poñerse ó labor. Ó final tódolos medos resultan infundados. El escribe unha peza narrativa que, a parte de ser quizáis inadecuada para o fin, acaba sendo chamativa. E gusta).

Desa narración, o recollido en *Ínsula* en 1959 será soamente un gaxo, que o seu autor extrae da peza enteira con naturalidade, sen violentala, como a el lle saen as mellores cousas. Xa o discurso nacera así, de tarde, logo de sentarse ó piano. El está un anaco tocando unha suite. Son notas románticas que o levan ó borde dunha paisaxe reparadora, e suxerente, como un cadro de Caspar David Friedrich. Pouco a pouco vai desprendéndose do chumbo que lastraba as mans, as alas do espírito, e nun estado da alma radiante pode elevar un voo de ave dos altos cumes. Se, preso desta forza, non lle resultara esforzado dar vida a Félix Muriel, a obra de maior alento, moito menos traballoso vai ser preparar unhas cuartelas. Dar traza a unha narración que se quere con fasquía de seu, e de resultado brillante.

Sobre «Galicia en el recuerdo» xiraba a conferencia toda. Lembraba o autor o primeiro recordo de Galicia: el chorando de picariño. O segundo: el que recibe a labazada que lle dá un trasno. O terceiro: el que descubre a amizade a bordo das táboas dunha barca, de patrón. Segue a historia dunha muller que anda o camiño de Rianxo a Compostela, cuns pans e pobres viandas que xenerosamente comparte, e con seis reás gardados nun pano que volveu intacto á vila mariñeira. «¿Galicia no recordo? ¡Qué sei eu!», dirá Dieste ó remate do discurso. «¡Non se acabaría nunca, porque é máis ben un xeito de empezar!»

A sona de Rafael como anfitrión é inmejorable. Xunto ás cortas tertulias de a diario, no Tortoni, os amigos arxentinos institucionalizan o que chaman «os xoves de Dieste», no Jockey Club da avenida 9 de xullo, como antes en París houbera «os martes de Mallarmé». Xuntanzas nas que os fumadores empedernidos acaban enchendo de cabichas de cigarro os pociños de café, e, ó amor das cales, se cadra un absorto Dieste acababa botando cinza nunha cunquiña aínda con varios grols de café dentro.

(Mesmo Juan Ramón Jiménez coñecerá a súa xentileza, cando vaia desde Estados Unidos a dar unhas conferencias en agosto do 48. Por Casal Chapí —en Montevideo entón— enteírouse de que tiña gañas de ve-

los. E Casal Chapí lles fixo chegar invitacións para o palco que el tiña reservado no teatro Politeama, onde ía dar unha lectura. Un día quedan no piso de Lavalle, onde se reunen cos Dieste e os Jiménez, os Seoane e mailos Colmeiro. O 'andaluz universal' está encantador, canso do acento inglés e feliz de revivir-la súa patria na fala que escoita. Tomando o té puido ademais completa-la súa colección de *Hora de España*, a costa de que Dieste desbaratase a del.

J. R. J. preguntoulle ó rianxeiro se el a tiña completa. En efecto, así era, pero non porque a puidera traer de España, senón porque Antonio Baltar, que a logrou reunir alí, lla regalara. Entón J. R. J. díxolle se lle podía ensinar tres números que lle faltaban. El, en vez de soamente eso, deixouno saír con eles da súa casa sabendo que xa nunca volverían ós estantes que os gardaran nos últimos anos. «*Rafael y Carmen, se vienen ustedes a cenar con nosotros*», dixo ó levantarse a reunión o mogueireño. E dalí irían xuntos ó Hotel Alvear).

Agora, a Europa distante débátese nunha guerra atroz (7), e os refuxiados que non quixeran outra cousa que a calma, o sosego, esperando que unha victoria aliada signifique un cambio de réxime na querida España, viven como en carne propia os avatares das batallas que fan do continente o maior teatro de operacións habido na historia, unha inmensa pizarra na que os señores da guerra ensaian o terror, e xogan con sufrimentos e pragas.

Cumprida a xornada laboral en Atlántida, ó chegar a casa, Rafael asomábase un anaco ás xanelas que daban ó porto. Distraía así os ollos e a mente, para divagar acto seguido nas teclas do piano, mentres Carmen preparaba algunhas viandas. Anque poda parecer que se arreda das letras, porque entra nun treito de silencio editorial, e pasará tres anos sen dar ó prelo un novo libro, Rafael Dieste vai escribir con profusión e intensidade.

Costumaba pasear polo salón, dictándolle a Carmen, que o copiaba todo. Un día e outro, insistía en asuntos de pensamento, formulándose preguntas que procuraba responder claramente, procurando resolver-los problemas que lle saíran ó paso por dereito. Nunca miraba o feito o día anterior, e sen embargo sempre sabía recomenzar exactamente na última frase. Naceron dese xeito máis de cincocentas cuartelas (8)

(7) Será coñecida como a Segunda Guerra Mundial, nome que non engana a ningún. A Humanidade apavorada sabe que vai se-la Penúltima.

(8) De «tenaces e aéreas» calificaráas Carmen, en carta a García Sabell, segundo o recordo que en 1983 gardará do seu «calado asombro», motivado pola «agudeza de planteo e desenvolvemento dos temas. Sempre de gran beleza de estilo, con preciosas comparacións ou lixeiras bromas que aliviaban a tensión».

que el mesmo racharía en gran parte, unha vez que lle serviran para arregla-la cabeza, emborcándoas polo crematorio do relanzo da escadearía.

Moi avanzada xa a guerra civil europea, Rafael necesita reflexionar. A traxedia semellaba increíble, e el, como os demais, pasaba do ánimo ó desánimo. Xunto ós millóns de mortos, ós campos de concentración, ós seres privados de fogar, por moi forte que fose a súa fe no home e no mundo, non podía mantelo na pureza. E, como non podía por menos que suceder, aparece o sarcasmo. (Dieste, que se costumara a ler 'ó dereito' o xornal, indo máis alá das trolas e a propaganda, fai vaticinios que, sendo considerados polos demais raros, ó final vanse cumprindo. Descubre o vinagre).

Ó chegar ós 730 folios o ton vai variar. Carmen dase de conta que se segue por ese camiño só lograría facerlle dano a ela, sen poder ser feliz el. Rafael, para quen a opinión de Carmen contaba moito, e logo de advertir que por primeira vez non tiña a súa adhesión, interrompeu o traballo. De todas maneiras, como se descubriuse que todo é un sensentido, vai abandonar case a creación literaria pola investigación. As cousas toman outro rumbo.

Desa canteira de máis de setecentos folios escritos a man, en 1948, tirará *Luchas con el desconfiado* (9), en Sudamericana. No libro, composto polos ensaios «Sobre la libertad contemplativa» e «El alma y el espejo» (10), non se mira o esforzo. Sendo un texto que, como un carrete, reclama do lector que se deixe guiar, á maneira de Teseo seguindo o fío no labirinto, pola sucesión de pasos encadeados que o pensador traza, reclama coa mesma que o lector quite por el mesmo as conclusións. Mellor no eco de palabras lidas que han de ser pensadas como as dun sabio, ó que se lle desvelan as tebras da maioría.

«Sobre la libertad contemplativa» comeza cunha pregunta que a sí mesmo se fai un empirista inxenuo. «¿As cousas, o que todo o mundo entende por cousas, son a causa do noso coñecemento delas?». Seguindo ó autor aprécianse dúas articulacións temporais. Dunha parte, a realidade dos obxectos é previa á nosa experiencia deles, pero non predetermina o coñecemento. O impacto dun obxecto sirve de nexo causal, e abrolla un tránsito cognoscitivo. Pero ha de ir acompañada esa realidade

(9) Xordirán tamén dese empeño *Diálogo de Manuel y David*, publicado en Vigo en 1965, e *Tablas de un naufragio*, que saíra en Barcelona póstumo, en 1985.

(10) Recollidos ambos, en *El Alma y el Espejo* (Alianza. Madrid, 1981) con outros libros de ensaios.

dunha antesala do xuício, na que descansan as formas polas que, en última instancia, identificamos ó obxecto. Antesala onde poden morar tanto un interese que sexa determinado como outro que sexa sen motivo, ou incluso a dúbida; a do picariño ou a de Descartes.

Acorda Dieste unha tarteiriña azul, vista de neno, que o leva á noición de azul. A lembranza lévanos ás historias de Félix Muriel. Sitúados ollos infantís, de súpeto, ante unha tarteira azul pousada no peito-ril dunha xanela dun baixo. É a casa da señora Elena, a das 'Paraísas' —título de nobreza popular que lle ven á familia por un tataravó alcumado 'Paraíso'—. Do interior da tahona, que é a panadería da vila, chega un recendo ó pan que está a fornealo home tido polos nenos como o máis feroz de Rianxo, Ricardo. A color transporta a todos estes datos, que estaban no momento repentino da contemplación da tarteira. Datos que veñen do azul e levan, paseniño, á nai, xa morta. «Descanse en paz e na gloria do tempo verdadeiro», di Dieste.

«El alma y el espejo» empeza por ser un divertimento. A partida é tan sinxela como sinxelos poden ser uns consellos para lecturas. Un narrador, un correspondente seu e un lector de ambos mostran un epistolario, exposto ás luces de cada quen. Das cartas, desvelando o problema da veracidade, parte unha viaxe introspectiva ó interior da mina humana. Búscase ver dentro. Dase coa alma. Logo, eso do interior visto cruza da inmanencia á trascendencia, a través do don da palabra: o espello. Temo-los dous polos que acoutan ó home. Alma, espello.

Os seus vastos saberes fan que aquel mestre en cernes que fora na guerra de España, sexa xa o mestre. O home que regala xenerosamente as aclaracións coas que confirmar unha intuición, direccións polas que encamiñar unha esculca e incluso as saídas previsibles a cuestións de dúbida resposta. Todos admiraban nel a súa asombrosa capacidade de incursións en campos nos que para acadar resultados que importen é preciso dedicar toda unha vida. Admiraban ó dramaturgo, ó novelador, ó poeta, ó traductor, ó pensador... e, por encima de todos, ó conversador.

A súa voz é a mellor sementeira. Influe decisivamente en todo o grupo. No Seoane que agora edita a revista *Galicia emigrante* co primor que sempre pón nas cousas que cuida, e que mantén as charlas radiofónicas de «Comunicacións mesturadas» (11) —decatándose ó mesmo tempo

(11) Con este título, aparece en 1973 (Galaxia, Vigo) unha escolla das máis de 800 emisións por radio que Seoane fixo en dazasete anos, para o programa «Galicia emigrante».

que o escuro Ezra Pound nas súas emisións de 'La Voz de Europa', por Radio Roma, da importancia das ondas hertzianas— non é descabelado supoñer que prenda o xérmolo que deitou tal tarde a falar no lecer do café. O mesmo ocorre nas empresas que por eses anos levan Cuadrado, Varela e outros. Como ocurrirá cando, á volta duns anos, funden a Agrupación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas, a instancia de Antonio Baltar, e co propósito de estudia-los problemas de Galicia e España. Punto de partida que sería para realidades que se plasmarán cos anos.

Daquela remata a guerra en Europa. Non se resolve o de España. E isto leva o desalento ós refuxiados, que supoñían, no seu confiado razoar, que a situación ía resolverse ó concluí-la guerra. Crendo que países que se dicían demócratas debían desexa-lo cambio da dictadura, que creara a División Azul, que apoiara ás potencias do Eixe. Os nosos republicanos esqueceran xa a lección da súa guerra, en canto ás actitudes de Francia ou Gran Bretaña. Novamente ían antepoñe-los seus intereses á situación española. Novo chasco.

A consecuencia da competencia e das dificultades comerciais de distribución e exportación, atravésase unha crise nas editoriais. Vercelli maniféstase particularmente temeroso, e, coincidindo con isto, Dieste propónlle o proxecto de publicación dunha obra que lle presentaran Francisco Ayala e José Luis Romero, ambos xa coñecidos da casa como colaboradores da colección Oro. Tratábase, segundo Carmen cre recordar cando se escribe esta biografía, dun Diccionario de Socioloxía.

Vercelli di que non é o momento de emprender esa obra, e Dieste aduce os argumentos a prol da edición. O xenro de Vigil —acaso susceptible a que o crean corto de voos— descomponse un tanto e prodúcese unha inadecuada tensión. Para Dieste abunda, significa a ruptura. E a pesar de posteriores rogos, el e Carmen deixarán a editorial. Anque non son despedidos, intervéñ entón o dono para que se lles conceda unha indemnización en proporción ós seus anos de traballo.

Ós poucos meses da saír da editorial, Rafael di que se lle fai necesario respirar e que quere volver a Europa. Enteiranse de que Alfredo Cáceres, amigo psiquiatra de Montevideo, e a súa dona, a poeta Esther, van facela travesía en condicións vantaxosas, porque aproveitan un excelente barco, o 'Tacoma', vendido polo goberno de Estados Unidos ó do Uruguai polo precio simbólico dun dólar, para premia-lo seu comportamento cando o afundimento do 'Graf Speer'. Vai levar trigo ó vello continente, pero dispón de vinte camarotes. O cargueiro partirá finalmente

cunha pasaxe de intelectuais becados coa travesía polo país para especializarse en temas das súas carreiras. A Rafael envíao comisionado o Museo Nacional de Artes Plásticas de Montevideo para que asesore futuras adquisicións de pintura contemporánea.

Despídense dos amigos que deixan, por grupos ou de a un, segundo os casos. Con Castelao coincide Rafael nunha xunta unha tarde de vísperas da partida, e dinse adeus. Carmen, que non estaba, vai ó día seguinte á súa casa. Atópao entristecido. Teñen unha gran conversa. De vagar, repasan a situación. Unha melancolía os invade. Como logo invadirá a Rafael e Carmen, en xaneiro do 50, cando saben do pasamento do amigo, lembrándoo a debuxa-los traballos que lle invitaban a facer para Atlántida. Tres libros para os que Castelao fixera as ilustracións traballosamente. O diminuto raiño de luz que entraba nos seus ollos a penas lle permitía ve-lo trazo seguido, e, ó tirar cada liña, había de volver atrás de continuo para poder continuala.

En principio, van para botar cinco meses, coa posibilidade de regresar ó cabo dese tempo noutra viaxe do mesmo 'Tacoma'. Sucede que durante a travesía a moeda arxentina sofre unha forte devaluación, e cando chegan a Amberes non se cotiza. Isto significa que ou en quince días emprenden o retorno ou han de quedar ó que saía. Deciden ficar en Europa. *Alea jacta est.*

DOUS CURSOS DE LECTORADO EN CAMBRIDGE

Pasaron case dez anos desde que pisara por última vez terra europea. Sinte como que lle falta o aire das que Larbaud chamou 'civilizacións centrais', e de novo fai as malas. Outro barco, outra longa navegación. Mareáns e venteladas do Atlántico. E unha restra de días enteiros, coas súas noites para mimar fondas amizades.

Decidiran ir a Europa e xordeu a opción de facelo con pouco quebranto para unhas economías familiares que, calculan, poden darlle para vivir medio ano. Un buque, o uruguaio 'Tacoma', leva becados. E hai disposición por parte das autoridades do país para deixar a Dieste acollerse a esta vantaxe, por ter el esa nacionalidade, e polo bo nome dos seus irmáns Enrique, Eladio e Eduardo.

O director do Museo Nacional de Artes Plásticas Carmelo de Arzadum, require un informe sobre posibles adquisicións de pintura contemporánea, informe que alguén, como el está en disposición de bordar. Rafael acepta encantado (1).

Os Dieste embarcan o día 29 de decembro de 1948. Carmen leva un diario. Comézao lembrando a despedida, no porto de Montevideo, que lle tributan Enrique Dieste e a súa dona, a benquerida Zulema, e Enrique Casal Chapí. O 'Tacoma' recala en varios portos arxentinos, para cargar trigo. Nunhas notas impresionistas moi precisas, Carmen recolle todo o rebumbio de sensacións que inunda a arribada a Necochea. Os seus espíritos estaban totalmente apaciguados, tralos anos de Bos Aires. Saben que, como os días precedentes, moitos dos que virían no inmediato futuro serán unha merecida vacación.

As datas finais do 48 pásanas en Necochea. Á despedida de ano, dan un paseo de tarde, para recollese ás doce a bordo. Rafael toca o piano do buque. Acórdalle o son dos carillóns escoitados na súa vida. E preguntan-

(1) En efecto, o informe, de asesoramento para a compra de obras de pintura moderna en Francia e Italia, será enviado ó seu tempo. De mediana extensión, con noticia dos pintores daqueles anos, e lista aproximativa de precios; non se soubo o seu destino posterior. (Non é probable que houbera adquisicións: axiña, a economía do Uruguai comezou a decaer a pasos axigantados).

tanse se os barcos farán sona-las súas buguinas como no porto de Bos Aires. Nesas, a do 'Tacoma' rasga o aire, moi potente.

Polo Atlántico os grupos están formados. O dos Dieste con Alfredo e Esther de Cáceres, el psiquiatra e a súa muller a escritora amiga, e maila xove arquitecta Sara Morialdo, ós que ás veces se lles agregan, outros contertulios, máis circunstanciais. Alfredo levava un *Quijote* que, cando ás tardes é lido por Carmen en voz alta, congrega en cuberta ó calor da claridade cervantina a un bo número de persoas. Noutras ocasións entre-tíñanse con xogos de enxeño, a adiviñar unha cousa polos seus accidentes, a acertar personaxes por escasos datos. Cada un era unha figura histórica ou literaria, e os demáis, por preguntas, tiñan que averigualo.

Avanzado xaneiro chegan ás Palmas. O día 29 dese mes pasan por Cabo Vilano. Ante a vista baleas, arroaces, golfinhos ou simplemente escumas das ondas en que a memoria recrea un mundo perdido. É a terra. Aquela terra amada que se ve pasar, ¿ata cando?, camiño de Amberes, onde o 4 de febreiro vai finda-la singradura.

Chégase a un gran porto. Luces amarelas de sodio alá lonxe. O son de toques de sirena. As ordes dos prácticos ós navíos que se cruzan en incesante tráfico. Ó día seguinte baixan xa, e en tranvía fan a distancia que separa ó porto da urbe. O primeiro que reclama os seus pasos nada máis chegar é unha visita ó museo, onde admiran os cadros de Rembrandt, sobre todos, e tamén os de Murillo, Cranach, Brueghel e Rubens.

Outro día pérdense polas prazas. Nunha revoan as pombas. Noutra os ollos levan a árbores infolies, a mimosas amarelecidas. Noutra ó ceo. E a equipaxe, catro malas, é dividida. Parte remítese a París, e o resto é enviada a Roma. Con tan mala sorte que chegan ó revés e, ademáis, a da capital francesa é alixeirada, no armacén da compañía encargada do transporte. Como terán o gusto de comproba-los Dieste, cando vaian recollela, de dentro das malas desapareceran alimentos e tabaco. Son difíciles tempos.

Os Dieste, os Cáceres e Sara Morialdo inician un divertido periplo xuntos. Tralas xornadas de Amberes, con tempo para ir ve-la sinistra fonda do loro, consumen unha xeira de seis días en Bruxelas. Virá logo unha acougante melodía italiana, unha vez que entren á península da bota logo de atravesar en coche cama toda Francia, e de facer trasbordo, de mencia, en Basilea.

Han de agardar nesta cidade dúas horas por un tren, e aproveitan ese lapso para dar unha volta. Son unha aparición sonambulesca as xentes

que se afanan rodando en centos de bicicletas con orelleiras para prote-xerse do frío. Da sorpresa de velos volve o grupo á estación. Aquí, con-trariamente ó que sucedería en España, onde dar cun mozo de corda é relativamente doado —aunque ese mozo non cumpra máis os sesenta— non hai ninguén que os axude no cansado ir e vir dun andén a outro, ca-rrexando as equipaxes.

Ó avistar Milán perciben máis nítidamente as pegadas da guerra; an-que, como logo comprobarán, se manifesten máis moderadas que nas miserias que terán ocasión de ver no Sul do país. Miserias que, de cando en vez, van esombrece-la súa estancia, como sichándolles visións peno-sas. A guerra rematara non había moito. Tamén para Francia fora así. Pero Italia perderaa, e por elo as penalidades viñan duplicadas.

Milán é cidade industriosa, pero áchase aínda recuperando o ritmo de traballo habitual, conforme a situación vai normalizándose. Ningún dos museos que visitan ten calefacción. No castelo dos Sforza case se xe-lan. En Florencia sucederalles outro tanto do mesmo. Andan a colina de Bellosguardo. Reviven o paso apurado de Maquiavelo na corte, pisando os mesmos escaerios que el.

O itinerario abranguerá logo lugares como a propia Roma, Verona, Orvieto, Nápoles, Venecia ou Bolonia. En tódolos casos danse anécdotas que ilustran dabondo sobre as dificultades dos tempos. Arredor dos mo-numentos da capital, os guías exercen o seu oficio. Nunha igrexa ofréce-se un home a mostrarlla. Consinten; danlle unha propina. Despois vano atopando máis veces, ó último no Coliseo. Carmen quere librarse del, pero Rafael entrégalle unhas moedas. «As ruínas», di, «teñen dereito a ter piollos».

De Roma van a Nápoles. Percorren a cidade levando cámaras en ban-doleira. Un homón cun abrigo enorme ofréceselles a buscartles alouxa-mento. Un mozo quinceaneiro roga cunha flor en reverencia elegantísi-ma. Nun restaurante, crendo que son americanos, quérenlles cobrar du-pro. Expresións da pícara arte de buscarse a vida, en situacións límite, polos terrícolas da Mediterraneidade.

Algo se move en España. O Partido Comunista, unha vez abandonado o maquis, lanza a consigna de infiltrarse no sindicato vertical, e vai impulsa-las poderosas Comisións Obreiras. Son anos en que o 'partido' extende a súa base na universidade e edita, con camuflantes cubertas de exercicios espirituais das dióceses católicas ou de programas de asignatu-ras de Filosofía e Letras, folletinos de propaganda onde se critican as po-

líticas dos diminutos da oposición ou onde as referencias ó PC da Unión Soviética levan unha 'be' entre parénteses —para enterados só, nunha sociedade desideoloxizada á forza: (b), por 'bolchevique'.

En Galicia todo vai máis lento. Desbotada por arriscada a liña política, os galeguistas do interior, logo de que Castelao morra, disolven o PG e crean a editorial Galaxia, en xunta xeral constituínte que se celebra o 25 de xullo no Hotel Compostela. Otero Pedrayo é nomeado presidente do primeiro consello de administración, e con el forman en distintos postos Manuel Gómez Román, Martínez Risco, Antonio Fernández López, Ferro Couselo, Xaime Illa Couto e Francisco Fernández del Riego. Hai un consello técnico asesor no que están Álvaro Gil, Xosé Ramón Fernández Oxea e Ramón Cabanillas.

E vai ser precisamente Cabanillas quen inaugure o fondo de publicacións, entregando ós cinco meses o orixinal de *Antifona da cantiga*, en cuíñas páxinas o poeta de Cambados recollía, —en papel, como o señor albariño ou as augas de Mondariz son atesouradas en botella— unha xenerosa escolma de cantigas populares. Estudando ese legado, Cabanillas constata que «a copra enxebremente popular nunca se sabe onde foi labrada»: regalía que é do xenio anónimo. (Editado nunha imprenta de Madrid a expensas de Alvaro Gil, o libro vai con ilustracións de Xohan Ledo, e, ó remate, inclúe comentarios filolóxicos e un pequeno vocabulario de Isidoro Millán González Pardo; todo a maior gloria da copla popular, gala do xardín encantado da lírica galega).

A chegada dos Dieste a Venecia é ata un pouco angustiosa. O tren atravesaba a interminable lagoa. A auga exténdese por kilómetros e kilómetros. A primeira impresión é a dun espazo entre nubes. Despois a maxestuosidade do gran Canal, 'palazzos' de mármore e revoques solemnes ata nos desconchados. Outra vez o ceo. E para máis, un enterro que os asombra. Cadaleito con viuda e fillos, e familiares con amigos do finado, nun dueto de góndolas.

En dous meses que dura a peregrinaxe por Italia forzosamente aprenden a convivir, dentro da beleza e o esplendor, con dolorosas estampas. Para as tristes miradas que emerxen das longas fileiras de homes sen traballo sentados nos bordes das aceras, Rafael ten o elixir do seu carácter confiado e cortés. Por Venecia aventúrase, e arrastra ós demais a que fagan o propio, con incursións polas calexas estreitísimas, de noite. Cando o enguedello de rúas e casas é a mellor celada para o atraco. Fan moitas pequenas, grandiosas incursións na aventura.

En Padua, na capela Scrovegni della Arena, admirando a obra de Giotto, Carmen ha de saír da igrexa a correr, para entrar en calor. Alfredo en cambio combate o frío compartindo co resto dos amigos un 'cordiale', que era un cóctel de ingredientes indescifrables que vendían en petacas e do que cada pouco sorbían todos, en busca de calorías.

Xunto ó reencontro con Europa, co nunca mellor dito vello, e canso, continente, o ir e vir constante destes meses, nun lugar e noutro, ó cabo, sobre ser unha ampliación do mundo, un tapiz vivo dos países percorridos, unha lección de camaradería cos amigos verdadeiros, é tamén aprender a ve-lo 'David' de Donatello dunha praza de Florencia na visión dos demais, é unha colección de instantes. E ternura nos ollos; e na memoria, impagable sabiduría.

Tamén van a París. Rafael non perde de vista o seu informe, que tiña moi avanzado. Hospédanse no Quartier Latin, en '27, rue de Cujas'. Había alí un hoteliño, o Saint-Michel (2), especializado en xente sudamericana de estudos, entre a que se lle tiña lei pola súa proximidade á Sorbona. O establecemento era de tarifas módicas, e nel estilábase a consideración co cliente, ademais de te-la vantaxe de estar preto de restaurantes de toda clase.

París supoñía un contraste con respecto a Italia. Roma tiña color cálida, cousa vital. En París entón dominaba un grisallo escuro, aínda sucio e descuidado, pero conservaba o seu engado de sempre no selo propio de cada barrio e nas grandes perspectivas, nos bulevares. Entran en relación con destacados hispanistas, ou con persoas simplemente interesadas nas letras hispánicas, como Marcel Bataillon, Roger Callois, Verderyoye, Jean Cassou e Jean Camp e entablan unha cordial amizade con Mathilde Pomés, que fora colaboradora de Valéry en tempos.

Alguén suxírelle a Rafael que lle faga chegar a esta última o Félix Muriel. Á semana de mandarllo, chégalle unha carta. «¿Cómo é posible que este libro se publicara xa no 43 e eu non tivera noticia del sequera?», pregúntase, para afirmar acto seguido rotundamente que a obra entronca ó autor «co máis logrado, o máis castizo e o máis perenne dos grandes escritores da súa terra —e con dici-los grandes entendo os máis grandes».

A diferenza da súa primeira visita á cidade recién casados, agora, ademais de saír, fan vida social. Van asiduamente polos cafés. La Roton-

(2) Neste mesmo hotel parara Castelao na súa viaxe de 1921.

de, El Select e os do bulevar Saint Germain son os máis visitados, case tódalas noites. Neles recuperan a humana presenza de amigos ós que non volveran a ver desde a guerra, como María Zambrano. Ou Octavio Paz, coñecido na guerra de España cando a penas era un doncel. Mesmo Jaime Valle Inclán, o fillo pintor do admirado mestre.

En Bos Aires entraran en relación con British Council e co seu director Sir Eugene Millington Drake. Así, ó chegaren a Londres, puideron hospedarse en Hudson House, onde estaba o Instituto Hudson para as relacións culturais cos países do Prata, e onde eran acollidos algúns estudosos que visitaban Londres por pouco tempo. A cambio dunha modesta aportación disfrutábase dunha boa biblioteca e dunha residencia confortable en pleno centro da cidade.

En Londres buscan a Albert L. Lloyd, o traductor ó inglés do «Nuevo retablo de las maravillas». Na guía de teléfonos había unha lista moi considerable con tal apelido. Fan catorce ou quince chamadas. Á última o teléfono daba sinal, pero ninguén o descolgaba.

Achéganse ó enderezo que indicaba o listín, nun barrio. Chaman á porta e sae unha muller que resulta ser rusa. Pregúntanlle. Dilles que aquela fora a casa de Mr. Lloyd ata que lla vendera a ela. Facilitalle-las novas señas, xunto ó parque de Greenwich. Alí van ó día seguinte. Non hai ninguén. Volven ó rato, e atópanse cun home. Todo convencido, di: «Vostede é Rafael Dieste». Como Stanley dixera «*Doctor Livingstone, I suppose*». Convídaos a cear.

Carmen, por uns días sepárase de Rafael, e vai a España, despois de que llo pedira seu irmán maior, que fora velos a París. Dieste queda en Hudson House a agardala. O impacto daquela España nela será angustiante, anque haxa a ledicia do encontro cos vellos seres queridos. Primeiro está en Madrid, e dalí sae para Compostela, a onde chega vía Curtis. Nesta vilaña agardábase Alfredo e Esther de Cáceres, con quen fai as vindeiras xornadas.

En Santiago paran no Hotel España, onde os visitan Carlos Maside e o irmán de Cuadrado ó sabelos alí. Ó día seguinte van xantar Ramón Baltar e a súa dona, desde Guitiriz. Axiña marcharán para Rianxo, onde Carmen é recibida emocionadamente polas fiéis persoas que cuidaban de Olegarita e evoca en cada recuncho á nai de Rafael. Haberá tamén unha etapa extremeña, e Carmen ve ós seus, despois de tantos anos.

Todo o relacionado con España resulta doloroso. Carmen xa sabía de antemán que non podería disfrutar moito desa viaxe: sucederan dema-

siadas cousas. Hai unha fenda aberta entre o antes e o presente, con involuntarias e recurrentes comparacións. Desexa volver a España, pero soamente cando poda ser en compañía de Rafael, que se nega a facelo aínda.

En Londres estarán con Seoane, que vai para unha exposición. O pintor vén de ver a Fernández Armesto, que logo de pasar polo Berlín de 1930 como o activista que reflexa o Risco das notas de *Mittleuropa* e despois de ter feito a guerra de España con Franco, conta daquela co prestixio en Inglaterra de ter sido o único amigo público, como Augusto Assía, do país en España durante a II Guerra, nas súas crónicas. Isto dá-balle ascendente sobre os ingleses, que o tiñan recompensado cunha condecoración de guerra e que o ían distinguir aínda coa Orde do Imperio Británico; e esta influencia sumábase á que de por sí tiña na embaixada franquista.

Ó saber que Dieste está en Londres, el, que xa non vivía na cidade, na que só dispoñía dunha oficina pola que ía de cando en cando, queda ese día e convidao a cear. A marca indeleble que o ser humano Dieste deixa en tódolos que o tratan, fai que Fernández Armesto non sexa quen de sustraerse ás gañas de recibir personalmente ó amigo; para o cal, ben antes da hora, acodábase nun peitoril.

Trala cea, nun paseo, ante o perigo de deriva-la conversa polo terreo das xustificacions, Dieste pon cuidado en fuxir deses derroteiros, máis pendiente dos lumes da vella e, a pesar de todo, fonda amizade que da continxencia do actual desencontro. De calquera xeito, e coñecedor da súa sólida posición, Armesto ofrécelle o seu valemto ante o Instituto Español, dirixido por Leopoldo Panero, que o rianxeiro cortésmente rexeita.

Organiza en cambio un xantar en Le Coq d'or, co director da BBC, un xornalista do *Times* e Walter Starkie. En todos eles, aínda que fosen moi discretos, adiviñábase a partidarios de Franco. Pero as intervencións de Rafael son dunha claridade de motivos e dunha nobreza de actitude que lles impresiona vivamente. Todos estaban dispostos a darlle facilidades para situarse en Londres, anque el descartaba o que non encaixara dentro da súa liña de conducta.

Sí puido se-la colaboración coa BBC, que se establece con outro español exiliado, o antigo profesor da Escola Superior do Maxisterio de Madrid Reimóndez, e consiste na lectura de textos para as emisións radiofónicas dirixidas a España, que Dieste dirá ocasionalmente, en coincidencia con viaxes á capital da illa, cando xa estea en Cambridge.

Un día, os Dieste queren visitar Oxford e Cambridge, as míticas universidades inglesas. Ben prantadas e eternamente rendindo as máis valiosas promocións para guía-la marcha da rancia democracia insular. En Oxford ven a Alberto Jiménez Fraud e á súa dona, Natalia Cossío. Coa 'alma mater' da Residencia de Estudiantes son moitas as cousas que se retoman. Entre pares, a lería desgrana un cumprido índice de problemas dos que rondan ós dous. Ambos, dos poucos liberais que nas Españas teñen sido.

Quizais a conversa, na que Dieste previsiblemente conte o discurrir da súa travesía italiana, sexa xérmolo da Visita a Maquiavelo (3) que Alberto Jiménez fará en 1959. O caso é que os Dieste, ós poucos días, están en Cambridge. Ven ó lector de español, Esteban Salazar Chapela, un vello coñecido, e por el chegan a J. B. Trend, home con inmellorables relacións nos ambientes de 'Oxbridge'.

J. B. Trend, o director do departamento de español na universidade, convídaos a xantar. Encantador, leal e intelixente ós ollos deles, é tamén temesiño, con dificultade para face-las frases, continuamente vacilando. Falan de España, unha España que para Trend (4) era a dun Lorca coñecido na 'Colina de los Chopos'; a da alba da República coa que Dieste andara tan comprometido. E falan de Galicia, recién suscitada nas curiosidades de Trend polo *Oxford book of Spanish verse* que vén de aparecer con traducións dunha gran poeta chamada Rosalía de Castro.

E do resón que en inglés queda para os versos no vello romance labrego e humilde da cantora, pasan ás cousas vulgares da subsistencia. En maio cumpría contrato Esteban Salazar. Para o comezo do curso o posto está disponible para Dieste, que fora como explorado no diálogo por Trend. Sen exame, éste examinara da mellor maneira ó escritor, sacando continuamente temas a relucir, para comproba-lo dominio que dos mesmos tiña. Ó final vese que o examinador pasa ó seu particular examinando. E éste disfrutara tanto a falar entre volutas de cigarros que, cando marcha, leva o tempo xusto para colle-lo tren que o devolve ás néboas londinenses.

Ainda necesitando un traballo, Dieste non dera unha resposta afirmativa a Trend, porque estaba supeditada ó xeito de poder afronta-la es-

(3) Con ese título precisamente, *Visita a Maquiavelo*, Trieste publicará en 1983, en Madrid, no centenario do autor, un caderno que el levará durante o seu deambular por Florencia.

(4) Nos anos vinte, cando aparece o seu *A Picture of modern Spain*, Trend tiña por costume nas súas viaxes ó noso país, hospedarse na Residencia de Estudiantes, onde Salazar Chapela vivía.

pera de varios meses que tiña por diante ata o comezo de curso. Nestas, sucede que Lloyd, por encargo da revista *Picture Post* ha de ir a Bos Aires. Leva o encargo de facer para a revista, que segue o modelo de *Paris Match* de combinar fotografías e reportaxes e que aparece semanalmente dirixida por unha xornalista húngara, varias reportaxes sobre o peronismo, así como o de entrevistar a Evita.

Lloyd proponlle a Rafael que vivan ese mes na súa casa. Eles aceptan, se é compartindo os gastos. A experiencia resulta feliz. Durante ese tempo, convivirán coa muller de Lloyd, Charlotte, e cos fillos: Joe, de dez anos, e Caroline, de catro. Serán instalados nun cuarto para hóspedes do piso alto con chimenea e vistas ó xardín.

A parella aproveitará para reconfortantes labores. Ás tardes van á National Gallery, ás bibliotecas. O que fan polas mañáns non é de moi diferente sustancia. O mes pasa voando, volve Lloyd e eles regresan a París, onde visitan a Roger Callois, na Unesco —del, Rafael comentara o libro *El mito y el hombre* na revista *Sur*, no 48—. Pregúntalle se podería ter algún traballo. El dille que algún sí hai, anque non fixo. O ideal para entrete-la súa espera.

Así, de cousas que van xordindo, maiormente traducións, van sacando para subsistir con sobriedade. E facilitan todo un pouco as pequenas axudas —na linguaxe familiar, Eduardo ten introducido para este fin o termo «alegrías»— que lles fan chegar os irmáns de ambos a dous.

Entre tanto, Rafael estudia como nunca. Aproveitando a proximidade á biblioteca de Santa Xenoveva, onde pasa larguísimas sesións, actualiza coñecementos de filosofía, de matemáticas, de literatura. Dando un repaso ó mundo desde as antigüidades gregas ás que tan afeitoado era ata a Francia do momento, cun existencialista Jean-Paul Sartre que en *La nausée* transcribe o diario dun tal Antoine Roquentin alonxado de todo heroísmo e incapaz de atopa-la *consolation d'es Art's* incluso escribindo un libro. É a Francia na que o Albert Camus de *L'Etranger* se recrea na nadería do mundo contemporáneo e provoca unha febre de seguidores similar á do Werther goetheán no seu tempo.

Ás noitiñas, trala ronda por museos e galerías, pasean. O andarín incansable que Rafael é expándese co exercicio do mirar. Recordando os tempos da rúa do Vilar —cando lle gustaba pasear baixo os soportais a falar en alto— camiña e camiña divagando. Carmen, xa no hotel pasa o dedo polo itinerario percorrido (Campos Elíseos, Bosque de Bolonia... quén sabe cántas *rues e avenues*) sobre un mapa a escala. Fácilmente dez, acaso doce; en ocasións, ata quince kilómetros.

Antes de cruzar outra vez o Canal da Mancha, desprázanse ós Alpes

marítimos, na primavera. Chegan primeiro a Niza, e decontado van a Cagnes-sur-mer, pintoresco burgo, cun pequeno castelo e xubilosas paisaxes, que a Rafael se lle parece á parroquia de Leiro, e lle lembra os para el impagables rasgos de onde o mundo se chama Rianxo. Rafael disfruta: «Estas terras alpinas», di en carta a Fernández del Riego, «moi do estilo das provenzais, fannos bastante felices. Por momentos case chegamos a nos facer a ilusión de estar en Galicia. Faltan, naturalmente, moitas cousas das que fan para min máis insustituible a nosa terra. O outro día, indo de un val a outro por un camiño portentoso, notei que non obstante nos faltaba algo... ¿Qué é, qué é? Caímos na conta: algo sagro e formidable. ¡O brado dun boi!».

Paran no '70, Montée de la Bourgade', e a patroa súa é madame Bé-ranger, que ten xa os seus bos oitenta anos. Alúgalle un cuarto alto, con fermosísimas vistas e pouco máis. Nel, tras enxalbegalas paredes, repasa-lo friso, lustra-los mobles, frega-los pisos, arma-la despensa e outros mesteres, pasan maio, xuño e parte de xullo. O verán convida a longas paseatas por entre os piñeirais. Achéganse a vilas como Grosse, Vance, Saint-Antoine e Cannes. Ata que as chicharras, cando o calor apreta, acaban por botalos dos bosques co seu penetrante canto. Daquella, Rafael merca barro, e moldea. Talla tamén troncos dóciles. Fai debuxos. E nos seus blocs repítense insistentemente estas e aquelas figuras xeométricas.

A cita con Cambridge obrígaos a volver a París para arranxalos papeis. Complicado rodar que os leva un senfín de veces á embaixada inglesa. Ata que chega o permiso de traballo, e xa poden irse. Incorporándose ás clases ó comeza-lo curso, en pleno outubro.

Vivirán na casa do profesor Deutz, austríaco, musicólogo, exiliado da guerra: «A persoa que máis sabe de Schubert», segundo lles din. Alugan dúas habitacións e un cuarto de baño no piso de arriba. Hai tamén outro cuarto ocupado por unha estudante suíza, Rossmarj, que, ó tempo que obtén o seu certificado de inglés, cuida casa e cociña, preparando para todos o xantar principal, ás sete e media do serán.

Nos cuartos había unha estufa de gas, que funcionaba con moedas. Eles habitualmente só aquecían a do estudio. Alí preparaba Rafael o traballo, e profundizaba nos tempos sobrantes nas súas esculcas xeométricas, primeiro considerándoas lecer de ratos perdidos, logo vivíndoas con intensidade.

Debía dar dúas horas de clase semanais. Unha consistía nunha confe-



Isaac Díaz Pardo, Rafael Dieste, Carmen Muñoz e Maruxa Seoane, no Centro Galego de Bos Aires (1956).



Rafael Dieste (Bos Aires, 1956).



Faustino Rey Romero, Carmen e Rafael Dieste e Xosé Santos Suárez, en Rianxo (1961).



Isaac Díaz Pardo con Manuel Colmeiro, Rafael Dieste e as súas donas, en O Castro (Sada, A Coruña), na década dos sesenta.



Camilo Díaz, Carmen e Rafael Dieste e Xosé Díaz, na igrexa de Santa M.^a do Azogue en Betanzos (1962).




Rafael Dieste con Luis Villaverde en Vilagarcía (1962).



Carmen e Rafael Dieste con Dámaso Alonso (na esquerda). A Coruña, 1966.



Esther de Cáceres entre Fermín Fernández Armesto e a súa dona Jenny. De pé Rafael Dieste (Santa Cruz, A Coruña, 1968).



Rafael Dieste (á dereita) co seu amigo o mariñeiro Xesús Iglesias en Rianxo. Ó fondo, con galería, a casa de Rafael. (Década dos sesenta).



Rafael Dieste e a súa dona, Ramón Otero Pedrayo e Manuel Colmeiro en Compostela no ano 1970. (Fotografía de Eduardo Blanco-Amor).



Siro López Lorenzo, X. M. Rodríguez Pampín, Alejandro Finisterre, Manuel Gallego, Euloxio R. Ruibal, Xosé Díaz, J. Fernández Sánchez, María Ripoll, X. A. Corral Iglesias, Manuel María, Nemesio Barxa, Carmen Trillo, Pilar Brandariz, Antón Buxán, Díaz Pardo, Ramón Piñeiro, Ester Segurado, señora de García Suárez, Ricardo García Suárez, Rafael Dieste, Marino Dónega, señora de la Vega, Celestino Fernández de la Vega, señora de Buxán, Anxel Vázquez, Manuel Caamaño, Antón Patiño, Anciñas Ripoll, Xesús Campos e Eduardo Blanco-Amor, no 1.º Seminario do Libro Galego celebrado en O Castro (Sada, A Coruña), en xulio de 1972.

rencia sobre literatura española. A outra, era de lingua. Ademais, tiña que ocuparse da corrección dos *papers* e, claro é, da organización do esquema e da distribución dos apuntes da conferencia. Traballaba moito, porque contaba cunha vontade disciplinada, pero tamén porque a cidade predispoñía a elo. Rafael non se economiza no traballo. En lugar de preparar dúas ou tres, analizándoos con pormenor e facéndoos vivir comparativamente, baixo puntos de vista distintos.

A situación non podía ser máis favorable ás dedicacións do intelecto. A biblioteca da universidade ó seu dispor, é un infindo reino do saber de dazaseis kilómetros de estanterías, case seguro que moitas veces a famosa de Alexandría, e seguro que comparable ás maiores dos tempos modernos, a Lenin de Moscú e a do Congreso de Washintong incluídas. Por riba, resultaba cómoda de consultar, con profusión de gráficos a carón dos fecheiros, que permitían desenvolverse sen enfarragosas axudas. Cousas da civilización: non se sabe de ninguén que se valera deste anonimato da busca para furta-los libros. Ninguén se esquecía tampouco nunca de devolvelos, nin sequera de os devolver ó seu lugar exacto.

A vida ha de ser recollida por necesidade. Xunto a factores de culto á laboriosidade que poden vir do protestantismo, o clima aconsella igualmente ese recollimento. Chove con abundancia. Hai un pano de sempiterna bruma. E resultan ata opresivos os días tan cortos, e o ceo esmagante de nubes baixas.

Rafael botaba en falta os ceos de Galicia, ás veces tan historiados de nubes e claros, sucesión de auga e véo despexado. Carmen añoraba o ceo da Salamanca onde cursara os primeiros estudos, infindo, territorio da divinidad. Por contra, en Inglaterra eran poucos os resquicios polos que Deus puidese asomar unha ollada. Un día acompañan a Trend a Londres, a unha charla que vai dar. Era inverno, había unha néboa espesa e non se vía a dous pasos. Eles camiñaban de mans dadas. Nas esquinas, os 'bobbies' dicían o nome da rúa, para orientar á xente.

Consecuencia lóxica: a primavera era inmarcesible, un estoupido de arcos da vella. Iris en grinaldas que de súpeto, un mencer, enchen tódalas árbores. Cambiaba o aire, a temperatura endozaba, e cada rostro descubría un engado agochado. Anque así e todo non abonda ese pago para que Rafael non abandone Cambridge por se reincorporar de novo ás Américas a continua-lo seu maxisterio. ¡Cansarano tánto as invernadas!

Os ingleses sabían ser amables, co defecto de que tódolos amigos, ansiosos de practica-lo español, non lle daban ós Dieste moita oportunidade de desenvolverse no seu inglés. A vida era en xeral agradable. O

clima e a suficiencia de medios convidaban a quedarse na casa. Xuntos. Cando Rafael traballaba, Carmen costumaba calcetar. Arranxaran un radio, e para poder escoitalo, levaron uns cascos. Seguirá así a dona, mentres tece, moitas lecturas de teatro, co texto da obra diante. Son tempos en que Rafael, como Carmen conta nunha carta a Esther de Cáceres: «Escribe, racha, garda, considera; escribe».

Son problemas de lóxica matemática. É admirable o desinterese con que os afronta, e a súa constancia. A muller está de bolboreta, como ela di nesa mesma carta, en torno á súa luz. Pero xa dá tamén leccións de español, a alumnos que lle mandan dos 'colleges' de Caius e de Girton. Estudia a fala e a literatura do país. E está, en definitiva, esperando. «Quizais o destino do exilio», di á amiga na carta, «é ficar esperando».

Esperando, aproveitan a hospitalidade que se lles ofrece, sen abusar. Van pasar fins de semana longos e algunhas vacacións, como Semana Santa, a casa dos Lloyd, en Londres. Asisten a pequenas tertulias do seminario de español. Han de dar conta de episodios que viviran directamente. A guerra de España, como ferida nunca pechada. A subida de Perón ó poder. E delo falan equilibradamente, a cada cal segundo o pode entender, sen que ningunha carga de extremismo lastre os seus razoamentos.

(En Cambridge todo o mundo usaba bicicleta para desprazarse, menos eles, porque Carmen non sabía montar. Isto suxeitábaos tremendamente ós horarios dos autobuses xa que vivían nun barrio residencial. Por eso decide Carmen cando levaban un tempo aprender a andar a pedais.

«Moi perigoso», díxolle Rafael cando lle propuxo que lle aprendera el. Recurriu daquela á mociña que vivía con eles —xa non Rosmary, senón Elsy, que aceptou sorrinte o ensinalle—. Alugaron unha máquina e ó pouco apareceu Elsy chamando por Rafael á xanela, para que vise á ciclista. Carmen que baixaba pola costa da súa rúa.

Mercaron entón dúas bicicletas, que usarían de continuo para facer paseos, e que lle resultaron moi útiles para ir ós seus quefaceres. Rafael xa sempre iría a pedais á universidade. Carmen, outro tanto do mesmo ás clases de idioma que tomaba —as que daba ós alumnos dos Colleges eran no seu domicilio; nin que dicir ten que os estudantes ían a dúas rodas a elas).

Retoman o seu costume de pasar cando menos unha quincena do verán na beiramar. O verán de 1951, entre os dous cursos que pasan en In-

glattera, foron a Bexhill, preto de Hastings, no Canal da Mancha, comendo heroicidades como a de bañarse, mentres a xente, fuxindo das frías augas, permanecía horas nas tumbonas, cubertos con mantas.

Xa a finais do segundo curso, noutra primavera, estudarán en Cambridge a posibilidade de regreso a América. As cousas en Bos Aires non cambiarán para mellor. Entón, en correspondencia con Antonio e Manuel Dieste, os irmáns de México, xorde a proposta de ir alí, e decontado é convidado Rafael polo Instituto Tecnolóxico de Estudios Superiores de Monterrei —unha universidade privada do estilo das de Estados Unidos— para ensinar lingua e literatura na súa sección de Humanidades.

Do tempo pasado en Cambridge quedan na obra de Dieste sentadas as bases do seu pensamento matemático. Fixera o desenvolvemento de toda unha xeometría, especulando co V Postulado de Euclides, o do paralelismo, e tanteando aproximacións e desencontros coas aportacións de Riemann e Lobachetski: Bases de aproximación. Pero tamén frutos concretos, como o apuntado o día 5 de setembro do 51 en carta o Otero Espasandín: «Está xa nos talleres de Carmen o tratadiño (5) que dá conta desnuda das miñas indagacións. Polo momento os destinatarios seredes ti, Eduardo, Eladio, Martínez Risco (agora en París; refírome ó físico) e Duprier, colaborador de Blas Cabrera, a quen coñecín en Londres».

Estes afáns darán como resultado, en 1955, a publicación do *Nuevo Tratado del paralelismo*, libro que cando aparece suscita en *La Noche*, de Compostela, o comentario de Borobó. Saca punta este ó feito de que precisamente un rianxeiro estudie o asunto do paralelismo. Non en van Rianxo era pouco máis que tres rúas paralelas: a de Abaixo, a do Medio e a de Arriba. Algo cuca, un chisco superficial, como de tona, pero difícil de retrucar constatación tal.

(5) En carta anterior ó mesmo correspondente, desde Cagnes-sur-mer, xa lle adiantara o exercicio de busca do rigor no que andaba. Agora fala xa de 'tratadiño'.

'ACTIVIDADES POUCO PRODUCTIVAS', BAIXO SOLES AZTECAS

No porto de O Havre toman o 'Île de France', que nunha semana os deixa en Nova York, onde agora está destinado temporalmente Eduardo Dieste, no consulado do Uruguai. A perspectiva da cidade de lonxe resúltalles máis ben desconcertante, perden importancia os rañaceos, e a Estatua da Liberdade, anque convencional, co seu aire galo, elles imaxe simpática e optimista.

Milka, a muller do seu irmán Eduardo, agardábaos cando puxeron pe en terra. Explicoulles que levaba horas esperando, ó primeiro co home; ata que el cansou, e decidiu irse. En poucos minutos áchanse con el no seu apartamento. Eran sete anos sen verse. Atópano case igual. Animado, xeneroso, estupendo.

A cidade non é só a color gris do cemento, a escuridade en que a pechan as moles xigantescas. Hai idiosincrásicas rúas, amplas avenidas, e apréciase un engado de seu. E ten moito das grandes urbes europeas; Londres, nomeadamente. En Nova York botan dazasete días con Eduardo e Milka, que, agradecidos pola súa compañía, están sumamente obsequiosos, regalándolle varios vestidos a ela e a el uns traxes cos que completan o seu breve vestuario de atavíos de verán. «*You look like a millioner*», dixéralle a Rafael o xastre, cando estaba probando un traxe branco.

Os Dieste viven en pouco tempo tres xeitos de modais. A amabilidade inglesa, sinxela e coa mesma protocolaria, a atención francesa, sempre un pouco irónica, e o practicismo americano. Antes de subir ó 'Île de France' viviran o maio de Cambridge, ó remata-lo curso, cunha cidade luminosa e dourada que encovaba en recónditas furnas do cerebro o gris outonal e o longo inverno. En xuño viviran unhas xornadas londinenses, cos Lloyd. E en París derrocharan dúas semanas dun comezo de verán delicioso. Coa cidade viva e fascinante.

Non pesa neles a dóce responsabilidade duns pais que manden, uns fillos que aten ou unha patria que os necesite. Pero a idea de se iren a un país do seu mesmo idioma resúltalles especialmente querida. Como llo resulta irense a encontrar con outras ponlas da familia desgaxada.

En Monterrei instaláronse na desapretada casa de Manuel Dieste. Alto e distinguido no físico. E católico practicante e algo reaccionario, pero honrado a carta cabal, no trazo da personalidade. É o caso de home que estaría disposto a sacrificá-lo seu interese con tal de que o mundo se ordenase de acordo coas súas ideas. E ten unha muller, Magdalena Poston, coa que é feliz.

A familia, da sociedade pudente de Monterrei, ben considerada entre os rexiomontanos, vive nunha casa do barrio Colonia del Valle. É un barrio residencial distante do centro, do que a separa unha ancha franxa sen poboar. E en veigas colindantes á de Manuel teñen as súas vivendas os fillos deste, con xardín común.

Para eles fora unha sorpresa a calor rexiomontana, moi superior incluso á pasada en Nova York. Como se despois dos dous anos de Inglaterra, esquenceran xa que no globo podía pasarse aquela calor. Ben é certo que chegaban no rigor do verán, pero ó pasa-lo tempo puideron comprobar que o de Monterrei era un verán que se espallaba xenerosamente pola primavera e o outono, agrandando lindes.

Monterrei é unha cidade industrial, próspera nestes cincoenta, de 350.000 almas. Domina unha mentalidade traballadora, que fai que a xente se afane en acumular riqueza. O solo é pobre. A prosperidade dimana dunha industria como a da fundición, que se mantén pola decisión de xentes emprendedoras, Carlos Prieto á cabeza, xa que a zona carece de ferro e carbón. E as motivacións de índole intelectual empezan a ser consideradas pola xente con posibles.

Un activo grupo de homes de empresa lograra, anos atrás, implantar rentables industrias, ofrecendo postos de traballo en condicións dignas; incluíndo protección para vivendas, ensino, médicos e economatos. Conservadores e integristas, pero con vista suficiente para decatarse de que o conservadurismo en exceso era ata contraproducente para o que querían conservar, fundaran o Instituto Tecnolóxico e de Estudos Superiores, centro creado maiormente con miras á capacitación técnica para as súas empresas, pero no que, andando o tempo, se pon en marcha a sección de Humanidades.

O Instituto tiña como sede modernos edificios. O profesorado recibía mellores salarios que na universidade. O sistema de ensino guiábase polo dos centros privados dos veciños do Norde. E así, Rafael, que única-mente dá tres horas diarias de clase, como profesor de Lingua e de Historia Literaria Española, ha de estar de oito da mañán a tres da tarde no

'Tec', inexorablemente, como os demais profesores contratados a *full-time*. Á disposición do alumnado. Para atende-las súas consultas.

Sae para o traballo ás sete e media da mañán. Vai en automóbil cuns profesores que vivían tamén na Colonia. E volve pasada-las sete, con Manuel. Nunca Rafael e Carmen estiveran tantas horas do día arredados. Deciden por elo instalarse pola súa conta, na cidade. E elixen un apartamento do edificio De Soto, céntrico e comfortable. Pero deben agardar a que sexa abandonado polo inquilino que, entre que o vai pospoñendo por sucesivas excusas, aínda tarda uns meses en deixalo libre.

Era o último piso do inmoible. Tiña unha terraza aberta ós ventos, onde cuidaban prantas da terra, e desde as barandas divisábanse en derredor os cerros de apariencia mineral que acoutan Monterrei, entre eles, o famoso da Silla. Con pouca moblaxe, algúns cacharros de cerámica popular, exuberantes plantas e belas alfombras, queda un niño moi aco-lledor.

En Monterrei había riqueza e ambición; se un pouco maiores, raianas coa avaricia. Pero rareaba en cambio aquilo que máis lle importaba a Dieste. Que era un clima propicio á arte, ás cousas da alma. Eles, como familia de Manuel Dieste, tiñan abertas tódalas portas, eran amistosamente recibidos nas festas ben, onde sen dúbida causaban boa impresión. Por eso para aqueles burgueses tan afeizoados ó diñeiro resultaba chocante que eles, con tódolos pronunciamentos favorables, se dedicasen a algo tan dubidosamente productivo, cando non rematadamente improductivo, como ensinar ou escribir.

Por sorte, no Tecnolóxico había un grupo de intelixentes profesores e alumnos cos que decontado pechan un círculo de amizade. Principalmente, co director do Departamento de Humanidades, o poeta Alfonso Rubio, e cun grupo de alumnos que, por broma baseada en distintas anécdotas, Carmen da en chamar 'os arcanxos'. (Gabriel Zaid, que xa escribía fermosos versos, Federico de la Chica, Andrés Villareal e Carlos Ortiz, todos moi despertos e dotados do san humor que adorna ós mexicanos, son dos máis queridos. Estudiantes de enxeñería.

Ansiosos de horizontes, bebían literalmente cada palabra de Rafael, tanto nas clases como na cafetería, onde estaban moi pendentes dos seus horarios, para abordalo. Todos habían de ser homes notabres no futuro, e a relación con eles —especialmente co home de letras e de negocios Gabriel Zaid— durará sempre.

Un dos labores dos que Dieste estaba descargado era o da corrección

de exercicios, pero só teóricamente. O primeiro ano non daba abasto a correxir. Tiña un corrector encargado de facer ese labor, pero non resultaba todo o seguro que Rafael quixera. Isto solucionouse no segundo dos cursos que botou en México, cando ese posto foi cuberto por Gabriel Zaid, que viña de ser discípulo seu no primeiro e que o axudaba alixerándolle moito o traballo. E que, ás veces, lle mostraba os seus escritos, para someterllos ó seu xuício).

Polo demáis, Rafael tivo que sufrir un pouco coas cuestións de lingua. Desde antigo o seu amor á linguaxe, ó ben expresado, era para el paixón. E a grea estudiantil do Tecnolóxico tiña unha formación lingüística un pouco defectuosa, porque tendo escollido carreiras técnicas, como enxeñería, arquitectura ou empresariais, dedicaban o mellor dos seus esforzos ós problemas con regra de cálculo, nunca ás regras de bo dicir.

Rafael houbera de superar varios malentendidos. As letras non eran demasiado importantes, a gramática tampouco. Ó remata-lo primeiro trimestre suspendera á metade do curso. O rector, extrañado, chamouno a capítulo. Non podía suspender tanto. Dieste tranquilizouno, dicindo que seguro que ían superarse cando crecese o seu interese pola materia. Como sucedeu, en efecto.

Carmen estivera seis meses sen traballar. Nas vacacións foi chamada para dar un curso sobre psicoloxía da idade xuvenil a profesores de ensino medio na Escola de Verán da Universidade de Novo León (Monterrei). Esas leccións serviron de alicerce para que, tras vencer certas reticencias entre o equipo directivo hacia a contratación de mulleres, puidera logo entrar como docente no mesmo 'Tec'.

Como a estada pasada en Cambridge, o tempo pasado en Monterrei dá como resultado un único libro que se publicará máis tarde (1). Trátase dun texto que o rector do Tecnolóxico encarga a Rafael. Perséguese con el correxi-la mala ortografía dos alumnos. (Estaba na intención conxuralo 'cantinflismo', vicio consistente en afectar desmedidamente unha oratoria que o que maiormente se propón é sonar, á maneira do cómico). Nace así a *Pequeña clave ortográfica*, que é composta a ciclostil e repartida entre os estudantes gratuitamente.

A estes apuntes de ortografía, que lle son retribuídos a parte, e que

(1) En Inglaterra nacera *Nuevo tratado del paralelismo*. En México nace *Pequeña clave ortográfica*. Ambos a dous serán editados en Bos Aires, en 1955, 1956, respectivamente.

Rafael entrega case ó remate do primeiro dos cursos, habían de seguirlle uns similares de sintaxe, cos que el se pon no segundo curso, tomando notas que interrumpirá precipitadamente, como moitas outras cousas, ó recibir unha carta con noticias de Chile.

Entremedias, viven as vacacións do verán. Tres semanas pásanas en México Distrito Federal, e visitando outras cidades. Están con León Felipe; áxil, fino e simpático. Ven tamén a Emilio Prados, mergullado na súa tristeza. A Jacinta Landa, a amiga de Francia. A Manuel Altolaguirre, Moreno Villa, Juan Rejano...

Están con Arturo Souto, que pinta moito, gaña moito e gasta a maior velocidade. Con Miguel Prieto, que fai o suplemento literario do xornal máis influente, *Novedades*. Con Xesús Bal, entregado ó seu traballo, amigo de Stravinsky e serio. E con Luis Cernuda, que, tras ensinar na universidade de Glasgow e no Instituto Español de Londres, e tras preceder a Dieste no lectorado de español de Cambridge, no curso 43-44, agora daba clases nun 'college' estadounidense, en Mount Holyoke (Massachusetts).

O poeta maldecía ás alumnas, ó 'college' e á cidade. «*Imagínate que estoy dando una época, Rafael*», dicía Cernuda, «*que me entusiasma, me fascina. Algunas alumnas están tejiendo, y cuando estoy en el punto que más me interesa subrayar, una levanta una manga en la aguja para ver si le da el largo*».

(Neste tempo, por mediación dunha persoa amiga da familia Dieste, a caseira de Rianxo, Elisa Lorenzo, admitiu á escritora Elena Quiroga, no mes de abril de 1951, a compartir a vida da casa con eles e máila recluída Olegarita. Tecleando longas horas na súa máquina de escribir, está alí para poñer-lo ramo á súa novela *La sangre*.

Á hóspede impresioana a imaxe queda da muller enferma e, —polo pouco que pode saber dela no cuarto do que non sae e o algo máis que lle contan fantasiosas xentes— urde unha historia de desamor e soedade da que atará cabos no verán do 52, cando volva co marido e o seu sobriño Carlos. Elena Quiroga escribe despois *La enferma* (2), onde a muller que queda mal do sentido porque o seu artista amado casa con outra á que non quere, e onde o Rianxo que fascina á novelista, polo mar e a brétema, son os auténticos eixos conductores da novela).

(2) Publicada en 1955 (Noguer, Madrid).

E tamén daquela reciben os Dieste un encargo. A familia de Carmen fálalles de alguén de Plasencia que tiña propiedades en Tampico das que sospeitaba que se quería apropiá-lo apoderado. Piden a Rafael que se ocupe da venda. El vai a Tampico, distante de Monterrei as súas boas oito horas de autobús, e co seu irmán Antonio inspecciona as propiedades, enalleándoas logo nunha venda a xusto precio pola que Rafael establece unha porcentaxe moi moderada, pero que supón uns benvidos ingresos.

Cos dólares obtidos así, amén doutras cantidades que obteñen por senllos cursos que Rafael e Camen imparten na universidade, a maiores dos soldos do Tecnolóxico, regresan a Bos Aires, por segunda vez, e despois de seis anos de ausencia.

Prestes a finda-lo segundo dos cursos pasados en Monterrei, veñen novas desacougantes. Antonio Baltar conta nunha carta que Eduardo Dieste, agora destinado en Chile, está enfermo de cuidado. O proceso, un cancro, é irreversible, e Rafael decide irse de inmediato para estar con el nesos momentos. Así o decide antes incluso de que lle fagan saber que o irmán quere velo.

Como o curso vai avanzado, e por non abandona-la sección de linguaxe acordan que Carmen quede coas clases de ambos. Danse moita prèsa, pero non abonda, porque nas vísperas do día en que Rafael ía emprende-la viaxe chega o telegrama coa noticia do pasamento. Eduardo morrera á idade de 73 anos. Os restos son trasladados desde Santiago de Chile a Montevideo. Rafael non tén xa nada que o urxa, posto que non pode chegar a velo con vida. Pero decide regresar a Bos Aires así e todo.

Carmen, mentres, faise cargo do último mes de catro cursos, e ha de correxi-los exames dos alumnos seus e dos do home. Ten ademáis que levanta-la casa, que traspasa a catro rapaces do Tecnolóxico. A empaceta-los libros, que irían por correo nunha ducia de caixas, axúdana Zaid e Villareal, que ata levara unha báscula para pesa-los lotes.

Non había liña de avión directa a Bos Aires. Un aparato da Panamé-rica chegaba a Lima. Alí collera Rafael outro da Braniff que o levou á capital arxentina. E Carmen repetirá un mes despois a mesma escala. Rafael tiña estado en Lima con Corpus Barga e con Santiago Ontañón, o debuxante e escenógrafo. Foi el quen aconsellou á muller facer tamén parada para coñece-la cidade. Pagaba a pena. E ela así faría, con anécdota incluída.

En Monterrei embarcara vestida cun fino abrigo claro e tocada cun sombreiriño negro. As súas amigas agasalláranla cunha fermosa orquí-dea, que ó subir ó avión fora posta no frigorífico. Ó dece-la escaleiriña, en Lima, unha banda de músicos saíu a tocarlle. Estaban a esperar por uns visitantes ilustres: pensaban que era ela a señora.

Ó unirse a Rafael en Bos Aires, resgataron o seu piso de Lavalle, que fora primeiro ocupado por un xove Julio Cortázar, e que agora era o niño de Enrique Azcoaga, que só pagaba as expensas da comunidade. Non sempre ocorrira así cos inquilinos. Cando o collera o primeiro, el pagaba o aluguer contratado polos Dieste ós caseiros. Desde que o matrimonio mercou a vivenda, os ocupantes xa só corrían cos gastos.

O paso polo Instituto Tecnolóxico e de Estudos Superiores de Monterrei foi como unha pausa para un respiro. Serviu para enche-lo peito de Rafael de satisfacción polo deber cumprido; que se apalpaba no interese crecente dos estudantes polas disciplinas de letras que el impartía, antes descuidadas. Foron dous anos contentes, tranquilos, agradecidos, sí. Pero, como sempre desde o 39, cun fondo de nostalxia, inquedanza e inseguridade.

O ADEUS Ó EXILIO

Rafael e Carmen recuperan Bos Aires. Logo dunha peregrinaxe a través dos continentes e os hemisferios, regresan ó refuxio dos anos primeiros do desterro. Tras interregnos en que se viran obrigados polas circunstancias a entablar amistades novas e facer un alto coas de sempre, para as que ficaba a ternura dunha flamiña tizada metódicamente por incontables cartas que cumpren a función de manter accesas comunións no mesmo, recobran agora humanas presencias inesquencibles.

De novo en Bos Aires, os Dieste volven á familia atopada como consolo. Non importa demasiado que a situación política estea en evidente descomposición, cun peronismo en decadencia. (O dictador Perón, en parte abocado a elo pola súa vida personal tan rica en líos, deixa o país de mala maneira, nunha fuxida de cinema, en barco e con vixiantes comprados). Non importan outras consideracións de tipo xeral. O que verdadeiramente conta é a existencia acougadora naquelas coordenadas espaciais de seres por quen sinten un gran afecto. Entre os máis íntimos, Mireya Dieste e Antonio Baltar; Luis e Maruxa Seoane; Colmeiro; Lorenzo Varela e Marika; Baudissone; Amado Villar, o amigo da campaña de Marrocos e dos tempos do xornalismo en Vigo. E Laxeiro e Lala, ós que atopan no círculo, que axiña vai contar coa presenza de Díaz Pardo e a sua dona Mimina.

As relacións coa editorial Atlántida non puideran quedar mellor, a pesar dos roces anteriores, que non impediran unha festa de despedida entrañable. Fora unha cea na casa de Vercelli, na que se agasalla ós Dieste con simpáticos regalos. De regreso en Bos Aires, non hai problemas para reanuda-la súa colaboración coa editorial.

A relación que se establece vai ser distinta á antiga. A remuneración é menor; pero, en compensación, eles non teñen que ir á oficina a diario forzosamente, permitíndoselles despacha-lo traballo no seu domicilio. A fórmula vai permitir a Rafael unha maior dedicación á súa vocación literaria e especulativa. Traballará nos seus escritos como non puidera facelo en moito tempo.

Todo turraba del para non comprometerse demasiado, temendo os

acaparadores esforzos de Monterrei. Cando lle propoñen conferencias, posponas meses. Cando cursos, aprázaos anos. Cando Núñez Búa lle ofrece, como mediador, unha cátedra de galego-portugués, el rexéitaa sen asomo de dúbida, anque, neste caso, tamén o movan motivos de índole político.

A verdade era que os anos de México foran un treito agradable, divertido. Pero o noso escritor pensaba sempre no regreso; xa que México, a parte de significar un reencontro cos dous irmáns que alí vivían, e o coñecemento dun gran país, era tamén a sumisión a unhas condicións de traballo inflexibles e a presenza dunha nación que decote require atención e interpretación. Isto todo fai que, incluso antes de ter noticia do pasamento de Eduardo, dixera á súa compañeira: «Quero escribir. Vaiámonos a Bos Aires».

Na Arxentina tiña el cifrada a posibilidade dun ambiente propicio porque, en Monterrei, a calor abrasadora, a xornada de clases, a soedade moral nunha sociedade allea ós seus afáns, poñían en pina costa o reto de escribir. Por eso Rafael partira do país coa dor que no corazón lle puxo o mazazo da morte do irmán, pero co desexo de repregarse na intimidade, nun ambiente máis coñecido. Máis neutro.

Recordemo-lo que Eduardo Dieste era para el. Os encontros tidos co cónsul en medio mundo. Rafael descubriendo neles a realidade lisa dos reinos maxinados nos soños da maravilla, lidos en testemuñas admiradas, oídos nas ondas do mar e o vento que chegaba a onde el asentaba os seus reais. As cartas cruzadas entre os dous case desde a adolescencia con fado de Rafael, tan ventureiramente guiadas que máis dun amigo lles pèdira moitas veces que as deran ó prelo (1). Cartas profundas, cartas necesarias. Preciosa comunicación pola que cada un debecía cando o outro debía carta. Que fai preguntar a Eduardo, cando Rafael contestaba cada vez desde unha cidade distinta, e el non sabía as señas —cousa frecuente cando Misións e cando a beca por Europa— «¿Estades xogando ás agochadas?».

Rafael, en loita co derrumbe que significa a morte do irmán, do amigo, do mestre, sobreleváralo imponéndose a vontade de seguir. Así terminará sobrepoñéndose, para ir visitar a Milka, a viuda, e a Juan Sebastián, o xove fillo para o que o irmán quixera un destino de músico, en Montevideo. Onde vira tamén a Enrique, ó seu sobriño Eladio e ós Cáceres.

(1) Cousa que Eduardo fai costeando PAN, xustamente titulada 'revista epistolar y de ensayos', e na que publican unha parte da correspondencia dos anos da República.

Cando ó fin se xunta con Carmen en Bos Aires, a parella pódese poñer a andar de novo. Había que darlle un lavado de cara ó seu apartamento do décimo-segundo andar de Lavalle, resentido da súa ausencia durante os anos pasados nel por varios amigos.

O paso dos Dieste volve a marchar co tic tac do reloxe, superando os cambios, adquirindo outravolta o seu compás. Da marcha súa ó longo dos anos que van de 1955 a 1961 queda sobrado rastro nas cartas dirixidas a deudos e amigos. Entre éstos, Serrano Plaja, Colmeiro, Otero Espasandín, Barbudo, e un Gabriel Zaid que se convirte no máis asiduo correspondente nesa época. E con quen as cartas, sobre se-la usual mistura de frotador e raíces que son sempre para Rafael e Carmen, son ademáis a voz xenerosa que se regala ó mellor discípulo.

Rematado-los estudos e as quintas, Zaid irá a París cunha beca de especialización á que seguiría un cruceiro polo Mediterráneo. É fácil maxinalo que todo esto supón nun mozo de vinte anos. E non moito máis trabaloso maxinalo que, para quen fai ese percorrido so, supón a relación epistolar con xente como os Dieste, aínda que soamente lle fixeran chegar noticias sobre a vida corrente. Moito máis se son comentarios, consellos, palabras de alento.

O 16 de xuño de 1955 pónenlle unhas letras. Coméntanlle que outra vez —e van...— están en fila cinco de pratea, no centro do torbeliño. Vivían preto da Casa Rosada, a Casa de Goberno, na praza de Maio, e por aqueles días fora bombardeada. Como non podía ser menos, hai máis asuntos na carta. Hai outras cartas. Nunha de marzo do ano seguinte, fálánlles duns versos, que el lles enviara antes. «Gústannos moito estes poemas, son moi sabios...»

Como o mozo mostra nostalxia de velos e gañas de coñecer Bos Aires, animárono a que antes de voltar a México vaia onda eles. Se pode sufragarse a viaxe, daranlle apoio para que poda permanecer uns meses; acaso como colaborador da editorial nas novas disciplinas de simplificación de métodos de traballo en que se estaba especializando.

Por aquel tempo, o traballo en Cambridge comeza a rendi-los seus frutos. Carmen dá a Zaid noticia de que Rafael vai moito pola imprenta, onde están tirando o *Nuevo tratado del paralelismo*. Dille: «*Ahora ha quedado un libro precioso, que en su primera parte recoge la historia del problema del paralelismo, de las tentativas de demostrar el V Postulado de Euclides, de su fracaso y del nacimiento de las geometrías no euclidianas. Y después, en un tratado geométrico novísimo, pero a la vez en-*

troncado con la gran tradición del problema, pone de manifiesto claramente una grave inconsecuencia lógica en la exclusión del asunto; te lo doy sólo como anticipación. Nuestro sobrino Eladio Dieste (...) ha acompañado a Rafael, no en darle seguridades de que su descubrimiento era ciertísimo, pues esto fue muy pronto evidente (y sorprendente) para los dos, sino en aconsejarle que deslindase aquí y allá para hacerse entender. (...)

«Ha sido una labor titánica, pues Rafael ha tenido que hacerse toda una edificación axiomática, ordenar los teoremas, hacer que nada sobre ni falte, y eso le ha tenido en pie de guerra meses y meses —que a él le parecen días—, durante los cuales brotaban además de su cabeza, o de la peña misma de los teoremas, teorías y fábulas que por su límpido lirismo, hermano del de tus poemas, nadie podría sospechar que floreciesen en tal coyuntura».

Nuevo tratado del paralelismo sairá finalmente con algo menos de duascentas páxinas, resgatadas dos máis de 2.500 folios que Carmen calcula que o autor escribiu no seu afán de dar forma sucesiva ás súas intuicións, de buscar camiños, de edificar unha exposición rigurosa e consecuente. E isto contando xa, polas conversas mantidas con matemáticos que —por preguiza mental ou por medo a sairse da máis estricte ortodoxia a que se tiña chegado— o libro dos seus desvelos podería suceder que non interesase a máis de media ducia de persoas no mundo.

Dieste pertencía á estirpe de persoas que unha vez postas nun camiño que por algo cren o seu deber percorrer, son xordas ó desalento e poden traballar sen aplausos, sen o afago, porque xa non contaban con eles ó saír para Itaca. Porque era outro o motor das súas preocupacións, da súa actividade, que se torna heroica.

Dieste, malia ser dono dunha gran cultura, realiza un esforzo de titán para dar en xeómetra. Ambiciona chegar á perfección do ximnasta que executa as súas xiravoltas con tanta máis naturalidade canto maiores son o entrenamiento e os desafíos que afronta. E poucas persoas poderán darse conta do que foi este labor. Poucas poderán pronunciarse sobre o reto que supón ás convencións xeométricas establecidas. (Axudándoo a buscar esa minoría é polo que Rafael Alberti pide a Dieste tres exemplares do libro que fará chegar a matemáticos da Unión Soviética, onde o profesor A. P. Norden chegara en 1953 ó mesmo teorema alternativo para demostrar que, na hipótese lobatcheskiana, «un par de paralelas é sempre superponible con calquera outro par de paralelas (2)»).

(2) Este mesmo teorema, demostrado por un procedemento diferente, apareceu cinco anos despois en *Geometrías no euclidianas* de Luis Santaló. Segundo conta Gabriel Zaid

En todo caso, a incompreensión que rodeou esta faceta de Dieste foi grande, xa que ó non ser especialista houbo de bater cos prexucios do gremio, desconfiado ante o que se podía ver como unha incursión de diletantismo; e, ó tempo, ó tratar asuntos áridos para o común dos lectores, houbo de verse sen excesiva compañía nas súas incursións. Só un reducido grupo, de bagaxe cultural semellante, e con certa facilidade para deixarse ir polas esculcas que saen ó paso —esas das que os que foxen da dispersión se gardan— estaba en disposición de seguir-lo camiño trazado no tratado.

O libro foi recibido cunha porción de opinións favorables e moitas elocuentes abstencións de pronunciamento. O 'caso' do autor que se confesaba a sí mesmo un «xeómetra ó seu pesar» non deixou de admirar ós pensadores amigos ós que o libro lles fora enviado, que, sen entrar modestamente a pronunciarse, loubaron nas súas cartas o engado do limiar, a lucidez e agudeza de razoamentos, a gracia expositiva e o terco esforzo por replantear un problema milenario, cal o de se é demostrable o V Postulado; impelido a elo o autor por problemas non precisamente xeométricos, senón de teoría do coñecemento ou de fundamentación da ciencia.

Así o testemuñan cartas do matemático Francisco Vera; dos filósofos Francisco Romero e Jacques Maritain, do astrónomo Ramón María Aller, dos escritores afeizoados ás matemáticas Alfonso Reyes, Ezequiel Martínez Estrada, Barbudo e Espasandín, e dos enxeñeiros Eladio Dieste Saint Martín e Gabriel Zaid. Do libro hai, pois, opinións, anque poucas, favorables (3). Non se rexistra en cambio nin a primeira crítica adversa. Nótese en torno a el un tupido véo de silencio. ¿A razón probable? Pide o *Nuevo tratado del paralelismo* pronunciarse sobre un dogma, e, por sor-

no seu artigo «Integridade creadora» (Grial, Vigo, 1982), o propio Santaló coñecía a *Elementare Einführung in die Lobatchewskische Geometrie*, de A. P. Norden, publicado no Berlín Oriental en 1958, aínda que orixinalmente en Moscú, no 1953, onde o profesor ruso chegaba ó mesmo teorema por outro procedemento. «No 1961», segue Zaid, «o profesor canadense H. S. M. Caxeter, incluíu en *Introduction to Geometry*, por un cuarto procedemento, un teorema equivalente atribuído a O. W. Crowe, non publicado antes por este».

Dirá Zaid: «Hai, pois, tódolos elementos para constatar como mínimo o seguinte: entre 1953 e 1961 xurdiu á historia da xeometría un novo teorema, a través (polo menos) de catro persoas e procedementos diferentes. E unha desas persoas foi Rafael Dieste».

(3) Unha xoven matemática, Cecilia Carreras Patxot, pertencente a unha familia catalana asentada en Xenebra desde o comezo da guerra de España, que coñecera a Zaid na Cidade Universitaria de París, traduciu o libro ó francés, impresionada polo prólogo. Anos máis tarde, ó publicar en Vigo o libro *¿Qué es un axioma?*, Dieste lembra á tradutora, dedicándolle o ensaio final, «Movilidad y semejanza».

te ou por desgracia, no mundo hai contados cardenais, que se son listos evitan ter que definirse sobre os asuntos verdadeiramente comprometidos. É así como o libro se convirte nun brete que o avestruz deixa aparcaado. O mesmo autor está albiscando algo desto cando lle quita ferro ó silencio de arredor dicindo: «É unha cousa das que se arranxarán un destes séculos».

«*Brotaban además teorías y fábulas...*» dicía Carmen na súa carta a Zaid, que de inmediato emprendería unha viaxe polos Estados Unidos, con outra beca para especializarse en matemáticas. A noite do 30 de xullo de 1955, como tantas veces, Rafael está a pasear polo salón, lanzando miradas ó porto, escurecido pero cheo de luces como vagalumes, e recolléndoo logo en cada recuncho do sagro do fogar, mentres as palabras fluen.

Con toda sinxeleza, sen tachaduras, dicta a Carmen un orixinal a ela só dirixido, coa complicidade de sabela expectante (4). Ela estaba encantada coas ocorrencias de Rafael, maravillada co avanzar seguro del pola creación, ceibando sen vacilacións unha prosa engranzada e urdindo coa mesma un argumento. No libro da navegación deste impulso van quedar rexistradas únicamente cinco datas de traballo. A derradeira é «venres, 6-VIII-55»; polo tanto, sete días despois do comezo. Foron sete días pasados, cinco días aproveitados para unha soa razón de vida.

Seguindo en certa maneira o Félix Muriel, a narración profundiza na memoria personal e, por elo, na travesía intransferible de vir ata o presente e nas realidades que se suceden nela. En moitos puntos, o libro resultante, *La isla*, ha de entenderse como unha parábola do fragor das humanas batallas. Hai un ofendido no ceo que, ó perdoar ó enemigo de abaixo, decubre que é el quen está pedindo o perdón, nun axuste de contas co propio pasado. E aparece, como claro do bosque para dete-lo camiño traido e recuperar forzas para o de diante, a illa.

A illa é tamén terra de ninguén entre a vida e a morte, lugar onde se desexa que o propio ser recoñeza o seu 'debe' de malas accións e as confese, non na procura do castigo da confesión, senón por ceiba-lo castigo que está no remorso do pensar. O plan da obra situanos ante un mural. O autor vai colocando, aquí e alá, os fondos; vai nomeando, a voapluma, os personaxes de cada parte, engadindo e tachando.

O ton narrativo recorda o boceto do pintor, cando ó debuxo lle fal-

(4) Hai narración deste episodio en carta que o día 15 de abril de 1983, moitos anos despois, ela dirixe a Carlos Gurméndez, recollida logo no libro *La isla. Tablas de un naufragio* (Anthropos. Barcelona, 1985).

tan as pinceladas da definición. E, xunto a anacos máis acabados —porque Dieste chega a ser dono en moitas pasaxes dunha soltura que lle permite debuxar coa color directamente, deixando a trama e o protagonista trazados— hai anacos que fican difusos, pendentes da acentuación do detalle que ha de vir de máis sesións. Por dicilo con J. R. J., estamos ante un 'borrador silvestre', ó que o destino lle furtou sesións de reflexión, de profundización nos matices.

O mesmo autor, como ó tanto delo, espalla polo texto, a xeito de parénteses, indicacións sobre a densidade narrativa ou sobre outros factores formais. O resultado queda como un xogo no que el especula deixándose guiar pola maxia do misterio, ó tempo que se entrega a filosofar co humor e a paradoxa, tratando de ti a ti ó lector, ante o que discurre todo como sen querelo. Un rapazote de a bordo chamado Paspallás, o mesmo que outro chamado Ulises, noutro buque, irmáns en andrómenas de Félix Muriel, cosen ó home co fío da nenez.

Non houbo un despois para esta 'illa' urdida en sete días, en cinco. Por unha desafortunada coincidencia a parella tivera que ir a Montevideo, de onde cada ano o chamaban a el a dar conferencias na Universidade e nos Amigos da Arte. Aproveitan a viaxe para ver a Enrique Dieste, o irmán maior, e Esther de Cáceres, cos que recuperaban coincidencias. Este ano, aquela estada vai supoñer unha interrupción do traballo que, tida como provisional ó primeiro, pasaría a ser definitiva (5). A fontenla de sete días fica en auga durmida. Este primeiro boceto ou esquema de *La Isla* só en pequenas partes realizado, atesoura un engado. Diesteán.

A volta de folla do calendario, en 1956, prodúcese un evento editorial feliz. Dos apuntes preparados por Dieste para os seus alumnos na etapa docente de Monterrei, sae un breviario publicado por Atlántida co título de *Pequeña clave ortográfica* (6).

(5) A temporadiña pasada en Montevideo vai valer de todos modos para que Eladio Dieste poda le-lo *Nuevo Tratado del paralelismo*. Pídelle el un tempo para facelo, e logo de remata-lo prazo, pídelle unha prórroga. Ó final asume enteiramente as propostas do tío. Por Eladio, entón, o libro vai chegar a dous matemáticos, Massera e Forteza, que á súa vez piden tamén un prazo, que prolongan sucesivamente; esta vez coa intención de non ter que pronunciarse, cousa que logran.

(6) En Atlántida vanse suceder as edicións nuns anos, ata sobrepassa-los corente milleiros de exemplares de vendas. (Hai edición de 1982, en Editorial Escuela Española, de Madrid).

Modelo de obra pensada para as aulas, o libro resulta un manual, por riba de ameno e de agradecida lectura, revelador e útil, que axiña esgota as edicións. Para completa-las aclaracións nel contidas, ó final inclúese un índice analítico e de exemplos precedido por unha ducia de capítulos nos que Dieste aborda outras tantas cuestións de ortografía do español, axudando a resolvelas dun xeito claro e sinxelo.

Xa sexa sobre regras de vecindade, sobre as funcións sintáctica e expresiva do punto, ou sobre terminacións, as orientacións desenvolvidas nas páxinas do libro corresponden en todo momento a algo tan milagroso como un pensamento en claro. Algún dos capítulos, como o octavo, encol das regras do acento, alcanza un valor de ensaio redondo.

A *Pequeña clave ortográfica* non tarda en gañarse un público nos ambientes estudiantís porteños. Dieste, abraído —«contento, pero un pouco amoscado», dirá Carmen— verá como por primeira vez unha obra saída do seu caletre lle reporta ganancias de certa cuantía en concepto de dereitos de autor. (Descubrimento que non deixa de resultar curioso nun home de letras na cincuentena).

O canto do cisne para o Consello de Galicia vai se-la convocatoria do Primeiro Congreso da Emigración. Morto Castelao hai media ducia de anos, en Bos Aires abrírase unha zaxa entre os exiliados, con carreiras e máis intelectuais, e os emigrantes, de menos luces pero de máis posibles. Tras uns anos sen a figura en torno á cal se unían, a división provoca que o Consello, gobernado polos que a el aportan os diñeiros, exclua da organización daquel congreso ós intelectuais do exilio bonaerense.

Non serán apartados en cambio os intelectuais doutras diásporas, como Emilio González López, que vén de Estados Unidos, ou Carlos Velo, de México. E eles son os que reclaman a presenza dos exiliados porteños, que andaban a impulsa-la Agrupación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas, AGUEA. Finalmente, o grupo presenta como tal dúas ponencias ó congreso; e o Consello, como foco de conspiración contra o réxime, acabará esmorecendo.

Con Antonio Baltar como presidente, AGUEA conta con trece membros máis (7), e nace en estreita relación coa editorial Citania, onde, baixo a égida de Seoane, publicarán case todos eles alomenos un libro nalgunha das súas coleccións. Así, Dieste saca a segunda edición da súa obra de teatro galega.

Preocupados por establecer lazos de unión cos galeguistas do interior, Antonio Baltar viaxa a Galicia en 1956, coa idea de poñer a andar

(7) Son, ademais de Dieste, Blanco Amor, Lorenzo Varela, Luis Seoane, Alberto Vilanova, Quintela Nóvoa, Ramón de Valenzuela, Díaz Trigo, Emilio Pita, Laxeiro, 'Tacholas', Gómez Paratcha e Isaac Díaz Pardo.

algo similar a AGUEA, non como niño de conspiradores senón como entidade continuadora do labor do Seminario de Estudos Galegos e, coa mesma, como réplica ó Instituto «Padre Sarmiento»; ó que os exiliados acusan de incautarse do patrimonio do vello Seminario, empezando pola súa propia sede, entre os pazos de Fonseca e San Xerome, en Compostela.

Acompañado por Díaz Pardo, Baltar logra que Cruz Gallástegui Unamuno, Paz Andrade, Isidro Parga Pondal e Sebastián Risco escriban obras sobre temas de ciencia e humanidades para unha colección de Citania que chaman Martín Sarmiento. Anima a Xaime Illa Couto a que cree a Revista de Economía de Galicia, que axiña botará a andar, e para ben tempo. Pero non consegue que se poña en pe algo organizado. Antes, a Brigada Político Social da policía franquista fai chegar ó seu irmán Ramón a 'invitación' a que abandone o país canto antes, se non lle apeete hospedarse no cárcere.

AGUEA segue traballando en Bos Aires, e Dieste participa na súa existencia a carón do propio Baltar e os demais compañeiros. O grupo organiza varios cursos de galego, que son dados, fundamentalmente, no Centro Lucense, onde está o ex-deputado Suárez Picallo. Promove conferencias, imparte seminarios de historia de Galicia. Mantén vivas, amorosamente, as señas da terra distante entre os membros da colonia galega.

En 1957, por fin Zaid cumpre a súa ilusión de ir a Bos Aires, e alí bota cinco meses cheos de contento e intensidade cos Dieste. Vive nun hotel lindante co apartamento deles en Lavalle, e logra facerse outro máis, o benxamín, da peña. Diariamente acompaña ós Dieste ó café. Moitos fins de semana vai con eles á finca dos Seoane en Ranelagh. Asiste a miúdo a festas en casas amigas; é presentado a persoas sobresalentes por algún concepto.

Cando se despide da parella, logo de falar por teléfono á vila de Asconchinga, na serra cordobesa, onde está Carmen repoñéndose dun decaemento pasaxeiro, a absorción de cousas que leva nas súas alforxas é riquísima. Foran un senfín de conversas, de lecturas comentadas, de concertos compartidos, nunha zambullida na gran cidade guiada por sabias mans que axudan a asimilalo todo. Desde o que pasa politicamente ata a marcha do mundo dos negocios, desde o sentido da tradición literaria propia ó segredo das correntes que ensaian un camiño novo.

En 1958 temos a Rafael de novo poñendo unhas letras ó discípulo. Dille que está escribindo moito. «*Por el momento ensayos. Pero ¿qué quiere decir eso de 'ensayos'? En seguida le tocará el turno a la Fábula. En perspectiva: de nuevo teatro, aunque me hace señales novedosas la expresión novelesca. En fin, determinar los géneros —la forma del barco— es siempre bueno. Pero yo nunca puedo dejar de tener presente, como lo principal, el viaje. Y entonces —cosa ruidosa— es cuando nadie sabe 'a donde va uno'*».

Creacións debidas á pluma de Dieste prodigan as súas visitas ás minervas este ano. *A fiesta valdeira* (8) coñece unha nova edición, cuidada por Seoane, que fai a cuberta, e Antonio Baltar, que co pintor recauda do mecenazgo de persoas ligadas a AGUEA os fondos que permiten satisfacer a factura de imprenta; sumando desta guisa este título á meritoria relación de obras aparecidas en Citania.

Da *Pequeña clave ortográfica* sae a terceira edición, de vinte mil exemplares. A revista *Europe* de París publica no seu número de abril a versión francesa dunha escea de *Viaje y fin de Don Frontán*, seguida dun ensaio titulado «La littérature de Galice», asinado ó igual que a tradución, por Mathilde Pomés; a autora en 1934 do libro *Poètes espagnols d'aujourd'hui*.

A finais de ano, os Dieste van pasar unha quincena do verán a Solís e Montevideo. Son felices bañándose tódolos días, facendo incursión polas terras dun país que a Rafael lle trae reminiscencias da familia diseminada, de seres queridos que xa non están. Repóñense de pasados esforzos que tiñan ó espírito rendido, pero nunca baldado.

«*Rafael puso a descansar un libro de ensayos*», di Carmen nunha carta a Zaid de por entón, referíndose a unha primeira fase do que sairá nos anos setenta como *Testamento geométrico*, despois de ter pasado por non poucos pulos e non menos repousos, voluntarios e obrigados. Carmen dá noticia ó amigo doutro acontecemento importantísimo de orde interno. Mercaran piano —o que tiveran, vendéranos antes de saír para Europa— e Rafael adestrábase nel, tocando Haydn, Mozart e Beethoven, os seus compositores predilectos, xunto ós 'vihuelistas' españois...

Un día de 1959 pasa a porta unha carta que vén de Vigo. Francisco Fernández del Riego, e por el a xente de Galaxia, pídelles unha colabora-

(8) O libro (Editorial Citania. Bos Aires, 1958), vai dedicado desta vez a Antonio Dieste, o irmán que máis sabe das cousas mariñeiras.

ción para o número de *Ínsula* que José Luis Cano, en coordinación para o caso co seu amigo García Sabell, vai dedicar ás letras galegas. El envía un anaco dunha conferencia pronunciada á colectividade galega de Bos Aires o Día do Apóstolo de 1947 (9).

Seguen as cartas a, e de, Gabriel Zaid. Agora Dieste anda dándolle voltas a un ensaio ó frente do cal, no primeiro folio, pon un título que vai ser provisional: «Aquiles y la tortuga». Serán moitas as voltas que dea aínda, as probas a que o someta, ata que ó cabo apareza, titulado «Variaciones sobre Zenón de Elea» e incorporado ó libro *Diálogo de Manuel y David* (10).

Traballa el tamén en tres ensaios de xeometría novo-euclídea que en certa maneira son unha continuación do *Nuevo Tratado del paralelismo*, e para os que, logo de varios anos insistindo neles, ten xa uns títulos provisionais: «Tratado mínimo de las paralelas», «Un teorema y dos experimentos geométricos» e «La hipótesis de la recta finita». Hai algún intento de publicación en editoriais tanto da Arxentina como de España, pero ningún chega a coallar entón. Por eso, cando ó final sexa impreso (11), nun só volume os tres, o orixinal terá sido escrito e revisado moitas veces.

Nunca se desmoraliza. Mesmo, cando comezan a pensar no regreso, a idea de ter que insistir no libro contemplaraa Carmen como un encapsulamento que lle serva de parachoques para facer frente ó impacto da España que maxinan. Atópalle, pois, un lado bo a ese proceso de revisión tras revisión, con ser un redobramento dun esforzo que xa de por sí resultaba titánico para un home de letras, decidido nin máis nin menos que a contribuir á fundamentación da ciencia; que repousaba, segundo ía podendo ver, non en conceptos verdadeiros, senón en convencións adoptadas.

A vida, polo demáis, vailles ben. É cómodo non ter con Atlántida máis compromiso que o que lles permite leva-lo traballo na casa. Para procurarse ingresos extra, Carmen fai tamén traducións do inglés, entre

(9) Co título «Camino de Santiago» sairá no número duplo da *Ínsula* 152-153, correspondente ós meses de xullo e agosto de 1959. A conferencia íntegra sairá á súa vez no número primeiro da revista *Escritura*, publicado en Montevideo en outubro do 47.

(10) Que sairá en Vigo, en 1965, co pe editorial Teseo, en realidade edición de autor.

(11) En Sada publicárono, co pe de Edicións do Castro, un grupo de amigos que compromete o pago dunhas cuotas que, finalmente, Díaz Pardo non quere cobrar. Será en 1965, e a obra aparece co título de *Testamento Geométrico*.

elas o *David Copperfield* de Dickens. Ten a cátedra de Formación estético-literaria no Instituto vocacional de arte infantil Labardén. A el xórdenlle conferencias. Dá un ciclo de dez en Ver y Estimar, unha asociación de artistas pláticos, sobre 'Teoría de la visión', e outras dez na Universidade da Prata sobre 'Composición literaria'. Non lle faltan outros encargos. (A admiración que a súa obra e a súa persoa concitan presenta outras caras. Así, cando un descoñecido Neira Vilas publica o seu primeiro libro, os versos de *Dende lonxe*, recorre a el para que lle poña unha palabras ó frente).

A vida vai fácil, pero as gañas de volver apodéranse deles, ó primeiro vagamente. Decididamente, de Carmen sobre todo, despois de saber que a irmá maior dela, que padecía do corazón de moito tempo atrás, morrera. A primeiros de 1960 a dona pregunta a Rafael se van regresar algún día. Resposta el que sí, pero sen marcar data, que queda para finais de ano tralas insistencias dela. E fíxase a meta de completar antes uns aforros de dous mil dólares. Entre medias haberá un baixoón da moeda arxentina, e a meta tórnase inalcanzable. Carmen, decidida por completo, quere quita-lo tope de aforros, e Rafael acepta.

Un día de marzo de 1961 estaba o escritor sentado ó piano. Divagaba nas teclas. Ela sentouse a pe del: «Rafael», dille, «teño que falar contigo».

—Adiante —di el, sen deixar de tocar.

—É que teño que facelo en serio.

—Bueno.

—Por última vez che pregunto. ¿Quedámonos ou volvemos?

—Ímonos.

—¿Cándo?

—Cando ti queiras.

—¿Vou reserva-las pasaxes?

—Vai.

A muller púxose o abrigo, colleu os dez mil pesos que tiña na casa e foi face-la reserva, mentres Rafael seguía no xogo de improvisar ó piano que tanto o relaxaba. Era a súa mellor maneira de comunicarse co mundo.

—¿Qué barcos tocan en Vigo no mes de agosto? —preguntou na axencia.

Hai tres. Dinlle os precios de cada. Un é o 'Aragón', buque novo, cómodo, do que escolle un camarote seguindo as informacións e consellos do empregado. É un camarote de clase turista, con dúas camas. Pagou o sinal.

—Rafael, ímonos a primeiros de agosto. Estaremos en Vigo o día 21 dese mes —explicoulle Carmen ó home, de volta na casa.

—Perfecto —respostou el. E de inmediato, por teléfono, danlle a noticia a Luis e Maruxa Seoane. Que se alegran da súa sorte, porque sabían as gañas de voltar que tiñan desde que en maio dese 1960, con ocasión de acharse eles en España, recibiran unha carta de Rafael na que este afirmaba que lle urxía recupera-lo país, cando menos o Barbanza. E, divagando, dicía que, para vivir, tomaría de grado a Rianxo, como centro de exploracións por Galicia, e Madrid; os territorios que quere recuperar, por tantas cousas.

Eles han vencer nos meses vindeiros as trabas burocráticas de rigor. Xa non lles vale o pasaporte semi-diplomático con que fixeran a *tournee* por Europa, nin o uruguaio que tiveran logo. Querían volver con pasaporte español, e con tódolos parabéns legais. Decidíronse, pois, a ir ó Consulado Español. Sabían que o cónsul era Marcelo Fraga Iribarne, amigo de amigos seus, pero preferiron presentarse sen concertación previa. Marcelo Fraga mostrouse correcto e ademáis, decatándose da situación, esgrimíu un tacto e unha simpatía a agradecer (12).

En tantos anos, Carmen só fora dúas veces ó consulado. Unha, a arranxar un trámite para a pensión dunha peixeira de Rianxo. Outra, cando tivo que facer un poder a nome da súa irmá para legalizar un pequeno herdo. As dúas ocasións foran para ela un lance inqueda. Era grave sentirse en territorio español e non poder alegrarse.

Rafael non desexaba retornar baixo ningún suposto que non fose absolutamente certo. Non estaba disposto a firmar ningún documento de adhesión ó réxime, nin nada que supuxera renuncia á súa traxectoria. O cónsul explícalle que non hai necesidade desa adhesión. Que só cumpre pedir informes a Madrid, e a partir daí formaliza-la documentación.

(12) Veríanse, xa en España, meses máis tarde, como bos amigos. Coincidindo cunha recalada en iate no porto de Rianxo, onde acordan facer unha excursión en coche a Muros, ó abrigo do orondo Monte Louro, á semana seguinte.

Eles mesmos piden a Juan Muñoz Manzano, irmán de Carmen, que lles xestione na Dirección Xeral de Seguridade o permiso de regreso, proporcionándolle os datos de Rafael sen agochar absolutamente ningún, tanto no referido á República como no relativo ás actividades na guerra, cunha última etapa no fronte. Insisten, como adiantaran ós Seoane, na idea de residir en Rianxo, cousa que en efecto farían, e Madrid, cidade que sería cambiada pola Coruña ó final.

A pesar de que de Madrid informan que Rafael fora 'funcionario del gobierno rojo', nada vai impedi-la volta unha vez que teñen o pasaporte que finalmente lles é concedido. Póñense por ese tempo a buscar un inquilino para o seu piso, que vai ser alugado ó xefe da oficina de Aristóteles Onasis na Arxentina, que tiña a súa sede en Córdoba, pero que quería dispoñer dun piso na capital. Pagoulles seis meses por adiantado e máis mercoulle-lo piano.

Son as sete da mañán cando, como estaba previsto, o día 21 de agosto de 1961 o 'Aragón' arriba a Vigo. Os Dieste estaban impresionados e antes de poñer-lo pe en terra reciben o primeiro sobresalto. «Rafael Dieste», din os altavoces, «Rafael Dieste: que se presente na oficina de policía». Van a onde o posto, un pouco inquedados.

Non pasaba nada. Era Pilar, a dona de Paz Andrade, que, con Ramón Baltar e Colmeiro, que tamén acudiran ó porto, pedira que os chamaran para non perdelos no rebumbio. Leváronos ó café Alameda, onde axiña apareceron os irmáns Álvarez Blázquez, e Fernández del Riego. Xantaron con Ramón Baltar e Colmeiro, e logo de se ocupar do traslado das súas equipaxes a Rianxo, estiveron en Samil na casa de Paz Andrade.

Ó seguinte día foron agasallados nun restorán sito nunha praia, cun xantar no que participaron, entre outros, Emilio e Darío Álvarez Blázquez e a dona de éste, os Fernández del Riego, Ramiro Isla Couto, Celso Emilio Ferreiro coa súa muller, e Alvaro Cunqueiro. Resultou un encontro cargado de sentimento, amistoso e moi emotivo.

Prolongan a sobremesa cun final de cancións galegas que acadan un gran poder acolledor para os homenaxeados. Volven logo ó Alameda, con outros amigos que van chegando. Como Álvaro Gil, que se ofrece a levalos ata Padrón, e excúsase de non levalos a Rianxo porque xa saía tarde para unha xunta de negocios que tiña en Viveiro.

En pouco tempo déixaos na parada da liña en Padrón, onde collen un taxi para Rianxo. Antes tomarán un café. A moza que os despachou quixo saber onde ían. Cando llo dixeron, repetiu ela «¿Rianxo?», «Rian-

xo está», dixo cando lle asentiron coa testa, «á cabeza do progreso. En cambio, xa ven vostedes, Padrón séguelles igualiño que sempre». Aquel 'progreso' nos beizos da moza non deixou de inqueda a Rafael. ¿Qué atoparían? Afortunadamente era unha palabra á que había que poñer aspas. O certo foi que unha etapa horaciana se abría paso na súa vida.

DAS USURAS DO TEMPO Á ACADEMIA

Entran na casa como renovados Ulises, como o rolo que xirou por toda unha pendente para, ó remate, ir parar ós pes da hora sinalada no reloxero dos destinos. Entran na casa, e a muller que cuidou de Olegarita en ausencia deles solta os fíos dramáticos do pranto. Elisa Lorenzo berra: «¡Ai, se estivera a señora para velos!». E Rafael bota de menos, sí, a Dona Olegaria. A melancolía do tempo ido e os corredores dos días infantís o resucitan. Acaso máis forte que nunca na súa vida, sinte a *rentrée* como un salto ó baleiro. O gume de deixa-lo que ún viña sendo para non poder recuperar quizais o que fora.

Olegarita está notablemente avellentada, como imaxe do transcurso de dúas longas décadas reflexada no espello da vella casa da rúa de Abaixo, tamén vítima do descuido biosbardeiro do tempo. Os mobles están distribuídos cunha certa tosquedade. Nun cuarto interior o lenzo do falso teito cedeu, e deixa ve-las trabes cheas do pó e as arañeiras de onde a vasoira non alcanzaba. A casa —aínda a vila carecía de traída— non dispón de auga corrente, e hai que facer uso de antigos artiluxios. Pero sen que a usura do tempo apague a flamiña de ilusión que traían, un facho maior se acende, animándoos a emprender obras.

Decontado escriben a Vicenta, a irmá de Carmen, para dicirlle que desbotan a idea de irse a vivir a Madrid, porque desexan primeiro amaña-la casa. Axíña fan o pozo, e instalan os canos da auga. Tellan a conciencia e poñen pisos novos. Compoñen as fracturas. Salvan os desconchados. Pintan. Rafael mesmo, divertido, fai de mestre de obras. Parte dos seus mellores esforzos dedícanos durante unhas semanas a estes mesteres, apurados en vencer eses tres enemigos malos que son o pó, o frío e os ratos, contra os que libran unha dura batalla.

Antes, tralos primeiros momentos en Rianxo, foran pasar uns días a Compostela. No Hotel España, para recobrar e dar ánimos, vense con moitos amigos. Alí vai Ramón Baltar, que pasara polos cárceres franquistas. Xuntos fan unha excursión á Coruña. E da cidade do Apóstolo e da de cristal innumerable, volverán a Rianxo.

Algo máis de dez mil almas (1) poboan o concello agora. A quinta parte vive consagrada ás faenas do campo en dous milleiros de pequenas explotacións agrícolas espalladas polas parroquias. A vila segue conservando un marcado carácter mariñeiro, con 400 homes afanados en sacarlle riqueza ás rías coas artes do xeito, a rapeta e o boliche. Hai aínda un cento de mariñeiros enrolados en buques españoles de pesca de altura e gran altura, sobre todo nos portos do Norde, e outros tantos que navegan en mercantes. Pero os que acuñan en Rianxo unha fasquía de seu son eses mariñeiros de baixura que navegan en oitenta lanchas de remo e vela e máis de noventa motoras, nun radio de poucas millas.

Coa man de obra barata dos vencidos na guerra, a vila fora dotada dun paseo marítimo que apartou da cara de abaixo da casa Dieste a lingua fluctuante das ondas do pleamar. Unha veintena de redeiras cose os aparellos alí, e nun extremo do peirao, onde houbera un almacén de carburo, está a Cofradía de Pescadores, coa lonxa. Alí fan as súas mercas das pescas que carrexan peixe ata as montañas, avisándoo coas cornas.

Coa apertura da veda, a explanada do porto énchese de croques, nunha estampa de ceifa perlada e musical. E con aquela fartura outonal entran nas familias mariscadoras dez millóns de pesetas, ese ano. Cos bos días, en todo tempo, os cochos e galiñas seguen campando polos rueiros, agora con piso de adoquíns. A vila conta xa con casa-cuartel da Guarda Civil, e o transporte de viaxeiros veu ampliada-las viaxes de coche en número e kilómetros, coa liña regular da Celta, mañán e tarde, a Compostela, e as viaxes por mar a Vilagarcía, con tres vapores diarios que saían de Bodión, Faxeiro e a Cofradía.

A estratigrafía deste Rianxo non difire moto da doutros portos nas rías, anque vai habendo algo que o sitúa «á cabeza do progreso», como dixerá a taberneira padronesa. No comercio, preferentemente radicado na vila, destacan corenta tendas de comestibles, con ducia e media de establecementos de tecidos, xastres e mercerías. Hai un bodegón, case trinta tabernas e, signo dos tempos difíciles, só dúas carnicerías (2).

Polo demáis, hai agora varios cines, que dan sesión sobre todo os domingos —unha é infantil—, unha sala de billares, catro cafeterías e un

(1) O censo de 1960 indica 11.596 habitantes de dereito. Descontados 1.118 ausentes, quedan 10.484 habitantes de feito, dos que 4.739 son homes e o resto mulleres.

(2) Aínda conta a vila con catro ferreterías, dous talleres de bicicletas, media ducia de carpinterías, un ferreiro e un par de boticas. Ademáis, dispón dunha mina de caolín, doce tahonas, dúas conservas, cinco asteleiros de carpintería de ribeira, nove aserradeiros e varias fábricas de corcho e mosaicos, xunto a uns cantos muiños de fariña e ás dúas primeiras bateas de mexillón.

taller de bicicletas, sen que faltan algúns autobuses de viaxeiros e varios camións de mercancías. En edificios do centro, tres fondas dan cama ó viaxeiro.

Os malos tragos pasan xuntos. Recén instalados en Rianxo, moitas xentes se achegan a eles para contar cousas do pasado que estremecían. Cada un revela o seu particular memorial de agravios. Cos amigos tírase un cabo ó anterior, pero o nó total non é posible porque xorde un abismo infranqueable ata para a valentía máis inxenua. Pero, con todo, a situación quedará clara ó recibir unha visita de cortesía do xefe da Falanxe, vello amigo da casa.

Da universidade convidan a Rafael a dar unha conferencia axiña, pero el cre o axeitado non aceptar, e excúsase. (En España vívese a época da 'estabilización', coa súa cauda de emigrantes, que traerá como consecuencia o primeiro Plan de Desenvolvemento, onde se contemplan Polos en Vigo e A Coruña. Creada a Televisión Española en 1956, o televisor empeza a ser un artefacto habitual en tódolos fogares. O xeneral Franco dicta o seu sétimo indulto).

Algúns amigos van velos a Rianxo. Así, un día chegan tres escritores de Compostela. Un deles pregunta por Lorenzo Varela. Dieste conta que fixo toda a guerra co Partido Comunista. Son homes de oposición ó réxime, anque moderada, e ó oír esa palabra as súas miradas converxen na porta do comedor, que está franca, con xelo nos ollos. O anfitrión fállalles do gran senso relixioso na poesía de *Lonxe* (3), libro que Varela publicara en 1954. E a eles extráñalles o comentario.

Vinte anos de paz franquista interpoñían unha cancela cos que quedaran. Afeitos á normalidade da dictadura, a conversa tornábase un algo reticente. Ós Dieste seguían quedando o consolo das vellas amizades construídas no exilio. Moitas cartas saen nese tempo de Rianxo serenas e á captura de palabras de reconforto, levando verbas de alento para os que cansan dos anos fóra.

Ós Seoane díselles que fan falta en Galicia, que «é un xeito de facer falta en España». Os que rodaron polo mundo xa non comprenden patriotismos excluíntes. Din ós Seoane que deberían voltar, con Souto, Colmeiro e Laxeiro. E, con eles, atraídos por un imán, chegarían Loren-

(3) Na editorial Botella al Mar, de Bos Aires.

zo Varela e Cuadrado. Non tanto pola satisfacción personal de telos preto, ou por mesquindades de cenáculo que sempre desbotaran, senón polo afán de non privar dos mellores ó traballo de reconstrucción de Galicia.

Failles falta tamén Antonio Baltar, a quen falan da fermosura virxiliana de Asados en faenas colectivas, porque saben que é do seu gusto. Ter visto na aldea «verdadeiras fadas chestertonianas» compensa, segundo lle din, por ter que soportar unha España baixo a «carcoma haxiotista».

De cando en cando reciben visitas por sorpresa, como a dos sobriños Eladio Dieste, enxeñeiro no Uruguai, e Antonio Dieste, médico nos Estados Unidos. De cando en cando interrumpen o seu retiro, e van por Vilagarcía e Compostela, de onde volven con cousas necesarias para o niño. En Santiago vivirán entusiasmados un día do Apóstolo. Con máis vagar, organizan unha viaxe a Madrid, e pasan unhas datas nun hotel da Porta do Sol. Na estada, ven a Ramón Gaya, a José Bergamín, a Casal Chapí, e ó cineasta Valdelomar, co que rememoran os tempos de Misións.

Rafael quere ir por Vigo. Pilar Paz Andrade ofrécese a acollelos o tempo que queiran na súa casa de Samil, pero eles prefíren hospedarse no Hotel América, nun cuarto ó que levan unha máquina de escribir portátil. O escritor vai dar a Galaxia *Dos arquivos do trasno*, co que vai recobra-lo contacto co público lector. Sen embargo quere facelo engadindo ós oito contos con que aparecera de primeiras tantos como poda recuperar e encaixen.

Fernández del Riego preséntalles ó entón director de *El Pueblo Gallego*, que amablemente lle vai prestando os tomos da colección do xornal para que os vaian levando ó hotel conforme os necesiten. No rebusco dos papeis van aparecendo algúns contos que Dieste dera ás lino tipias en altos da información e os comentarios, cando se desentendía de intentar coloca-los escritos máis creativos en revistas que se chamaban *Nós*, *Alfar* e *Ronsel*.

Cada conto atopado no lameiral do papel periódico era transcrito a máquina por Carmen, para que el despois puidera lima-las pautas da lingua escrita dos anos vinte que xa se daban como trasnoitadas. Así, cando en outubro de 1962 o libro sae en segunda edición (4), xunto ás

(4) En 1973 haberá unha terceira, con cuberta e ilustracións de Seoane, e en 1981 sairá unha cuarta, en versión normativizada con irregular fortuna por lingüistas e para a Biblioteca Básica da Cultura Galega —que será reeditada en 1982—, todo elo en Galaxia.

pezas da primeira, co limiar que as precedía, saen unha ducia máis de contos, que sobre conservar algúns a unidade emotiva e o remate simultáneo, obedecen os máis a variados impulsos, resultando casos de narrador oral, 'cousas' á maneira sacralizada por Castelao e máis misterios.

Ese engadido de doce contos comprende os catro incluídos no apéndice de *A fiestra valdeira* («O neno suicida», «Na morte de Estrelaña», «Espanto de nenos» e «O grandor do mundo»); o titulado «De cómo veu a Rianxo unha balea», escrito para un boletín da Sociedade de Rianxo en Bos Aires e publicado con ocasión do Guadalupe de 1956; o titulado «Un conto de Reis», que fora escrito para radiar nas emisións en galego da BBC en 1950, e os seis colleitados no rebusco dos xornais.

Que eran os titulados «Pampín», «Na ponte de ferro», «Nova York é noso», «O caso dos tres fornos», «Once mil novecentos vinte e seis» e «O drama do cabalo de axedrez». Neles, en xeral, o autor optou por mantelo léxico en que foran escritos, eliminando en cambio barroquismos ortográficos como apóstrofos ou determinados guiños. Fora erratas, que son numerosas, a prosodia segue sonando a pedras preciosas duras e puras, labradas por un ouribes máis atento a desbastar acentuando as vetas naturais que a recarga-lo que a natureza produce con hábil artificio. Mesmo o lado gráfico do volume, debido a Xohan Ledo procura o engado dos penedos achados no monte.

A amiga da parella, Carmen Martínez Lorite, que debía ir a Valencia, propón a Carmen que ela e o seu home aproveiten o seu desprazamento para pasar un mes no seu piso en Madrid. Poden disfrutar da primavera da meseta, ver xente e distraerse, resarcíndose da viaxe que planearan un ano antes con Sánchez Barbudo e Angela Selke, e que houberan de suspender, porque se despedira a cuidadora de Olegarita. Situado no barrio de Salamanca, o piso ten para Rafael algo moi especial: un piano que sona espléndido.

Carmen está decidida a reingresar na Inspección de Ensino. Tiña ó seu favor o feito de ter deixado a profesión antes da guerra, por excedencia. O inconveniente era que pasaran máis de dez anos, pero en casos como o dela houbera xa reingresos. Ela fala cunha sobriña, Matilde, que é funcionaria Técnica do Ministerio de Educación e Ciencia, que a axuda a cursa-lo expediente.

Ainda en rescoldo os ecos da folga mineira do 62, en Asturias, algo se move no país. O 20 de abril do 63, no campo de tiro de Carabanchel, é fusilado Julián Grimau, membro do comité central do Partido Comu-

nista de España. Luis Seoane pinta como reacción o cadro «O caído», que ese mesmo ano se expón en Madrid. En toda Europa escoitase unha forte onda de protesta pola morte. Aquí están xordindo o Partido Socialista do Interior, liderado por Enrique Tierno Galván, e o Frente de Liberación Popular, con Julio Cerón de principal impulsor. Os homes novos do galeguismo, disconformes cos doce anos de vacación política, crean o Consello da Mocidade, do que non tardará en sai-la Unión do Pobo Galego, que proclama o dereito á autodeterminación de Galicia, e, logo, o Partido Socialista Galego. Que van ser, desde a esquerda únicamente, dos motores máis vigorosos de loita, como en Euskadi e Cataluña o son os nacionalismos propios; alí, tanto de esquerda como de dereita.

Definitivamente volto a España Luis Seoane, éste e máis Díaz Pardo crean o Laboratorio de Formas de Galicia. Cun fondo senso práctico, e a instancias de Dieste, que fala ós promotores de asumi-la *techné* dos gregos, o Laboratorio propónse o estudio das formas legadas en herdo polo pasado con ollos que do presente saben tódalas aventuras, descrendo ó tempo dos cansinos ideais cosmopolitas dalgunhas escolas. En dependencias cedidas en convenio polas Cerámicas do Castro, o Laboratorio bota a andar xa no 63 unha nova editorial, as Edicións do Castro (5), crea a sociedade que resucitará Sargadelos no 70 e prepara o camiño para o Museo Carlos Maside, que virá á luz tamén ese ano.

Dieste asiste a todos estes nacementos de maneira activa. Para a editora, sen te-lo título, acabará sendo como un conselleiro, amáis dun autor da casa. No Laboratorio de Formas e, logo, en Sargadelos, participará en cantos seminarios se leven a cabo. Para o museo de arte contemporánea será el quen propoña a advocación a Maside —fora nomeado albacea testamentario do pintor— e decontado pasará a formar parte do seu patronato. Con Seoane, con Díaz Pardo, coincide nun espírito de modernidade que non quere desdeña-la tradición na tarefa de construír un mundo novo.

Dieste está agora traballando en ensaios xeométricos de novo, agardando impaciente a visita de Gabriel Zaid, que quere, polo que lles di, facer unha viaxe a Europa. O caso é que cando dá o salto estará soamente un día en París e outro en Madrid, para ir acto seguido dúas semanas a Rianxo, onde le e comenta co autor eses ensaios, e, de volta, repite outra vez senllas xornadas en Madrid e París. O benquerido profesor era toda a súa Europa.

(5) *El toro júbilo*, cartafol de grabados de Luis Seoane, é a primeira publicación.

Ós nove meses de iniciado o trámite, o Estado resposta a Carmen que a readmite, concedéndolle destino na provincia solicitada: A Coruña. En xaneiro de 1965 prodúcese a reincorporación, asignándosele a zona de Riveira, que estaba sen cubrir por ser das máis distantes da capital. A ela é a que mellor lle vale, porque inspecciona-la Pobra, Ribeira ou Porto do Son permítelle facer noite en Rianxo.

Rafael, daquela fala por primeira vez en público tra-lo regreso, para presentar unha exposición de Isaac Díaz Pardo na Coruña. Vencida a etapa de dúbidas que se suceden desde a chegada, aínda estaba á espera de «acabar de chegar a España», considerabase só «empezando a chegar». Ós amigos do exilio diralles que hai algo que ten enmeigados ós que quedaron, algo que lles impide «facernos compañía».

Co produto da venda do seu apartamento de Bos Aires, que merca o seu inquilino, eles adquiren un piso na Coruña, preto da Inspección de Ensino Primeiro, que estaba en Fernando Macías. É un décimoprimeiro andar, no número 27-29 da rúa Calvo Sotelo, desde o que se divisan a man dereita os belos horizontes atlánticos da cidade, máis alá de Labañou e Riazor, coa torre de Maraton no estadio, e antes de bater coa Torre de Hércules.

Frente por frente coa Compañía de María, e alfaiado en parte con mobles que pertencían a Carmen da súa casa de Cáceres e, maiormente, con moblaxe nova que compran para a ocasión, permite albiscar ademáis o parque de Santa Margarida, con árbores que se adiviñan nos paxaros que baixan a enreda-los seus chíos á Cidade Xardín, tamén xusto enfrente.

A un lado a ramalla, verde, cantora nos peteiros dos merlos. A outro, o mar vedeazul, en ir e vir de grandes navíos. Abaixo a rolda de colexiáis, ás horas de saír de clase. En suma, un tempo que varía con respecto ó de Rianxo. É un tempo que posa para un pintor local que teña o desgarrado na voz dun William Turner e a dozura na paleta dun W. B. Yeats.

Frente a outras cidades do país galego, A Coruña conserva rastros dunha forte presenza inglesa. O héroe da batalla de Elviña, sir John Moore, señoreando o irrepitible Xardín de San Carlos, a un paso da illa de San Antón, co seu castelo. O cimiterio inglés de San Amaro, preto da praia onde entregara a súa vida a Neptuno o poeta romántico Aurelio Aguirre. E agora, trolebuses de dous pisos que surcan un circuito de aramos eléctricos paralelos.

O porto, coas súas montañas de carbón, sal ou millo, no comercial. Coas caixas do peixe a rolar polas laxes, no Muro. E poboado de garfos de grúas e das superficies de lata dos depósitos. A fonte de riqueza e traballo máis visible. Aínda que tamén resulten evidentes a Tabacalera, na Palloza, cunha explanada que compite coa do estadio de Riazor en acolle-las carpas dos circos, e a Pepsa, a empresa do bacallao, nos peiraos novos do porto, que resulta ademais centro das actividades das consignatarias.

A Campsa na Gaitreira, a Cross no Burgo, a refinería de petróleos en Meicende e a fábrica de armas en Palavea, onde se instalará a Coca-Cola, son outras das feitorías que ocupan ás clases subalternas do extrarradio, o mesmo que a construción, que se evidencia nos centos de peóns que van polas rúas co xantar nunha tarteiriña.

O cais da pasaxe, cos andéns da estación dos camiños de ferro, é tamén o fondo de cadros que pintan as familias que se rachan nos adeuses da emigración que, novamente, resulta da frialdade da fase da 'estabilización'. Bágoas e rabia que frea a lóxica da dictadura, e que en ocasións desbordan tódalas contencións para que a cámara dun fotógrafo sensible como Manuel Ferrol as reteña en placas sempre feridoras.

Polas rúas, ó seu labor, trafegan os cardadores, os afiadores, os reparadores de leña, os viñateiros. Polas rúas vai o peto das ánimas de casa en casa, en pos da mariposa de aceite que lle implora sortes. E tamén polas rúas, os funcionarios do goberno civil, da Deputación, do concello, dos ministerios. Os militares de Capitanía e dos cuarteis, os médicos e os avogados. Tódolos os chupatintas que viven no centro. Frente ós obreiros sen máis dos barrios populares de Atochas, os Mallos ou Monelos, téñense por bos burgueses.

Pequeno burgueses pasto de tódalas imposturas provincianas que o réxime explota, e que dan vida a sociedades como a Hípica, o Náutico e o Casino, arroupando á 'Corte dos Milagros' que cada agosto bolboretea arredor do cincuentón do Palacio del Pardo. Cascarilleiras xentes que nos No-Dos que preceden ós filmes nas salas de cine buscan, xunto ó xenerálísimo que navega no 'Azor', á súa excelencia que repousa en Meirás, ou ó caudillo que practica o golf na Zapateira, a súa propia cara no efémero paso dun dos obxectivos das cámaras que seguían tanto trafego de Franco e a escolta.

En maio de 1965 un pe editorial descoñecido, Teseo, apadriña a aparición dun libro escrito por Dieste á volta do exilio, nun tempo en que

todo o levaba a pecharse en sí mesmo. Ten por título a obra *Diálogo de Manuel y David*, e ha de ser costeada a publicación polo propio autor, xa que Galaxia, que sí correrá coa súa distribución, non publica senón en galego.

A editorial estaba interesada en sacar só libros en galego. Por elo, os seus responsables a cotío lle insisten a Rafael para que lles dea un inédito no noso idioma. Tamén de cote a súa resposta é invariable. Esa, a de escribir novas cousas de creación no noso idioma é a súa intención, pero antes ten que botar fóra da súa cabeza tódolos problemas de índole especulativa que o rondan. (Outras editoras, como Arión, onde falan con Fernando Baeza, Ariel, onde tratan con José Casalmiglia, ou a Revista de Occidente, onde o contacto é Paulino Garragorri, ven dificultades de saída á obra, e renuncian (6) á edición.

Componse o novo libro dos ensaios «Diálogo de Manuel y David», «La paloma equis» e «Variaciones sobre Zenón de Elea», que serven ó autor para distintos fins, desde un mesmo interese. O que dá título á obra trata do Hábito, abordado, desde as posicións de Kant e de Hume, por discípulos que levan os seu nomes, e que en certa maneira actualizan ó de Koningsberg e ó escocés, ambos a dous situados nun tronco común, como dá a entende-lo feito de que o primeiro traducira ó seu idioma ó segundo.

Como Dieste sabe que os espazos sen espacio non se cren, fai un esforzo para introducir a maior gloria da verosimilitude unha posta en escea suxeridora: unha rada. Polo demáis, os protagonistas son ideas. Ideas que Dieste lanza a andar en dous homes que van falando, por unha paisaxe de mastros. E o diálogo comeza con Manuel feito o pelotari que ten en David —o estudante inglés que é trasunto da estada londinense de Rafael— o seu frontón, alí diante parado porque o barco se lle fora. Manuel fálalle do mundo infantil no momento de descubrir empiricamente o mundo.

Manuel insiste en que a acción, e logo o hábito, é posible porque existe o Hábito orixinario como facultade previa ó exercicio. Fálase, non importa qué idioma, porque existe previamente a Fala como potencia. Para Manuel, que se define como 'novísimo kantiano', o coñecemento nace sobre todo da actividade preformada do espírito humano. A repetición non fai senón cumpri-la regra, o imperativo categórico.

(6) Para publica-lo libro, nos talleres de *Faro de Vigo*, conta coa axuda de Fernández del Riego, que será quen traslade un exemplar coas indicacións tipográficas ó xefe de talleres do xornal, e outros dous á censura.

David retruca desde o fenomenismo. Para el, que segue ó mestre do que partira Kant na formulación das súas teorías, os principios racionais redúcense a asociacións de ideas que o hábito e a repetición van reformando ata chegar á necesidade. Segundo Manuel, para sopra-la frauta, tourear ou facer política debía haber, antes deses hábitos, a súa virtualidade en aptitudes.

Para David, a actualidade do hábito posible pasaríanos inadvertida se non tivésemos algún dato, o cal só pode consistir nunha ostentación previa de aptitudes. A nao está preto do peirao. David ha de irse. Os desafíos quedan no vento, á espera de resposta. Dieste é kantiano na medida en que non aloumiña un sistema, senón que se mergulla nun método. O de voar en reflexións. En pensamento.

«La paloma equis» refírese á noción de Mundo, de mundo sensible. A pomba non pode presentarse como x , senón que ha de ser x o que se apareza como pomba. Para saír de dúbidas, Dieste pide poder considera-la ave como actual e como posible. Di entón: «1, se a Pomba é actual, o seu mundo é actual. 2, se a Pomba é posible, o seu mundo é posible. 3, se o mundo é condición da Pomba como ser posible, entre os seus varios nomes un é éste: mundo da Pomba. 4, nel voa ésta (a que agora está voando), e así voa no Mundo. 5, a Pomba fíase do seu mundo, e orientándose nel non se perde no noso. 6, o seu mundo non é posible sen o Mundo».

Para o home o problema reza igual. Para o home, ó cabo desa sucesión de aforismos, «o seu mundo non é posible sen o Mundo». Sucede que o seu mundo resulta se-lo Mundo, algo que non poderá ser designado como «seu» se con elo se lle limita. Esa limitación, que o personificaría en nós, faríao non ser Mundo, e deixaría de se-lo noso mundo. «O seu Mundo non é posible sen o Mundo». O mundo sensible, o mesmo.

Cos famosos argumentos do filósofo eléata, en «Variaciones sobre Zenón de Elea», sobre a imposibilidade do movemento e a multiplicidade, xogando cos exemplos de Aquiles e a tartaruga ou a flecha, Dieste emula ó pai da dialéctica entendida como arte de refutar. Con brillantes argumentacións, como no seu perfecto parolar cos amigos mentres fuma, dalle volta ás apariencias. O fermoso diálogo de Zenón co amigo, onde Dieste celebra á paradoxa, lonxe de ser páxinas que se fabrican a saber con qué mareo, é a conta que se fai na pizarra con sumandos impensables, e sempre dá.

Sinala Dieste: «Un xogo como o de Zenón non ten fin, non hai recinto nin gaiola, nin aínda de purísimo cristal, que poda confinalo. E o mellor desenlace será sempre unha flor que se abre, toda unha viva estrela

de proxectos xa misteriosamente contidos na súa transición. Nada, pois, parecido a un simple desenredo concluinte ou, máis ben, recluinte. Infinitude. Espacio, Tempo, Logos, Ser, Apariencia... ¿Quién podería —ou *querería*— engaiolar a eses paxaros? Que a sombra enorme das súas alas mova de novo a nosa reverencia e, sen cesar, inqueda as nosas velas».

O libro é, ó fin, a suma duns temas que levan na súa cabeza anos, e que, logo de ir abrollando conforme a chuvia e os humos os animan a ir asomando ó sol, fructifica no momento en que el o organiza, completa e reescribe baixo unha intención global.

A distribución, inexistente para o resto de España e moi deficiente en Galicia, fai que o libro a penas circule e se vexa. Ademais, os propios asuntos que aborda son penosos para os máis, porque incitan á reflexión, a vence-la preguiza de pensar, que é labor solitario. Aínda así, *Diálogo de Manuel y David* suscita reseñas, algo desgañadas, en xornais, e algúns comentarios interesantes, como os do por entón seminarista Torres Queiruga e do xornalista Francisco Pillado.

En resumo, unha recepción como para non dar pe ó entusiasmo, e que ós Dieste fainos pensar que en Bos Aires, sen dúbida, a aparición do libro sería acollida máis cálidamente, porque alí o interese da xente de cultura era máis plural. Un interese dirixido cara a todo en xeral, fronte ó que sucedía en España, onde tal vez houbera mellores especialistas, pero onde o intelectual non estaba disposto a deixarse levar polo que o arredara do seu camiño, da súa especialización. Rafael recea do realismo crítico que, embarragado co 'behaviourismo', domina o panorama literario do país, impondo un gusto lector unidireccional.

En 1965, e a iniciativa de Fernández del Riego, que fai a escolma, a editorial Galaxia saca unha antoloxía de cinco contistas galegos contemporáneos que inclúe unha peza de Dieste, «Un conto de Reis», xunto con outras de Castelao, «Todos cantos sabían algo da historia da vila», Ramón Otero Pedrayo, «A revolda de Casdenón», Eduardo Blanco Amor, «A Arrasadeira», Anxel Fole, «Os lobos» e Álvaro Cunqueiro, «O reló de area», que son reunidas baixo o orixinal título de *Contos*.

A xestación do libro é moi sinxela. Nun momento determinado, a Rafael pídelo o compilador a peza que titulara «Un conto de Reis», que el escribira para a BBC, resgatándoa logo para a nova edición de *Dos arquivos do trasno*. Anque escrito un cuarto de século despois que os da primeira colleita, éste conto é do grupo dos engadidos que manteñen a

escola anunciada no 'limiar', e, en certa maneira, nel Rafael recrea o ambiente en que vivira cando a publicación do seu primeiro libro.

O protagonista, que narra en primeira persoa e que nun momento dado refire unha historia que lle chegara en beizos de outro con técnica de encaixe, é un xornalista que, nun xaneiro que se espreguiza aínda, recibe o mandado do seu director de escribir un conto de Reis. «Para nenos e grandes, ¿eh?», advértelle como adoitan os conductores de orquestra. Un pouco apesadumado, o escritor entra nunha taberna, e ante el a locuacidade do viño desprega as cuitas do caporal d-el Rei Melchor, que por causa de diferencias co intérprete do monarca hai tempo que rola os camiños evocando a grandeza do seu bo señor.

O fío do discurso é interrompido porque o antro recibe a un parroquiano vestido de chamativo xeito que, tras enviar unha copa de fino, dá unhas vertixinosas boas noites políglotas. O caporal emprende a súa persecución nese instante, e tras eles o xornalista á caza dunha trama en que urdi-lo artigo, ata que os perde. Cando volva ó xornal caerá na conta da súa fortuna e do seu fracaso: vivira o conto, pero non o poderá escribir porque non é o que lle vira pintado ó director no sorriso cando llo pedira.

Sabia mistura do achado popular e dos requintos cultos, combinación de gracia expresiva e arquitectura depurada, o conto de Reis consi-gue un acabado singular, con axustadas doses de humor e lirismo, sobre os temas extraordinarios e de misterio que tanto son do agrado de Dieste, seguidor nesto de Poe. A distancia do ángulo de visión está tamén redondamente medida.

Quince anos atrás, Dieste sabe no seu exilio, por carta de Aquilino Iglesia Alvariño, que o seu nome, cos de Seoane, Colmeiro e Otero Espasandín, fora posto na lista de espera da Real Academia Galega, por iniciativa do poeta e máis de Angel del Castillo, Leandro Carré e Francisco Vales Villamarín. Pero é en xuño de 1966 cando os tres académicos regulamentarios, que van ser Antonio Fraguas, Fernández del Riego e Anxel Fole, elevan formalmente ó pleno da institución a proposta de nomear membro de número a Rafael Dieste, para cubri-la cadeira deixada vacante por Antonio Rey Soto, co seu pasamento.

Concurren no candidato, segundo os proponentes, as condicións previstas nos estatutos da Academia; eso por suposto. A maiores, o labor realizado por el nos eidos da cultura galega, «califícao como unha das figuras máis destacadas das nosas letras contemporáneas». En realidade, o

sentir da Academia estaba claro xa desde facía un tempo, e así llo expuxera o propio Fernández del Riego ó interesado nunha visita que Dieste lle fixo á Biblioteca Penzol.

Un ano despois de feita a proposta, ésta é sometida á peneira do sufraxio na sesión ordinaria de 25 de xuño de 1967, celebrada no concello coruñés. Como consta na acta, efectúase a preceptiva votación e resulta elixido «por unanimidade, o indicado señor, quedando por conseguinte proclamado membro deste rexia institución, cos dereitos e obrigas que os nosos estatutos determinan».

Asistiran á xuntanza, na que Dieste entra na reducida nómina de candidatos elixidos con tódolos votos posibles na historia da casa, o presidente, Sebastián Martínez Risco (7), e o secretario, Francisco Vales Villamarín, en quen delegaran Xesús Ferro Couselo, Xoaquín Freyre de Andrade e Manuel Chamoso Lamas. Así como os numerarios Domingo García Sabell, que representaba a Fernández del Riego; Xosé Luis Bugallal Marchesi, que facía o propio con Ramón de Artaza Malvárez, Xosé Filgueira Valverde, co voto de Antonio Iglesias Vilarelle, e máis Enrique Chao Espiña, Antonio Meijide Pardo, Julio Rodríguez Yordi e Isidro Parga Pondal, que acudían coa súa única representación.

A elección non discutida de Dieste é aproveitada por Francisco Pillado para facer, na súa columna de 'Cabos Sultos' de *La Voz de Galicia*, unha glosa en catro tempos do elixido. Os seus contos galegos «teñen raigame popular e humorismo moi enxebre». *A fiestra valdeira* «constitue un dos intentos máis serios —e logrados— de teatro galego». No seu libro máis recente, o *Diálogo de Manuel y David*, mostra o seu autor «unha rara capacidade para a especulación filosófica pura».

Facendo súa unha opinión de Marra López, Pillado celebra no Félix Muriel a obra máxima de Dieste: «Libro extrano e prodixioso que nos obriga a destacalo en lugar de honra na nosa narrativa poética e imaxinaria». Como tódolos lectores que no mundo quedan, e quedarán, prendados dese libro, Pillado, con Marra, «lamenta que non teña insistido Dieste nun xénero que lle abría perspectivas sempar na literatura española».

É Anxel Fole, nun 'Índice' dos que co pseudónimo de Neumandro publica en *El Progreso* lugués, quen canta a Dieste como facedor de *Dos arquivos do trasno*, «preciosa mostra narrativa galega. Un libro fistérico,

(7) Que ostentaba a representación de Xesús Taboada Chivite. Xesús Carro García, Fermín Bouza Brey, Xosé María Álvarez Blázquez, Salustiano Portela Pazos, Ricardo Carballo Calero, Paulino Pedret, Leandro Carré Alvarellos, Anxel Fole e Antonio Fraguas.

de misterio, de néboas exteriores e interiores. Conta entre os mellores que lín do seu xénero, españois, franceses, escandinavos ou rusos. Empezando polo seu título tan afortunado».

O bo Neumandro, irmán en bonhomía de Félix Muriel, comeza o belo artigo lembrando a serena e dourada tarde de setembro dunha visita ó señor de Rianxo. «Non hai hora máis propicia para chegar a un burgo mariñeiro que ésta de baixa tarde». Cando «o sol empeza a pintar de amarelo as casas. De amarelo simplemente, non. Dun xeneroso dourado que parece darlles morneza de pan recién saído do forno. Zumban as abellas entre a frescura dos pámpanos».

Lembra Fole a hospitalidade do amigo e remata pensando na fortuna da Real Academia Galega, que vén de ganalo para as súas fileiras. «Non é unha Academia do Idioma, como a Española, senón —máis ben— unha Institución da cultura galaica. Nela caben científicos, pensadores, filólogos, artistas. Pero sempre escritores tan puros e orixinais como Rafael Dieste, o literato inquedo e viaxeiro de Rianxo».

Presidente e secretario da Academia diríxense en xullo a Rafael, advertíndolle do compromiso de presenta-lo correspondente discurso, para a recepción, e suxeríndolle que axilice trámites como o de designar ó numerario que haberá de respotalle en nome do pleno, a fixación da data do ingreso e a escolla do asunto a abordar no discurso.

Rafael deixa que a responsabilidade acougue, e mentres tanto disfruta o recoñecemento que nesas xornadas a súa persoa concita. Pero máis que coas públicas testemuñas de admiración, goza co afecto sincero dos verdadeiros amigos, entre quen agora está en lugar preminente o benxamín da hospitalaria casa de Peniche cando o xornalismo, Fermín Fernández Armesto. Médico de espírito humanista, Fermín fixera a súa especialidade en Alemaña, onde coñeceu á muller coa que habería de casar, e exercía como Inspector Médico na Casa do Mar da Coruña, combinando este traballo coa tradución ó español, cada mes, dunha revista alemana de medicina (8) que lle ocupaba moitas horas.

Fermín fora capitán médico do Exército da República. Neste tempo, na revista *Destino*, mantiña a sección 'Ciencia y medicina'. E, como Jenny, a súa dona, era un ser dunha apertura cultural moi grande, co que os Dieste forzosamente han de conxeniar. Era cando, a ratos perdidos, empezara xa a recopilación de entradas para un dicionario español-

(8) A revista *Archivos de Medicina Práctica*.

galego (9) sobre o que a cotío acaban falando. O galego, Galicia, era así o tema de a diario nas súas lerias, combinado cos do momento.

Fermín, cando Rafael é elexido académico, publica en *La Voz de Galicia* un artigo sobre o seu quefacer plural no campo das letras. Asinado co pseudónimo de F. Docampo, di nel o amigo que o idioma galego debe a Dieste o máis feliz dos empeños de naturalidade e fixación, porque achegou un galego literario enraizado na fala e limpo de arcaísmos e préstamos impuros, amén de enriquecido en xiros e máis flexible.

Normalmente eran os Dieste, Rafael tan afeitoado a pasear, os que desde o seu piso por Riazor ían, despois de cear, á casa dos Fernández Armesto, que estaba na rúa Menéndez Pelayo, facendo esquina coa Praza de Vigo. Para chegar alí, bordeaban a praza de Pontevedra, coas súas altas palmeiras de entón e as galerías brancas para a luz e as maresías.

Cando Fermín e Jenny se muden para un chalet do Valiño, na estrada de saída hacia Madrid, alí irán os Dieste tódolos días no seu 'Seat' a pasa-las horas da noite. Costuman ir a miúdo polo café Unión, onde poden verse con outros amigos entre os que empezan a ser asiduos Tomás Barros e Pío García, o avogado Marino Dónega, que co tempo sería académico, e mailo xornalista Pillado, unha das persoas máis cultas da sociedade coruñesa, que comparte con Rafael o amor polo piano, e a quen á volta duns anos o rianxeiro recibirá tódolos mércores. Os Seoane, cando están na cidade, con piso próximo ó seu, son outros amigos ós que se lle consagra atención especialmente intensa.

Cos que están lonxe mantense unha atenta relación epistolar. Esther de Cáceres, Zaid, Baudizzone, Antonio Baltar e Mireya, Sánchez Barbu-do, Carlos Gurméndez e Otero Pedrayo reciben bos feixes de cartas. Con Salazar Chapela, agora en Londres, reanodase o contacto para pedirlle que axude ó fotógrafo Xosé Suárez, que pensa vivir un tempo en Albión. Díaz Pardo, Filgueira Valverde, Arturo Souto e Alvaro Gil son outros dos destinatarios das súas letras. Moitos deles son recibidos en Rianxo, por onde pasarán Esther de Cáceres, xa viuda, Baudizzone, os Lloyd e, de viaxe por España, Jorge Guillén.

Tamén serán visitados por Newton Freitas e Lidia Besouchet, matri-

(9) Póstumamente, vería a luz en 1981, poucos meses despois de telo concluído, en Edicións do Castro (Sada), casa que tirou unha segunda edición en 1982. O libro sae cun li-miar de Dieste precisamente, que vai ser ó tempo un dos seus últimos escritos, senón o derradeiro.

monio brasileiro que fora veciño seu en Lavalle e que agora vive en Madrid, nun piso que lles van deixar para pasar unhas vacacións. Outra vez saen do retiro rianxeiro para ir á casa dos Colmeiro, en Silleda. Nos Nadais van a Extremadura. E ás veces preparan unha viaxe máis longa, aunque non moito porque xa pecharon o ciclo das grandes travesías.

Con Esther de Cáceres, a vella compañeira de percorridos italianos e rutas de Europa, van a Sevilla e a Córdoba. Solitarios, fan varias *tournées* por terras de Portugal, camiñando ó chou a Lisboa de Alfama e vellas colonias, e Coimbra, onde dura a pegada romana e onde continua acesa a *universitas* medieval, con outros lugares.

1966 despídese co refrendo do 14 de decembro para aproba-la lei Orgánica do Estado. Antes houbo a loita popular de Castrelos do Miño, contra a represa de Fenosa. E o pequeno aperturismo dunha Lei de Prensa que suprime a censura previa, pero que facultará os peches gubernativos de publicacións como *Madrid*, *Triunfo*, *Destino* ou *Cuadernos para el Diálogo*.

As cifras do refrendo son dabondo orientadoras. Vota o 85 por cento do corpo electoral, acadando os síes o 85 por cento dos sufraxios. En moitos colexios nin hai sequera papeletas do non, e se algún malévolo pregunta por elas o normal é que se lle diga que sexa quen de ir buscalas a Comisaría.

Con humor, Rafael narra a situación a un amigo que está fora: «Xa sabes que os españois deron recentemente un maravilloso exemplo de Slvismo. A pregunta era múltiple: ¿Gustalle o dóce de cabaza? ¿A súa noiva é morena? ¿O seu avó era brasileiro? ¿É unha fermosa lingua viva o 'volapuk'? ¡Sí, sí, sí! Algúns nons e brancos como condimento. NONismo e albismo dos que, aínda tendo a noiva morena, non tiñan avó brasileiro. Non é ocasión de entrar en detalles. Pero sí pode anotarse ún importante e que ninguén ignora, e é a ignorancia xeral respecto ó contido da pregunta (10)».

En 1967 Dieste ha de botar novamente man do selo editorial Teseo para publicar un libro de esculcas en español, ¿*Qué es un axioma?*, que en setembro sae dos prelos dun xornal vigués para ser distribuído tamén por Galaxia (11). O libro volve a ser unha incursión na xeometría eucli-

(10) Carta a Isaac Díaz Pardo.

(11) O autor volve a contar cos dilixentes servicios de Fernández del Riego, a quen en xaneiro envía o orixinal dicíndolle que, rematado ¿*Qué es un axioma?*, queda ceibo para

diana, e xunto ó tratado que dá título á obra acompaña-se dun breve ensaio final, por título «Movilidad y semejanza», que o autor dedica á que fora traductora ó francés da súa primeira obra matemática, Cecilia Carreteras Patxot.

Dieste fixera un repaso final do libro, antes de dalo ó prelo, con motivo da estada na casa madrileña dos Newton Freitas, que coincide cunha viaxe á capital de España de Gabriel Zaid, aloxado no Hotel Zurbarano, enfrente a aquela casa. Dieste tiña o orixinal de «Tres ensayos noveuclideos», e durante eses días pasaba horas e horas léndoo, e discutíndoo cun Zaid expectante e participativo, en verdade interesado nas esculcas do mestre. Polo demáis, sobroulles tempo para ir a Toledo, Aranjuez... ata para asistir a un 'tablaio' flamenco.

Dieste investiga no libro a noción do fundamento e da súa orixe no axioma, cuio enunciado é revalidado á súa vez nunha perspectiva que non se axusta nin á tradicional nin á que prevalece como moderna. E desde o dupro xogo que el costuma de intuición e reflexión vai planteando sucesivamente dúbidas que desvela sobre a marcha ante a clase expectante para a que escribe, facendo de cada lector un alumno.

«A xeometría», nas súas palabras, «orixínase da experiencia xeométrica, nace (continuamente) ó experimenta-la posibilidade de construír». Para el, «o home, sí, 'habita en poeta' (Holderlin-Heidegger). Pero *poiesis* é creación, produción, edificación, suscitación... E este poeta, o home, non proba a posibilidade de construír 'construíndo', senón experimentándoa, é dicir, construíndo. Non construe a 'posibilidade de habitar en constructor. Non crea a 'posibilidade de habitar en creador'. Pero adivíña ou vaticína desde que empeza a construír ou a suscitar. O vaticinio precede á *poiesis* ou síguela a raíz da sorpresa. *Vate* é, á vez, poeta e adiviño ou vaticinador. É así como o home 'habita en poeta'. O home é testemuña de que se pode habitar así. A posibilidade de habitar así fúndase en que non se fai —non é obxecto da *poiesis*— a posibilidade de habitar así.

«O home habita en xeómetra. É un exemplo, pero suficiente como premisa. *Logo* habita en poeta».

mil cousas máis, «incluíndo as que xa sei —por distintos 'conductos'— que ti me fas o favor de agardar de min». Sen dúbida, refírese á invitación que o amigo tantas veces lle reiterara para que volvera a escribir en galego. Na carta, coméntalle que «a raía do aninovo pasámola desta vez como contrabandistas, silandeiramente. Quizais porque xa está un canso de agoirar o que non chega. Noustante, chegará. ¡Feliz, entón, e dunha vez novísimo aninovo!». Sempre soñando o fin da dictadura...

Na introducción do ensaio dedicado a Cecilia Carreras, Dieste menciona os tres postulados básicos en que Bertrand Russell deslindou a xeometría: o das Tres Dimensións, o da Libre Movilidade e o da Semellanza. Os dous últimos consagra as súas reflexións intuitivas, para probala «inescindible relación dialéctica entre o concepto de Semellanza e a lóxica máis primaria ou irreductible da Movilidade».

Sobre o libro vai pesar unha como pesada lousa de silencio e indiferencia, a mesma que agochou o sentido de parecidos traballos anteriores e agochará, aínda, os que han vir. Para o común dos homes non é prateiro segui-lo discurso matemático; os especialistas miran con prevención ó que tildan de afeitoado. Desconfían dos advenedizos. E así, están pois sentadas tódalas premisas para que a obra vaia parar a unha vitrina do museo dos esforzos inútiles... se tal houbese. Pero a humana especie sabe que se un libro ten unha persoa que o entende, ese libro é xa utilísimo. E Dieste sabíase cun puñado desas persoas detrás do seu esforzo.

Chega co mes das flores de 1968 o estralo dunha vizosa sacudida na universidade española, que presta oídos atentos a canto ocorre no maío francés. Seivas novas no tronco do réxime que, en outubro, se atopará cunhas declaracións de prensa de Juan Carlos de Borbón favorables ós Principios do Movemento. (Case un ano despois, botando man da vella Lei de Sucesión, Franco designa ó fillo de Don Juan como o seu «sucesor a título de Rei». Disque a lexitimidade está no '18 de xullo'. Espérase que nada cambie, pero o certo é que pasado o tempo, e xa é outra historia, a contribución da Coroa vai ser determinante para «devolver España ós españois», por dicilo con frase acuñada por Julián Marías).

Por aquel tempo Dieste pronunciará unha conferencia clandestina. É en xaneiro de 1969, e viña de ser declarado no país o estado de excepción, por manifestacións habidas nas universidades de Madrid e Barcelona, onde as reivindicacións non se limitaban xa a problemas educativos, senón que supoñían unha crítica xeral do réxime. Un dos artigos do Fuero de los Españoles suspendido era o relativo á expresión de ideas, o que fai que o gobernador civil suspenda unha conferencia diesteana que acompañaba na casa do concello coruñés a inauguración dunha mostra de pintura de Arturo Souto.

Do pontevedrés quedarán no estudio do pintor Sabina en Valencia unha parte dos cadros expostos en 1937 en Valencia e en 1938 en Bruxelas, previsiblemente aqueles, os de maior tamaño, que Souto non puido levar consigo ó exilio. Enrollados e sen que ninguén os tocara nese inte-

rregno o gardador, tras abandonar os cárceres franquistas, decidírase en 1967 a dar noticia deles, e así, por medio da galería 'Val i 30' puideron ir á Coruña a unha mostra que lle organizaba a Asociación Cultural Iberoamericana, na que estaba Isaac Díaz Pardo.

Cando Dieste ía toma-la palabra, o público sentado xa, un guarda municipal entregou a Díaz Pardo un telegrama do gobernador coa orde de suspensión. Díaz Pardo meteuno entón no peto e levou ó conferenciante como se nada ata o estrado. Rematada a disertación, o recipendario tirou de papel e leullo a Dieste como se antes non o tivese visto. Ríndose, Díaz Pardo díxolle: «Anda, deches unha conferencia clandestina; pero, se pasa algo, non te preocupes: fagome eu responsable». Sucedeu sen embargo que a prensa fora avisada da suspensión desde o mesmo goberno civil, e así non acudira ningún xornalista ó acto. Non houbo crónica del, polo tanto, e non pasou nada.

A conferencia serviu a Dieste para presenta-lo Souto (12) que retiña na lembranza, do que lle acordaban as conversas no seu estudio, entre cabaletes vellos, cadiras manchadas de mil cores e cadros pendurados. «Falabamos», diría Dieste, «falabamos». E pola palabra, saían as cousas, «enteirizas, mestas, dondas ou esquinadas», os ceos incomprendidos «que ou ben nos fitan, quedos, ou fuxen arroutados, amarelos e tristes», e os xigantes «que asombran a nosa nenez». Diría Dieste: «Falabamos do Mundo, do que se deixa medir, do que non ten medida».

Entre as dolorosas novas da vida, como a da morte de Antonio Baltar que saben por carta do sobriño Eladio, e as alegrías que iluminan momentos felices, vivindo simplemente sen maiores présas, en Dieste vai madurecendo o tema do Discurso de ingreso na Academia, que el decide axiña centrar no estudio de aspectos normativos da fala, anque dilata a redacción definitiva das cuartelas. Será o día 18 de abril de 1971 cando, no vello Círculo de Artesáns da coruñesa rúa de San Andrés, onde a institución se acobilla nas sesións de maior asistencia de público, teña lugar a recepción do flamente académico, que titula o seu discurso *A vontade de estilo na fala popular* (13).

Anque longamente incubado, o discurso recrea para a ocasión os exemplos de episodios recentemente vividos, e é escrito tan só unhas datas antes da cita; e só porque xa estaba sinalada, e o académico que ha de respostar, García Sabell, comprometido. Comeza as súas palabras Dieste

(12) O artista finara en 1964.

(13) Publicado en 1971 por Edicións do Castro (Sada), coa resposta de García Sabell.

cunha lembranza máis alá do protocolo do seu antecesor da cadeira, Rey Soto.

Segue a disertación propiamente dita, na que o novo académico se produce como nunha lección, indo do xeral ó concreto. En primeiro termo, interésalle precisar que a gramática normativa dun idioma, de acordo con Amado Alonso, é o sistema de regras e normas para escribilo e falalo conforme ó mellor uso. Aclara que o pobo non é alleo ós xuícos valorativos ou estimativos no tocante á fala. Por ende, está afirmando que a lingua mesma, en tanto que falada polo pobo, leva xa a par de sí o espírito normativo.

Dieste, o autor da clara ortografía castelán feita para os alumnos mexicanos, cre que a escrita é só un invento de onte (os poetas da antigüidade eran uns 'iletrados'), e delóngase con especial interese na fala. A Regra serve como termostato que a guía, pero está sometida ó xogo das excepcións, ós enredos do irregular. O rexistro dos señores, o das clases cultas, non son o ideal de lingua. A busca desta meta platónica pasa polo pobo, como espello da fala que é.

Examina logo desvíos da fala popular á luz de autoridades como Joseph Dunn, autor da moi completa *A grammar of the Portuguese Language*, ou á luz dos evidentes vencellos do sistema sintáctico co fonético na entranza da lingua. Repasa os erros, por contacto co español, na colocación dos pronomes átonos. Detense nas confusións, polo mesmo, ó construí-los tempos compostos do verbo. Eivas da diglosia, reflexiona sobre os diptongos e a 'gheada'.

Estudia en suma os síntomas dun doente, ó que, queréndolle aplicar estilo, ás veces o que se lle aplican son lóstregos. Cita unha conversa co futuro do galego, cunhas nenas que o conducen por un pedruguento camiño do Barbanza. E logo transmite ó auditorio a súa fe na «música da fala». Na música como nai da gramática, que tería por pai ó entendemento. Son ideas dictadas polo bo xuício, polo sentido común, que sirven para aplicar a un doente que dá mostras de latexar aínda, de querer mil primaveras máis. O idioma que resistiu séculos nos beizos dos labregos, dos mariñeiros, e ó que Dieste servira desde a mocidade. «Creo no meu idioma», estaba dicindo el na Academia. «Por mal que o vexamos, creo».

En resposta ó novo membro, García Sabell dixo: «*Rafael Dieste representa a comunicación total coa realidade total*. Comunicación total quer dicir, no meu modo de entender estas palabras, a facultade de penetrar

Retrato de Rafael Dieste por Luis Seoane (1975).



Rafael Dieste, Manuel Colmeiro e Jesús Prados Arrarte en San Fiz de Margaride (Silleda), no vran de 1975.



Rafael Dieste co seu sobriño Eladio Dieste e Isaac Díaz Pardo en Sargadelos (1977).




Rafael Dieste e Lorenzo Varela en O Castro (1977).



Antonio Sánchez Barbudo e Rafael Dieste en A Coruña (1977).



Rafael Dieste presentando a Xosé Neira Vilas nunha conferencia pronunciada en novembro de 1976 no Museo Carlos Maside.



Na Real Academia Galega en 1977. De pe (de esquerda a dereita): Isidoro Millán, Torre Enciso, Moreiras, Parga Pondal, Chamoso Lamas, Ramón Piñeiro, Marino Dónega, Chao Espina, Mejjide Pardo e Juan Naya. Sentados: Filgueira Valverde, Carballo Calero, Vales Villamarín, García-Sabell, Rafael Dieste, Antonio Fraguas, Trapero Pardo e Gil Merino.



Rafael Dieste na súa casa de Rianxo (1979. Foto de Xosé Antón).



Andrés F. Albalat, señora de Paz-Andrade, Valentín Paz-Andrade, Ricardo García Suárez, señora de Vázquez Freire, Maruxa Seoane, Domingo García-Sabell, Rafael Dieste, señora de García-Sabell, Marino Dónega, Francisco Fernández del Riego, señora de Dónega, Ramón Piñeiro e Isaac Díaz Pardo en O Castro (1979).



Do 27 ó 31 de abril de 1981 tivo lugar un homenaxe a Rafael Dieste do Ateneo Ferrolán, co patrocinio da Aula de Cultura da Caixa de Aforros. De esquerda a dereita: Dr. Quintanilla Ulla, Alcalde do Ferrol, Dr. García-Sabell, Presidente da Real Academia Galega, Rafael Dieste, a súa dona Carmen e o Presidente do Ateneo Ferrolán Anxel Teixeira.



Rafael Dieste, a súa dona Carmen, Nora Torreira, o autor deste libro Luis Rei Núñez e Xavier Iglesias Feijóo, autor da fotografía, na casa do biografiado en Rianxo (setembro de 1981).



Armando Fernández Mazas, Domingo García-Sabell, Rafael Dieste e Carlos Gurméndez no Museo Carlos Maside (1981).



Derradeira fotografía de Rafael Dieste, o 30 de setembro de 1981, na celebración do 75.º aniversario da Real Academia Galega. Xurxo S. Lobato fotografiouno nas escaleiras mentras remataba a apertura do presidente, Domingo García-Sabell.

deica a esencia mesma das cousas. Realidade total —isas 'cousas'— é unidade do mundo i o home, ou seña, o que está fóra de nós, i o que buliga, máis ou menos aconchegado, na intimidade de nós mesmos».

García Sabell presentou a autenticidade do espírito disperso e plural de quen cultiva o conto e o teatro, a filosofía e a xeometría, e maila lírica. «¿Lirismo?», pregúntase. El mesmo reconece, «creo que a expresión non cadra ben á creación diesteán porque resulta excesiva e porque resulta estreita». Nestas verbas do vello amigo, a admiración, o público recoñecemento hacia toda unha traxectoria era unha flecha que atravesaba véos de reticencias políticas, que salvaba muros da pavura. Dieste recibía un baño de multitude. Entre os seus.

ORDEA-LA OBRA PARA ZARPAR

Ten xa máis de setenta anos cumpridos. Sabe que a vida se lle desliza polo tranco derradeiro. Conta aínda con obsequiar ós vellos amigos cun novo libro en galego. Intue tal vez un libro de poesías para os seus amores de sempre. Apura de certo outro de ensaios xeométricos para contentarse a sí mesmo. E A Coruña é xa cidade súa, porque o gañou no pequeno círculo de persoas que andan os seus mesmos camiños. E un salgado Rianxo segue sendo o lugar das razóns, a terra do inicio da travesía e a cita para a meta do seu todo.

De paso corto, pero con mirada que alcanza a máis alá do remate, a vellez de Rafael Dieste é a vellez do sabio: unha suma de experiencia en dúbidas e certezas que el doa na intelixencia de que o seu destino é o ágora das xentes necesitadas da palabra reparadora. Unha suma que el doa porque el é o primeiro que a pide. Demanda a dádiva en que se mostra a fondura da alma. O *esprit*.

Algúns amigos atesourarán entre o máis sagro a ledicia da voz de Rafael. Un día é Marino Dónega o agraciado. Sen embargo a conversa ha de interromperse cando pasen as horas. Ó día seguinte, as primeiras verbas de Rafael, no reencontro, volven a onde quedaron: «Onte, ó separármolos, dicías que... e eu penso...»

Xunto ós amigos, nestes últimos anos, están tamén os moitos auditorios de Galicia e de fóra ós que el regala con conferencias nas que a palabra vai como un río amigo, arrancado de lonxe o razoar, para proceder ó rodeo polo miolo do asunto, abeirando tódolos recunchos, e chegar ó fin á conclusión, que sempre é situada no punto cero.

Dieste tíñase decatado de que só pagaba a pena verdadeiramente o esforzo de ordearse, e a ordear-la obra dedica parte dos seus mellores folgos na época dos setenta, compartíndoa coa antiga convicción de que o desinterese en asuntos de pensamento —e para el as letras, peneiradas polo sentir, pensamento son— leva a onde a mesquiña ansia de medro momentáneo xamáis chegará.

Consúmase neste tempo o desperdicio en parte dun inmenso talento para a boa marcha de Galicia, porque quen están obrigados a facer que non se perdan as máis das mazorcas da ceifa a penas se molestan en ir re-

collendo os granciños que a casualidade lles deita diante os pes. Dieste non se molesta en buscar un oco nos xornais, porque nunca o fixo. E ningún llo ofrece, agás dúas colaboracións que lle solicitan Bocelo e Pillado. A parte das charlas que lle piden, maiormente homes particulares da provincia, ningunha institución pública se ocupa de programarlle un curso; e a universidade estaba obrigada. Os libros de creación novos non había que fialos ós bos propósitos. O Félix Muriel nacera dun encargo.

Imprentada en Alemania pola editorial Topos Verlag, en 1972 sae, en facsímile de cinco tomos, a colección completa da revista *Hora de España* (1), que, nos tempos de guerra e a impulso de Dieste, quixera o ensaio, a poesía e a crítica «ó servicio da causa popular», para facer posible aínda, como dixera Waldo Frank, «unha cultura que non debe morrer».

Coa maior das simpatías acolle Dieste a reedición da revista, que era daquela unha xoia bibliográfica carísima nas librerías de lance. A pesar das desviacións que nos últimos números das súas vintetrés aparicións tivera, a pesar do torcido empeño que houbera por apartalo do seu consello, a nova aparición de *Hora de España* viña a invalida-los intentos, involuntarios e voluntarios, de agocha-la participación vital de Dieste na realidade da obra, non sempre posta de manifesto polos que trataran case de non mover das súas témporas os loureiros do mérito.

Neste ano Galicia espreguiza sonoramente da 'longa noite de pedra', con folgas universitarias en Compostela que se unen ás de milleiros de obreiros do Ferrol e de Vigo, saldadas na cidade departamental coas mortes de Amador Rey e Daniel Niebla, e cun proceso, o chamado 'dos 23', a militantes comunistas. Neste ano, os exemplares que Galaxia lanzara de *Dos arquivos do trasno* están a esgotarse, e Rafael Dieste traballa de novo, a petición editorial, no libro.

Non se contenta con dalo tal cal quedara, cos contos engadidos, e, aquí e alá, introduce correccións. Sobre un exemplar da edición de hai dez anos coas follas recortadas, e de propia man (2), o autor corrixe as moitas erratas, cambia palabras, modifica o título dun dos contos —«O

(1) En Topos Verlag haberá unha segunda edición en 1974, de similares características. En 1977 a editorial barcelonesa Laia tirará unha terceira, en papel de calidade menor ás alemáns e ó usado no tempo de guerra.

(2) Debo á xenerosidade de Fernández del Riego que ese libro, que el me deu para facilita-lo labor de cotexo, se ache hoxe na miña biblioteca; no estante dos afectos.

regreso», que pasa a ser «A volta»— e reforma párrafos enteiros. Por exemplo, onde antes, na páxina 89, dicía: «Convén agora que sepades cal era o contido do sobre lacrado, para millor espricarvos e sentirdes o que logo virá. Diréivolo deseguida. Dous documentos contiña».

Realzando os engados da narración titulada «Once mil novecentos vinte e seis», dirá despois: «Teréi agora que vos pór ao tanto de cál era o segredo do sobre lacrado, que abríñ coidadosamente, e represando o meu anxeio, como ben suporedes. Dous trascendentais documentos contiña». Dieste escribiu o texto novo a pe de páxina. Arriba, unhas raias cruzan a forma anterior, pero no pronome cal figura un til que el lle puxo. Acaso queira dicir que empezou correxindo só as erratas, para decidirse xa metido no labor por cambios máis fondos.

O libro sae cunhas fermosas ilustracións de Seoane, que houbo de repetilas dúas veces porque quizais un trasno as traspoleirara. Sucedera que o pintor lle entregara a Dieste os debuxos, pero éstos desaparecieran misteriosamente. Por fortuna, Seoane conservaba os bocetos, e puido facelos de novo. Para moitos lectores, «Hestoria dun xoguete» vai resumirse para sempre no rostro docemente estroina do home que el pinta sobre cuberta co barco en miniatura.

En 1973 os Dieste visitan en Madrid, no seu despacho en Alianza, a Jaime Salinas, con quen Rafael falou do pai; sinxelamente, porque foran amigos. Contoulle cousas de Misiones, dos vellos bos tempos. Díxolle os andares seus de exiliado polo mundo. E quedaron en que a editorial ía publicar *Historias e invenciones de Félix Muriel* nunha nova colección, Alianza Tres.

Terá o libro esta súa segunda andadura en 1974, a primeiros de ano. E Dieste, ó contrario que cos contos galegos, escolle desta vez presenta-lo orixinal intacto. Non altera nin retoca nada. Trinta anos despois de seren escritas, as narracións manteñen a gracia meiga que as informaba ó comeza-lo desterro como tributo á memoria, á historia en anacos. O libro terá unha acollida excelente, anque sen dúbida máis tímida que a que merecía.

O Félix Muriel é saudado por Pere Gimferrer, en *Destino*, por Francisco Umbral, no *Diario de Barcelona*, por Dámaso Santos, en *Pueblo*, por Gustavo Fabra, en *Informaciones*, e por José María Alfaro, en *ABC*. Tódolos xornais galegos e os principais semanarios de España, unánimes, celebran a aparición do libro. Críticos como Javier Alfaya, en *Cuadernos para el Diálogo*, ou Enrique Azcoaga, e Manuel Andújar e Luis Suñén,

xunto a García Sabell, Marino Dónega, Salvador Lorenzana e Miguel González Garcés, sinalan no libro a chegada doutro xeito de narrar. A vinda dun realismo idealista que contrasta co ton xeral dun tremendisimo que xa cobra trienios, moitos trienios.

(Na revista *Triunfo*, o máis valioso fortín de resistencia cultural, con mando en praza entre a 'intelligentzia' antifranquista, vólvense os ollos a Dieste de maneira que vai máis alá do protocolario. Gómez Martín fai unha crítica do libro cando aparece, e uns meses despois, a revista acolle unha entrevista de tres páxinas feita ó rianxeiro por Moncho Pernas e Carlos Estévez que, a parte do récord de inexactitudes que eles baten na breve introducción, presenta a un escritor en plena lucidez e dominio dos resortes mentais).

Historias e invenciones de Félix Muriel reclama para Dieste un posto sobranceiro nas letras españolas. O éxito da crítica carrega o favor do público, e o autor, trinta anos despois de escribi-lo libro, tras medio século de dedicación ó oficio de escribir, comeza a ser coñecido e recoñecido en España. Era o momento adecuado para que Dieste saíra cunha nova obra de creación que afortalara a posición acadada co Félix Muriel. Pero este home non entende de momentos e posicións, e sí só de fidelidade ó seu destino.

A mesma entrevista de *Triunfo* adianta a inmediata aparición dun libro de ensaios, que pensa chamar «Nueva visión de Euclides». Por García Sabell, que era conselleiro da editorial Seminarios y Ediciones, soubera que ésta era boa casa para publica-las súas esculcas. O libro estaba no comité de lectura cando el foi entrevistado por *Triunfo*, pero a resposta da editorial, así e todo, foi contraria á edición. A editorial dicía que o libro era moi bo, pero que ela non tiña lectores para el.

Ó saberse isto, un grupo de amigos (3) deciden que o libro debe saír de todas maneiras, e que eles o farían saír, aportando cada un unha novena parte do importe da factura da imprenta. Así aparecerá, en 1975, o *Testamento geométrico*, título que Rafael decide poñerlle finalmente, para tranquilizar a quen querían que acabara xa coas matemáticas para pasar a outra cousa, Carmen en primeiro lugar.

O libro é resumo, síntese, do corpus xeométrico total de Dieste, que nel desenvolve os argumentos das incursións anteriores á luz da intuición comprobada. Como a súa obra, a dicir de Zaid, «é un cristal de moitas

(3) Ramón Baltar, Isaac Díaz Pardo, Felipe e Fermín Fernández Armesto, Fernández del Riego, Alvaro Gil, García Sabell, Paz Andrade e Luis Seoane. Anque ningún ha de aportar nada ó cabo, porque Díaz Pardo corre coa edición.

facetas, pero dunha soa peza», a prosa pode ser seguida por un lector normal, incluso por un lector que se espante da espesa matemática dos manuais ó uso. Calquera, logo de seguir o seu «impulso indagatorio cara ós fundamentos mesmos do coñecemento», como dicía García Sabell no limiar, ha de ir cara a unha «reivindicación, mediante novas formulacións, do concepto de espacio e tamén do tempo, da realidade obxectiva do movemento».

Nó intermedio que vai da nova aparición dos libros de antano e trasantano ó libro último, a vida dos Dieste, como a do país, rexistra novidades que a cambian. Eles, unha vez que a Inspección de Ensino coruñesa proxecta trasladarse a outra zona múdanse para unha torre da rúa Xoan Flórez, desde a que a panorámica do porto é inmillorable. Un piso do décimoterceiro andar, é agora o niño da parella.

1973 fora en España o ano do atentado de altos voos que costou a vida ó almirante Carrero Blanco, entón presidente do goberno. O réxime fusila en 1974 a Puig Antig e Heinz Chez. Un ano despois, Franco firma outros cinco fusilamentos, antes de irse el a rendir contas ó Altísimo. A oposición real, nucleada en derredor do Partido Comunista, crea a Xunta Democrática, como alternativa unitaria na que están tamén o partido de Tierno Galván e persoeiros. Por reacción, un pequeno grupo que así que pasen seis anos se fará co goberno de España, crea a Plataforma de Convergencia Democrática, que logo se fusiona coa Xunta (4). E os nacionalistas impulsan o Consello das Forzas Políticas Galegas.

Con estas horas de pulo anovador coincide a publicación, na editorial de *Cuadernos para el Diálogo*, do volume colectivo *Teatro de agitación política, 1936-39*, que recolle o «Nuevo retablo de las maravillas» que Dieste escribira no 37. O tomiño inclúe tamén as pezas «Huelga en el puerto», de María Teresa León, «Farsa de los Reyes Magos», de Rafael Alberti, «El refugiado», de Miguel Hernández, e «Amanecer» e «Sombras de héroes», de Germán Bleiberg.

Ó calor destes aires de renovación veu o biógrafo por vez primeira ó escritor. Foi na coruñesa Casa da Cultura, onda o Xardín de San Carlos que Jaime Gil de Biedma cantou. Varios estudantes de bacharelato van alí desde o instituto da Agra do Orzán. A verdade é que Dieste participaba con outras persoas nunha mesa redonda que para a miña idea versaba sobre teatro. Non lembro os nomes dos demais ponentes. Daquel acto gardo incólume na lembranza a impresión que Dieste nos causara.

(4) O Partido Socialista Obreiro Español, daquela dividido nos sectores histórico e renovado, reunía unha non moi ampla militancia, non moi activa.

Do xeral acordo a penas o gran poder de persuasión que el imprimía ás súas palabras, que lle viña do convencemento con que falaba. Máis do miúdo, sí recuerdo ó pe da letra, unha explicación que logo vin recollida en *Antre a terra e o ceo*, na que ensinaba ás claras qué cousa era a conciencia de clase, concepto que entón estaba nas preocupacións do noso maxín.

Dicía Dieste que podía ter ocorrido en Rianxo. Un labrego, porque escoitara a un químico que aquelas terras necesitaban calcio, espallou unhas cunchas de croques esmagadas polas súas leiras. O abono non dará o resultado apetecido, e o ousado do home perde a colleita. Se os veciños o axudan a mata-la fame ofrecéndolle cada un parte das suas ceifas, terían conciencia de clase. Non fixo falta que o conferenciante explicara que ese sacrificio ía en pago por correr un risco que podería ter beneficiado a todos.

En 1975 ten Dieste un aviso de quebra da saúde, que afecta onde máis pode doer a un escritor. El, de seu lizgairo e cun como estro que o nimbaba dun atractivo especial, ó que as mulleres eran moi receptivas, tivera sempre o que podería chamarse unha 'mala saúde de ferro', se por elo se entende fortaleza nun envoltorio que semella feble. No corpo elegante, e como de moralista que el ten, flaco e áxil, os anos pasan factura.

O astigmatismo de sempre —que se manifestaba en pequenas deformacións que ata lle eran simpáticas, como a que menciona, moi exaxeradamente, de convertirlle o redondel da lúa chea nun fuso— empeza en setembro a prolongarse en irregularidades evidentes de visión; e así os ángulos rectos dos cadros da casa pasan a ser caprichosas raías cruzadas. O día é menos día, e a noite máis noite.

A súa dona empeza a preocuparse de verdade unha tarde en que, de súpeto, el dille cando vai conducindo: «Qué cedo anoitece agora». Carmen respostoulle, «Está un pouco nublado», tranquilizadora pero inquada. E xa en casa chamou por teléfono a García Sabell, que lle suxeriu que se consultara con Sánchez Salorio, porque polos síntomas de diminución da luminosidade podía sospeitarse o inicio dalgunha formación de cataratas.

Interesado de vello polos problemas da visión, en curiosidade que o aproximaba a Goethe, Dieste deixa vagar á súa cabeza en busca de teorías para a doencia que o aqueixa. Actualizáraselle daquela todo un cur-

so que en Bos Aires dera sobre a visión no dupro sentido fisiolóxico e estético. Fai do mal un tema intelectual.

O caso é que o día que están citados no oculista —Sánchez Salorio, convalecente dunha operación, non pode atendelo; pero sí o doctor Suárez López— Dieste, que levava unha viaxe ata Compostela moi sobresaltada, pretende, ante Carmen, recuar: «Non quero consultar hoxe, porque non estou en condicións, con tódolos trastornos da estrada, para explicar ó médico o que me pasa». A muller interpreta esto como un súpeto terror a enteirse de algo irremediable.

Recoñecido de todas formas polo especialista, éste diagnostica un principio de retinopatía, e recoméndalle un chequeo xeral, que fará con García Sabell. Dáselle logo de facelo un tratamento de seis meses e pídeselle que deixe o tabaco por ese tempo. Dieste, fumador empedernido, que en casa liquida un par de paipas ó día e, para entreverar, na rúa e no café queima a súa boa ducia de cigarros, desde aquel momento rompe definitivamente co tabaco, e xa non volverá a fumar.

Polo demáis, a vista vai a peor, e cando Carmen observa que xa non pode ler, fala con García Sabell para preguntarlle si non sería bo que o viran na clínica Barraquer en Barcelona. Nela foi recoñecido polo doutor Muiños, en abril de 1976, que confirmará a diagnose, retinopatía. Dieste vai ser operado nos puntos enfermos da retina que hai que cicatrizar con raios láser. O médico asegura á dona que non vai derivar en cegueira, pero que unhas células da visión central están danadas e xa só lle quedará a visión periférica, coa que podería valerse para a vida ordinaria.

O enfermo recibe as novas con serenidade. Dispón agora na súa torre da Coruña dun piano, un 'Ronisch' alemán, no que vagamundeas mans arrincando o eco de perdidos paraísos. E cun afán de recuperación inasequible ó desalento, proba a facer inventos que lle permitan ler. Ensaia con lupas que compra nun sitio e leva a outro para que lle acoplen molas e bombillas en construcións que anima baseándose na percepción das deformacións xeométricas. Mais ha de resignarse a que os seus ollos para escribir e ler sexan os de Carmen.

Morto o dictador polo San Martiño do 75, o advenimento dun réxime de liberdades aparece cada vez máis preto, e os acontecementos que o encamiñan sucedense máis velozes conforme os meses pasan. No seo do Exército funciona a Unión Militar Democrática (5). Nas rúas hai millei-

(5) Na súa dirección, o galego Xosé Fortes Bouzán, que será un dos nove oficiais expulsos da Milicia por seren democratas.

ros de manifestantes pola amnistía e o recoñecemento dos dereitos das nacionalidades; os estados maiores dos partidos da oposición, unidos na 'Plataxunta', crean a 'Comisión dos dez', para negociar cos continuistas a transición. E, entre eses dez, representando a Galicia, un amigo de Rafael: Valentín Paz Andrade.

O propio Paz Andrade, con outros compañeiros como Díaz Pardo, tomará parte nas primeiras eleccións a Cortes democráticas, nunha candidatura ó senado que, con bo criterio, tódalas forzas de esquerda postulan xuntas nas provincias galegas (6). Paz Andrade acada acta de senador por Pontevedra, e García Sabell acompañarao na mesma cámara polo cupo de designación real. Dieste, satisfeito coa incorporación á vida pública decisoria de xentes do seu círculo, síntese identificado coa patria común que se estaba a erguer. Anque, como non hai ruptura, el deba ser dos que máis renuncias acumulen no proceso.

Outro amigo deste tempo, Marino Dónega, co que se ve a oito agora nunha cafetería dunha esquina da coruñesa praza de Vigo —a Marabú a onde tamén acuden Fermín Fernández Armesto e a súa dona— vai ser conselleiro de cultura da Xunta de Galicia que se pon en marcha para ir rodando unha autonomía que agarda aínda o refrendo do seu Estatuto e as primeiras eleccións ó seu Parlamento. E moitos outros van asumindo posicións clave, como a de referencia que representa Rafael Alberti no primeiro Congreso dos Deputados, do lado no que sempre estivo.

A ese lado, que é o de Dieste, comézanselle a recoñecer cousas. Por exemplo, ese monumento á sensatez que é *Hora de España*, agora reeditada por Laia; que achega á 'inmensa minoría' a importancia daquela empresa no devenir da cultura española do século. Os homes que a fixeron venturosa en treitos sufrintes pasan a ser parte da historia do noso país. E todo elo vale, en Dieste, para que, lonxe de terse por unha sorte de gloria nacional, a súa actitude sexa a de maior modestia.

Tanta é a ausencia de interese personal que mostra; preocupado a penas por exercer de Sócrates alí onde un grupo, alguén que o segue, reclama os seus saberes, que algúns amigos comezan a impacientarse. Mesmo Gabriel Zaid, vinculado ós Dieste por lazos que poderían calificarse de parentesco electivo, convida ós antigos mestres a que pasen quince días con el e con Basia nos lugares que escollan, propoñendo a inclusión do 'eixo' Rianxo-Madrid-Barcelona entre eles.

Efectivamente, tras unha semana en Rianxo, en outubro do 78, irán

(6) Luis Seoane fixo o cartel.

a aquelas dúas capitais, e tamén a Valencia, onde ven a Gil Albert. En Barcelona establecen contacto con Manuel Aznar, co que, por estar en Laia, tiveran relación ó sair *Hora de España*; e en Madrid, por medio do crítico Javier Alfaya, vense con Jesús Munárriz, director da colección Hiperión, en Edicións Peralta. Con Laia as publicacións van a modo e só en 1981 aparecerán os dous tomos do teatro disperso (-), quedando aínda para 1983 o volume misceláneo *Testimonios y homenajes* que xa aparece póstumo, cunha acertada nota introductoria do propio Manuel Aznar.

Con Hiperión, en cambio, as cousas coallan rápido. E así, en 1979, sae *Viaje, duelo y perdición*; libro que, cando o autor acude a presentalo na Galería Sargadelos de Madrid, congrega a Enrique Azcoaga, Manuel Andújar e Jesús Munárriz; que pronuncian unhas palabras ante un público entre o que se atopa a novelista amadora das cousas galegas Carmen Martín Gaité, e o fino editor e mellor poeta Andrés Trapiello, para quen Dieste compromete un orixinal que empezará de volta na Coruña, metendo nunha carpeta materiais diversos (8).

A estada en Madrid servira ademais para retoma-la conexión con Alianza. É, casualmente, na redacción do diario *El País*. Os Dieste e os Zaid van ver a Carlos Gurméndez, cando entra Javier Pradera, o xefe de editoriais do xornal, que coñecía a Zaid. Na conversa entablada, directamente, pediu a Rafael un libro de ensaios para Alianza. Será *El alma y el espejo*, que retrasa a súa saída porque hai cambios na editorial, onde Pradera levaba a dirección literaria.

Un día de 1979 eu tiven a disculpa que desde había tempo andaba buscando para ir ver a Rafael Dieste á súa casa. Chegaba de Compostela, onde cursaba a carreira de Leis, escribindo os primeiros poemas, e recordo a aquel ancián señor, no sofá dun salón que dominaba as máis engaiolantes vistas da Coruña, coa mirada equidistante do interlocutor e o

(7) *Teatro. I e Teatro. II*, reunen, prefaciados polo propio Aznar, a totalidade das pezas teatrais diesteanas, agás as tres de *Viaje, duelo y perdición*. Así, o primeiro tomo inclúe «Revelación y rebelión del teatro», «El circo embrujado» e «Simbiosis»; recollendo o segundo as tituladas «Al amanecer», «Nuevo retablo de las maravillas», «El moro leal», «La fiera risueña», «El falso faquir», «El empresario pierde la cabeza», «Curiosa muerte burlada» e «La doncella guerrera».

(8) Este libro, que era para editar por Trieste, ía titularse *La Torre de Hércules*, incluíndo o limiar para a edición do libro de debuxos de Seoane, xunto a outros escritos, inéditos e xa publicados.

infinito; nun punto en que el aprendera a pousala movendo a cabeza como mellor lle conviña para vence-los defectos da visión.

Recordo que non lle importou que eu fose un rapaz para recibirme compracido. E que non tivo como freo á conversa —un discurso seu no que ún se medía moito antes de meter 'cucharada'— a evidencia de que aquel visitante imprevisto estaba por desasnar en moitas cousas. Antes ben, este desequilibrio de coñecementos animabao máis a fiar unha das súas leccións sobre esto e aquilo, sobre todo.

Recordo o riso anxélico co que rubricaba as pequenas malicias que se permitía, a voz cantora que me levaba de Hamelín á súa Babia, e a velli-ce nas pecas das mans, como líquenes miniados en fume de color do millo por un oribes ou un frade. Recórdoo no ovalo da cara, estilizado, no nariz afiado, baixo o que cuidaba un bigode caño, como o cabelo, e na garabata escura. Por el, no plano intelectual, como antes polo meu avó, noutras cousas, aprendín a escoller un como século anterior, o seu, como modelo de sociedade, e a lisura do verdadeiro, como modelo de conduc-ta.

Aquel ano e os dous seguintes seguíndo indo a ver a Dieste sempre que puiden, e xa sen excusas, polo pracer de oílo. E seguino tamén nas conferencias de Compostela e A Coruña, e a el dediquei o primeiro artigo que publiquei en prensa. Lembro a primeira vez que me atopei, ó chegar á súa casa, co son do piano que viña de dentro. A 'Marcha turca' de Mozart, tal vez, ou unha das improvisacións nas que perdía os dedos sobre as teclas como o 'gato de Scarlatti'. Eu, que petei na porta, houben de agardar a que el acabara. Quedaba enterado, para as veces que volvera a repetirse, de que había de esperar á última nota antes de entrar na cova do xenio.

Outra vez eu ía cunha estudante de piano, que tocou para el a 'Rosa de abril' de Andrés Gaos, en partitura entón editada. E vexo a Dieste gabando a gracia da execución e da peza, como gababa, el, dos recuperadores do galego e académico dos máis valiosos, a fala galega da fiel Teresa que lle cuidaba a casa de Rianxo. Con qué respecto de señor se lle oía falar da peneira lingüística que para el era a boa Teresa.

Interesado polos asuntos da lingua sempre, para Dieste non había segredos cos étimos das palabras, e a busca do antecedente grego ou latino dun vocábulo valíalle para baixa-lo pano a un tema da conversa e iniciarse noutros, que non abandonaba ata zugarlle as seivas máis sabrosas. Home que entendía como ninguén o problema de España, que na súa mente non era problema, senón realidade, desde un día que ventaba moito na Coruña e el, con gabardina e pucha, ía diante miña atravesando a chuvia, sei que eu estaba obrigado a tirar esta biografía.

1979 marca a recuperación do Seminario de Estudos Galegos, que vai ter como local da xunta rectora unhas dependencias cedidas en Santo Domingo de Bonaval. E que vai vivir, logo dunha negra historia que o privou dos seus lexítimos locais de Fonseca, do favor do Consello Superior de Investigacións Científicas e, en parte, do do Laboratorio de Formas de Galicia. Dieste intégrase na Área de Arte e Comunicación, como no vello Seminario estivera na de Arte e Literatura, que dirixía Castelao.

Este ano lévase tamén unha gran satisfacción. A hispanista norteamericana Estelle Irizarry publica, na editorial bostoniana Twayne Publishers, nunha colección chamada 'Autores Universais', o libro titulado *Rafael Dieste*; primeiro estudio de conxunto —e non deixa de resultar curioso que saia en inglés— sobre a obra do rianxeiro, á que Irizarry chegara polo coruñés Fernández Granell. Fora un día de 1977, en Nova York, onde Granell era profesor na universidade da cidade, e a onde chegaba ela desde a Georgetown University de Washington. Estelle era amiga do coruñés desde que empezara *La inventiva surrealista de E. F. Granell* (9). E é Granell quen lle encomia o labor diesteán, prestándolle tres libros do vello amigo: *Rojo farol amante*, *Historias e invenciones de Félix Muriel* e *Viaje y fin de Don Frontán*. O efecto que esa literatura causou na estudiosa é doado de maxinar.

Estelle Irizarry, deslumbrada sobre todo pola maxia contida no Félix Muriel, comezou a investigar e decatouse de que se ben eran moitas as reseñas e artigos breves, «maiormente de tipo subxectivo», en torno a Dieste, facía falta un estudio «analítico» feito con rigor académico, e pareceulle indispensable facelo. Ela propuxo o libro a Twayne, para a que antes fixera outro sobre Francisco Ayala, e a partir daí despertouse un certo interese pola obra do rianxeiro nas universidades norteamericanas.

Cando chega ós Dieste un exemplar do libro, Carmen pregunta á súa autora o xeito de adquiri-los dereitos para publicalo en Edicións do Castro. Estelle explicoulle que para unha pequena editorial española ían resultar moi elevados eses dereitos dunha editorial da importancia de Twayne. Díxolle que para ela era máis sinxelo escribir un libro novo. Para o cal só pedía de Carmen que lle garantira a súa publicación. Carmen respondeulle que eso estaba feito, e así mandará Irizarry, en 1980, o original de *La creación literaria de Rafael Dieste*, que, baseado en gran medida no texto inglés, aparece máis completo.

(9) Insula. Madrid, 1976.

En case trescentas páxinas, Estelle fai un profundo repaso da creación de Dieste (10), nomeadamente centrándose no estudio do seu teatro e da súa narrativa, pero sen esquezela importancia do galego na súa obra toda. Tanto a importancia do galego en galego, os contos e o teatro, como a desa identidade galega que está impregnando tamén de calor de berce á creación en castelán. Irizarry detense ás veces no quefacer ensaístico e, con atención, dedica un capítulo enteiro, o sexto, titulado «Vida e obra de Rafel Dieste», a segui-las pegadas da biografía que Dieste estampou nos seus escritos. Prantas dos pes sobre unha arcilla moldeable. Moldada.

Por estes anos as chamadas a Rafael desde distintos lugares se suceden. Son sempre eses irremprazables señores particulares da provincia quen, a través de coraxosos ateneos, reclaman a súa presenza. E como el non se nega a ir a ningún sitio onde a invitación que se lle fai é cordial, por este tempo conferenciará no Ferrol, na Coruña, en Compostela e en Pontevedra. E máis en Alicante, Madrid ou Barcelona.

Como polo demáis agora non pode escribir e a súa mente anda a bulir todo o día na esculca, as conferencias, de seu mestre desde antigo no manexo de tódolos resortes dunha oratoria que en el non é retórica, gañan unha fondura e unha amenidade difíciles de igualar. Incluso cando os auditorios son de milleiros de persoas, a boa xente prende do seu discurso. Ata cando o motivo da asemblea é dun ton que puidera parecer pouco propicio a profundidades. Como cando Comisións Obreiras e a UXT organizan unha multitudinaria homenaxe a Celso Emilio Ferreiro, no aniversario do seu pasamento, nun intento das centrais de arrebatarse de poucas mans a hexemonía cultural en Galicia.

En 1980 dátase a terceira edición de *A fiestra valdeira*, que lle publica no Castro Isaac Díaz Pardo, ese outro señor particular que traballa en empresas de cultura que non precisan para seren levadas a cabo de mendiga-la axuda oficial. O libro, con ilustracións do propio editor, dedícase agora a Constantino Candeira, como a primeira vez, e a Antonio Dieste, como a segunda. Ás compañías de teatro que entón proliferan polo país galego parece que non lles enche, e seguen sen representalo.

(10) Logo, en 1985, fará unha edición, modélica, do Félix Muriel na editorial Cátedra de Madrid.

Do seu último ano de vida, que vai ser 1981, lembro varias visitas á torre. E un consello nunha: nunca mirarse con compracencia na creación. Rachar moito para que, ó cabo, fique o valioso, o perdurable. E, sen apartarse moito dun artigo publicado hai máis de cincuenta anos, porque o bo senso seguía alentado nel, Dieste relatou un caso de Guy de Maupassant e Zola.

O primeiro tiña por mestre ó segundo, e sendo aínda moi mozo levoulle un dos seus contos. O parecer de Zola foi moi negativo. E así ocorreu con tódolos contos que ía sometendo ó seu xuício. Maupassant sentiu a anguria do fracaso, coidou que Zola era inxusto con el. Pero cando un día, agardando a aprobación longo tempo, escoitou do novelista unha palabra, ben, o discípulo palideceu de felicidade. «Cóntase», referiume a min Dieste, «que Zola devolveu entón a Maupassant tódolos contos que lle entregara. O pai deles leunos, e a vergonza corouno. O seu cariño por Zola foi desde entón moito máis fondo».

O artigo en que narraba esta historia Dieste, cos demáis da serie 'Temas galegos' publicada en *El Pueblo gallego*, foi recollido aquel ano no libro *Ante a terra e o ceo*, que saca Edicións do Castro. Para reunir esta silva é impagable a axuda de Filgueira Valverde, que conservaba os recortes da maioría dos artigos que a súa nai fora coleccionando nun atado de afagadoras presillas nos lonxanos tempos en que viran a luz. O libro, en anos en que a prensa vive unha certa crise tralo pulo dos setenta, cando pasara a se-lo 'Parlamento de papel', a falta do outro, é reconfortante, posto que achega ós lectores de diarios a brillantez dun xénero desatendido, espolvoreando conversa, amable e intelixente, ó chou.

Este é o ano en que, para Laia, Manuel Aznar presenta en dous tomos todo o teatro diesteán, agás as tres obras de *Viaje, duelo y perdición*. Hai unha hipótese do prologuista que resulta especialmente atinada para entende-la soedade en que se desenvolve a traxectoria de Dieste durante as dúas décadas que leva de residencia en España.

Para Aznar, cando o rasciro é o realismo social, o dos marxistas de secano, a literatura deste home resulta misteriosa, maravillada. E despois da resaca das letras 'documento', cando a moda, no outro extremo, pasa a se-lo realismo de fabulacións máxicas, a literatura deste home é demasiado apegada á realidade. Ó contrario que outros, como Cunqueiro ou Perucho, que atoparán recoñecemento e seguidores logo da postración; a el se lle veda esa posibilidade. Anque non lle preocupa.

En 1981 sae tamén *El alma y el espejo*. O libro inclúe os dous ensaios contidos en *Luchas con el desconfiado*: «Sobre la libertad contemplativa» e «El alma y el espejo», anque en orde distinto, como dotadas de cadan-

súa virtualidade. Inclúe tamén o «Diálogo de Manuel y David», «La paloma equis», «Variaciones sobre Zenón de Elea» e «La vieja piel del mundo», que veñen a conformar o corpus dos ensaios de tipo filosófico de Dieste.

Rafael Dieste vive metido en moita brega o último ano da súa vida. No plano público, vai ser un dos firmantes do manifesto de Realidade Galega, con Díaz Pardo e outros amigos que son incluídos polo grupo de Galaxia. El, con pouca intervención no nacemento do colectivo, vai ter que ver coa intención de darlle unha vida suprapartidaria, fixando por Norde o de tinxir de galeguismo a tódolos partidos, máis que o de constituírse en partido diferenciado. Así é como en Semana Santa acude ó congreso do Partido Comunista de Galicia, ó que transmite unha mensaxe Ramón Piñeiro.

Sen embargo, conforme avanza o ano, e as eleccións para o primeiro Parlamento da autonomía están perto, Dieste semella excéptico. É cando unha emisora de Vigo lle pide unha comunicación sobre o senso da cámara lexislativa que vai nacer, e el fala da vella democracia inglesa, de Castelao, e dos vimios con que agora se quere facer un cesto onde caiban todos.

No persoal, 1981 é o ano da morte da irmá, que fina no Rianxo onde leva desde o 1912 recluída; e é tamén o ano, en marzo, en que por unanimidade, a Sociedade cultural e deportiva Santa Lucía, o nomea 'coruñés do ano' (11). Con gran contento del, é tamén un ano en que o sobriño enxeñeiro, Eladio Dieste, ha de prodigar visitas, desde o seu Uruguai, a Europa, porque o consorcio de compañías internacionais que constrúe a represa de Río Grande, entre Uruguai e Arxentina, desígnao para entender en *special problems*.

Dúas ou tres veces tivo que vir a Francia para estudar algúns casos no Instituto Hidráulico de Grenoble, e sempre destinou uns días da viaxe a visitar, na Coruña ou Rianxo, ó tío. Con Gabriel Zaid, Eladio Dieste era o outro seguidor que Rafael tiña, no ancho mundo, do seu proceso matemático. Para Rafael era todo un gozo o encontro con aquel ser que lle traía á memoria a intelixencia e a sensibilidade doutro Dieste camarada, Eduardo.

(11) A Coruña dedicaralle, en xaneiro de 1984, unha das súas rúas, como homenaxe á memoria de quen fixera desa cidade a súa cidade. Tamén Rianxo poñerá o seu nome á praza onde se acha o Pazo de Martelo, ademais de descubrir unha fermosa placa en cerámica de Sargadelos á entrada da vella casa dos Dieste.

O 11 de outubro, despois de ir a Grenoble en busca de solución a un problema de hidráulica, Eladio pasa por Rianxo. Ó día seguinte, á noite, teñen no salón da vella casa familiar unha velada preciosa. Carmen, despois de cear, le uns ensaios que Rafael ía preparando sobre espacio e tempo. Ata que á unha da madrugada a muller os abandona, non sen antes facer ó home o rogo de que teña presente que Eladio ten, á mañán seguinte, unha longa viaxe por diante.

Tío e sobriño seguen a conversa ata preto das tres, cando Eladio a interrompe, para ir ó seu cuarto. Rafael aínda quedaba un anaco, ata que, á media hora, o silencio da noite rexistra un ruído de espanto. No primeiro que Carmen pensa é en que se caera a parte do tellado que, tal que un albañil lle advertira ó instalar unha antena, quedara insegura. Ata que oiu os brados de Teresa, que dicía: «O señor está morto no portal».

Artrastrando unha macetas, rodara polas escaleiras, desde a posición, en tempos, do quinqué color guinda ata a porta de acceso ó zaguán, que cedeu. Coa cabeza bateu ó final nas laxes do piso, perdendo o coñecemento. De inmediato fora trasladado a Compostela, onde na Clínica A Rosaleda do doctor Fernández Albor, entrou nun estado de coma que non abandonaría xa ata a morte, o día 15 de outubro.

Alguén, nunha asamblea de estudantes na Facultade de Económicas dérame a noticia do accidente. Eu quixen ir ver á dona, e no sanatorio, mentres o escritor loitaba coa morte, acompañala nas bágoas. Carmen contaba as súas sospeitas. El apagara a luz do corredor antes de ir entrar no dormitorio, pero logo, polo que fora, volvera ó baño. Ó saír, na escuridade, en vez de atravesalo corredor, puido desviarse cara ó lado oposto, pisar en falso no último escalón, e precipitarse a rolos. Os médicos dicían que a caída puidera ter sido por un repentino mareo ó borde da escañería.

A Carmen confortábaa pensar en palabras do seu compañeiro. «Non hai que ter medo a sufrir», tíñalle dito algunha vez. O corpo ten os seus propios mecanismos de defensa, e se a dor é moi forte, descansa na perda do coñecemento, no desmaio. E Carmen rezaba para que aquilo fose verdade, para que el, que ía morrer, non sufrise.

Intervido no quirófano dun coágulo que se lle formara coa rotura do parietal esquerdo, sangrando por un oído e polo nariz, Carmen asistía ós últimos latexos de Rafael pendiente do máis mínimo signo que puidese testemuñar que sentía, que escoitaba, que sabía. Cando o óbito era in-

minente, Carmen e Eladio acordaron darlle a extrema unción. O cura, administrado-los últimos sacramentos, diríalles: «Estou certo de que se enteirou». Así, o día 15 de outubro, un día choviñento, de follas caídas, Rafael Dieste atopaba a paz. Acudía ó encontro coa Verdade.

A súa dona e o seu sobriño Eladio son católicos practicantes. Rafael facía anos que non o era, pero aínda así decidiron que se lle administrase a extrema unción e darlle terra en sagrado, sabedores de que el non o desaprobaba. E escolleron o cemiterio de Rianxo, onde estaba o seu amigo Manuel Antonio, e a onde debían i-los restos de Castela —se é que algunha vez tiñan que volver de Bos Aires, que non—. Milleiros de persoas dixeron o seu derradeiro adeus ó escritor.

Rafael, que admirara en tempos a creación nietzscheana dun Zaratus-tra simplemente ateo, atesouraba en sí un evidente sentimento relixioso interesábanlle as cousas de tellas arriba.

Non era agnóstico, nin católico practicante. Era tolerante e comprensivo. E situándose dentro da tradición, escribiu unha vez aforísticamente: «Creo na crencia de meus pais». A crencia de Carmen, que cumpría metódicamente co precepto dominical. El ía ás portas dos Capuchinos a agardala ó saír de misa, e paseaban logo as rúas da Coruña calmas de descanso. Carmen tiña entón a certeza de que estaba tan preto de Deus con el como no templo.

Aquela alma, aquel corpo de oitenta e dous anos de idade intensamente vividos no amor ós demais, na celebración da vida, na comunión co mundo e a propia circunstancia, eran conducidos polas costas que levan ó cemiterio de Rianxo. Tódolos que acompañan a caixa desexan para o seu repouso eterno un leito sedoso e brizado acariñadoramente pola mar de Arousa. Todos saben que os seus oitenta e dous anos son a idade dun neno. Dun neno ilusionado, dun home cabal, do mellor avó. Un Dorian Gray á inversa, que envellece viaxando á mocidade.

No cortexo, Felipe Fernández Armesto lembra meses atrás, en rexencia da mocidade, en comprometida homía. Polo antroído, España vivira o asalto ó Congreso dos Deputados do coronel Tejero, que, ó mando dunha porción de números da Guarda Civil —que é corpo militar, como o seu nome indica— secuestrou por unhas horas ós representantes da vontade popular. Na Casa Grande de Xanceda, Fernández Armesto, o xornalista Assía, dicía en xuño a Rafael que aquel intento era herdeiro dunha longa tradición militar, e que en España o militar sempre fora un re-

vulsivo en situacións de adocemento das que sen os pronunciamentos, sen eses golpes, o máis probable era que non saíra nada interesante.

—Pois eu volvería a loitar no mesmo lado. Volvería ó exilio— respondeu Dieste nun dos seus prontos ante o mundo, sen reparar na dificultosa utilidade dalguén da súa idade para as causas da guerra.

Fíxose un silencio inmediato, no grupo que asistía á conversa. Dieste fora enéxico, categórico. As miradas volvéronse cara a el e cara a Assía. Os contertulios vían unha dolorosa división ó axexo. Pero os reflexos de Assía salvaron decontado a situación. Pasou o brazo polo lombo ó amigo, e coa mesma dixo unha gran verdade:

—¡Pero qué xove estás, Rafael!

NOTICIA DE AGRADECIMENTOS

Durante moitos meses traballei neste libro, rematadamente partidista, vertendo cariño e ilusión a mans cheas na súa escritura. Carmen Muñoz acompañoume solícita na travesía pola travesía vital do biografiado, fornecéndome datos desde o rescoldo en que aínda duraban momentos queimantes na arca da súa memoria. Desde o altar en que mantén a memoria dos días pasados con e para un home irrepetible.

Falando comigo cunha franqueza que non sempre puido ser trasladada logo ó orixinal, ela aportou ás páxinas que anteceden as máis das cousas nelas recollidas. Cultivando a gran cualidade da memoria, tamén con respecto á reparadora condición do esquizo, con Carmen Muñoz foi o labor máis doado persegui-las pisadas que se evocan, ó longo do século. A través de tanto construír e de tanto derrubar.

Ela estirou diante de min un lenzo de medo, contándome a guerra. E recóllese a morte cruel de Fe de Gaya, pero tamén a solidariedade de milicianos. Houbo outros mantelos, no trafego incivil, para o frío e a fame. Como cando a anarquista Libertad lle prestaba os cartos para facerse un abrigo, ou cando un xentil Sánchez Barbudo lles carrexaba desde o fronte un terroso saco de patacas ás costas.

Houbo ademáis outros fíos necesarios para tece-lo lenzo dunha vida tan completa. Agradezo aquí a quen nos mostraron a súa xenerosa colaboración. Xuntos Mireya Dieste e Fernández Grannell, Xesús Bal e Filgueira Valverde, Isaac Díaz Pardo e Fernández del Riego, Paz Andrade e Ramón Martínez López, Otero Espasandín e máis Laxeiro. Xuntos Marino Dónega e Estelle Irizarry, con Arturo Cuadrado. E valiosa tamén a colaboración de Xoan Naya e Xosé Luis García, a do concello de Rianxo e a de tódolos autores que nos seus artigos ou nos seus libros a el lembraron. Moitos, por fortuna.

Recompúxose así o lenzo que serviu de fondo a unha vida, soubose a maxia única dun home alegre sempre. Recompúxose tamén unha obra exemplar, que estende as súas alas ata máis alá da morte do seu facedor (con libros póstumos como *Testimonios y homenajes* e *La isla. Tablas de un naufragio*, a tradución ó galego que da *Viaxe e fin de Don Frontán* fixeron Rábade Paredes e Helena Villar, ou versións ó inglés e ó francés de *Historias e invenciones de Félix Muriel*). Mesmo con esta biografía que segue dicindo que entre nós, no seo dun Clube dos Diesteáns cada vez máis numeroso, non esmorece o interese por esta obra. A pesar de que o autor renunciara sempre a ter discípulos.

Con Juan Ramón Jiménez, sabía que a obriga do mestre non era facer discípulos sacrificando poetas. A súa obriga era soamente a de facer poetas, sacrificando ós discípulos e sacrificándose a el. Deste xeito entendía o consello, a lección miscelánea que a el tanto lle gustou prodigar no café, entre un cigarro e outro, ou na casa súa aberta, fumando unha paipa.

A prodigalidade, a dispersión, fan deste escritor a bolboreta difícil de clasificar para o coleccionista despistado, que non acerta en qué lugar da caixiña chantala co seu alfinete. Algúns gustarán do contista, en galego e español, que non ten nada que envexar a un Borges con tantos discípulos como lectores. Outros gustarán do poeta, sentido e puro, que vai tan lonxe dentro de nós como o intelectual Octavio Paz, que, sen embargo, o multiplica moitas veces —senón en mérito— en admiradores conquistados.

Haberá quen se queden nel só como autor dramático, que é de por sí xa todo un mundo; ou como filósofo, outra das súas dedicacións máis persistentes. Haberaos, en fin, e quizais sobre todo cando pasen décadas e a súa valía se descubra enteiramente, que se adentren ás revelacións da súa esculca xeométrica. E terán que recurrir ós tres libros que abrangue a súa aportación a esta ciencia.

Pero quen o queira de corpo enteiro, na suma de tódalas mestrías que el atesouraba, forzosamente han de acudir a esa xoia que é o *Félix Muriel*. Resumo maior dunhas letras de España, do universo, nacidas neste século para tódolos tempos. Dicía Miguel Torga: «A gente, em vez de saciar a fome do espírito com a beleza das

obras, farta-se do talento dos seus autores». Hai talento no *Félix Muriel*, sen dúbida, pero é a súa beleza a que leva á xente a ese libro. Había talento en Rafael Dieste, pero era a veracidade da súa beleza a que nos prendaba da persoa. *In memoriam*, o modesto tributo desta biografía.

Pontevedra,
xaneiro, 1987

ÍNDICE ONOMÁSTICO

A

Abd-el-Krim, 35.
Abuín, Ricardo, 78.
Aguirre, Aurelio, 179.
Aguirre, Sixto, 24.
Alberti, Rafael, 69, 81, 82, 84, 85, 90, 96, 110, 120, 124, 160, 199, 202.
Alberto, 86.
Alcalá Zamora, Niceto, 59.
Alfaro, José M.^a, 197.
Alfaya, Javier, 197, 203.
Alonso, Amado, 192.
Alonso, Dámaso, 60.
Altolaquirre, Manuel, 87, 89, 153.
Alvarez del Vayo, 76, 77, 91, 92.
Alvarez Blázquez, Emilio, 170.
Alvarez Blázquez, Darío, 170.
Alvarez Blázquez, X. María, 185.
Alvarez Santullano, Luis, 65, 77, 80, 105.
Aller, Ramón María, 161.
Andersen, 67.
Andrade, 84.
Andújar, Manuel, 197, 203.
Aparicio, Antonio, 91.
Apollinaire, G., 31, 44.
Arcos, Alfonso, 78.
Arcos, Xosé, 19.
Aristóteles, 79.
Arnauld, Michel, 55.
Artaza Malvárez, Ramón de, 185.
Arzadum, Carmelo de, 135.
Assía, Augusto (ver Fernández Armesto).
Ayala, Francisco, 124, 133, 205.
Azcoaga, Enrique, 155, 197, 203.
Aznar, Manuel, 203, 207.
Azorín (José Martínez Ruiz), 16, 46, 57.

B

Bach, J. S., 61.
Baeza, Fernando, 181.
Baeza, Ricardo, 119, 124, 128.
Baltar, Antonio, 61, 109, 110, 115, 124, 130, 133, 154, 157, 164, 165, 166, 176, 187, 191.
Baltar Cortés, Anxel, 24, 51.
Baltar, Ramón, 125, 140, 165, 170, 173, 198.
Bal y Gay, Xesús, 51, 54, 55, 153, 213.
Barnés, Domingo, 65.
Baroja, Pío, 16, 57.
Barros, Tomás, 187.
Bataillon, Marcel, 139.
Baty, Gastón, 76.
Baudizzone, 124, 157, 187.
Bécquer, G. A., 67.
Beethoven, 166.
Bela Bartok, 55.
Belloc, 53.
Beranger, madame, 144.
Bergamín, José, 81, 84, 85, 87, 91, 176.
Bernárdez, Francisco Luis, 42, 44, 124.
Bertorini, 22.
Besouchet, Lidia, 187.
Bianco, José, 124.
Blanco Amor, Eduardo, 120, 165, 183.
Blanco Torres, Roberto, 42, 44.
Bleiberg, Germán, 199.
Bloch, Jean Richard, 106.
Bocelo, 196.
Bonafé, Juan, 67.
Borbón, Don Juan de, 190.
Borbón, Juan Carlos de, 190.
Borges, Jorge Luis, 124, 128, 214.

Borges, Norah, 124.
Borobó, 147.
Bouza Brey, Emilio, 51.
Bouza Brey, Fermín, 50, 58, 185.
Bravo, Roxelio, 78.
Brea Segade, 36.
Brower, 90.
Brughel, 136.
Brunet, Marta, 124.
Buceta, Xoan, 126.
Bugallal Marchesi, Xosé Luis, 185.

C

Cabanillas, Ramón, 43, 138.
Cabeza Anido, Salvador, 32, 51.
Cabrera, Blas, 147.
Cáceres, Alfredo, 133, 136, 139, 140, 158.
Cáceres, Esther de, 108, 133, 136, 140, 146, 158, 163, 187, 188.
Cadaval (Doctor), 44.
Cádiz, Ernesto, 41.
Calvo Sotelo, José, 80.
Callois, Roger, 124, 139, 143.
Cambeiro, 36.
Camp, Jean, 105, 139.
Camus, Albert, 143.
Canalejas, 22.
Candeira, Constantino, 51, 54, 206.
Cano, José Luis, 167.
Cánovas, 16, 22.
Caramiñas, Xoan, 42.
Carballo, Luis Amado, 44, 45.
Carballo Calero, Ricardo, 185.
Carré, Leandro, 184, 185.
Carreras Patxot, Cecilia, 161, 189, 190.
Carrero Blanco, 199.
Carro García, Xesús, 185.
Casal, Anxel, 52.
Casal, Julio J., 126.
Casal Chapí, 96, 129, 130, 135, 176.
Casals, Pau, 106.
Casalmiglia, 181.
Casona (Alejandro Rodríguez), 67.

Cassou, Jean, 95, 139.
Castagnino, Juan Carlos, 124.
Castelao, A. D. Rodríguez, 19, 20, 31, 41, 43, 51, 52, 54, 58, 73, 92, 93, 95, 120, 121, 124, 134, 138, 164, 176, 183, 205, 208, 210.
Castillo, Angel del, 184.
Castro, Eugenio de, 56.
Castro, Rosalía de, 50, 58, 142.
Cernuda, Luis, 68, 153.
Cerón, Julio, 178.
Cervantes, 67, 89.
Cezánne, 49.
Cimorra, 113.
Claudel, Paul, 55.
Cocteau, Jean, 44.
Coimbra, Leonardo, 31, 56.
Colmeiro, Manuel, 95, 114, 115, 119, 120, 124, 130, 157, 159, 170, 175, 184, 188.
Córdoba Iturburu, 109, 124.
Corpus Barga, 46, 99, 101, 104, 105, 154.
Correa, Comendador, 14.
Correa Calderón, Evaristo, 44.
Cortázar, Julio, 155.
Cossío, M. Bartolomé, 62, 63, 65, 69, 79.
Cossío, Natalia, 142.
Costa, Joaquín, 64.
Cotarelo Valledor, 48, 50.
Coupeau, Jacques, 76.
Coxeter, H. S. M., 161.
Craig, Gordon, 76.
Cranach, 79, 136.
Crowe, O. W., 161.
Cuadrado, Arturo, 59, 80, 99, 114, 115, 118, 121, 124, 126, 128, 133, 176, 213.
Cunqueiro, Alvaro, 46, 58, 170, 183, 207.

CH

Chabás, Juan, 85.
Chacel, Rosa, 128.

Chamoso Lamas, Manuel, 185.
Chao Espiña, Enrique, 185.
Chesterton, Gilbert K., 53.
Chica, Federico de la, 151.

D

Daudet, Alfonso, 119.
Debussy, Claude, 53, 54, 112.
Deutz, profesor, 144.
Díaz, Camilo, 51.
Díaz Pardo, Isaac, 51, 164, 165, 167, 168, 178, 179, 187, 188, 191, 198, 202, 206, 208, 213.
Díaz Trigo, 164.
Dickens, 67, 168.
Diderot, 50.
Diego, Gerardo, 31, 66.
Dieste Blanco, José María (bisavó), 13.
Dieste e Lois, Antonio (avó), 13, 15.
Dieste Fernández, Juan Sebastián, 158.
Dieste Fernández, Mireya, 61, 109, 110, 157, 187, 213.
Dieste González (irmáns), Antonio, 12, 15, 17, 28, 29, 34, 147, 154, 166, 206.
Dieste González, Eduardo, 12, 14, 15, 19, 23, 52, 53, 59, 61, 66, 68, 71, 73, 75, 78, 90, 92, 108, 120, 124, 135, 143, 147, 149, 154, 158, 208.
Dieste González, Eladio, 12, 15, 16, 28, 135, 147.
Dieste González, Enrique, 12, 14, 108, 124, 135, 158, 163.
Dieste González, Manuel, 12, 15, 16, 147, 150, 151.
Dieste González, Olegarita, 12, 15, 19, 34, 112, 125, 140, 153, 173, 177.
Dieste Martínez, Antonio, 176.
Dieste Martínez, Olegaria, 34.
Dieste Muriel, Eduardo (tíos), 13, 15.
Dieste Muriel, Eladio (pai), 12, 17, 24, 28, 29, 34.

Dieste Muriel, Elisa, 13, 15.
Dieste Muriel, Enrique, 13, 15.
Dieste Saint-Martin, Eladio, 12, 147, 158, 160, 161, 163, 176, 191, 208, 210.
Díez Canedo, 46, 67, 96.
Domingo, Marcelino, 65.
Donatello, 139.
Dónega, Marino, 187, 195, 198, 202, 213.
Dullin, George, 76.
Dunn, Joseph, 192.
Duperier, 147.
Durán, Xosé Antonio, 21.

E

Eça de Queiroz, 46, 56.
Echegaray, Jorge, 24.
Ehrenburg, Ilya G., 86, 90.
Elena das Paraísas, 77, 132.
Elsy (estudiante), 146.
Encina, Juan de la, 86.
Ensor, James, 94.
Esplá, Carlos, 87.
Esplá, Oscar, 65.
Estévez, Carlos, 198.
Euclides, 148.
Evita (Perón), 143.

F

Fabra, Gustavo, 197.
Falcini, Luis, 124.
Falla, Manuel de, 55.
Farrel, 113.
Fernández Albor, 209.
Fernández Armesto, Felipe (e *Augusto Assís*), 44, 48, 100, 141, 198, 210, 211.
Fernández Armesto, Fermín, 45, 186, 187, 198, 202.
Fernández Fernández, José, 32.
Fernández Granell, Eugenio, 83, 84, 94, 205, 213.

Fernández López, Antonio, 138.
Fernández Mato, 43.
Fernández Mazas, Cándido, 44, 67, 68, 100.
Fernández Mezquita, Alberto, 59, 60, 73, 110.
Fernández Oxea, X. Ramón, 138.
Fernández del Riego, Francisco (e *Salvador Lorenzana*), 138, 144, 166, 170, 176, 181, 183, 185, 188, 198, 213.
Fernández Sendón (e *Fersen*), 42, 59, 60, 66.
Fernández Silvestre, xeneral, 34.
Ferrer i Guardia, 22.
Ferreiro, Celso Emilio, 170, 206.
Ferro Couselo, 138, 185.
Ferrol, Manuel, 180.
Figuroa, Marqués de, 22.
Filgueira Valverde, Xosé, 44, 47, 50, 54, 185, 187, 207, 213.
Fole, Anxel (e *Neumandro*), 67, 184, 186.
Fortes Bouzán, Xosé, 201.
Forteza, 163.
Fournier, Alain, 55.
Fraga Iribarne, Marcelo, 169.
Fraguas, Antonio, 184, 185.
Franco, xeneral, 93, 141, 175, 180, 190, 199.
Frank, Leonard, 37.
Frank, Waldo, 97, 104, 196.
Freyre de Andrade, 185.
Friedrich, Caspar David, 129.
Fuentes Jorge, Manuel, 32.

G

Galán, capitán, 55.
Gallástegui Unamuno, Cruz, 165.
Galván, Andrés, 78.
Gaos, Andrés, 204.
Gaos, Ángel, 91.
García, Pío, 187.
García, Xosé Lois, 213.
García Hernández, capitán, 55.

García Lorca, Federico, 81, 95, 142.
García Sabell, Domingo, 30, 130, 167, 185, 191, 193, 197, 202.
Garnier, 55.
Garragorri, Paulino, 181.
Gaya, Alicita, 102, 103.
Gaya, Fe Sanz de, 101, 104, 213.
Gaya, Ramón, 67, 68, 86, 88, 91, 93, 94, 99, 102, 105, 115, 176.
Gide, André, 55, 77, 90, 91.
Gil-Albert, Juan, 86, 88, 91, 94, 99, 105, 128, 203.
Gil, Alvaro, 138, 170, 187, 198.
Gil de Biedma, Jaime, 199.
Gimferrer, Pere, 197.
Giner de los Ríos, Francisco, 16, 64, 65.
Giotto, 139.
Girondo, Oliverio, 109.
Godó, conde de, 100.
Godoy, Juan, 12.
Goethe, 200.
Gomes Charinho, 17.
Gómez, Mariano, 59, 61, 66.
Gómez Martín, 198.
Gómez Paratcha, 164.
Gómez Román, Manuel, 138.
Gómez de la Serna, Ramón, 43, 46, 55, 57, 59.
Gonçalves Silveira, Margarita, 13.
Gonçalves Silveira, Olegaria (nai), 12, 14, 19, 28, 34, 35, 58, 73, 78, 123, 125, 173.
González Carvalho, 109.
González Garcés, Miguel, 198.
González Lanuza, 124.
González López, Emilio, 60, 164.
González Mazas, Cándido, 60.
González Villar, 42.
Granell (véase Fernández Granel).
Grimau, Julián, 177.
Grimm, irmáns, 67.
Grosz, 49.
Guerra Junqueiro, 56.
Guillén, Jorge, 187.
Gurméndez, Carlos (pai), 90, 106, 108.

Gurméndez, Carlos (fillo), 127, 172, 187, 203.

H

Hardy, Tomás, 60.
Haydn, 166.
Hegel, 79.
Heidegger, 124, 189.
Heinz Chez, 199.
Hernández, Jesús, 91.
Hernández, Miguel, 91, 199.
Henríquez Ureña, 124.
Herrera Petere, 91.
Hitler, Adolfo, 97.
Hoffman, 119.
Hölderlin, 74, 189.
Hume, David, 181.
Huidobro, Vicente, 31.

I

Iglesia Alvariño, Aquilino, 58, 184.
Iglesias, Xesús, 24.
Iglesias Vilarelle, Antonio, 185.
Illa Couto, Xaime, 138, 165.
Irizarry, Estelle, 122, 205, 206, 213.
Isla Couto, Ramiro, 170.

J

Jammes, Francis, 58.
Jiménez, Juan Ramón, 52, 57, 67, 117, 129, 130, 163, 214.
Jiménez de Asúa, 83.
Jiménez Fraud, Alberto, 64, 142.
Jouvet, Luois, 76.
Joyce, James, 48, 60.

K

Kant, 181, 182.
Kipling, R., 67.
Klingsor, 44.

L

Lala (Eulalia de Prada), 157.
Landa, Jacinta, 104, 153.
Lange, Norah, 109.
Larbaud, Valery, 55, 135.
Laxeiro, 60, 157, 164, 175, 213.
Ledo, Xohan, 138, 177.
Léger, 49.
Lenin, 145.
León, María Teresa, 81, 84, 85, 90, 96, 110, 120, 199.
León Felipe, 86, 92, 95, 153.
Libertad, 92, 95.
Líster, xeneral, 90.
Livingstone, 140.
Lobachetski, 148.
Lois Fiallega, M.^a Vicenta, 13.
Lorenzana, Salvador (Fdez. del Riego), 198.
Lorenzo, Elisa, 125, 153, 173.
Losada, Gonzalo, 124.
Losada Castela, Xosé, 24.
Losada Diéguez, 43.
Lugrís, Urbano, 68, 71, 72.
Lustres Rivas, Manuel, 42.

LL

Lloyd, Albert L., 95, 140, 143, 146, 149, 187, 189.
Lloyd, Charlotte de, 143.

M

Machado, Antonio, 16, 57, 65, 67, 83, 84, 86, 88, 89, 96, 101.
Magdalena Poston de Dieste (Manuel), 150.
Malaparte, Curzio, 98.
Mallarmé, 129.
Mallo, Maruja, 110, 124.
Malraux, André, 90.
Manet, 49.
Mann, Henrich, 90.

Manuel Antonio, 20, 30, 35, 37, 39, 42, 43, 45, 52, 54, 55, 118, 210.
Maquiavelo, 142.
Mariana Martínez de Dieste (Antonio), 28, 34.
Marías, Julián, 190.
Marinetti, 31.
Maritain, Jacques, 161.
Maroto, 86.
Marra López, 185.
Martín Gaité, Carmen, 203.
Martínez Barrio, 91.
Martínez Estrada, Ezequiel, 161.
Martínez López, Ramón, 54, 94, 213.
Martínez Lorite, Carmen, 177.
Martínez Molleja, Mariana, 28, 34.
Martínez Risco, Manuel, 147.
Martínez Risco, Sebastián, 138, 165, 185.
Marx, 79.
Maside, Carlos, 42, 43, 49, 50, 52, 54, 95, 114, 126, 140, 178.
Maside, Benito, 45.
Massera, 163.
Matilde Muñoz Pereira, 177.
Maupassant, Guy de, 55, 207.
Maura, 22.
Meijide Pardo, Antonio, 185.
Mella, 31.
Mimina (Carmen Arias de Castro), 147.
Menéndez Pelayo, 16, 72.
Merli, Joan, 124.
Milka Fernández de Dieste (Eduardo), 75, 149, 158.
Millán González-Pardo, Isidoro, 138.
Millington Drake, Sir Eugene, 140.
Miró, Gabriel, 48.
Miró, Xoan, 86.
Modesto, xeneral, 90.
Montero Díaz, Santiago, 60.
Montes, Euxenio, 42, 44, 45, 57.
Montés, John, 112.
Moore, John, 179.
Moralejo, Abelardo, 54.
Moratín, 69.
Moreno Villa, 87, 153.

Morialdo, Sara, 136.
Mozart, 166, 204.
Munárriz, Jesús, 203.
Muñoz Manzano, Juan, 170.
Muñoz Manzano, Vicenta, 173.
Muñoz Moratorio, 108.
Muriel, Lino, 13.
Muriel Rodríguez, María, 13, 15.
Murillo, Bartolomé Esteban, 136.
Mussolini, 97, 98.

N

Nalé Roxlo, Conrado, 109, 124.
Naya, Xoan, 213.
Negrín, Juan, 91.
Neira Vilas, Xosé, 168.
Neruda, Pablo, 60.
Newton Freitas, 124, 187, 189.
Niebla, Daniel, 196.
Nietzsche, 58, 60, 79.
Nin, 84, 95.
Ninc, Francisco, 24.
Ninc, Xosé Ramón, 17, 22.
Norden, A. P., 160, 161.
Noriega Varela, 58.
Novo Campelo, 24.
Nóvoa Santos, 24.
Núñez Búa, 158.

O

Oliveira Martins, 56.
O'Neill, 52, 60, 71.
Onassis, Aristóteles, 170.
Ontañón, Santiago, 154.
Ordóñez, Bieito, 78.
Ortiz, Carlos, 151.
Ortiz, Manuel Ángeles, 124.
Ors, Eugeni D'(e *Xenius*), 31, 46, 61.
Ortega y Gasset, 50, 56, 79, 97.
Ossorio y Gallardo, Ángel, 83, 113.
Otero Espasandín, Xosé, 27, 35, 36, 45, 48, 50, 54, 67, 73, 94, 99, 100, 104, 112, 113, 115, 124, 128, 147, 159, 161, 184, 213.

Otero Pedrayo, Ramón, 46, 48, 54, 57, 58, 138, 183, 187.
Otero Urtaza, Eugenio, 68.

P

Palacios, Antonio, 41.
Palazón, editor, 77.
Panero, Leopoldo, 141.
Parga Pondal, Isidro, 165, 185.
Payró, Julio J., 124.
Paz, Octavio, 140, 214.
Paz Andrade, Pilar de, 170, 176.
Paz Andrade, Valentín, 39, 40, 165, 170, 198, 202, 213.
Pedret, Paulino, 185.
Peña Novo, 28.
Peregrín, arquitecto, 42.
Pereiro Cuesta, Román, 32.
Pérez, Roxelio, 30.
Pérez de Ayala, 67.
Pernas, Moncho, 198.
Perón, Eva, 143.
Perón, Juan Domingo, 113, 146, 157.
Perrault, 67.
Perucho, Joan, 207.
Picabia, Francis, 31.
Picasso, 49.
Pillado, Francisco, 183, 185, 187, 196.
Pimentel, Luis, 58.
Pintos, Xoaquín, 45.
Piñeiro, Ramón, 67, 121, 208.
Piñeiro, Sócrates, 78.
Pita, Emilio, 165.
Pla, Josep, 31, 46.
Pla, José María, 93, 102, 104.
Platón, 79.
Poe, Edgar Allan, 58, 184.
Pomés, Mathilde, 139, 166.
Porteiro, 31.
Portela de Araoz, Carmen, 109.
Portela Pazos, Salustiano, 185.
Portela Valladares, 43, 44, 47, 79.
Posada Curros, 44.
Poston de Dieste (Manuel), Magdaleana, 150.

Pound, Ezra, 31, 133.
Pradera, Javier, 203.
Prados, Emilio, 91, 96, 97, 153.
Primo de Rivera, xeneral, 37, 47, 59.
Prieto, Carlos, 150.
Prieto, Miguel, 68, 69, 86, 91, 153.
Puente Castro, 24.
Pueyo, editor, 61, 66.
Puig Antig, 199.

Q

Quental, Antero de, 56.
Quintela Nóvoa, 165.
Quiroga, Elena, 153.
Quiroga Pla, 96.

R

Rábade Paredes, Xesús, 126, 214.
Ramón y Cajal, 64.
Ramos, Francisco, 78.
Ramos Varela, Antonio, 67.
Rañó, Balbina, 78.
Ravel, 54.
Reed, Richard, 104.
Reimóndez, 141.
Rejano, Juan, 153.
Rembrandt, 136.
Rey, Amador, 196.
Rey Baltar, Ramón, 124.
Rey Soto, Antonio, 184, 192.
Reyes, Alfonso, 161.
Rial, Benito, 78.
Rial, Juana, 18.
Riemann, 148.
Rilke, 53, 58.
Risco, Vicente, 30, 31, 32, 42, 46, 48, 57, 58.
Roces, Wenceslao, 83, 87, 89.
Rodríguez, Eduardo, 51.
Rodríguez, Inés, 13.
Rodríguez Cadarso, 24.
Rodríguez Castelao, Manuel, 24, 78.
Rodríguez Cebral, Marcial, 32.

Rodríguez Dios, Mariano, 16, 22, 23, 52.
Rodríguez Luna, Antonio, 84, 86.
Rodríguez Yordi, Julio, 185.
Roh, Franz, 49.
Rojas Paz, Pablo, 109.
Rolland, Romain, 90.
Romains, Jules, 31.
Romero, Francisco, 161.
Romero, José Luis, 113, 124, 133.
Romero, Lola, 78.
Romero Brest, Jorge, 124.
Roquetín, Antoine, 143.
Rosi, Attilio, 115, 124.
Rossmory (estudiante), 144, 146.
Rubens, 136.
Rubio, Alfonso, 151.
Russell, Bertrand, 190.

S

Sabina, 190.
Sagasta, 16, 22.
Sagra, Ramón de la, 64.
Saint-Exupéry, 110, 118.
Salas Viu, 84, 113.
Salazar, Toño, 109.
Salazar Chapela, Esteban, 142, 187.
Salinas, Jaime, 197.
Salinas, Pedro, 62, 65, 73, 77.
Sánchez Barbudo, Angela Selke de, 99, 104, 177.
Sánchez Barbudo, Antonio, 64, 67, 68, 86, 91, 105, 159, 161, 177, 187, 213.
Sánchez Mazas, Rafael, 46.
Sánchez Salorio, 200-201.
Santaló, Luis, 160, 161.
Sartre, Jean Paul, 143.
Santos, Dámaso, 197.
Santullano (ver Alvarez, S.).
Sanz del Río, Julián, 64.
Scarlati, 204.
Schubert, 144.
Sender, Ramón J., 81, 82.
Seoane, Luis, 59, 95, 100, 109, 112,

114, 115, 117, 118, 120, 122, 124, 126, 130, 132, 141, 157, 164, 165, 169, 170, 175, 176, 178, 184, 197, 198, 202, 203.
Seoane, Maruxa de, 157, 169.
Serrano Plaja, Arturo, 67, 85, 87, 91, 113, 124, 159.
Silveira, Carolina, 14.
Sobrino, Carlos, 42.
Sócrates, 202.
Souto, Arturo, 40, 59, 61, 71, 78, 84, 86, 91, 93, 95, 105, 114, 153, 175, 187, 190, 191.
Shakespeare, 61.
Shaw, Bernard, 53.
Spengler, 97.
Stanislavski, 73, 76.
Stanley, 140.
Starkie, Walter, 141.
Stravinsky, 53, 153.
Suárez, Xosé, 187.
Suárez López, 201.
Suárez Picallo, 165.
Suñén, Luis, 197.
Supervielle, Jules, 55.
Swift, 119.

T

Taboada Chivite, Xesús, 185.
Tacholas, 164.
Teixeira de Pascoaes, 31, 56, 58.
Tejero, coronel, 210.
Tenreiro, arquitecto, 42.
Teresa (Martínez Rodríguez), 204, 209.
Terra, 108.
Tierno Galván, 178, 199.
Tolstoi, 119.
Torga, Miguel, 214.
Torre, Guillermo de, 124.
Torres, Manuel, 42.
Torres, Vicente, 78.
Torres Pintueles, Luis, 71.
Trapiello, Andrés, 203.
Trend, J. B., 142, 145.

Turner, William, 179.
Tzara, Tristan, 31, 95.

U

Umbral, Francisco, 197.
Unamuno, Miguel de, 16, 43, 56, 57, 59, 65, 66, 79, 90, 97.

V

Valdelomar, 67, 79, 176.
Valdés, editor, 77.
Valenzuela, Ramón de, 165.
Valera, Juan, 67.
Valéry, Paul, 139.
Valéry Larbaud, 55.
Vales Villamarín, Francisco, 184, 185.
Valle-Inclán, Jaime, 140.
Valle-Inclán, Ramón María del, 16, 59, 60, 67, 73, 126, 127.
Van Gogh, 49.
Varela, Lorenzo, 67, 71, 80, 84, 91, 115, 120, 121, 126, 128, 133, 157, 165, 175.
Varela, Marika Gerstein de, 157.
Varela, Pepito, 16.
Varela, Rafael, 12, 16, 22, 24.
Vega, Juvenal de, 71, 72.
Velo, Carlos, 78, 164.
Vera, Francisco, 161.
Vercelli, doctor, 111, 133, 157.
Verderyoye, 139.
Verne, 67.
Vicente, Eduardo, 67, 91.

Vigil, Constancio C., 110, 111.
Vilanova, Alberto, 164.
Vilar Ponte, Antón, 41.
Villar, Amado, 36, 42, 43, 109, 157.
Villar Janeiro, Helena, 126, 214.
Villareal, Andrés, 151, 154.
Virginia Pereira de Castela, 121.
Viturro, Manuel, 22, 23, 28.
Voltaire, 79.

W

Wilde, Óscar, 119.

X

Xosé Benito, 125.

Y

Yagüe, xeneral, 96.
Yagües, editor, 69.
Yeats, W. B., 179.

Z

Zaid, Gabriel, 151, 152, 154, 159, 161, 162, 165, 167, 178, 187, 189, 198, 202, 203, 208.
Zambrano, María, 64, 66, 79, 96, 140.
Zenón de Elea, 182.
Zola, 55, 207, 208.

ÍNDICE XERAL

	<u>Páx.</u>
UNHA REPRESENTACIÓN DO TODO	9
RIANXO E AS CORRERÍAS TRALO GATO	11
DE ESTUDIANTE DA NORMAL, A SOLDADO EN MARRO- COS	27
O XORNALISMO E OS PRIMEIROS LIBROS, EN GALEGO . VODA DO MISIONEIRO DA CULTURA, E VIAXE EURO- PEA DOS BECARIOS	39
<i>A HORA DE ESPAÑA</i>	63
CAMPOS DE CONCENTRACIÓN E HOSPITAIS FRANCE- SES	81
UNHAS XANELAS Ó PORTO	99
A APOSTA DO CAFÉ TORTONI. NACE FÉLIX MURIEL	109
DOUS CURSOS DE LECTORADO EN CAMBRIDGE	117
'ACTIVIDADES POUCO PRODUCTIVAS', BAIXO SOLES AZTECAS	135
O ADEUS Ó EXILIO	149
DAS USURAS DO TEMPO Á ACADEMIA	157
ORDEA-LA OBRA PARA ZARPAR	173
<i>NOTICIA DE AGRADECEMENTOS</i>	195
ÍNDICE ONOMÁSTICO	213
	219

Rematouse de imprimir nos obradoiros
de GRAFICAS DO CASTRO/MORET
o día 17 de Maio de 1987,
Día das Letras Galegas

CASTRO para todos os demáis, para os que traballaron e loitaron dunha maneira ou de outra sinceramente, nun bando ou noutro dos aconteceres, como suxetos activos ou pasivos, aínda a violencia, que pode ser correxida, e non polos que queren borrar ou desfigurar a memoria, que é un mal irreparable para o futuro.

A historia máis grave é a que condiciona que hoxe señan tan poucas as testemuñas que fican do que se quere reconstruír. As circunstancias do ano 36 teñen esnaquizado, cando non queimado, moita documentación. Bibliotecas enteiras teñen alimentado fogueiras nas ruas e nas plazas de Galicia. Moitos dos que podían contar a historia foron privados da súa existencia e moitos máis perdéronse no exilio. Os institutos de historia foron desmantelados e os que se ergueron sobre as súas cinzas e as xentes que ficaron aquí tiveron que traballar períodos de historia lonxana no tempo para non facerse sospeitosos de querer saber e divulgar a historia presente, de xeito que hoxe sabemos máis do eneolítico galego que dos períodos que temos á volta de 40 anos. Este é o verdadeiro drama da Historia de Galicia.

EDICIÓS DO CASTRO vai tratar de recoller as testemuñas que fican e animar a que se fagan investigacións sobre a historia social, económica e política dos momentos máis críticos do noso século, recadando toda a testemuña posible. Sabemos que o material non vai a ser moito, e aínda que o fose non temos as pretensións de que responda a unha total verdade histórica, cousa que por outra banda raramente se terá producido, porque os autores da historia, os que a disfrutaron ou a padeceron, non foron suxetos descomprometidos. Mais serán unhas cantas testemuñas o único posible que podemos deixar, para servir ao futuro, reconstruíndo no que se poda a idea do noso pasado inmediato.